
CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Pontedeume *Nº 25*



Cátedra

Revista eumesa de estudios

Consello de Redacción:
Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:
Esther Leira Penabad

Imaxe da cuberta:
25 cubertas de 25 números da Revista Cátedra.

Deseño da cabeceira da revista:
Noli Vilariño

Deseño e maquetación da cuberta e do interior:
Marga L. Lamas. flopsestudio.com

Impresión:
Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

Colaboracións:
As colaboracións deberán dirixirse a
"Cátedra. Revista eumesa de estudios"
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 - 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Páxina *web* da revista:
catedra.pontedeume.es

Edita: Concello de Pontedeume
Dep. Leg.: C-1702/93
ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Deputación Provincial da Coruña**

PRESENTACIÓN

Neste 2018 cúmprense 25 anos do nacemento da Revista Eumesa de Estudios Cátedra, o que constituíu sen lugar a dúbidas un dos acontecementos culturais máis importantes da historia recente de Pontedeume. Un cuarto de século adicado á investigación e difusión do pasado social, político e cultural da nosa vila e bisbarra que, ao longo deste tempo, fixeron de Cátedra todo un referente a nivel galego neste tipo de publicacións.

Non é posible concibir un membro dunha comunidade social sen o coñecemento preciso da súa historia. Isto, indiscutiblemente, permítenos amar as nosas raíces, comprender o presente e axudar conscientemente a forxar o futuro da nosa sociedade. E aí radica a importancia de Cátedra, pois dende a súa primeira edición aló polo ano 1994 cumpriu fielmente a súa función de "vehículo do coñecemento", poñendo á nosa disposición os traballos de historiadores e investigadores e permitíndonos dar luz a múltiples e diversos aspectos da nosa historia, o que sen lugar a dúbidas enriqueceu a varias xeracións de eumeses e eumesas.

É por iso que tanto dende as institucións como a título persoal como veciños e veciñas, debemos agradecer e recoñecer a disposición e traballo de todas e todos os autores que ao longo destes 25 anos deron contido, e sobre todo sentido, a Cátedra. Tamén aos membros do Consello de Redacción, xa que sen a súa adicación e colaboración non sería posible cumprir estas vodas de prata, e facelo ademais gozando de excelente saúde creativa.

A todas e todos eles, grazas e longa vida a Cátedra.

Bernardo Fernández Piñeiro
Alcalde de Pontedeume


TOQUES DE CAMPÁ NA VILA DE PONTEDEUME: PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL DOS EUMESES[1]

Juan Coira Pociña

Son numerosas as accións, circunstancias e sensacións que caracterizan a vida cotiá dunha vila como Pontedeume: xentes que se atopan, conversas, relacións comerciais, paseos, nenos xogando, vidas dentro dos fogares… Así foi no pasado e así continúa a ser nos nosos días, malia os profundos cambios e transformacións que tivo a nosa socie-dade nos últimos séculos. En efecto, compartimos máis co noso pasado do que unha simple reflexión permite comprender, pois hai elementos estreitamente vinculados coa esencia do ser humano (como as crenzas ou os sentimentos) ou coa súa tradición cultural que non varían tan facilmente; os primeiros forman parte de nós mesmos como especie, e nos segundos aínda percibimos unha función e utilidade que fan que os manteñamos na nosa vida cotiá. Tal é o caso dun son que acompañou a vida dos nosos antepasados e aínda forma parte da nosa, aínda que moitas veces non nos decatemos da súa presenza ou xa non comprendamos a maior parte do seu significado: os toques de campá.

O espírito deste traballo é realizar unha aproximación a unha parte do patrimonio inmaterial de Pontedeume como é o son das campás da nosa vila e que ao mesmo tempo forma parte tamén do noso patrimonio material, dado que o son é realizado por uns instrumentos, as campás, que na nosa igrexa parroquial teñen a súa orixe nalgún caso no século XVIII. Ao mesmo tempo, estamos tamén diante do noso patrimonio histórico, relixioso, antropolóxico, cultural e mesmo musical. Para coñecer mellor este patrimonio, á parte da necesaria contextualización histórica e antropolóxica, faremos mención dos principais toques que se fan na actualidade e as súas características, así como daqueles que son susceptíbeis de soar aínda que non se realicen ou dos que se facían non hai moito pero xa non na actualidade. O obxectivo final é a posta en valor deste patrimonio co que convivimos a diario e que conta cunha enorme capacidade comunicativa que permite transmitir información de xeito case inmediato, simultáneo e a grande alcance espacial,

1. Aproveito estas primeiras liñas para agradecerlle a Don José Ramón Cascón e a Carmen Salgado, párroco e sancristá eméritos da igrexa de Santiago, así como aos traballadores da casa do concello, toda a súa colaboración e axuda na realización deste artigo, tanto pola gran cantidade de información que me subministraron como pola predisposición para permitirme o acceso aos campanarios da igrexa parroquial e da casa do concello.



Campanario da igrexa de Santiago de Pontedeume dende as escaleiras de acceso[2]

constituíndo unha linguaxe cunha efectividade potencial coa que poucos outros sistemas comunicativos contan. Malía isto, esta función comunicativa das campás está en risco de desaparecer, e non tanto por culpa do emisor, dado que as campás soarán namentres haxa igrexas, senón por parte dos receptores da súa mensaxe, que cada vez comprenden en menor medida e son menos conscientes do seu significado. Se a canle comunicativa queda interrompida por algunha das dúas partes, se o emisor deixa de ser comprendido por parte do receptor, ao final remata perdendo a súa función de comunicación, e todo aquilo que non cumpre unha función nunha cultura acaba desaparecendo[3]. De aí a importancia de poñer en valor este patrimonio e garantir que o son e linguaxe das nosas campás sigan a manter o seu significado e a súa funcionalidade.

Ao longo destas páxinas, serán as campás da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume as que teñan un maior protagonismo, xa sexa polo seu son ou polos seus silencios. Con todo, tamén as campás do Concello, así como as carracas, terán a súa presenza. Isto servirá para analizar os principais toques que forman parte tanto da vida cotiá da vila como da extraordinaria nos diferentes fitos do calendario, tanto anual como vital. Quizais en futuros traballos sexan as campás doutras parroquias do concello ou de concellos próximos (como o de Cabanas), que tamén podemos escoitar dende as rúas, avenidas e paseo de Pontedeume, as que ocupen as nosas reflexións.

As campás: historia, relixión e antropoloxía

Aínda que as campás xa eran coñecidas por gregos e romanos, o seu uso nas igrexas non comezou até o século V da nosa era, precisamente na rexión italiana de

2. As fotografías deste artigo foron tomadas polo autor.

3. Un claro exemplo de que os toques das campás están perdendo parte da súa importancia na vida cotiá dos galegos son algunhas novas aparecidas nos xornais nas que os veciños se queixan do "ruído" que fan as campás, como por exemplo no caso da nova que aparecía en *La Voz de Galicia* do día 8 de decembro de 2017: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/cangas/2017/12/08/tension-vecinal-cangas-ruido-campanas-iglesia/0003_201712V8C7991.htm .

Campania da que tomaron o nome. O uso foise xeneralizando a partir do século VII na Igrexa occidental, para o que foi necesario construír os elementos arquitectónicos necesarios para que o seu son puidese ser escoitado a distancia. Até o século XII, o tamaño das campás foi relativamente pequeno, mais dende esta centuria, e coincidindo co renacer urbano da Europa occidental e a construción das grandes catedrais, o tamaño foi aumentando. Por exemplo, unha das campás da catedral de Colonia (Alemaña), realizada no sé-culo XV e que aínda segue no seu sitio, pesa 10,5 toneladas, co conseguinte desafío arquitectónico que isto supuxo para os mestres construtores das catedrais. Xunto co aumento de dimensións, tamén se produciu o aumento do seu número, de tal xeito que algunhas disposicións canónicas precisaban que as catedrais debían ter cinco ou máis campás, as igrexas de dúas a catro, e as igrexas de ordes mendicantes ou oratorios, unha[4].

En canto á función, os romanos empregábanas por exemplo para indicar a apertura do mercado ou o paso dos criminais ao suplicio, para avisar dunha eclipse e mesmo como amuleto nos animais para espantar os lobos[5]. No caso da Igrexa, o seu cometido inicial era o de avisar os fieis do comezo dos oficios divinos, aínda que pouco a pouco foron tomando novos cometidos relacionados coa vida das comunidades tanto relixiosas como civís, como veremos a continuación. Entre estes destacamos a súa función como reloxo da comunidade, pois até a aparición dos reloxos mecánicos na baixa Idade Media as campás das igrexas eran as encargadas de marcar o paso das horas, o que significaba que a Igrexa tiña o importante poder de controlar o tempo da comunidade.

Esta función principal de convocar aos fieis para o culto, foi implicando de xeito paseniño novos significados para a comunidade. Os toques de campás constituíron, e aínda o seguen a facer, un elemento de cohesión do grupo social, neste caso concreto dos homes, mulleres e nenos dunha parroquia; a súa mensaxe vai dirixida para eles, que son os que conforman a comunidade a quen afecta principalmente o significado desta mensaxe, así como as funcións do propio son da/s campá/s que soa/n. En efecto, o son das campás non é simplemente un chamamento á reunión para orar ou aviso das festividades (e outros motivos, como a reunión do Concello ou mesmo dos participantes dun sínodo, como se pode ler en fontes sinodais[6]), senón que tamén poden avisar de circunstancias inesperadas, boas e malas novas ou mesmo loitar contra perigos que poden danar a comunidade.

As campás, como ritual sonoro, fortalecen os lazos da comunidade e tamén defenden a parroquia, as súas marxes e límites, constituíndo o "símbolo máis expresivo da unión mística da parroquia"[7]. As campás conversan coa parroquia, recordando en certos

4. https://acuarela.wordpress.com/2011/05/04/una-historia-de-las-campanas-y-su-ya-olvidado-lenguaje-2/ [consultado en decembro de 2017].

5. https://acuarela.wordpress.com/2011/05/04/una-historia-de-las-campanas-y-su-ya-olvidado-lenguaje-2/ [consultado en decembro de 2017].

6. Por exemplo no sínodo mindoniense de Don Francisco Eanes, de 1379. A. García y García, (Dir.), *Synodicon Hispanum,* Madrid, B. A. C., 1981, Tomo I (Galicia), 20-21.

7. C. Lisón Tolosana, *Antropología cultural de Galicia,* Akal, Madrid, 1983, 97.

momentos de crise que todos forman parte desa unidade mística, convidando a todos a asociarse e cooperar. Tocaban por un parto difícil, na agonía dun dos fregueses, cando morre alguén do grupo, ao levar o cadáver ao cemiterio…, é dicir, cando un dos membros da comunidade está nun límite ou rito de paso, especialmente cando se atopa ante o momento da morte, mais tamén entoan o seu son para ritualizar outros momentos como o nacemento ou matrimonio. En definitiva, acompañan co seu tanguer os momentos da vida do individuo máis trascendentais para a vida do grupo, aqueles que implicaban un aumento ou perda de unidades e, polo tanto, da súa supervivencia. Por este motivo, tamén soaban cando algún membro da parroquia partía á emigración[8]. Mais non soamente reforzaba a cohesión entre a parroquia *de vivos*; as campás tamén simbolizaban a voz dos antepasados, o clamor da parroquia *dos mortos* que pide oracións á *dos vivos*, exemplificado nos toques polas ánimas que tiñan lugar en determinadas festividades como no Día de Defuntos[9].

A cohesión tamén viña dada polo seu carácter diferencial, pois cada parroquia contaba cos seus toques particulares, diferentes aos do resto de parroquias do arredor. Deste xeito, estabelecían unha dicotomía entre os membros dunha parroquia concreta, para quen ían dirixidos os toques das campás da súa igrexa (arredor da cal xiraba a vida da súa comunidade), e os das outras parroquias, que contaban cos seus propios toques, diferentes. Había polo tanto toques *nosos* e dos *outros*, contribuíndo, xunto con outras circunstancias da idiosincrasia galega, a marcar os límites entre uns grupos parroquiais e outros[10].

No que se refire á súa función defensiva, a lóxica simbólica explícase a través de que un ruído podía espantar outro, sobre todo no caso das treboadas. As sociedades agrícolas ou mariñeiras tradicionais, como foi a galega até hai ben pouco, vivían estreitamente vinculados á natureza, da que dependían por completo para a súa supervivencia, tanto individual como colectiva. E unha treboada, á parte do perigo persoal e material dos seus lóstregos, podía ademais estragar unha colleita, as tarefas agrícolas, afundir barcos… Convíña que a comunidade tomara medidas para se defender, e as campás cumprían tamén esta función.

As treboadas eran consideradas como un produto do mal, do demo, meigas ou dalgún ser con poderes malignos semellantes como os "nubeiros", personaxes míticos do imaxinario popular galego que tiñan a capacidade de provocar tormentas e dirixir os raios á súa vontade[11]. E para combater o mal non hai nada mellor que elementos do ben, como as oracións a deus e aos santos, especialmente santa Bárbara[12], ou en xeral todos aqueles

8. *Ibíd*., 98-99.

9. *Ibíd*., 99.

10. Outras estratexias mentais, simbólicas e de facto neste senso no capítulo dedicado á parroquia en C. Lisón Tolsana, *Antropología…, o. c.,* 55 e seg.

11. En Galicia, o Pai Sarmiento falaba dunha campá de Cangas que facía fuxir as bruxas. X. R. Mariño Ferro, *La brujería en Galicia,* Nigratrea, Vigo, 2006, 188.

12. A súa oración clásica era: "Santa Bárbara bendita, / que en el cielo estás escrita, / con papel y agua bendita, / en el ara de la cruz / paternóster amén Jesús". Francisco de Quevedo xa fai referencia a esta oración (fai mención do primeiro verso) na

instrumentos que foron consagrados, como é o caso das campás[13]. A Igrexa xa aceptaba dende a Idade Media que o tanguer das campás e o seu son foran empregados para tal fin, como recollen as fontes[14], e así continuou sendo até practicamente a actualidade[15]. O ritual do toque das campás, que tamén podía acompañar ao das rogativas da primavera (especialmente na festividade de San Marcos) caracterizadas polas procesións a través dos campos da parroquia para defender as colleitas[16], tiña como base a crenza en poder manipular a meteoroloxía, como moitos outros rituais que caracterizan a cultura e relixiosidade populares de Galicia[17].

O poder do son da campá tamén se podía ver reforzado a través dunha serie de palabras concretas que se inscribían no propio instrumento, dado que na mentalidade dos nosos antepasados, e mesmo aínda na nosa, as palabras teñen a capacidade de xerar accións, como por exemplo exorcizar un mal. Por este motivo, as campás podían conter determinadas mensaxes, como *dissipo ventos* (disipo as tempestades), *Satan fugo* (fago fuxir o demo) ou *Laudo Deum verum* (enaltezo ao Deus verdadeiro), que reforzaban a súa capacidade protectora e combativa diante do mal que axexaba a comunidade[18].

Xa por último, habería que citar a función de alarma ou aviso ante determinados acontecementos, producíndose unha interesante mestura entre o carácter leigo e o relixioso. No caso da alarma, ademais da que suscitaban as treboadas das que acabamos de falar, as campás tamén alertaban a poboación en caso de incendios, ataque dun inimigo, revolta…, é dicir, perigos que podían afectar a comunidade. No caso dos avisos ante determinados acontecementos, podemos salientar as entradas reais ou de bispos, así como aqueles toques que anunciaban o comezo da xornada laboral e o seu remate, tendo

súa obra *Entremés de la Venta*. Pódese consultar en I. Arellano, C. C. García Valdés, "El Entremés de la Venta, de Quevedo", *La perinola. Revista de Investigación Quevediana*, nº 10 (2006), Universidad de Navarra, 345-360; [en liña] http://dadun.unav.edu/bitstream/10171/12504/1/24_Arellano_Garcia_Valdes_perinola10.pdf [consultada en decembro de 2017]. En Galicia recitábase unha semellante: "Santa Bárbara bendita / que nos ceos estás escrita, / en papel e auga bendita, / garda o pan e garda o viño / e garda a xente do perigo / e quítalle un ollo a ese nubeiro / e lévao ao mar coallado / onde non faga mal a nadie, / polo poder que Deus ten / e a Virxe María. Amén." X. R. Mariño Ferro, *La brujería, o. c.,* 105.

13. Tamén as enfermidades estaban consideradas como produto do Mal e consecuencia do pecado, e polo tanto a súa curación soamente podía proceder de Deus. Por isto, as vítimas dunha enfermidade causada por bruxaría poñían en ocasións as mans sobre as campás para escorrentar o seu mal. Para estar consagradas e adquirir as súas propiedades, e de acordo coas disposicións eclesiásticas, as campás eran consagradas con crisma nun ritual que a poboación entendía como unha especie de bautismo. X. R. Mariño Ferro, *Antropoloxía de Galicia*, Xerais, Vigo, 200, 398. Sobre as enfermidades e a súa concepción na mentalidade tradicional, vid. 405 e seg.

14. Como por exemplo no caso de Galicia nos sínodos ourensáns de 1543 e 1544, sendo bispo don Francisco Manrique de Lara. A. García y García, (Dir.), *o. c.*, 161.

15. Ver sobre o tema F. Llop y Bayo, "Toques de campanas y otros rituales colectivos para alejar las tormentas", en A. Estevan, J. P. Ètienvre, (Coords. e Eds.), *Fiestas y Liturgia. Actas del coloquio celebrado en la Casa de Velázquez*, 12/14-12-1985, Universidad Complutense, Madrid, 1988, 121-134.

16. Tamén acompañan as procesións nas que se sacan aos santos e santas arredor das igrexas ou até un cruceiro, defendendo e bendicindo simbolicamente o resto da parroquia, entre outras funcións.

17. Para o caso galego, vid. por exemplo X. Taboada Chivite, *Ritos y creencias gallegas*, Sálvora, A Coruña, 1982, 2ª ed.; para unha perspectiva xeral, H. Martin, *Mentalités médiévales. XIe-XVe siécles,* Presses Universitaires de France, París, 1996.

18. Vid. https://mentescuriosas.es/el-taner-de-campanas-su-significado-su-nombre-su-funcion/ [consultada en decembro de 2017].

presente o control do tempo que exerceu a Igrexa durante os séculos en que non existían os reloxos en mans das autoridades civís, tal e como se indicou máis arriba.

Todos estes significados e implicacións xa van dando unha idea da enorme variedade de toques que se podían escoitar no pasado, especialmente canto maior fora o número de campás e o seu tamaño. Estes toques tamén se tiveron que adaptar aos novos usos litúrxicos, de tal maneira que houbo modificacións por exemplo en 1965, cando se clausurou o Concilio Vaticano II que reformou a liturxia católica que estaba vixente dende o Concilio de Trento (1545-1563). Con todo, a principal modificación que tivo esta manifestación da nosa cultura, e non precisamente para ben, foi consecuencia da mecanización que se produciu nas igrexas nas últimas décadas, causa e consecuencia da desaparición do antigo oficio do campaneiro[19].

Este oficio era xeralmente exercido polo sancristán, e era a tempo completo aínda que isto non significaba que tivesen que estar na igrexa a todas horas. Principalmente, tocaba a Misa polas mañás, polo Rosario á tardiña, a defunto e repenicaba durante as procesións da festa ou as romaxes da parroquia. Cando esta arte era realizada de xeito salientábel, o pobo adoitaba exclamar que "facía falar as campás". Por este labor obtiña propinas do cura e dos fregueses, e na Pascua ía polas casas recollendo unha pequena parte da colleita de millo, centeo, fabas ou patacas, que cobraba polo desenvolvemento deste e outros servizos que realizaba durante o ano[20].

Debido á perda deste oficio desapareceron moitos dos toques tradicionais, a súa cadencia e versatilidade propias de cada campaneiro, para rematar convertidos en ciclos repetitivos. A consecuencia foi a perda da meirande parte da súa linguaxe (as campás emiten sons pero xa non falan, ou polo menos non tanto nin tan ben) e como tal dunha porción da nosa cultura inmaterial. En certa maneira isto é inevitábel, e non é senón un síntoma máis da evolución dunha cultura e sociedade, nas que uns elementos perviven e outros van desaparecendo. Con todo, tamén é importante achegar unha alegación en favor da conservación do que aínda mantemos, que non é pouco, así como do seu coñecemento e posta en valor, para que a súa función non decaia e, polo tanto, non perda a súa razón de ser e se manteña como unha parte da nosa cultura e vida cotiá. Con este obxectivo, pasamos a centrarnos nos toques de campá da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume.

19. Persoas, xeralmente homes, que tocaban por devoción e sobre todo como unha profesión, vivindo nalgunha ocasión no propio campanario, como foi o caso do campaneiro da catedral de Santiago entre 1942-1962, Ricardo Fandiño Blanco, que tiña unha pequena vivenda sobre as cubertas da catedral na que vivía coa súa familia. Este personaxe da historia compostelá foi obxecto de diversos artigos de prensa como o seguinte en *La Voz de Galicia*: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2009/09/27/familia-tejado-catedral/0003_7998038.htm [consultada en decembro de 2017].

20. X. A. Fidalgo Santamariña, *Os saberes tradicionais dos galegos*, Ed. Galaxia, Vigo, 2001, 151. Vid. tamén X. Lorenzo, Os oficios, Ed. Galaxia, Vigo, 1983, 192-193.

As campás da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume e os seus toques

A primitiva igrexa de Santiago debeu de ser construída no século XIV, pois as primeiras mencións documentais correspóndese á segunda metade desta centuria[21]. Da primitiva igrexa pouco sabemos, ademais das súas capelas. O que si semella claro son as súas posteriores reformas: unha a finais do século XIV ou comezos do XV, pouco despois da súa construción; a reforma da capela maior e a sancristía por don Fernando de Andrade arredor de 1530; e unha inmediatamente posterior ao grave incendio de 1607[22]. O que máis nos importa neste senso é, con todo, a reedificación impulsada e financiada polo arcebispo de Santiago don Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772), eumés de nacemento, pois mediante esta reedificación, levada a cabo entre os anos 1756 e 1763, o templo adquiriu practicamente o seu aspecto actual.

Centrándonos nas torres campanario, o seu carácter barroco é indubidábel, como corresponde a un edificio galego da segunda metade do século XVIII. Presenta balaustradas, corpos que se abren ao exterior por arcadas de medio punto e cupulín rematado en pináculo. A torre central é de dous corpos cadrados e as laterais hexagonais[23].

A igrexa conta actualmente con catro campás, situadas na torre central, unha mirando a cada punto cardinal. O seu material é o bronce, como o da inmensa maioría das campás, aliaxe de cobre e estaño nunha proporción aproximada de 3 a 1, que constitúe o bronce máis sonoro, sendo o ton máis grave canto máis cobre conteña. Dúas delas foron renovadas no ano 1996: a máis grande (cara á fachada principal, a occidente), a *campá de Dolores*, chamada así porque, ademais dos toques habituais ordinarios, servía para a convocatorio do culto da Confraría de Dolores, fundada en 1765 e cun papel fundamental da Semana Santa da nosa vila dende ese momento; xunto con esta, a que mira ao sur, a campá máis pequena, chamada *esquilón*, e que se empregaba para chamar á catequese


Campá de *Dolores*, a máis grande

21. Vid. C. de Castro Álvarez, J. C. Vázquez Arias, *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico,* Deputación de A Coruña, A Coruña, 2003, 38 e 131. O resto de información histórica e artística sobre este templo provén desta mesma obra de referencia.

22. *Ibíd*., 38 e seg.

23. *Ibíd*., 63.



O *esquilón*, a campá máis pequena

infantil, para anunciar o inicio da condución dun defunto e o comezo da misa[24]. Conta cunha inscrición: *IHS, MARIA Y JOSE*.

As outras dúas son as máis antigas, de tamaño intermedio entre a *campá de Dolores* e o *esquilón*. Unha delas, a que mira cara ao leste (cara ao cruceiro da igrexa), é a *campá de Diario*, cun toque algo agudo habitual para misa (agora é único, mais antes facíanse habitualmente tres avisos). Conta cunhas inscricións nas que se menciona o seu ano de creación, 1824, así como o cura que rexía a parroquia nese momento (José Otero) e o *fabriquero* (*don Antonio Ylla Joaquín del Cagigal*). Xunto con esta información, na súa parte superior leva tamén inscritas as mensaxes simbólicas e protectoras de *NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN* e *IHESUS, MARIA Y JOSE*.

Ao lado da anterior, mirando cara ao norte (cara á torre das carracas), está a campá máis antiga, a de *Clamor ou de Defuntos*, de ton máis grave, que servía para o toque de anuncio de defunto ou agonía así como para a convocatoria dos cultos da Novena de Ánimas. Como a *campá de*







A campá de diario coas inscricións de Ihesus, Maria y José e Nuestra Señora del Carmen, respectivamente

24. Inscrición que xa tiña o esquilón vello, de 1730, situado hoxe no coro alto. A inscrición completa é *Ora pro nobis*, *1730, IHS María y José*.

Diario, as súas propias mensaxes achégannos o ano de creación: o 1729, o cal a sitúa como anterior á reedificación do arcebispo Rajoy. Xunto co ano, aparece unha palabra que ben podería ser o seu "nome" orixinal: *Emperadora*. Ademais disto, na parte superior, outra mensaxe achega unha información clarificadora dunha das súas antigas funcións: *S. BARBARA ME LLAMO QUE CON MI BOZ SONORA SIRBO [...] EN EL CIELO*[25]. Isto indica que esta era a campá encargada de soar durante as tormentas para afastalas mediante o seu son, tal como xa foi explicado anteriormente. Ademais destas mensaxes, am-



A *campá de Clamor ou de Defuntos*



Inscrición da *campá de Clamor* onde se pode ler *St. Barbara me llamo...*

25. O fragmento que falta indica que serve a *[P invertido]* no ceo, o que non souben descifrar. Quizais se refira a que serve como "protectora" no ceo, de aí a letra "P".

bas as dúas campás teñen unha cruz, símbolo por excelencia de Cristo e de protección ante calquera mal que puidese afectar a parroquia.

Ademais desta descrición, contamos tamén con outra máis literaria e baseada no seu son, que podemos atopar na obra de Ramiro Fonte: a *de tin*, a máis pequena pero mestra de todas; a *de ten*, a seguinte en tamaño, rítmica pero circunspecta; a *de tan*; e a *de bon*, a máis grande e, polo tanto, de son máis grave, "fúnebre, implacable, acaso autoritario". "Cando a de tan se reúne coas outras dúas, xa é posible establecer as leis da harmonía. A rítmica tin, a dilixente ten, a mesurada tan, confunden as súas músicas e os seus acentos no aire[26]."

Toques actuais das campás da igrexa parroquial

Hoxe en día, os toques de campás víronse bastante reducidos con respecto aos que se facían antigamente. Conservamos aqueles máis relevantes para a comunidade relixiosa, mais perdéronse outros relacionados coas actividades civís ou os que se empregaban para loitar contra determinados elementos, tal e como xa explicamos. Ademais, a automatización e perda do oficio de campaneiro supuxo tamén unha perda na riqueza do son, pois cada campaneiro (xeralmente eran homes, mais en Pontedeume tamén algunha muller exerceu esta tarefa) tiña o seu estilo, podía poñer unha maior énfase en determinados toques ou segundo a importancia da mensaxe a transmitir... A linguaxe viuse simplificada; as máquinas poden transmitila igualmente, mais non coa riqueza e matices que unha persoa achega.

Os principais toques actuais son os seguintes[27]:

— **De oración**. Ao amencer e na posta de sol. Agora faise ás 8 da mañá, ás 12 do mediodía (*Angelus*) e ás 18:30 (Vésperas ou Rosario). Coa *campá de Dolores* iníciase o toque cunha serie de 9 badaladas, cunha secuencia de tres en tres e un espazo intermedio de breve silencio. Despois seguen trinta e tres badaladas seguidas.

— **De misa.** Agora faise media hora antes da misa (polo tanto, os domingos ás 9:30 e 11:30; o resto da semana ás 18:30 ou 19:30, dependendo de se a misa é ás 19 –inverno– ou 20 horas –verán–), e a continuación do toque de oración matutino e vespertino. Coa *campá de diario* faise unha serie de badaladas seguidas (sen número fixo antes da súa electrificación) e despois dun breve silencio, unha serie de tres badaladas con algo máis de tempo intermedio que no toque inicial continuo. Antigamente tocábase tres veces (máis ou menos cun cuarto de hora de separación) e identificábase como primeiro, segundo e terceiro, polo número de badaladas que se daban ao final (unha, dúas e tres)[28].

26. R. Fonte, *Os ollos da ponte,* Xerais, Vigo, 2004. Citas da 140.

27. Aínda se conserva unha folla plastificada nas escaleiras que soben ao campanario, xunto ás cordas, coas indicacións precisas para os toques manuais de "Ángelus", Misas da semana, Domingo e festivos, e defuntos (para muller e para home).

28. Ramiro Fonte na súa obra fai tamén referencia a este toque da campá de diario: "Estounas escoitando. Facían a primeira, a segunda, a terceira chamada para a misa. Algunha das mulleres da casa, a miña nai ou a miña tía, pregunta se é o primeiro ou o segundo toque". R. Fonte, *Os meus ollos, Xerais,* Vigo, 2003, 14.

— **De inicio da misa.** Antigamente facíase co *esquilón*, tres golpes seguidos. Cando se deixou de facer dende o campanario, colocouse unha pequena campaíña xunto á porta da sancristía que dá acceso ao presbiterio, e xa fose o monaguillo ou o propio sacerdote celebrante, accionábana para avisar do comezo da misa.

— **De defuntos.** Aviso: coa *campá de clamor* ou *defunto*. Diferénciase entre home, muller e infantes. No caso dun home, faise nove toques seguidos e a continuación novos toques alternando a campá de diario coa de defunto cunha certa cadencia (non moi seguidos). No caso do falecemento dunha muller, son sete toques e o resto igual que no caso dun home. Cando morre un infante, fanse cinco toques, e o resto igual aos anteriores. Se se trata dun párvulo, ao tratarse dun "anxiño" sen pecado, o toque faise festivo e altérnanse os mesmos toques coa de diario e a de defunto pero máis seguidos. Isto deu lugar á identificación popular deste toque como o "ben, vai"[29].

Condución e traslado dun defunto ao cemiterio: tócase uns minutos antes de saír o cadáver do seu domicilio, alternando toques coa *campá de diario* e a *de defunto*. Ao remate, realízanse series de tres toques co *esquilón* cun breve silencio intermedio.

Funeral de aniversario: primeiro unha serie non cuantificada de toques alternos comezando pola *campá de diario*, coa *de defunto* e, ao seu remate, coa *campá de diario* un toque de Misa.

— **Repiques.** Con motivo de certas festas e solemnidades do calendario litúrxico, fanse soar as catro campás á vez. É o que se coñece como repique ou repenique. Nisto diferénciase doutros lugares e templos, que con motivo das mesmas festas o que fan é un volteo. Os repiques serven para anunciar a véspera da festa (como as do día de San Nicolás, Corpus, Santiago, e outras) e fanse coincidir coas 12 do mediodía e a tarde anterior. Comézase cun toque de *esquilón* que se mantén invariábel durante todo o repique. A continuación vai a *campá de diario* e de seguido a *de defunto* con toques iguais, repetíndose tres veces. Ao terceiro entran os redobres da *campá de Dolores* ao que se unen as dúas anteriores. Este toque, ademais das festividades (durante as procesións e media hora antes de Misa), pódese realizar pola visita do bispo, nas confirmacións, comuñóns ou por motivo dalgunha misa especial, como a do Venres de Dolores[30].

— **As horas.** Dende hai séculos, as campás das igrexas funcionaron tamén como

29. Por sorte, nunca se tivo que facer este toque nos últimos anos. Na obra de Ramiro Fonte temos tamén mención do toque de defuntos: "Unha badalada de ten, e outra de tan, e así sucesivamente… Logo, nove golpes de tan, se quen morreu é un home e sete golpes da mesma, se é unha muller. Aínda lle dixo máis. –Se morre un neno hai que subir arriba e tocar coa de tin o ben vai… E mellor que non morra." R. Fonte, *Os ollos da ponte o. c.*, 164.

30. Na súa obra de historia sobre Pontedeume, Couceiro Freijomil recolle o seguinte: "Un detalle curioso dos divertimentos populares que se organizaban por mor dunha solemnidade relixiosa era o de repicar as campás para anunciar os festexos da noite no momento que comezan." A. Couceiro Freijomil, *Historia de Pontedeume e a súa comarca,* Xunta de Galicia, A Coruña, 1995 (4ª ed.), 383.

reloxo. No caso da igrexa de Pontedeume este uso é recente, pois a vila contaba co reloxo da casa do concello para cumprir con esta función. Con todo, na actualidade podemos escoitar as campás da igrexa indicando as horas en punto e as medias, dende as 8 até as 22 horas. Cando é unha hora en punto, soan tantas badaladas como horas se cumpren; no caso das medias, soa unha badalada.

As carracas

Hai un determinado momento do ano e do calendario litúrxico no que as campás calan, mais isto non implica que a parroquia e vila fiquen en silencio. Na Semana Santa, dende o Xoves Santo até a Misa de Gloria do Sábado, as campás enmudecen dado que é un tempo de tristura pola paixón e morte de Xesucristo. Nese período é outro instrumento, as carracas, o que alza a voz enchendo as rúas co seu son particular, facendo calar á poboación e chamándoa ás celebracións do Xoves e Venres Santo[31]. O seu simbolismo está relacionado coa treboada que atronou Xerusalén no momento en que Xesús expiraba. Na Misa de Gloria do sábado, as campás retoman o seu repenique, pois o estado de ánimo dos cristiáns pasa dun extremo ao outro: da tristeza pola morte de Xesús ao seu xúbilo e ledicia pola súa Resurrección.

A carraca da nosa igrexa pódese definir como unha "carraca de campanario", composta de varios corpos de madeira, uns mazos e unha manivela que ao rotar vai xerando o son. Está situada na torre dereita (esquerda para quen mira a fachada de fronte), a que está xirada levemente cara á vila, dende 1765. Queimouse en 1980 e foi restaurada mediante doazóns populares, aproveitando a armazón de ferro[32].



As carracas da igrexa parroquial, na torre norte

31. Esta acción é realizada noutras poboacións por acólitos e rapaciños que percorren as rúas con carracas pequenas. C. de Castro Álvarez, J. C. Vázquez Arias, *o. c.,* 115.

32. *Ibíd*., 115.

Toques que xa non se fan

Os tempos foron mudando, e as campás e os seus usos con eles. O seu son xa non é tan frecuente como o era en tempos pasados. Un dos motivos foi que as autoridades eclesiásticas foron restrinxindo o seu son para usos relixiosos, e entre os que quedaron fóra deste tipo, algúns toques perderon a súa razón de ser, atopáronse medios mellores para transmitir a información ou simplemente non se fan porque o acontecemento en cuestión polo que transmiten a súa linguaxe xa non adoita producirse. Aínda que o noso obxectivo é unha aproximación aos toques que se fan, máis que aos que se foron deixando de facer, é tamén interesante mencionar algúns destes toques que formaban parte da vida cotiá dos nosos antepasados.

Un destes toques que se deixaron de realizar nos últimos anos foi o toque por treboada, do que xa falamos anteriormente. Aínda que constituía unha defensa efectiva, non soamente simbólica, dende o punto de vista da mentalidade das xentes do pasado[33], o caso é que este toque se foi deixando de escoitar debido sobre todo ao seu perigo, pois déronse casos (non en Pontedeume[34]) de sacerdotes ou campaneiros que faleceron polo impacto dun raio no campanario durante os tanxidos.

O toque por incendio, de rebato, é un deses toques que por sorte xa hai moitos anos que non escoitamos na nosa vila, aínda que seguro debeu de soar forte nos anos 1533, 1607 ou 1621. É un toque que, con todo, aínda é susceptíbel de soar en caso de darse as circunstancias.

Outros toques que se foron apagando son os que tiñan lugar en caso de ataques (de corsarios, por exemplo), os que indicaban o comezo e final da xornada de traballo, os que soaban durante as procesións das rogativas (sobre todo o 25 de abril, día de San Marcos), para reunións veciñais ("a campá tanxida", frase moi presente na documentación medieval), en caso de parto dalgunha muller da parroquia[35]…

33. Temos unha boa referencia da forma de proceder no sínodo ourensá de don Francisco de Lara, nos anos 1544-45: "Quando los sacerdotes vieren el tiempo rebuelto, y se temiere tempestad o tormenta de aguas o piedra o ayres, hagan tañer al nublo en todas las yglesias todas las campanas, y vestidos con sus sobrepellizes y estolas estando en la yglesia rezen con mucha devocion aquellas cosas que en el Manual les mandamos poner, por ser aprobadas, y las otras cosas que la sancta madre Yglesia tiene para esto appropiadas." E tamén a comezos do século XX temos algunha mención no rural galego: "Cando se presentan nubes negras cargadas de electricidade no horizonte e ameaza o trono, en tódalas aldeas tocan as campás das torres, porque cren que así a treboada disípase e afástase. O toque das campás e a súa significación están representadas na canción popular, que atribuíndolle fala á campá, di: "Detente nubrado, / non veñas tan cargado, / guarda viño, guarda pan, / guarda fuego d"alquitrán, / tan, tan, tan, tan." Namentres a campá toca, o sacerdote, desde a casa ou na mesma igrexa, reza o trisaxio e esconxura ás nubes para que non causen dano nas persoas nin nos campos dos seus fregueses." Vid. A. García y García, (Dir.), o. c., 254, e N. Tenorio, *La aldea gallega,* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1992, 164-165, respectivamente.

34. Si se deu esta desgraza noutros lugares de Galicia, como por exemplo o dous de xaneiro de 1731, cando un raio matou a un rapaz que estaba na torre das campás da catedral de Santiago de Compostela, sendo sufragado o seu enterro polo cabido. P. Pérez Constanti, *Notas viejas galicianas,* Xunta de Galicia, A Coruña, 1993, 164.

35. O toque "a parto" aínda se conservou en Santiago de Compostela até mediados do século XIX, cando foi prohibido. *Ibid*., 191-192.

TOQUES DA CAMPÁ DA CASA DO CONCELLO


A campá do edificio do concello tamén acompaña co seu son a vida cotiá dos eumeses e eumesas. Na súa torre campanario, de carácter medieval, contamos con dúas campás, de diferente tamaño, unha situada por riba da outra. No seu caso, funcionan exclusivamente como reloxo, marcando coa campá pequena os cuartos e medias, e coa máis grande as medias e as horas en punto. Para o cuarto, soa unha badalada da campá máis pequena; para a media, dúas da campá pequena e unha da grande; para os tres cuartos, tres badaladas da pequena; e para as horas en punto, catro toques coa campá de cuartos, e a continuación tantas badaladas como horas se cumpren, co son máis grave da campá máis grande.

Como no caso das campás da igrexa parroquial, tamén contan coas súas inscricións e "mensaxe". No caso da campá pequena, que se sitúa enriba da outra, é difícil de apreciar e as letras están deterioradas. Unicamente se pode contemplar con nitidez unha pequena imaxe gravada da Virxe, arrodeada de letras minúsculas en cursiva, rogándolle que ore por nós.

No caso da campá grande, a súa inscrición é perfectamente visíbel, e a súa mensaxe é : *JHS MARIA Y JOSEPH SN ANTO Y STA BARBA-*



As campás do edificio do concello



Campá pequena do edificio do concello, coa Virxe gravada

RA HORA PRO NOBIS. HIZOSE A ESPENSAS DE LA MUY LEAL NOBLE BILLA Y REJIMIENTO DE PUENTE DEHEUME. BICENTE MORALES Y JOACHIN SOLANO ME FECIT. ANO DE 1775. Novamente aparece santa Bárbara, avogosa contra treboadas e tempestades, e mesmo contra os efectos maléficos que podía ter a propia campá.

En canto a este reloxo, foi trasladado á torre da igrexa parroquial por mor do incendio de 1607 que destruíu o edificio do concello. Mais pouco permaneceu neste lugar, pois xa en 1628, por non oírense ben as horas, volveu para o concello, onde aínda permanece[36].

Xa por último, poderíase mencionar un toque que foi realizado até hai poucas décadas na nosa vila, e que era frecuente en todas as casas dos concellos: o *toque de bando*. Este toque constaba dun número indeterminado de badaladas e tiña lugar cando se pretendía declarar as ordenanzas municipais ou calquera outra información de relevancia que emanaba do Concello. Era unha maneira eficaz de que os veciños se decatasen e acudiran á praza Real para escoitar as novas. Ademais, podía servir para advertir dunha situación perigosa, como por exemplo un incendio. De feito foi precisamente por un incendio, na casa dos Nistal da avenida da estación, cando soou unha das últimas veces arredor de 1967.

Conclusión

As campás cumpriron e aínda cumpren unha función importante para a comunidade. Son, xunto co seu son, restos dun pasado que aínda segue vivo, transmitindo información ou mesmo guiando viaxeiros e peregrinos (tan frecuentes ao longo da historia na nosa vila, e cada vez máis nos últimos anos) a lugares sagrados, teoricamente seguros ou canto menos xeralmente habitados.

Do mesmo xeito, tamén na cultura popular ou mesmo na nosa literatura as campás xogan un papel protagonista, o que sen dúbida é unha mostra da súa importancia na mentalidade do pobo e na nosa cultura. O refraneiro popular conta con numerosos exemplos nos que a sabedoría está manifestada a través de refráns nos que as campás ou as súas accións características están presentes. Xa no século XV, no refraneiro compilado polo Marqués de Santillana, contamos con algún exemplo: "Campanillas de Toledo, oigo vos y no os veo", ou "En salvo está el que repica"[37]. E na actualidade contamos con outros tantos exemplos, perfectamente coñecidos para todos nós: "botar as campás ao voo", en caso de alegría mais de maneira precipitada, de aí que apercibamos á outra persoa de que non saian as campás aínda a tocar por motivos alegres; "oe campás e non sabe onde",

36. En 1629 o Concello decidiu pagarlle a un artista flamengo para amañar este reloxo. Sobre isto, vid. A. Couceiro Freijomil, *o. c*., 393.

37. Coas conseguintes explicacións: do primeiro, que quen ben quere en ausencia de amor, retén o son da súa afección; no segundo exemplo, que en tempos de perigos, o lugar afastado dos contrarios é o máis seguro. Vid. Í. López de Mendoza, Marqués de Santillana, ed. por Mª J. Canellada, Ed. Magisterio Español, Madrid, 1980.

cando alguén non se está a decatar do que está acontecendo; "non se pode estar en misa e repicando", para indicar que non é posíbel estar en dous lugares ou situacións ao mesmo tempo, e outros.

No caso da literatura, ninguén mellor que Ramiro Fonte para describir a sensación de aprender a tocar as campás da nosa vila ou simplemente de escoitar o seu son:

> *"Resulta máis complicado conxuntar os catro bronces que aprender o trintaetrés seguindo os sabios consellos de Uxío Cuíñas. Non hai arte fácil. Nin a de reunir voandeiras lembranzas nunha andadeira prosa nin a de conxugar os metódicos ritmos cos azarosos ventos. A boa prosa algo lle debe ao ritmo lixeiro de certas campás, ó ritmo pausado doutras. Atrévome a dicir.*
> *[...]*
> *Consciente das miñas dificultades, Urbano adxudicoume a campá tremebunda. El agardaba que o meu corpo pegase un estirón, para que eu puidese soster con enteira naturalidade o cirial nas procesións e nos enterros ou aplicarme na campá de tin. Persoalmente, eu estaba seguro de non defraudalo. Non lle chegaba coa man. Mais o ritmo, tin-tin-tín... tin-tin-tín... tin-tin-tín..., levábao xa inscrito no meu corazón, revoaba na miña cabeza"*[38].

O propio escritor eumés tamén fai referencia á convivencia das campás da igrexa e da casa do concello, todas elas coas súas funcións e realizando en conxunto un son único que caracterizou dende hai séculos a nosa vila:

> *"Graves badaladas da igrexa parroquial, tocando a morto. Municipais badaladas do reloxo público, dando as horas dun tempo perdido. De reunírense no ceo os catro bronces da igrexa cos dous bronces do Concello, se cadra escoitariamos a música da eternidade.*
> *Quen non ama o son das campás non ama a vida"*[39].

O son das nosas campás, capaz de transmitir información, avisos á comunidade ou mesmo inspirar a escritores, é un patrimonio de todos nós que debería ser valorado e preservado. E, sobre todo, coñecido; esa sería a mellor forma de conseguir que as campás conserven a súa función e polo tanto que a súa linguaxe siga acompañando durante moito tempo a vida cotiá dos habitantes de Pontedeume.

38. R. Fonte, *Os ollos da ponte, o. c.*, 142-143.

39. R. Fonte, *Os meus ollos, o. c.,* 15.

SAN NICOLÁS DE TOLENTINO (COPATRÓN DE PONTEDEUME)

Lembranzas e apuntamentos sobre a Festa

Xosé Paz Fernández

Se se xuntase o escrito sobre a tradición da festa de S. Nicolás na nosa vila: toda a historia, dicires, anécdotas, pagamentos, curiosidades, renuncias,...; sería moito o que se acharía e se encherían moitas páxinas. Nestas liñas pretendemos simplemente traer á actualidade a memoria desta festa: unhas cousas coñecidas, outras non tanto, e tamén ofrecer algúns apuntamentos que aínda non se coñecen. Iso si, aclarando que é con boa vontade e sen grandes pretensións; recompilando, de aquí e de aló, para ofrecérllelo aos lectores interesados nese tema.



S. Nicolás, Portada do Libro de S.Nicolás (1997)

Orixes da festa

O 11 de agosto de 1607 un incendio asolou a vila eumesa. Xa no ano 1533 houbera outro, do que só quedaran en pé 20 casas, e no decurso dos anos repetiríase este acontecer para desgraza dos seus habitantes.

Á vista destes sucesos ocorridos, a comunidade de padres agostiños que residía na vila sacou en procesión a S. Nicolás e botaron ao lume unha xoia ou reliquia do santo que tiñan no convento. Di a tradición que comezou a partir dese intre a minguar o lume e que foi cousa considerada como milagreira.

Pola *Historia de Puentedeume*, segundo apuntamentos de C. Freixomil, sabemos que *"después de recorrer la villa, vieron que estaba quemada y abrasada, se quemaron mas de trescientas casas y la iglesia mayor, sin que quedase de ella más que la capilla de bóveda, se quemaron también las casas de consistorio y ayuntamiento".*

D. Fernando de Andrade fora o fundador do convento de Santo Agostiño no 1538. O conde viaxara en varias ocasións a Italia, por mor das guerras de Seminara (no 1503, 1511 e no 1522) e percorreu e coñeceu aquel país, tamén como diplomático. Suponse que visitou Tolentino e que de alí puidese ser de onde viñesen as primeiras reliquias que se empregaron para apagar o citado incendio do 1607 na vila.

Pasaron catorce anos e, para recoller e institucionalizar a devoción a S. Nicolás, xa medrado o seu culto, estabeleceuse o chamado "VOTO" polos favores acadados del. Así o 19 de xuño de 1621, o Concello realizou o seu primeiro "VOTO" e acordou instituír e celebrar unha festa solemne todos os anos o día do santo, o 9 de setembro, cousa que tivo lugar no mesmo ano referido.

Pero a "oficialización" do "VOTO", e xuramente oficial, tivo lugar preto dun ano despois: o 16 de maio de 1622.

Estes dous (voto e xuramento) realizáronse na igrexa conventual de Santo Agostiño co pobo presente chegado en procesión dende a igrexa parroquial coas confrarías e estandartes, e todos os seus sacerdotes. No nome de todos os veciños e veciñas realizáronse os Votos e o Xuramento polo alcalde maior D. Pedro Labora de Andrade e tamén polo reitor e párroco da igrexa de Santiago de Pontedeume.

Neste voto xa se fai referencia aos "boliños" de pan que acompañan como símbolo esta festa, talvez en lembranza da reliquia botada ao lume no ano 1607.

> *".... se le vote su día para guardarle, que es a 10 de setiembre de cada un año, y en él se le diga una misa solemne cantada y se haga procesión trayendo en ella la imagen y haya sermón.*
> *(...) que se avise a todos los vecinos enciendan luminarias en sus casas, so pena de trescientos maravedís a cada uno".*

E tamén se mandou:

> *..."que en la procesión se disparen tres cámaras que están en la fortaleza y hasta 50 arcabuces".*

A seguir reproducimos parte do texto do voto oficial:

> *"PROMETEMOS Y JURAMOS por Dios Nuestro Señor y Santa María su bendita Madre y por los Santos Cuatro Evangelios y Cruz en que corporalmente ponemos nuestras manos derechas, que desde el presente día en ade-*

lante, para todo tiempo de siempre jamás, habremos y tendremos, y esta Villa habrá y tendrá, por protector y abogado al glorioso San Nicolás de Tolentino, juntamente con el Santo Apóstol Señor Santiago, principal patrón de ella y de toda España, (...) viniendo a ella con procesión general desde la Iglesia mayor y trayendo en ella los panecillos que se suelen y acostumbran bendecir en aquel día y fiesta para el mismo efecto. Y lo cumplirá así dicha villa para siempre jamás. Y a sí lo votamos y juramos solemnemente en nombre de ella y en virtud de la comisión y poder a nós dado".

Unha vez feito o voto polo alcalde, deseguido o reitor-párroco da igrexa de Santiago fixo o mesmo xuramento, dando testemuño do acto o escribano Gregorio López con todo o pobo de testemuña.



Imaxes pétreas de San Nicolás

Comezo de problemas

A confraría de San Nicolás

Cando a instauración do "VOTO", xa estaba dende 1620 formada unha confraría (de San Nicolás) que, aínda que tardou algún tempo en funcionar, ía admitindo como





Fachada e claustro do convento

confrades ós veciños, homes e mulleres, logo do pagamento dunha cota de entrada consistente en media libra de cera. Esta asociación tivo o seu funcionamento dentro do convento, celebrando as reunións na sancristía da igrexa deste cenobio até o 13 de setembro do 1835. Uns poucos anos máis tarde (no 1843), estes lugares, a sancristía e a igrexa, serían derrubados por Acordo do Concello.

E falando desta derruba da igrexa do convento sabemos que até provocou algún problema con xuízo por medio tendo como protagonista a Sebastián Salgado.

Sebastián Salgado Souto, veciño eumés, foi un mestre albanel encargado de desfacer a capela e ao pouco tempo foi denunciado por roubo de material do edificio. No Arquivo Municipal de Pontedeume (en adiante AMP) aparece documentada unha instrucción criminal a instancias do promotor fiscal, pedindo o Alcalde ao Secretario da Corporación que certifique o nomeamento deste citado veciño como director da demolición da igrexa e de non ser así sexa informado axiña. As cousas non van por bo camiño e así o 17 de xuño de 1867 asínase por Ramon Losada Montero o seguinte escrito:

> *"Pongo a disposición de V. la persona de Sebastián Diego Salgado y Souto vecino de este pueblo preso en la pública de esta capital, afín* (sic) *de que con el adjunto pliego cerrado sea puesto así mismo ala* (sic) *del Sr. Gobernador Civil de esta provincia, con el obgeto de que en correccional de aquella plaza sufra siete meses de presidio correccional que le fueron impuestos por S.E. los señores en la 3ª dela* (sic) *Audiencia del territorio por consecuencia de causa que sele* (sic) *formó por hurto de piedras y maderas dela* (sic) *iglesia del combento* (sic) *de Agustinos en este pueblo, y desu* (sic) *recibo se sirvirá (sic) acusarme el oportuno para hacerlo constar en acta".*

Preso no cárcere, Sebastián Salgado, as condicións da mesma deixaron moito que desexar e os seus defensores chegaron a solicitar o seu traslado en barco á Coruña por razóns de saúde.

Como curiosidade engadida a este suceso, sabemos que co paso do tempo unha das fillas deste veciño, chamada Rosario Salgado de Pereira, emigrada e residente na Arxentina, chegaría a ser Filla Predilecta do Concello eumés polos seus méritos como cantante de ópera, e logo profesora naquel país que logrou acadar algunhas mencións e medallas que lle foron impostas polas infantas españolas da época.

Deixando o relatado incidente, imos ás desavenencias que xurdiron co paso do tempo entre o Convento dos Agostiños e a referida anteriormente confraría de San Nicolás alí instalada que levaron a unha serie de reformas de funcionamento interno da mesma e a que deixara de encargarse da organización da festa de S. Nicolás. Isto provocou que fose solicitada por vicarios que se ofrecían de xeito espontáneo e persoal para facer de valedores dos gastos que se orixinaban (sacerdotes, música e cantores, foguetes, boliños...).


Antonio Couceiro Freijomil na *Historia de Pontedeume* recolle estas liortas relixiosas (1722).

Malia o anterior exposto, dende que se estabeleceu o "VOTO", a devoción ao Santo foi en aumento entre a veciñanza e chegou o caso de que ante calquera problema importante para a vila, as autoridades eclesiásticas, ou as civís, recorrían a el como nos consta polos escritos que existen de rogativas e procesións, nas que procesionaban ao Santo acompañando á Virxe das Dores, á das Virtudes e a outros santos conxuntamente, en peregrinaxe –procesión polas rúas–.

Unha das primeiras mencións que achamos sobre o papel de "valedor" de S. Nicolás vén do ano 1620, cando lemos unha súplica do Concello ao santo *"compatrón"* facéndolle un "*nobenario de missas y Salve a Nuestra Señora"* (sic) e que se saque do convento de S. Agostiño a imaxe de San Nicolás, debido aos moitos e moi malos temporais que estaban azoutando a vila.

Outra das referencias das celebracións e festas relixiosas que achamos é esta que segue:

> *"Por la primera cuenta que se halla en dicho Libro viejo tomada el año de mil seiscientos ochenta y uno (...) y se pagaba al religioso que predicaba aquel dia quince reales, abonándoselos el mayordomo, como igualmente otros ocho por el músico o gaitero que tocara en la fiesta (...)".*



Libro Confraría de S. Nicolás

Esa devoción popular e crenza no seu carácter protector reflíctese ao longo dos anos. Citamos un escrito do AMP, do ano 1755, respecto do acontecemento que acababa de suceder: un tremor de terra no que ocorreran desgrazas como no *reino de Portugal, Cadis* (sic) e outras partes "*dela españa y aun enla Ciudad de Astorga"*. Engádese no mesmo que pola misericordia divina non se experimentou dano ningún neste pobo nin nos da súa contorna e que sendo certo que na cidade da Coruña, Santiago ou Betanzos e noutras partes deste reino facíanse *" pro-rogativas"* (sic) e novenas á Soberana Reina dos Anxos, pídese que se saque á Virxe das Virtudes, a S. Nicolás en *"proseción"* (sic) polas rúas e que no Convento de Santo Agostiño se faga unha novena con toda *"desensia"* (sic).

Tentativa de alterar os días do voto a S. Nicolás

En 1720 a Xustiza e Rexemento da vila tratou de alterar a celebración do "VOTO" e de sinalar diferentes días para a función. Perante o virrei de Galiza foi presentada unha demanda que este resolveu dispoñendo que o voto se axustase á escritura primitiva, ameazando cunha sanción de cincuenta ducados de non se cumprir isto.

E o 20 de maio do 1721 volvemos atopar no AMP outra súplica:

> *"Piden licencia al cura de la villa para que el P. Prior y Comunidad de San Agustín pudiesen sacar en procesión al Glorioso S.Nicolás de Tolentino, aclamado como Compatrono de la Villa y se le pusiese en nobena* (sic) *en la Hermita de Nuestra Señora de las Virtudes a fin de conseguir de S.M. favorable tiempo, para la conservación de los frutos (...)".*




Procesión co vicario da festa de S. Nicolás, Antonio Gómez

Outros pequenos problemas

Como curiosidade, ás veces xurdían problemas que afectaban á veciñanza. O que agradaba a uns podía desagradar a outros, e aínda máis cando os prexudica, como no caso seguinte, de setembro de 1852:

> *"Miguel Salgado, vecino de la villa dirige al Sr. Alcalde y más Individuos del Ayuntamiento Constitucional de esta Villa de Puentedeume y su distrito:*

"con el devido (sic) *respeto expone:*
que con motivo de haberse colocado en la Casa de D. Francisco Montero consigua (sic) *a una de mi poderdante, el tinglado o parapeto para despedir los fuegos de artificio en la festividad de Ntra. Sra. de las Virtudes, há padecido tanto el tejado de la referida Casa que administro qué en las llubias que han sobrevenido esos dias, tal es el número de goteras que resultan, que la casa se ha convertido en una laguna; y afin de evitar los perjuicios que podía seguirse al edificio, atento a que estos daños fueron causados por consecuencia del parapeto indicado, a V.S.S. lo representa y rendidamente.*
Suplica tengan la vondad de mandar componer el expresado tejado de la Casa de Juan María Fernández y comprar para él alguna teja pues se han roto una porción de ellas con tal construcción de parapeto. Es gracia que con Justicia espera recibir de lo que VSS. administran.
Puentedeume, 17 de setiembre de 1852".



Entrega dos boliños, ilustración de Siro no libro San Nicolás de Tolentino (1997)

Poucos dias despois, nunha sesión celebrada o 6 de outubro, redáctase e apróbase o seguinte:

"...siendo inexactos los motivos que se alegan, no ha lugar a lo que se solicita. Así lo acordó el Ayuntamiento".

Financiamento das festas

No ano de 1856, e outros anteriores –como no 1855, o cal sinalaremos máis adiante- e posteriores, as festas patronais de setembro financiánbanse con cartos que se acadaban coas subhastas para facer os bailes de máscaras do mes de febreiro no salón ou baixo da casa do Concello. Por iso, nun escrito das primeiras semanas deste ano fálase do dunha rifada adxudicación dos bailes. Os 120 reais ofrecidos por José Benito Alonso, que semellaban o "remate" da subhasta non o foron, pois o "remate" foi para o solicitante José e Hermenegildo Pita.

Despois deste escrito vén o seguinte:

"Proxima la festividad de S. Nicolás de Tolentino compatrono de este pueblo, y mediante se halla disuelta la Milicia Nacional de este distrito, a la que correspondía hacer la función el dia en que ha de tener lugar aquella festividad, se acordó: que por el Sr. Presidente se oficie al Cofrade que siga en turno para que se encargue de ella.
Tambien se acordó que se encargue al Sr. Procurador Síndico de la Corporación de mandar hacer los panecillos o bollos que según costumbre deben distribuirse al pueblo el dia de la festividad de S. Nicolás de Tolentino, (...) a cuyo efecto se le libre la cantidad de 150 reales para dicho gasto conforme a los anteriores años, así como se libren a favor del funcionario los 40 reales de costumbre".

Xa o 5 de xaneiro 1855 outorgábaselle ao veciño Manuel Vidal o baile de máscaras, logo da subhasta. Unha das condicións será que a entrada aos mesmos sexa ás 10 da noite durando ata o amencer.

No mes de novembro de 1883 o Concello reclámalle a Jacobo López Losada, forneiro desta localidade un resto do importe polo *"remate"* dos bailes de Carnaval do ano 1872, consistente en 137 ptas. O forneiro recoñece a reclamación e alegálle ao Concello que el tamen lle adebeda 480 ptas, procedentes do soldo do seu fillo Eugenio que devengou a razón de 10 reais diarios como oficial do negociado do cárcere e as 45 ptas restantes por prezo dos bolos de San Nicolás correspondentes aos anos 70, 71 e 72.

Sobre o vicario, o ramo e a camareira de S. Nicolás

Seguiremos os longos oficios do AMP do 1868 que se xeraron pola renuncia ao ramo, dirixidos a D. José Sánchez. Cura de Limodre, e que comezan así:

Sr. D. José Sánchez. Cura de Limodre.
Tocando a Vd. por turno hacer la función del Glorioso Santo S. Nicolás de Tolentino com-patrono de esta villa en el próximo año 1869, tengo el gusto

de dirigirme a V. a fin de que se sirva concurrrir a la Iglesia Parroquial de esta Villa en el día de mañana, y hora de 4 de la tarde en que debe tener lugar el nombramiento de vicario, después de completar y recibir como de costumbre el ramo del Santo. Lo que participo a V. para su conocimiento y efectos consiguientes esperando se sirva manifestar a esta Alcaldía que dará cumplimiento a lo que queda expresado, y acusarme recibo de la comunicación. Dios.".

Con moita arrogancia, deseguido, ese veciño de Limodre e Sr. Cura Párroco, contesta ao Concello con outras liñas intentando renunciar a ser Vicario. E mellor que renuncia, é dicir: negación. Pero.... coñezamos o que finalmente din os rexedores municipais eumeses:

"Al Sr. D. José Sánchez de Limodre
En vista de su atento oficio de V. de fecha de ayer en el que manifiesta que no le corresponde hacer la función del glorioso S. Nicolás en el año próximo en razón a no haberse sentado nunca en tal Cofradía, debo hacer a V. presente que reconocido el Libro de la Ilustre Congregación el acta de 10 de setiembre de 1849 aparece que en dicho dia han solicitado el ingreso en la Cofradía cinco individuos ente los cuales figura V. como uno de ellos no podiendo (sic) *caber la menor duda respecto a su ingreso por cuanto el acta se halla autorizada con la firma de V. las de los Concejales asistentes, nuevos Cofrades y Secretario del Ayuntamiento. En vista de esto, la Corporación se promete de V. que recapacitando un poco recordará haber ingresado en la Congregación y que cuando así no fuese efecto de que su memoria no le fuera propio para el caso tendrá como cierto lo resultado de la acta que tengo el gusto de participarle, esperando por consecuencia que V. se sirva admitir la función y el nombramiento de Vicario para el año próximo por corresponderle por turno; y ya que no pudiese hacerlo personalmente en la tarde de hoy esperar de las recomendables circunstancias y posición que en V. concurre, la Corporación severía* (sic) *en el sensible caso de nombrarle vicario y disponer las funciones por cuenta de V. como acordar por primera vez las demás renovaciones que corresponden al Instinto de la Congregación. Dios. María."* .

Da sesión do concello celebrada o 15 de setembro de 1894 recollemos do AMP o seguinte:

"El Sr. Presidente manifestó que el día 10 del actual había recibido el siguiente oficio:


Imaxe S. Nicolás


Imaxe con bastón do Concello

Sr. Alcalde de Ilmo. Ayuntamiento de Puentedeume. Contestando a su atento oficio, fecha de ayer, tengo el sentimiento de poner en conocimiento de Vd. que a causa de ciertas circunstancias de la vida no me es posible recoger el ramo del glorioso Santo San Nicolás de Tolentino. Dios guarde a Vd. muchos años.
Asinado: Manuel Vidal."

Este oficio é contestado polo Concello do xeito seguinte:

"El Ayuntamiento teniendo en consideración que según consta en el libro de la expresada Cofradía y acta de nombramiento de Vicario para el año 1879, el D. Manuel Vidal en unión de otros Srs. Regidores solicitó se le admitiese como cofrade y por tanto se obligó a satisfacer los gastos que originan la función en el año que le corrrespondiese cuya acta el mismo ha suscrito, acordó por unanimidad hacer saber a D. Manuel la obligación en que se halla de cumplir el compromiso contraído en el año proximo venidero, realizando la función del Santo en la misma forma en que lo hacen los demás cofrades, previniéndole que de no efectuarlo así lo ejecutaría el

Ayuntamiento a su costa, a cuyo efecto el Sr. Presidente dispondrá se notifique al interesado el presente acuerdo".

En agosto de 1881, faltando moi pouco tempo para a celebración da festa do *"compatrono"* San Nicolás sucede o que se narra no seguinte escrito:

"Al hacerse cargo la Comisión de festejos de todo lo relativo al cumplimiento de su cometido, se halló con la inesperada novedad de que la imagen del glorioso compatrono de esta villa S.Nicolás de Tolentino, que está en la Casa Consistorial, no se halla asistida de las atenciones que demanda su Culto; y deseando la Comisión ponerla ál cuidado de una persona de reconocida devoción al mismo Santo, que atienda a su conservación con especial interés, ha creido que ningunha en la población tomará bajo su patrocinio este Cargo con una asiduidad que Vd, y en su consecuencia acordó nombrarla camarera de la referida imagen.
En nombre de la Comisión del Ayuntamiento y por mí, ruego a Vd. se sirva aceptar este honrroso (sic) *encargo que le agradecerá la Villa seguro como estamos todos del esmero con que ha de atender a la Conservación de la referida imagen, hasta aquí desatendida, sirviéndose señalar la hora en que hemos de enviársela. Dios.*
A la Srta. Alejandrina Vázquez. Camarera del Compatrono S. Nicolás".



Outros apuntamentos

Representacións de S. Nicolás

As representacións de S. Nicolás son diversas. Adóitase representalo cun libro, o das Regras de S. Agostiño, e unha estrela, case que sempre no peito, e un crucifixo na man. Noutras imaxes adoita levar unha bandexa na man e enriba desta unha codorniz. Nalgunhas pinturas áchase rodeado de santos, da Virxe, ou das ánimas do purgatorio.

Os boliños de San Nicolás

Entre os ditos máis coñecidos sobre este santo está o de que cun pan, consagrado á Virxe, tiña apagado un incendio.

No AMP achamos moitas referencias a pagamentos anuais aos panadeiros locais, por subministración dos boliños de pan propios, para repartir, desta festa. Poñeremos algúns exemplos.

Pagamento do 25 agosto do 1855 cando o Concello libra un importe de 40 reais para os boliños de San Nicolás, da festa deste ano.

Outro, sería este de 24 de octubro de 1874:

"Se acordó satisfacer a Bernardo Carrillo 15 pts. por los bollos de San Nicolás que según costumbre antigua se han repartido al pueblo después de su festividad celebrada el dia 10 (....)".

Despois dunha sesión do Concello, queda aprobado outro pagamento, este do 17 novembro de 1894:

"Abonar cuentas la de D. Bernardo Carrillo de esta vecindad, importante 25 ptas por los bollos que facilitó a este Ayuntamiento y según tradicional costumbre se repartieron al pueblo con motivo de la festividad de S. Nicolás de Tolentino".

No ano 13 de setembro de 1902 seguen a facerse pago de boliños, neste caso segue sendo a Bernardo Carrillo, tamén por un importe de 25 pesetas.

E do AMP é o seguinte escrito datado o 23 decembro 1905, relativo tamén ao pagamento dos bolos, neste caso a Dona Agustina Cupeiro.

"Se acordó aprobar y se abona a Doña Agustina Cupeiro de esta vecindad su cuenta importante 25 pesetas por los bollos que confeccionó y se han repartido al pueblo con motivo de la festividad de S. Nicolás en el año corriente".

Custodia da imaxe

Recollemos do A.M.P. do 1º de xullo 1905 o seguinte escrito relativo á custodia da imaxe de san Nicolás de Tolentino:

"El Sr. Presidente manifestó que por la familia de D. José Jáudenes Clavijo, uno de los herederos del Sr. Maldonado, se le había entregado la imagen del compatrono San Nicolás de Tolentino propiedad del Municipio, juntamente con dos vestidos negros de terciopelo, galoneados de plata uno nuevo y otro usado, una aureola y una paloma, el anda con sus dos palos para llevarla, cuatro horquillas, cuatro almohadillas, una caja grande de

madera de castaño para el vestido nuevo, un distornillador pequeño y dos cortinas viejas; y por consiguiente proponía al ayuntamiento la designación de camarero una vez no existe sitio a propósito en esta Casa Consistorial para custodiar dicha imagen acordándose por unanimidad designar para el ojeto al Concejal y Teniente Alcalde D. Manuel Villanueva Punín el que hallándose presente acepta haciéndose cargo en el acto de la imagen referida y de los efectos reseñados".

E aquí terminamos este feixe de apuntamentos sobre a festa do noso *"compatrono"* San Nicolás de Tolentino.

Para rematar, publicamos outras liñas de distinto signo que as anteriores pero que seguen relacionadas con esta festa local eumesa.

Posuímos, grazas ao amigo, crego, e veciño eumés, Xesús Andrés López Calvo, a partitura dun himno adicado a San Nicolás (1997) co gallo do VII Centenario da súa morte. Esta letra é obra do frade Javier Legarra Lopetegui e a melodía de Xosé Luis Sáenz. Posuímola harmonizada para conxunto coral, e xa foi cantada hai algúns anos, suprimíndose a primeira parte da letra para que non se fixese o canto longo.

Ofrecemos a liña melódica, para o seu coñecemento. Tamén sabemos da existencia doutro himno en Neda, obra dun músico daquel lugar, onde tamén celebran a festividade deste santo.

Bibliografía e fotografías

Historia de Puentedeume. A. Couceiro Freijomil.
AMP (Arquivo Municipal de Pontedeume).
Cancioneiro Popopular Eumés
Foto Ríos e Pauliño Pérez Mendaña
Libro de S. Nicolás de Tolentino. Varios autores. Edición do Vicario de S. Nicolás, Celestino Sardiña Fernández. 1997.

Himno

Retrouso
VENIMOS NICOLÁS, CON ALEGRÍA
A CANTAR TU CONSTANTE PROTECCIÓN;
VENIMOS A PEDIRTE, SANTO AMADO,
QUE CUIDES A LOS TUYOS CON AMOR.

SERVISTE CON BONDAD Y CON TERNURA,
ARDIENTE COMO BRASA EL CORAZÓN;
QUEREMOS REPETIR TU MISMA HISTORIA,
SIRVIENDO EN LOS HUMILDES AL SEÑOR.

1ª letra.

Nos muestran lirios cándidos tus manos
Que brotan del misterio de la cruz;
Brilla en tu pecho el fuego de una estrella
Que guía nuestros pasos con su luz.

Retrouso.
VENIMOS NICOLÁS, CON ALEGRÍA...

2ª letra

Esta Villa te venera agradecida,
Tu nombre canta y clama con fervor;
Y va contigo alegre por el mundo
Y anuncia el evangelio del Señor.

Retrouso.
VENIMOS NICOLÁS, CON ALEGRÍA.....

Na páxina seguinte poñemos a partitura deste himno:


Himno a San Nicolás de Tolentino
Letra: Javier Legarra Lopetegui
Música José Luis Saenz/ Harm. arr. X. Paz Fdez.
Allegret
CORO.....
F
Cmaj7
Ve ni mos, Ni co lás, con a le
5
F
grí a a can tar tu cons
Dm
Cmaj7
tan te pro tec ción; ve
10
Gm
Cmaj7
F
ni mos a pe dir te, san to.a ma
Dm
Am
15
Emaj7
do, que cui des a los tu yos con a
Am
F
Cmaj7
F
mor Ser ..... vis te con bon
20
B♭
F
C
dad y con ter nu ra, ar
B♭
Cmaj7
dien te co mo bra sa.el co ra zón;


25
F
Cmaj7
que re mos re pe tir tu mis ma.his
F
Cmaj7
30
B♭
F
to ria, sir vien do.en los hu
F
Cmaj7
F
Fin
mil des al Se ñor
Nos
Es ta
UNIS.....
Fm
35
E♭
Fm
mues tran li rios cán di dos tus ma
Vi lla te ve ne ra.a gra de ci
B♭m
E♭
nos que bro tan del mis te rio de la
da tu nom bre can ta.y cla ma con fer
40
Fm
A♭
cruz bri lla.en tu pe .... cho el
vor y va con ti go a
Cmaj7
45
fue go de.u na.es tre lla que
le gre por el mun do y.a
B♭m
Fm
Cmaj7
Fm
E♭
Fm
D.C.
guí a nues tros pa sos con su luz Ve
nun cia.el e van ge lio del Se ñor Ve

ÍNDICES DE ARTIGOS HISTÓRICOS: REVISTAS DAS PERAS, *ALFOZ* E FESTAS DE ANDRADE, NOGUEIROSA, OMBRE, CENTROÑA E BOEBRE

Cristina Vidal Ruzo

Festas das Peras[1]

O obxectivo deste traballo é continuar co labor de Tania Varela e Enrique Fraga, os que, na revista *Cátedra* Nº9, fixeron unha recompilación dos artigos históricos contidos nas revistas das Festas das Peras. Catalogáronse os artigos dende o ano 1935 até o ano 2000, polo tanto, este índice continuará a partir do ano 2001.

As Festas das Peras son unhas festas patronais que se celebran no municipio de Pontedeume no mes de setembro, en honra da Virxe das Virtudes e de San Nicolás de Tolentino.

Tras unha análise das revistas de festas correspondentes aos anos dende o 2001 ata o 2016, dispóñome a elaborar unha reseña do conxunto, salientando os aspectos máis destacábeis que se poden atopar, así como as diferenzas que hai entre uns números e outros. Posteriormente, engadirei unha bibliografía recopilando os artigos con temática histórica que se publicaron en cada un dos exemplares.

O primeiro que nos chama a atención das revistas son as súas portadas; todas as publicacións están feitas en formato folio e o seu deseño varía dende debuxos artísticos até fotografías dalgún lugar ou monumento importante de Pontedeume.

En todos os números atopámonos, nas primeiras páxinas, cos saúdos do alcalde, quen fala do municipio, dos seus habitantes e desexa unhas boas festas. Por outro lado, ata o ano 2010, todos os números contan tamén co saúdo da comisión de festas, no cal contan as súas andanzas durante o período de organización e planificación dos eventos, así como agradecen aos eumeses a súa colaboración. En dous dos exemplares atopamos tamén unha fe de erratas corrixindo algúns erros de imprenta.

Atopamos en todas as publicacións fotografías de todo tipo, antigas e novas, en cor e en branco e negro, retratos individuais, familiares, de grupo, de eventos e actividades deportivas,... Ocupan unha parte importante das páxinas das revistas.

1. Todas as revistas estudadas forman parte do fondo local da Bliclioteca Municipal de Pontedeume.

A outra parte está ocupada practicamente en toda a súa totalidade por anuncios publicitarios, os cales son, como adoita ser a publicidade, moi rechamante, con grandes letras e cores vivas. Pertencen a gran maioría a empresas e locais de Pontedeume, pero tamén atopamos algúns de municipios clindantes, como Fene ou Ferrol.

O programa das festas segue un patrón similar en todos os números. Nel indicanse os eventos que terán lugar durante cada un dos días das festas, así como os horarios destes e os nomes das orquestras que animarán as celebracións. Entre os anos 2009 e 2013, engadirase a información referente ás orquestfas na contraportada de cada exemplar.



Portada Revista da Festa das Peras 2001

A maioría das revistas teñen índice xeral, índice de anunciantes e as páxinas numeradas, mais en moitas ocasións, como no ano 2008, atopámonos con que presentan os dous tipos de índice, mais non teñen numeración nas páxinas, feito que dificulta o atopar artigos e anuncios con rapidez, xa que só nos indican a orde destes, non a páxina concreta. No ano 2006, pola contra, as páxinas si están numeradas, mais non conta con índice de ningún tipo.

En canto ao contido propiamente dito, atopamos páxinas con temáticas moi diversas, dende artigos que nos falan dos diferentes clubs deportivos de Pontedeume (fútbol, baloncesto,...), entrevistas persoais, historia da escola de música, do club de xadrez, historias ficticias, contos, lendas, artigos de opinión, poemas, cantigas,... No ano 2002 temos unha copia da carta enviada pola Duquesa de Alba, pedindo desculpas á parroquia por non poder acudir ese ano a ler o pregón e agradecendo que a escollesen a ela.

Outra característica que diferencia as revistas das Peras das doutras festas é que nestas se engade unha versión escrita do pregón do mesmo ano e ademáis dos de anos anteriores.

Atopamos tamén, entre artigos de todo tipo, bastantes de temática histórica, os cales se recompilan a continuación nun índice.

ÍNDICE DE ARTIGOS HISTÓRICOS NAS REVISTAS DE PROGRAMAS DAS FESTAS DAS PERAS

2002 "Martín Sarmiento e a súa estadía en Pontedeume". Jesús Andrés López Calvo. 1p.
"Cóntame como pasou". Enrique Salgado Tenreiro. 1p.
"Sábados de Feirón e Festas das Peras". Rosario Castro Casás 1p.

2003 "El ex convento de S. Agustín". Carlos de Castro Álvarez. 1p.
"90 años del tren". Sindo Viñariño 2003. 1p.
"El por qué de una visita real a Pontedeume". Jesús Andrés López Calvo. 1p.

2004 "Puentedeume (1944)". Gumersindo Placer. 1p.
"La Plaza Real". Carlos de Castro Álvarez. 1p.
"Unha colección de pintura en Pontedeume". Jesús Andrés López Piñeiro. 1p.
"I.E.S Breamo". Sindo Vilariño. 1p.
"Retallos do deporte eumés de antano". Agustín López. 1p.

2005 "El diluvio de 1774 en Pontedeume". Carlos de Castro Álvarez. 1p.
"El "exilio" de Espoz y Mina en Pontedeume". Jesús Andrés López Calvo. 1p.

2006 "Algunas consideraciones sobre el desaparecido puente gótico de Pontedeume". Carlos de Castro Álvarez. 1p.

2007 "Una eumesa pionera". Eduardo Veiga Piñeiro. 1p.
"Cambios en los escenarios de la actividad pública en Pontedeume". Carlos de Castro Álvarez. 1p.
"Raices". Xosé Paz Fernández. 2p.

2008 "El Castillo de Andrade". Carlos de Castro Álvarez. 2p.
"El grabado en Galicia". Ana Belén Manteiga Presedo. 1p.
"Cantigas na xanela". Xosé Paz Fernández. 1p.
"La primera guía turística de Pontedeume". María Fidalgo Casares. 1p.

2010 "La Tahona". Lucía Costas, Carola Macedo. 1p.

2011 "La escultura de Alfonso X el Sabio". María Fidalgo Casares. 2p.
"El Torreón". Carlos de Castro Álvarez. 1p.

2012 "Los antiguos festejos de la Villa de Pontedeume". Lucía Costas, Carola Macedo. 1p.

"Enfrontamentos futbolísticos entre Ares e Pontedeume no verán de 1910" José Antonio Carpente. 1p.

2013 "Dúas décadas da revista Cátedra". Consello de redacción de Cátedra. 1p.
"De trobeiros e cantigas polas terras do Eume". Xosé Paz Fernández. 1p.

2014 "Charamela: más de dos décadas dando la nota". Julio Garabana López. 1p.
"O fútbol sala en Pontedeume". Pablo López Cabrera. 1p.
"Cabos sueltos: El Sagrado Corazón de Santiago en Pontedeume". Carlos de Castro Álvarez. 1p.
"Los Mómaros, un icono de identidad eumés". María Fidalgo Casares. 1p.

2015 "As Fragas do Eume". Sindo Vilariño. 1p. "O Pilón". Eduardo Vega Piñeiro. 1p.



Portada Revista da Festa das Peras 2000



Portada Revista da Festa das Peras 2012

Revistas *Alfoz*

As revistas *Alfoz* recollen, como un xornal, os sucesos máis importantes acontecidos en Cabanas e Pontedeume. Todos os números seguen un patrón similar: cada número ten un índice inicial, así como páxinas numeradas.

Os números reseñados van do 1 ao 33; foron publicados entre xaneiro de 1990 e abril de 1995. Atopámonos con artigos de todo tipo de temática, especialmente de opinión, centrados na construcción da autoestrada AP-9, pois foi algo que xenerou moita controversia entre os veciños dos municipios de Pontedeume e Cabanas.

Atopamos nestas revistas algúns anuncios publicitarios, mais non tantos como nas revistas de festas, xa que a función de *Alfoz* é informar das noticias máis relevantes, mentres que a das revistas de festas é, precisamente, publicitar non só as festas propiamente ditas senón a vila en xeral.

Tamén en todos os números atopamos un apartado con movementos de poboación, o cal nos mostra unha recompilación mensual ou bimensual de todos os nacementos, mortes e matrimonios que houbo no municipio, cos nomes dos nenos, falecidos e das parellas.

Cara ao final de cada publicación hai un apartado para a sección de últimas noticias, onde se contan, de forma breve, os sucesos máis destacados que tiveron lugar no mes ou meses correspondentes a cada publicación.

Na última páxina, todas contan cun apartado de creación literaria, chamado "rincón literario", no cal algún escritor ou poeta do municipio expón algunha das súas creacións, relatos, historias, poemas, contos populares,...

Moitos meses celébranse festividades especiais, como Carnavais en febreiro, Semana Santa en marzo ou abril, ou Nadal en decembro. Eses meses fanse publicacións especiais, ben con noticias e artigos ou ben con fotografías dos festexos que tiveron lugar nesas datas.

Pasando ao formato físico das publicacións, atopámonos con exemplares tamaño DIN-A3, en tapa dura en cunha distribución similar das páxinas e artigos en todos os números.

Índice de artigos históricos nas revistas *ALFOZ*

1990 "El señorío de Pontedeume". Antonio Felpeto García. 1p.
"Datos sobre a historia eumesa". Archivo de Arte e Investigación. 1p.
"Los parques infantiles de Pontedeume". 1p.
"Industria estatal e industria privada". Manuel Molares Porto. 1p.
"III Centenario del nacimiento del Arzobispo Rajoy. Reseñas históricas de su obra en Pontedeume". 1p.

1991 "Fiestas de septiembre de 1981". 1p.

1992 “Pontedeume a comienzos de siglo”. Rodrigo Sanz López. 1p.
“Os canzorros de San Martín de Andrade”. José Francisco Correa Arias. 1p.
“O Torreón”. Manuel de Va-lero. 1p.
“Pablo Díaz Novo: Medalla de oro de la Viila”. Francisco Allegue. 1p.
“Alá vai o gato metido nun saco...”. Xulio Tenreiro. 1p.
“Fray Jacobo Álvarez, un hijo notable de Pontedeume”. Jesús Andrés López Calvo. 1p.
“Al pueblo lo que es del pueblo”. Ignacio Chao. 1p.
“Escola de música “Charamela”: Crescendo”. Agustín L. Vilariño Gómez. 1p. “Pontumio. Revista escolar feita en Pontedeume na dé-cada dos anos 50”. Alejan-dro Caínzos Corbeira. 1p.

1993 “Pontedeume y las peregrinaciones a Santiago”. Francisco Allegue. 1p.
“ ‘Os nenos do Eume’ homenaxeados”. Xosé Paz Fernández. 1p.
“Apuntes sobre el Torreón”. Juan. F. Pérez Casal. 1p.
“ A desaparición de Cantareliña”. Xosé Paz Fernández. 1p.


EDITA:
ASOCIACION EMPRESARIAL EUMESA

ALFOZ

1 ENERO 1990. AÑO I

Editorial
ALFOZ marcará la realidad de una nueva identidad de comarca. **Página 3.**

Saluda del Alcalde
ALFOZ nace con el objetivo concreto de ayudar a potenciar todas las posibilidades de la comarca eumesa. **Página 3.**

Por los caminos del crecimiento económico
Promocionando el Polígono Agroindustrial de Vidreiro. **Página 5.**

Sociedades eumesas
Páginas 6 y 7.

50 Años colaborando
Muchas publicaciones de tipo social han de buscar un soporte económico que permita su financiación. Esta publicación, “ALFOZ”, también requiere los medios financieros tan necesarios para su edición. **Páginas 8, 9 y 10**

Ultimas noticias
Reivindicaciones. **Página 11.**

El periodismo en Pontedeume
"La publicación de un periódico es siempre un acontecimiento en pueblos de esta índole" *(El Eume nº 1, 16-2-1890)* **Página 12.**

Portada Alfoz nº1 – Xaneiro 1990


EDITA:
ASOCIACION EMPRESARIAL EUMESA
APARTADO 115 PONTEDEUME

ALFOZ

27 NOVIEMBRE-DICIEMBRE 1993 AÑO IV

Editorial
Las migajas de Vidreiro.

Hermoso monumento levantado por ENDESA, feliz creación de XOAQUÍN. El agradecimiento y la admiración del pueblo quedó para quienes perpetuaron la gloria de sus piragüistas.

C.N. Firrete-Autopistas
Campeón de España (Cadetes y Juveniles) 1993.

Una profesión: Maestro
El sembrador de la educación visto por José Feal Vila, maestro tan recordado de Boebre.

A-9. Impacto súbito
Puntualizaciones postreras por Sindo Vilariño.

Xulio y Juancho
Memorias de una Comisión.

Rincón Literario
Fidel López Criado acende fogos artificiais de onomatopeias e misterios.

Portada *Alfoz* nº27 – Decembro 1993

"Otra leyenda". Juan. F. Pérez Casal. 1p.
"Tres figuras de antaño". Rogín Rojal. 1p.
"A Igrexa Parroquial de Pontedeume. Un legado dos devanceiros". José Francisco Correa. 1p.

1994 "Los viejos molinos; una huella del pasado". Rocío Pena Pena. 1p.
"Historias da Ponte". José Francisco Correa. 1p.
"Una piedra extraña". Juan Pérez Casal. 1p.

1995 "Los Antiguos Hospitales de Pontedeume". Antonio Felpeto. 1p.
"La Tarrafa". Juan Fernando Pérez Casal. 1p.
"¡¡Papá, ven en tren!!... ¡Papá!... ¿Por que no has venido en tren?". José Luís Cortizas Freijomil. 1p.

Revistas das festas de Andrade, Nogueirosa, Ombre, Centroña e Boebre

festas da virxe do leite (Andrade)

Na parroquia de Andrade celébranse cada mes de xullo as festas patronais en honra á Virxe do Leite. Contamos con tres revistas das festas, dos anos 1997, 1998 e 2000. En esencia son as tres moi similares, mais se atopan algunhas diferenzas que cómpre salientar.

Nos anos 1997 e 1998 as revistas publicáronse cun tamaño de cuartilla, no ano 1999 non temos constancia, mentres que no 2000 ampliouse o formato a tamaño folio.

As primeiras edicións contan con páxinas numeradas, mais non teñen índice; a do ano 2000 si o ten, o cal facilita máis a búsqueda de artigos e anuncios. Ademais do índice propiamente dito, atopamos unha lista con teléfonos de interese, como o de emerxencias ou os dalgúns estabelecementos da parroquia.

Algo que teñen en común todas as revistas son os anuncios publicitarios, a gran maioría de empresas e comercios eumeses, aínda que se atopan algúns das parroquias lindantes, son case todos mois vistosos, con cores rechamantes que atraen a atención do lector.

Outra cousa en común son as fotografías. En todas atopamos bastantes, ben sexan retratos familiares, de grupo ou individuais; polo xeral traátase de imaxes de xente do pobo, tanto antigas como actuais.

Nas tres revistas atopamos un texto a modo de saúdo, redactado polos membros da comisión de festas, os cales agradecen ao pobo a axuda e contan as súas experiencias organizando os festexos. No ano 2000, por vez primeira na historia das ditas festas, a comisión estivo formada integramente por mulleres.


O programa das festas é tamén común en todas. Nel explícanse as actividades que se levarán a cabo cada día, xunto cos seus respectivos horarios.

En canto ao contido, en todas atopamos algún artigo, de tipo histórico e artístico, pero tamén algún de temática científica, así como historias e vivencias persoais, memorias da xente da parroquia, recompilacións de lendas, contos, adiviñas e trabalinquas...

Índice de artigos históricos

1997 "A luz do Pandel". Pepe da Fontela. 3p.
"Os canzorros de San Martiño de Andrade". (Resumo) 2p.

2000 "Os xogos de onte". Adelaida Bouza. 1p.
"O cruceiro de San Martiño de Andrade". Juan J. Burgoa Fernández. 2p.
"A mocidade festeira de Castelao". Manuel Rey Romeu. 2p.
"Andrade en 1752 segundo o catastro da ensenada". Xosé Luis Martínez Allegue. 2p.
"Carreira de pombas mensaxeiras". Ángel Torreiglesias. 3p.



Portada da revista das Festas de Andrade

Festas de San Cosme (Nogueirosa)

Na parroquia de Nogueirosa celébranse cada mes de setembro as festas patronais en honra de San Cosme. Contamos con revistas dos anos 2000, 2001, 2004 e 2008.

As catro foron publicadas en tamaño folio. Non temos constancia das dos outros anos, polo tanto, non podemos saber se seguiron o mesmo patrón ou, pola contra, se publicaron noutro formato.

As tres primeiras non presentan páxinas numeradas nin índice, en cambio a do ano 2008 conta con ambas cousas.

Todas teñen un pequeno texto realizado pola comisión de festas, na que os integrantes desta contan a súa experiencia na organización dos eventos e ademais presentan o seu agradecemento á parroquia pola súa axuda e colaboración. Ademais, a partir do ano 2001, engádese tamén o saúdo do alcalde, quen redacta un pequeno escrito no que fala un pouco do lugar, da xente e desexa unhas boas festas. No ano 2004 atopamos ademais outro saúdo, por parte da peña ciclista de Nogueirosa.

En todas atopamos un programa das festas, que segue un patrón similar en cada unha; coméntase día por día as actividades que se realizarán, os eventos e as horas nas que terán lugar.

Tamén en todas atopamos fotografías, retratos, paisaxes, monumentos da parroquia, imaxes de grupos, en branco e negro, en cor, antigas, novas… Moitas delas se publican como recordo dos que xa non están.

Gran parte das páxinas das revistas están formadas por anuncios publicitarios, todos eles de empresas e locais pertencentes a Pontedeume, salvo algunha excepción. Cumpren todos o seu obxectivo de chamar a atención do lector mediante palabras clave, cores fortes, debuxos...

O contido das revistas é bastante variado. Todas presentan textos de temáticas moi distintas, flora e fauna da zona, artigos de opinión, de actualidade, de historia, vivencias persoais, memorias e recordos, algunha que outra dedicatoria, etc. Atopamos tamén cantigas e homenaxes a personas importantes da parroquia.



Portada da revista das Festas de Noqueirosa

Índice de artigos históricos

2000 "A pie del Castillo de Andrade". Eugenio Peña. 1p. "Historia de danzas e gaitas: Airiños do Eume". Membros da Escola. 1p. "Cantigas e historia da xanela". Xosé Paz Fernández. 2p.

2008 "A Granxa Monástica de Nogueirosa". Jesús Andrés López Calvo. 1p.

FESTAS DE SANTA MARÍA (CENTROÑA)

Na parroquia de Centroña celébranse cada mes de agosto as festas patronais na honra da Virxe María. Contamos con revistas dos anos 2001, 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008. Publicáronse en dous formatos diferentes: as de 2001, 2004 e 2006 teñen tamaño de cuartilla, mentres que as de 2005, 2007 e 2008 presentan tamaño folio.

En todas as revistas atopámonos, nas primeiras páxinas, cos típicos textos de saúdo escritos tanto pola comisión organizadora das festas como polo alcalde de Pontedeume. Nestes saúdos agradecen á xente da parroquia a súa colaboración á hora de levar a cabo a planificación dos eventos, desexan unhas boas festas e ademais contan algunha anécdota ocorrida durante o ano ou algunha historia do lugar. Como novidade, a partir do ano 2004 a comisión engade ademais un texto específico no que contan as súas andanzas e actividades durante o período no que estiveron organizando a festa.

En todos atopamos tamén moitas fotografías, de lembranzas como os Carnavais, as festas etc; algunhas son grupais, outras son retratos persoais, moitas son comparacións entre a xuventude de antes e a de agora, polo tanto hai fotografías en cor e en branco e negro.

Como é típico neste tipo de revistas, os estabelecementos e as empresas da zona aproveitan para publicitarse mediante anuncios de todo tipo. Atopamos publicidade de bares, restaurantes, talleres mecánicos, centros de estética, etc.

Todas as revistas contan tanto con índice como con páxinas numeradas, co fin de facilitar aos lectores o atopar de forma rápida os artigos, salvo unha excepción; no ano 2001, que non temos nin número de páxina nin índice.

O programa das festas é similar ao doutras revistas; unha lista de todas as actividades e eventos e os días e horas en que terán lugar.

Ademais de artigos históricos, atopamos outras cousas como trabalinguas, cantigas, refráns, poemas, homenaxes, adiviñas, contos populares, etc. No ano 2005 engádese un horóscopo, e no 2006 faise unha dedicatoria á famosa Queimada, explícase o significado do ritual, a súa historia, a receita e tamén o conxuro.

ÍNDICE DE ARTIGOS HISTÓRICOS

2001 "De festas e música". Xosé Paz Fernández. 2p.

2004 "Centroña: A súa historia". Baseado nos estudos de Isidoro Millán González Pardo. 3p.
"A historia segue". 1p.
"As festas". 1p.

2007 "El naufragio del "Reina Regente"". Jesús Andrés López Calvo. 1p.

FESTAS DO ESPIRITO SANTO (OMBRE)

Na parroquia de Ombre celébranse cada mes de maio as festas en honra do Espírito Santo. Contamos con todos os exemplares dende o ano 1999 até o 2005 e co do ano 2008. Todas as revistass publicáronse en tamaño folio. De entre todas, só as do 2001, o 2005 e o 2008 presentan páxinas numeradas e índice.

Todos os anos publícanse nas revistas fotografías de todo tipo. No 2002 fíxose un apartado especial no que se puxeron as imaxes de todos os nenos da vila. O resto das fotografías son de temática variada: eventos, grupais, familiares etc.

En canto ao tema de publicidade, atopamos un gran número de anuncios en cada unha das revistas, pois todos os empresarios e autónomos aproveitan a ocasión de publicitar o seu estabelecemento. Os anuncios están realizados de forma que chaman a atención do lector.

O programa segue o patrón habitual; enuméranse os eventos e actividades que terán lugar cada un dos días, xunto co horario. Nalgúns exemplares ademis engádede a programación dos concursos e premios que se levarán a cabo na Festa da Cereixa.

O saúdo da comisión de festas está presente en todas as revistas, mentres que o do alcalde comeza a aparecer a partir do ano 2003. Nestes saúdos agradecen á xente a súa colaboración na organización das festas e no caso da comisión falan un pouco do proceso da planificación.

O contido propiamente dito das revistas é diverso. Atopamos cartas, moitos poemas escritos por autores locais, artigos referentes á caza, por ser unha actividade típica de Ombre, contos e lendas. En dous dos exemplares hai artigos referentes ao protocolo, que nos explican como ser bos anfitrións. Por outro lado temos tamén artigos de opinión, de actualidade, de memorias persoais,... Ademais, nas revistas destas festas é moi común atopar biografías de personaxes importantes da vila, algo que as diferencia das doutras vilas. Outra caracerística definitoria das publicacións desta parroquia é a cantidade de artigos históricos que se atopan nelas, moitos máis dos que se publican nos exemplares das revistas doutras vilas.

ÍNDICE DE ARTIGOS HISTÓRICOS


1999 "Origen del topónimo "Ombre" ". Pepe Gómez. 1p.
"Castro de Chao". S. Gillot Ricant, A. González. 1p.
"Los viejos molinos, una huella del pasado". Rocío Pena Pena. 1p. "Castro de Aurela". S. Gillot Ricant, A. González. 1p.

2000 "Dos antiguas descripciones de Ombre". Jesús Andrés López Calvo. 1p.
"Algunas notas sobre la historia de Sta. María de Ombre". Carlos de Castro Álvarez. 1p.

"Das xentes e festas da bisbarra". Xosé Paz Fernández. 1p.
"Pinceladas Históricas de Ombre". Xosé Andrés Freire Ares. 1p.

2001 "Ombre, un topónimo con historia". Manuel Rei Romeu. 1p.
"O Castro do Río". Ramiro Fonte. 1p.
"Os Caneiros do Eume". Juan Sobrino, Manuel Domínguez, Carmen Otero Roberes. 1p.

2002 "Tempos pasados. Memorias vivas". Tito. 1p. "El Castro de Ombre". Jesús Andrés López Calvo. 1p. "Aqueloutro viño do baixo Eume". Anxo Vázquez. 1p. "Un convenio necesario". Celestino Regueiro Gómez. 1p. "Vivir la fiesta". Xosé Andrés Freire Ares. 1p. "Da mesma vida dos Gaiteiros". Xosé Paz Fernández. 1p.



Portada da revista das Festas de Ombre

2003 "A Fraga era moi boa". 2p. "Una buena fiesta merece un buen vino". Jesús Andrés López Calvo. 2p. "Deixar a Terra". Rocío. 2p.

2005 *Sen título*. Nela. 1p.
"Os nosos camiños". Eva Veiga. 1p.

2008 **"**Unhas pezas de baile". Jesús Andrés López Calvo. 1p.
"Carboeiros". Juan Sobrino Ceballos, Carmen Otero Roberes. 2p.


FESTAS DE SANTIAGO (BOEBRE)

Na parroquia de Boebre celébranse cada mes de xullo as festas en honra de Santiago Apóstolo. Contamos con exemplares dos anos 1995, 2007, 2008, 2009 e 2010. Publicáronse todos en tamaño folio, excepto o do ano 1995 que está en tamaño cuartilla.

Ningún deles conta nin con número de páxina nin con índice.

Todos eles presentan saúdo da comisión de festas e do alcalde, que, como é común, ademais de desexarlle unhas felices festas a toda a parroquia, contan anécdotas e historias da vila. Atopamos tamén en todos os números un agradecemento por parte da comisión e un pequeno texto contando as súas andanzas na organización das festas.

Unha diferenza destas revistas en comparación con outras doutras parroquias é que estas engaden, en varios dos seus números, a versión escrita do pregón que se le ao comezo das celebracións, para o cal escollen a algún personaxe importante da parroquia, neste caso trátase de Manuel Casás Lamas.



Portada da revista das Festas de Boebre

Gran parte das páxinas dos exemplares están formadas por anuncios publicitarios. Os empresarios aproveitan a publicación destas revistas para promocionar os seus negocios, na súa maioría trátase de estabeleceentos presentes en Pontedeume, mais hai excepcións nas que, autónomos de parroquias lindantes, engaden tamén algún anuncio.

O programa das festas tamén ocupa gran parte das páxinas, pois nel atopamos unha lista con todas as actividades que se levarán a cabo durante os días dos festexos, así como os horarios destas e a presentación das diferentes orquestras que animarán con música as celebracións.

Hai varios artigos referentes aos bailes de salón, xa que Boebre conta cunha escola de danza. Nun dos números atopamos un mapa da parroquia.

Nalgúns dos números atopamos unha lista de teléfonos de interese como o dos bombeiros ou de locais da zona.

Índice de artigos históricos

1995 "Nuestra parroquia". 4p.

ESCAVACIÓN E CONTROL ARQUEOLÓXICO DA OBRA DE REMODELACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME E RÚA SAN MIGUEL

Emilio Ramil González

1. Introdución. Resumo do proxecto técnico de execución

No proxecto de remodelación, para o que é necesario o proxecto de control arqueolóxico, preténdese a transición da estrutura comercial actual a outra que responda ás actuais exixencias do Mercado, cumprindo criterios de calidade e servizo que deben estar presentes nos modernos formatos comerciais alimentarios.

A proposta formulada estrutúrase en dous niveis físicos de intervención, o nivel do Mercado e a nova praza superior na rúa San Miguel.

A intervención consiste en restaurar e poñer en valor o edificio histórico, demoler a actual ampliación obsoleta e deteriorada e reconstruíla de forma que cumpra cos requisitos físicos, funcionais e patrimoniais que se dan no Mercado. Ao tempo, crearase un novo espazo público, agora inacesíbel, na rúa San Miguel, a modo de praza ao servizo da cidade.

Debido ao reducido tamaño da sala do mercado actual para a remodelación prevista faise necesaria a ampliación da sala de venda, sendo necesario escavar baixo a rúa San Miguel de forma que a área de servizos quede oculta baixo esta rúa e, así, a sala de venda gañe en profundidade, sen intervir no edifico histórico.

Todo o proxecto quedou suxeito, no ano 2014, ao resultado da intervención arqueolóxica realizada, escavación con metodoloxía de sondaxes estratigráficas realizadas tanto no interior do Mercado municipal como na rúa San Miguel, para unha formulación definitiva de actuación.

A Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia, artigo 56.3, determina o control por un arqueólogo das remocións de terras que *afecten ou poidan afectar un espazo onde se presuma a esistencia de restos arqueolóxicos.*

O espazo mencionado anteriormente onde se realizará a obra é o Mercado municipal e a rúa San Miguel, que se sitúan no ámbito da Comarca Eumesa, declarada Conxunto Histórico-Artístico e Paraxe Pintoresca polo Decreto 2234/1971 do 13 de agosto; así mesmo atópase na contorna de elementos catalogados no P.X.O.M.

O Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a través da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, é quen determina a modalidade de intervención arqueolóxica. O Concello de Pontedeume tramita perante a Concellería de Cultura e Educación a oportuna autorización para a execución dos traballos de control arqueolóxico.

No proxecto actual, solicitamos e foi autorizado, de acordo coa resolución de Patrimonio, unha intervención de control arqueolóxico de obra para valorar arqueoloxicamente o subsolo da rúa San Miguel e do Mercado, comprobando a probábel existencia de restos da cimentación do pazo dos Andrade, da igrexa de San Miguel ou da cerca medieval, unha actuación de carácter preventivo segundo o artigo 2º de Decreto 199/1997 do 10 de xullo.

2. Escavación arqueolóxica realizada no ano 2014

Todo o proxecto técnico quedaba suxeito ao resultado da intervención arqueolóxica, para realizar unha proposta definitiva de actuación.

Consultados os datos históricos disponibles asi como a planimetría histórica, constatada que a localización física do Mercado se correspondese con parte da localización do Pazo dos Andrade, e que na actual rúa de San Miguel sitúabase a Capela do pazo, a Capela de San Miguel así como as cortes do pazo e a casa do labrador, realízase a escavación arqueolóxica destes espazos históricos así como o estudo xeotécnico.

A actuación arqueolóxica foi executada conforme ó proxecto aprobado pola Delegación Territorial Provincial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U., da Xunta de Galicia por Resolución de data 5 de xuño do 2014 co Código ED 102A 2014/194-0.

As sondaxes arqueolóxicas iniciáronse o 23 de xuño do 2014 e remataron o 8 de xullo do 2014.

Conforme ao formulado en proxecto, inicialmente a superficie afectada era de 73 metros cadrados, 1 cata de 5x7 m, 1 cata de 5x6 m, na rúa San Miguel e 2 catas de 2x2 m no Mercado. A superficie das catas elixida na rúa San Miguel por motivos de seguridade, por ser previsibel unha profundidade de escavación superior a 2 m, e por situarse nun espazo urbano con circulación peonil e de vehículos, foi necesario reducila, realizándose finalmente unha cata de 5x4 m e outra de 4x4,50 m, en total 38 m2. Ampliarónse as catas do Mercado, realizándose finalmente 4 sondaxes de 2x2 m., en total 16 m^2. A superficie finalmente foi en total de 54 m^2, suficinte, dados os resultados da intervención para acadar os obxetivos propostos.

As catas arqueolóxicas realizadas permitiron o recoñecemento e valoración do subsolo afectado polas obras de execución previstas no proxecto técnico. Queremos salientar o seguinte:

"El día 22 de julio del 2007, el periódico La Opinión de La Coruña publicaba la siguiente noticia: «El Ministerio de Medio Ambiente en el programa relativo a la Adquisición de Fincas en el litoral español y dentro de las expropiaciones que se efectuaron en la provincia de La Coruña, al objeto de preservar la costa de amenazas urbanísticas, compra los inmuebles del Hotel Mar Molino y el restaurante Anduriña, unos 7000 m² en la playa de Ver (3730 el primero y 3300 el segundo), en la cantidad de dos con ocho millones de euros. A esta cifra hay que sumarle los casi 600000 euros que costará la demolición, que ejecutará la empresa Tragsa. (...) La actuación prevista es demoler el inmueble para ganar espacio para el arenal.»

El mes de noviembre del 2008 comenzaron las obras de demolición de las cuatro plantas del hotel, de dos estrellas, 37 habitaciones, una terraza y un amplio comedor, donde se celebraban bodas, fiestas, cenas... Durante los primeros cinco años ha sido un lugar de referencia y de gran éxito por hallarse en un lugar pintoresco y atractivo. El restaurante tiene dos pisos de 300 metros cuadrados y su fachada es de ladrillo. Al final del mes de diciembre han finalizado las obras de derribo y desescombro del citado hotel y del restaurante Anduriña. (...)

La demolición del hotel y del restaurante, además de ser un daño irreparable para los intereses de la parroquia, ha sido un grave error urbanístico y político: no se ha ganado espacio alguno para el arenal de la playa de Ver como se pretendía (...). Ello puede dañar el prestigio turístico y la atracción de visitantes al lugar de Ver."[88].



Antes, durante y después de la demolición del Anduriña y del Mar Molino

s/n: Sin negocio

Reproducimos una información de Casás Lamas:

"A continuación describiremos la historia de algunos obradoiros y talleres dedicados a la construcción y reparación de botes y chalanas. En el año 1940 se instaló provisionalmente un obradoiro en un lugar abierto de la playa de Ver, en un pequeño campo al aire libre al sur del monte de Jafa,

88. Ver Casás Lamas, M. J., *op. cit.*, p. 110-111

propiedad de la familia Cabana, a continuación del terreno donde se hallaba el desaparecido Hotel Mar Molino; ambos terrenos los separaba un pequeño arroyo llamado río de Rebolto, que desembocaba en la playa. En dicho campo, unos grandes profesionales como eran los hermanos Bedoya Picos, con astilleros propios en Betanzos y Pontedeume[89]*, han construido la lancha nombrada «X» para el armador Ramón Ares Bouza (...).*[90]

nº 40: Sin negocio

En los años 80 tuvo aquí su sede **Construcciones Roberto Rodríguez SL.**

s/n: Comercio al por menor de frutas y hortalizas

De Ramiro González Casas**.**

BORREDOS

nº 42: COMARO NOVE SL. Albañilería, Reformas, Construcción

PILLEIRO

nº 63[91]**: Venta ambulante de pescado**

De Gerardo Barros Tenreiro[92]. Antes, fue de Pedro Prieto Rego.

BOLLO

nº 60: Sin negocio

Carmen Fernández Martínez y Antonio Pérez Paz atendieron el **Bar La Parra** entre 1985 y el 2009, aproximadamente.

nº 1[93]**: Panadería Horno Boebre**

Desde 2016 es regentado por Alberto Rodríguez Bustabad, ajeno a la familia propietaria.



Foto cedida por Carlos Vázquez y Mª José Martínez

La historia de este muy conocido negocio es de antiguo. Tenemos que remontarnos nada menos que al año 1890, en que Manuel Vázquez Porta y Purificación Martínez Corral explotaban un *horno* y varios *molinos de agua* en Xarío (Bañobre, Castro, Miño), propiedad de su padre, Ginés Martínez Saura. En 1936 abren otro *horno* en S. Juan de Villanueva (Miño).

89. Ver Vázquez Arias, J. C., *Historia del comercio de Pontedeume,* p. 241-243.

90. Ver Casás Lamas, M. J., *op. cit.,* p. 180.

91. En esta dirección consta también la empresa de Construcciones de José Manuel Bernardo Varela.

92. Es primo de Mª José Barro, de la Panadería de Boebre.

93. Aunque ya pertenece administrativamente a Perbes, en al ayuntamiento de Miño, cuyo límite atraviesa justo al lado, dividiendo el lugar de Bollo, el Horno ha estado siempre vinculado al ayuntamiento de Pontedeume, por lo que es incluido en nuestro trabajo.

Desde 1956, un hijo de aquellos, José *Triana* Vázquez Martínez, tiene aquí el primer **Horno,** hasta que en 1964 lo cede a sus padres, los cuales se trasladan aquí, junto con otro hijo, Carlos J. Vázquez Martínez[94], y su esposa, Mª José Barros Santiago[95]. En 1974 se retiran los padres y continúa el matrimonio con el negocio hasta 2016, en que se jubilan y lo alquilan al actual gestor[96].

XABROAL

nº 62: Sin negocio

Tenemos noticias del **Autoservicio** de Herminia Lema Santos[97].

PARGA[98]

nº 15: Sin negocio

En 2010 constaba Antonio Santiago Casas al cargo de una empresa de **Albañilería.**

nº 59: Sin negocio

Juan López Pazos abrió en el año 1972 una **Peluquería** (hasta su cierre, antes de 1988), y el **Bar Flamingo,** hasta1984, que lo continuó su hijo, Jorge Juan López Fachal, cerrando en 1988. Éste último, se dedica en la actualidad a **Instalaciones de Fontanería**.

nº 66: Sin negocio

Hacia 1960, Manuel Barros Medín abrió el **Bar y Alimentación *El Callero***, por el apodo de su propietario. Antes, había tenido el *Bar Belén* en S. Juan de Villanueva (en el apeadero de Perbes). En 1969, pasan a regentarlo los hermanos Eduardo, Francisco y Toñito Filgueira, *os polos de Bañobre.* En los años 70 y 80 fue el **Bar Carlos,** de Carlos Fernández Cazón *Fandiño* y de Carlos García Cabana *o Machote.* En 1988 aparece a nombre de las hermanas Cruz y Beatriz Fernández Porral. En 1990 fue, por poco tiempo, una **Peluquería,** de Merchi Maceiras Barros, sobrina nieta del *Callero.*



Publicidad de la Guía turística de la comarca eumesa (1981)

Al lado: Sin negocio.

Entre 1961 y 2001, aproximadamente, fue el **Almacén de piensos, cereales, abonos, patatas, etc, *O Callero.*** Entre ese año y hasta el 2005, pasó a nombre de su hija, Rosa Barros Santiago, y Juan A. Pérez Casas.

94. Otra hermana, Julia, desde 1963 atiende también con sus padres, otro horno en Perbes. En 1980, su hijo Patricio Bouza Vázquez es ya el titular, trasladándose en 1992 a Pontedeume (Panadería Patricio en la avda. de Ferrol), en activo aún hoy.

95. Su padre era Manuel Barros Medín, propietario que fue del cercano *Bar El Callero*.

96. También tienen el Super del nº 1 de la playa de Ber.

97. Casás Lamas, en la página 171 de su Hª de Boebre habla de que *"Hace años había una Taberna en Xabroal"*.

98. *"En una bodega adosada a la casa en el lugar de Parga, Jesús Casás Pérez, conocido como «o Cambalete», buen profesional, tenía un pequeño taller dedicado a la carpintería en general, atendiendo también a la de ribera. (...) El hombre que ha sido un referente de la profesión es el vecino de Parga Luis Marcos Pérez, hijo de antonio «o Peón». Durante su estancia en la Marina se distinguió por su sabiduría y prestigio en la Escuela de Artes y Oficios del Arsenal de Ferrol, siendo condecorado por ello."* Ver Casás Lamas, M. J., *op. cit.,* p. 180.

SISTO[99]

nº 54: Mesón y Estanco Cuatro Caminos

En 2017, Sonia Mª Orgeira Díaz se hace cargo de este establecimiento.

En una casa cercana (al lado del actual nº 41), hoy desaparecida, existía ya en 1944 la **Abacería** de Milagros Brage, que en 1950 pasó a ser **Taberna Casa Celia.** En 1954, Ramón González Infante[100] la traslada al local actual, ahora como **Abacería (Alimentación)**. Hasta que en el año 1988 lo regenta su nuera, Mª Carmen Iglesias Queijo, siendo ahora el **Bar Cuatro Caminos.** En 1993, es también una tienda de **Alimentación.** En 2008 la sustituye su marido, Ramiro González Casás, siendo **Bar, Alimentación y Estanco**, hasta su retiro en 2017.

nº 87: Pintura y revestimiento de papel

De Néstor Juan Silvar Brage.

VIEITEIRO (CURÍO)[101]

nº 69: Sin negocio

Aquí estuvo el **Bar Vieiteiro. Comidas, venta de Alimentación y despacho de pan**, de Josefa Tenreiro Esteiro y José Sánchez Leiro, entre 1977 y los años 90.

nº 128: Sin negocio

En 1996 consta la empresa **Autos Alvariño SL Compra Venta de Automóviles**, de Enrique y Mª Jesús Barro Alvariño.

nº 130: Sin negocio

Tenemos noticia de la existencia de **Carballiño Ordenadores SL** durante poco tiempo.

A BARROSA / A ARBOSA

nº 3: UNIÓN CONSTRUCTORA BOEBRE SL. Construcción, Carpintería, Fontanería

nº 143: Sin negocio

Paco Campos Vilariño y Mª Pilar *Pilucha* Santos Varela regentaron aquí el **Mesón A Barrosa** entre los años 80 y el año 2000.

99. *"A finales de la década de 1940 se instaló una Zapatería en una bodega en Sixto, regida por un portugués conocido popularmente como «Santa María»; ejercía el oficio de zapatero remendón, reparaba y limpiaba el calzado de los vecinos, permaneciendo la misma unos siete años. Era un hombre ambicioso, ambulante y lisonjero".* Ver Cásas Lamas, M. J., *op. cit,* .p. 178.

100. También tuvo una Barbería, primero en el lugar de O Parapeto, en O Bollo, y después en Cuatro Caminos. Cásas Lamas, M. J., *op. cit*., p. 182.

101. *"Hablaremos ahora del astillero de Juan Antonio Pérez Regueira, conocido como «Caricola»; se hallaba situado en un alpendre próximo a la casa, en el lugar de Curío. y tenía aserradero propio. Se dedicaba, entre otras cosas, a la construcción de embarcaciones menores para la pesca: su principal especialidad eran los botes y las chalanas. Con el ingenio y arte personal de que gozaba, conseguía el modelo de embarcación deseada (...). Construía, además, remos para atender los contratos obtenidos con los diferentes Departamentos Marítimos y otros puertos de la costa. Para ello contaba con un aserrador profesional, Ricardo Casás, Pepe de Angelina y otros. El astillero continuó su actividad hasta principios de la década de 1960."* Cásas Lamas, M. J., *op. cit,* , p. 179 y 180.

nº 149: Besteiro. Servicios Audiovisuais SA

s/n: Sin negocio

En 1987 consta **Venta de Alimentos** de Antonio Gancedo Rodríguez.

ÍNSUA

nº 132: Sin negocio

En 2014 aparece Marta Taboada Rodríguez como titular de **Madia Leva SLU. Otros servicios sanitarios.**

ANDAHÍO

nº 159: Café Bar Restaurante Miramar

En 1968 abrió este local Manuel Castro Porta, pasando el relevo en los años 90 a su hija Mª Carmen Castro Vila. Tiene acceso también desde la Playa de Andahío.

Playa de Andahío, s/n: Sin negocio

Aquí estuvieron hace años unos **Astilleros.** De ellos sabemos lo siguiente: *"Los carpinteros. Había talleres familiares como el de Modesto de López, el de Constantino Pereira y otros, que pasaron de padres a hijos. (...) La parroquia contó con varios aserraderos al aire libre y al lado del astillero. De los astilleros ubicados en las playas de la parroquia, destacamos en primer lugar, el todavía hoy nombrado Canchela, propiedad de Ricardo Santos Tenreiro, que vivía en Perbes; era el más antiguo y más importante, data del año 1915, se hallaba situado en un entrante de la entrante de la*



Botadura del patache Sisargas en el astillero en 1926
(fotos del libro de X. Brisset, *150 anos dunha vila mariñeira*)

ribera sureste de punta Arbosa y lindaba con la bajada a la playa de Andahío. En su lugar se han construido viviendas de planta baja, y el terreno que da al mar se halla cerrado con una verja que lo separa del nuevo muelle que la bordea, inaugurado en 2002. (...) El astillero estaba bien dotado y equipado de maquinaria y de gradas para la construcción y carena de diferentes tipos de embarcaciones de pequeño y mediano porte, disponía de rampa de botadura y de aserradero propio. Hace años que dejó de prestar servicio; hoy en día, solo quedan pequeñas huellas del mismo[102].



Botadura del patache Sisargas en el astillero en 1926 (fotos del libro de X. BRISSET, *150 anos dunha vila mariñeira*)

102. CÁSAS LAMAS, M. J., *op. cit,*, p. 178 y 179. También, informa de *"la existencia de una Fragua en el año 1750 en la parroquia, el herrero se llamaba Francisco Rodríguez, ganaba 5 reales al día, desde entonces no consta que haya habido otra". Op. cit.*, p. 177.

OLLADAS AO CAMIÑO INGLÉS

José Yáñez Rodríguez
Arquitecto Técnico, enxeñeiro de Edificación e doutor en Historia da Arte

O Camiño Inglés de peregrinación a Santiago de Compostela, cuxa orixe se sitúa na Idade Media, supón unha valiosa conexión cultural con Gran Bretaña e conta cunha gran transcendencia histórica, ao ser un compoñente significativo da tradición europea.

Mentres para moitos a súa orixe sitúase no norte de Inglaterra, na abadía de Finchale, preto da cidade histórica de Durham onde se reunían nórdicos e escoceses para ir cara ao sur, dende outros puntos do norte europeo tense constancia de rutas do Camiño, como as que viñan de Irlanda (Galway, Dublín, Cork, Wateford,...); dende Bergen (Noruega), Ribe (Dinamarca), Lübeck e Hamburgo (Alemaña), ou Londres, Dover, Portsmouth e Plymouth en Inglaterra, con viaxeiros que recalaban no noroeste peninsular.


No seu tramo terrestre transcorre de forma íntegra pola provincia da Coruña e pasa polas súas tres grandes cidades: Ferrol, A Coruña e Santiago. Caracterízase por ter dous posibeis puntos de inicio: Ferrol e A Coruña. Dende Ferrol, son case 122 quilómetros os que distan até chegar a Santiago de Compostela e, dende A Coruña, a cifra aproxímase aos 74. Pero o Camiño Inglés é moito máis que os seus puntos de partida e de chegada, e iso é o que pretende amosar "Olladas ao Camiño Inglés". Se partimos de Ferrol, este é tamén o Camiño de Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo e Mesía, concello onde se atopa este ramal co que parte dende A Coruña. Unha variante, esta última, na que tamén se percorre Culleredo, Cambre, Carral, Abegondo e o propio Mesía. Finalmente o Camiño pasa por Ordes, Oroso e Santiago de Compostela. O Camiño e, en consecuencia, o conxunto do seu patrimonio, é tamén un relevante elemento á hora de dar a coñecer outros encantos da zona.

Este artigo, de carácter intencionadamente gráfico, ten como obxectivo expoñer boa parte da riqueza patrimonial e o atractivo paisaxístico que se atopa ao longo desta ruta. Busca facelo, ademais, dun modo distinto ao que prevalece nos nosos días, mediante 35 láminas nas que cada unha amosa un recurso patrimonial e conta a súa pertinente historia. Abórdase o patrimonio histórico espallado ao longo do itinerario, e o autor faino utilizando a técnica de debuxo a pluma e augatinta (tintas inglesas, por certo), o que constitúe unha relativa "orixinalidade" nunha época caracterizada polo predominio das

novas tecnoloxías. Falamos dun traballo que trata de poñer en evidencia a riqueza patrimonial do Camiño Inglés, a cal, permite tamén, fiar un relato e un percorrido.

Torres, pazos, pontes, construcións tradicionais e outras edificacións son testemuñas privilexiadas da historia e, tamén, elementos importantes en canto á identidade, ao conectarnos co pasado e permitir explicar de onde vimos.Unha vez máis podemos dicir que "*son todas as que están, inda que non están todas as que son*" pero, polo menos, achégase un conxunto de imaxes que reflicte o atractivo do itinerario. É un modo de outorgarlle visibilidade a un dos grandes bens do Camiño Inglés, transversal á totalidade do percorrido: o seu patrimonio construído, un nexo de unión coa identidade.

Do mesmo xeito que os pintores-viaxeiros románticos do XIX, afago levar o meu caderno de viaxe para deixar constancia nel dalgunhas notas e, sobre todo, debuxar o patrimonio construído a cuxa protección e conservación dediquei a miña actividade profesional dende moi novo.



Esquema do Camiño Inglés cos seus dous puntos de partida (Ferrol e A Coruña) e os concellos polos que pasa o seu percorrido.

1. Introdución

O fenómeno das peregrinacións a Santiago de Compostela xorde, de forma espontánea, coa rápida difusión da noticia do descubrimento da tumba do apóstolo Santiago o Maior, ao redor dos anos 820 e 830, nun bosque chamado Libredón, onde hoxe se alza a catedral compostelá e vaise estendendo velozmente por todo o continente europeo.

Constitúe un dos acontecementos mais importantes da Idade Media en Europa e o seu principal obxectivo era o de render culto a un dos discípulos preferidos de Xesús, decapitado en Xerusalén sobre o ano 44 e do que varios documentos datados a partir do século IV o sitúan de peregrinación en Hispania entre os anos 33 e 42, e por ese motivo, os seus discípulos quixeron traer o seus restos a estas terras tras a súa morte.

O esplendor das peregrinacións a Compostela situámolo entre os séculos XII e XIV. De todos os puntos da Península Ibérica, de Alemaña, Francia, centro e leste de Europa e mesmo os países escandinavos, Islandia e Inglaterra chegaban en todo tipo de medios de transporte: a pé, a cabalo, en barco,... Hai constancia, por exemplo, de que en 1147 visitou a tumba do apóstolo unha expedición de cruzados formada por unha escuadra de ingleses, alemáns e flamencos que ían con destino final a Terra Santa.

Son varias e relevantes as pegadas de peregrinacións históricas polo Camiño Inglés. Do monxe islandés Nicolás Bergsson chegounos a descrición escrita da súa viaxe a pé dende Islandia até Roma pasando por Santiago. Semellante proeza levaríalle até cinco anos, dende 1154 até 1159. Dous séculos máis tarde, durante a coñecida como "Guerra dos Cen Anos" estabelecida entre Francia e Inglaterra, os británicos empregarían o barco para ir a Santiago[1].

Este pulo das peregrinacións a Compostela desvanécese no século XVI, entre outras razóns, pola ruptura do rei Henrique VIII de Inglaterra coa Igrexa católica, orixe do anglicanismo. Tamén afectou negativamente á sensibilidade dos intelectuais humanistas, que partían da crítica irónica que Erasmo de Róterdan dedicou ao tema da peregrinación. Unha crítica que se endurece con Lutero.

A Reforma protestante e as guerras de relixión nos territorios alemáns e en Francia restarán moitos peregrinos ao Camiño. Coa guerra aberta entre a España imperial de Carlos V e Francia, esta situación de fractura mantense, e índa é peor en tempos de Felipe II, co peche de fronteiras para evitar a entrada do luteranismo nos seus reinos.


Despois de séculos de ostracismo das rutas xacobeas, non hai moito tempo revitalizáronse dun xeito espectacular dando lugar a novas formas de peregrinación.

1. http://www.caminodesantiago.gal/es/planifica/las-rutas/camino-ingles.

2. Dende Ferrol

PRIMEIRA ETAPA

Na dársena de Curuxeiras comeza o Camiño Inglés. Esta zona marca o inicio da versión do Camiño que parte dende Ferrol, e serán en torno a 122 quilómetros os que van transcorrer até chegar á cidade de Santiago de Compostela.




O PEIRAO DE CURUXEIRAS

Ao peirao de Curuxeiras, situado en Ferrol Vello, chegaban os peregrinos por mar. Trátase dunha dársena rectangular con diques de cantería que se asentan sobre o fondo mariño ou nos illotes alí existentes. O rei Fernando VI decidira instalar aquí a mediados do século XVIII o Gran Arsenal do Norte de España, o que convertería Ferrol na gran base naval da Europa do seu tempo e con él a nova cidade que chegou a ser a mais grande de Galicia.

As instalacións militares construíronse en terra firme, sendo o elemento máis destacado o Cuartel de Instrución de Mariñeiría que pode verse á dereita. Cómpre recordar que a orientación militar de Ferrol se explica en boa medida nas condicións da ría, ideais para a defensa da cidade.

Unha vez que deixamos o lugar de Curuxeiras e pasamos por onde se situaba o antigo Hospital de Peregrinos do *Sancti Spiritu* –destinado a pobres e enfermos e que funcionou até 1780–, camiñamos por as rúas da zona vella e continuamos polo paseo da Mariña até a igrexa de San Francisco.




IGREXA DE SAN FRANCISCO

Trátase dun templo construído no século XVIII sobre os restos do antigo convento franciscano. Unha igrexa castrense de fachada sobria, con planta de cruz latina e tres naves separadas por columnas toscanas, capela maior e sancristía. A fachada está inacabada, xa que lle faltan as dúas torres, probabelemente para non dificultar a visibilidade dun observatorio astronómico próximo que finalmente non se creou.

No interior alberga un magnífico retablo, obra do escultor neoclásico galego José Ferreiro, valiosas tallas en madeira e a figura de Santa Bárbara (unha das mellores imaxes sacras da cidade). A súa presenza ten toda coherencia na cidade de Ferrol, ao ser patroa dos estaleiros, á parte de considerarse protectora fronte ás tormentas.

Despois de pasar polo Parador Nacional e o palacete de Capitanía, cruzamos a rúa Real, no barrio da Madalena: un rectángulo de seis rúas paralelas, cruzadas en ángulo recto por nove rúas transversais con dúas prazas cadradas que acollen as rúas centrais.

Despois de deixar o Hospital de Caridade e a concatedral de S. Xiao, a rúa Real condúcenos até a praza de Amboaxe e máis adiante aparece a praza de Armas. Descendemos até a praza da Constitución e o Cantón de Molíns e accedemos ao barrio de Esteiro onde está a:



IGREXA DAS ANGUSTIAS

De estilo neoclásico, a igrexa das Angustias foi construída na segunda metade do século XVIII. É aquí onde se aloxa a Pontificia, Real e Ilustre Confraría de Nosa Señora das Angustias.

Esta congregación propiciou a creación do templo e o domingo de Ramos organiza a procesión de Xesús amigo dos Nenos, que inaugura a Semana Santa ferrolá, declarada de interese turístico internacional. Esa consideración mana grazas á espectacularidade desta histórica festividade, que marca dun xeito moi particular a conciencia colectiva ferrolá. E é que a condición militar e mariñeira dotan de singularidade a Semana Santa de Ferrol, onde as continuas procesións inundan as rúas de paixón.

O Camiño continúa cara ao barrio de Recimil e dirixímonos pola avenida de Nicasio Pérez cara ao Polígono Industrial da Gándara, sito no Concello de Narón. Seguimos pola avenida do Mar, que discorre paralela á ría, e tomamos dirección cara a Neda.



IGREXA DE SAN MARTIÑO DE XUBIA

Afamado monumento da vila de Narón, tamén coñecido como Mosteiro do Couto. Para moitos peregrinos supoñía a primeira parada inescusabel, sendo unha mostra máis da significación dos recursos patrimoniais que caracteriza ao Camiño Inglés. Esa relevancia vén tamén confirmada pola súa condición de Ben de Interese Cultural, como monumento histórico-artístico.

De estilo románico, aínda que con engadidos do barroco galego do século XVIII, foi mandado construír polo conde de Traba no século XII, sobre os restos dun antigo templo. Nos seus días de máximo esplendor chegou a gozar dun papel preeminente na península. Como curiosidade, cómpre sinalar que os canzorriños foron realizados ao detalle, sendo o seu atractivo estético un dos grandes reclamos que fan singular este mosteiro.

Despois de pasar polo Salto, Outeiro e cruzar o brazo de auga do Freixeiro, atravesamos a:



PONTE DE XUBIA

Esta ponte é un ben patrimonial de grande interese, que ademais presenta unhas fantásticas vistas da contorna que a rodea, especialmente grazas ao fermoso Muíño de Xubia, na beira do río, á esquerda segundo a marcha, construídos en 1775 por dous empresarios franceses.

Creada sobre a base dunhas pontes romana e medieval anteriores, encárgase de conectar Neda e Narón a través do río Xubia. Na lámina, con absoluta claridade, podemos apreciar os dous vans con arcos de medio punto que a caracterizan, compostos por doelas de cantería. Tamén se observa doadamente o tallamar.

Coma en tantas ocasións, aquí tamén o progreso acabou afectando unha construción histórica, mediante a ampliación dunha estrada convencional que fixo destruír os peitorís e apartadoiros orixinais de pedra que, de seguro, noutrora houbo na ponte.

Conta a lenda que había nas inmediacións da ponte un lendario túnel secreto debaixo do río polo que algúns aseguran que cruzaban a Neda os frades do mosteiro de San Martiño do Couto, ou no que quizais se agocharon moitos anos despois os fuxidos da Guerra Civil.

A vila de Neda –de longa tradición panadeira– supón a fin da primeira etapa.

SEGUNDA ETAPA

Despois de abandonar o albergue de peregrinos nedense, visitamos a:



IGREXA DE SANTA MARÍA

Edificada no século XVIII sobre o templo de Santa María do Porto, que se atopaba en ruínas. A súa construción viviu un proceso de melloras ao longo dese primeiro século, con posteriores ampliacións e reformas durante o século XIX, até *chegar á imaxe que ofrece nos nosos días.*

O Cristo da Cadea, que figura no retablo do altar maior, é o elemento máis transcendente desta igrexa, até o punto de xerarse unha asociación mental indisolubel entre a propia imaxe e o monumento. A talla, de estilo gótico, achegouna un católico inglés perseguido. Caracterizado pola cadea situada no peito, a lenda reza que o Cristo da Cadea veu por mar e que, unha vez na igrexa, intentou escapar e retornar á auga reiteradamente, ante o que a única saída posíbel foi encadealo, ocasionando a curiosa representación.

Continuamos camiñando polas rúas do Paraíso e Real e chegamos á:



TORRE DO RELOXO

Procedente do ano 1786, a Torre do Reloxo, rehabilitada hai non moito tempo, é outro dos puntos notabeis que o camiñante se atopará ao seu paso por Neda. Ademais, a súa relación co propio camiño adquire máxima conexión ao saber que, nun principio, pertenceu ao Hospital do Espírito Santo, fundado no século XVI e orientado á atención aos peregrinos.

Igualmente, por atoparse na localización máis elevada da rúa Real, a carón da casa do concello, incrementa o seu valor, dado o seu curioso traxecto medieval e as vivendas porticadas dos séculos XVII e XVIII. Ao abeiro disto, é preciso recalcar que Neda foi unha importante vila na Idade Media, tempo no que a habitaron destacadas familias.

Continuamos cara á igrexa de San Nicolás, en cuxo adro atopamos un dos cruceiros máis antigos de Galicia. Descendemos polos lugares da Silva e O Puntal de Arriba e chegamos a Fene.

Despois de deixar dun costado a casa do concello e pasar polos lugares das Foxas e Chamoso, chegamos ao lugar de Mundín onde podemos ver estas construcións etnográficas de enerxía hidráulica que son:



OS MUÍÑOS

Os muíños, de todo tipo, son parte importante da cultura galega, o cal incluso se reflicte amplamente nas cancións populares e no refraneiro. En consecuencia, exemplifican a asociación da historia co patrimonio e coa identidade, ao pertencer a un pasado que á vista segue estando vixente.

Na parroquia de Santo Estevo de Perlío atópanse estes muíños, recurso etnográfico característico da zona. É o concello de Fene un lugar onde, ademais deste caso, imperan outros muíños como elemento frecuente. Como é de agardar, ao longo do municipio hainos sinxelos, cunha proposta máis básica. E despois están os máis ambiciosos, de maior tamaño e calidade, onde se empregan moi boas pezas de cantería e que, ademais, contan con vivenda anexa. Lamentablemente o declive das técnicas antigas e o desmantelamento vivido polo rural tamén chegou a este tipo de construcións, que en moitos casos xa non están activas, o que ocasiona abandono.

Rego da Moa e Romaríz son lugares de paso obrigado na parroquia de Santiago de Barallobre (o seu nome e a imaxe do apóstolo lémbranos que estamos no seu Camiño) e levaranos ao polígono de Vilar do Colo. Unha vez cruzado este, aparece o Camiño Real que descende até A Pena do Pico. Pronto veremos, no concello de Cabanas, a:



IGREXA DE SAN MARTIÑO DO PORTO

A Igrexa de San Martiño do Porto procede do s. XV, se ben varios dos seus elementos máis significativos son posteriores. Referímonos á fachada que, sendo do século XVIII, destaca pola súa escultura de San Martiño, coroando e partindo o frontón dun xeito característico na arquitectura barroca. Nesa época, o recurso á imaxe era importante para que os devotos comprenderan o relato, de modo que o sentido da presenza da representación na fachada non era en absoluto desprezabel.

Neste caso concreto mostraba a San Martiño compartindo a súa capa cunha persoa necesitada. A nave tamén é barroca e a ábsida, pola súa parte, é de estilo renacentista. É preciso aclarar que a fracción barroca do templo débese á reedificación ordenada polo arcebispo de Santiago de Compostela Bartolomé Rajoy, orixinario de Pontedeume, que se data no 1788.

E con bo pé, tomamos de novo o camiño deixando a man esquerda a capela da Madalena e chegamos á praia do mesmo nome. Temos que cruzar a ponte sobre o río Eume, cuxo orixinal en pedra no século XIV constaba de case 70 arcos, coas súas torres, capela e hospital de peregrinos *"Sancti Spiritus"* –que tiña 12 camas– para chegar ao albergue de Pontedeume. Alí podemos admirar o:



TORREÓN DOS ANDRADE

Sen dúbida estamos ante un dos monumentos máis relevantes e representativos de todo o Camiño Inglés, que constitúe ademais un exemplo de arquitectura bélica da Idade Media. O torreón era parte do pazo dos Andrade, o cal foi derrubado nos anos 30 do século pasado, quedando esta torre como única testemuña do mesmo. As fontes falan de que foi construída a finais do século XIV, por orde de Fernán Pérez de Andrade "o Bo".

Destaca sobre todo o escudo da fachada, vinculado á familia. Con 18 metros de alto e 11 e medio de ancho, conta con catro pisos e nela localízase actualmente o Centro de Interpretación dos Andrade, que repasa a historia de Pontedeume, a cal foi marcada en boa medida polos propios Andrade, protagonistas tamén na historia das Revoltas Irmandiñas (século XV), ao sublevarse o campesiñado contra os abusos da nobreza.

TERCEIRA ETAPA

Iniciamos a nova etapa neste fermoso pobo medieval, e antes de chegar á praza das Angustias, visitamos a:



PRAZA REAL
E CASA DO CONCELLO

Pontedeume é unha vila de orixe medieval na que, dende o 1371, con Fernán Pérez de Andrade, esta familia comezou a ter un peso moi determinante no porvir das súas xentes.

Na parte central da vila, nunha das zonas máis concorridas e cunha fermosa e sobria torre do reloxo, atópase a Casa do Concello. Ao contrario que en moitos outros casos, neste municipio a casa do concello cobra unha significación que vai máis alá do aspecto funcional e convencional, logrando converterse nun reclamo turístico, ao que se suma ademais o encanto das terrazas da praza. O edificio foi testemuña material do paso dos séculos, que contou durante anos co escudo de Fernando Ruíz de Castro, hoxe en día restabelecido, como o resto da fachada.

Despois de ascender ao Souto da Vila e contemplar as magníficas panorámicas das rías de Ares e Cabanas, pasamos polo Barro, As Pedridas e Cermuzo na parroquia de S. Miguel de Breamo e chegamos ao concello de Miño.

Unha vez que cruzamos os lugares de Buíña, Viadeiro e Bañobre, iniciamos o descenso cara ao río e pasamos por riba da:



PONTE BAXOI

Hai unha lenda que dí que Fernán Pérez de Andrade "o Bo" ordenou construír sete igrexas, sete mosteiros, sete pontes e sete hospitais. Isto, inda que é moi posibel que teña visos de lenda, define ás claras un carácter emprendedor que efectivamente o fidalgo eumés exhibiu na zona. Ese feito atópase tremendamente reflectido a día de hoxe ao longo do Camiño Inglés.

A Ponte Baxoi é, como outras pontes, un exemplo desa realidade, construída en consecuencia durante o século XIV. Situada nunha paraxe natural de enorme fermosura, presenta un único arco, alombado, cunha rosca de cantería. Destaca tamén o xeitoso empedrado polo cal se transcorre. Foi realizada con pedra da zona, e a día de hoxe atópase convenientemente restaurada pola Deputación da Coruña.

As fontes sinalan que xa no século XVIII a historia desta ponte está documentada ao aparecer citada por Frei Martín Sarmiento na súa viaxe a Galicia: "Ponte de Baxoi, que ten un regato e unha xunqueira detrás da punta. Dúas légoas de Betanzos".

Temos que cruzar o lugar da Prata e as marismas do Baxoi para entrar na vila de Miño polo camiño Real que nos leva á praza do mercado. Próximo ao mar atópase o albergue de peregrinos. Continuamos o noso camiño a través da:



PONTE DO PORCO

A Ponte do Porco é unha das construcións civís singulares do concello de Paderne. Esta ponte que vemos na imaxe, do s. XIX, une os municipios de Paderne e Miño nunha bela paraxe, na desembocadura do río Lambre. Dobrando á esquerda e a uns 1200 m dela atopamos unha ponte alombada sobre o río, do século XIV. Consta dun só arco oxival e por ela pasaba o Camiño Real que ía de Betanzos a Ferrol, paso obrigado para os peregrinos que facían o Camiño Inglés de Santiago.

Foi unha das sete pontes que, como xa dixemos, mandou construír Fernán Pérez de Andrade o Bo.

O nome da Ponte do Porco comulga cunha curiosa e infortunada lenda que circula, coñecida como a de Roxín Roxal, que fala dun xabaril desmesurado e nos conduce directamente á Idade Media e á liñaxe dos Andrade, que curiosamente tiñan ese animal como símbolo. Sen dúbida trátase dunha fábula singular, da que resulta doado extraer máis detalles a pouco que se consulten fontes, contando no seu haber con distintas referencias xeográficas e históricas. Convén resaltar que os Andrade foron tamén un factor estrutural na historia deste municipio.

Máis adiante internámonos en zona de monte até o pazo de Montecelo e á:



IGREXA DE SAN PANTALEÓN DAS VIÑAS

Este templo viviu no seu momento unha ampliación que marca a diferenza entre os elementos orixinais (de estilo románico do século XII) e os que se engadiron con posterioridade. Entre os primeiros destacan a portada, así como dúas terceiras partes dos muros da nave. Entre os segundos, está a ábsida, a restante terceira parte da nave que se conecta con esta e o pequeno corpo pegado ao muro meridional.

Na portada destacan especialmente o rosetón central (que aporta luz, como tamén o fan as fiestras dos laterais e do fondo) e a porta con arco de medio punto, presentando fermosos capiteis. Todos estes elementos poden apreciarse con claridade na lámina.

No referido á ornamentación, o altar conta cun sobrio retablo de estilo neoclásico onde predomina a imaxe de Santo Antón. Tamén presenta dous retablos menores nos laterais.

Continuamos por Trasmil e Os Barreiros e descendemos aos lugares de Porto de Abaixo, A Penoubiña e Chantada. Máis adiante, Vila de Meus e Gas, que, unha vez atravesados, sitúannos no concello de Betanzos. Pola Rúa e Sampaio observamos unhas magníficas vistas da desembocadura do Mandeo e chegamos á igrexa románica de San Martiño de Tiobre. Baixamos polo Barral e a costa de Sabugueiro até os muíños de Caraña e chegamos ao convento renacentista dos Remedios ou da Nosa Sra. do Camiño.

Despois de cruzar o río pola Ponte Vella, accedemos ao centro histórico da vila pola Porta da Ponte Vella, unha das cinco que tiña a antiga muralla. Tras pasar a carón da casa do concello, chegamos ao albergue de peregrinos.



IGREXA DE SANTIAGO E CASA DO CONCELLO

A igrexa é de estilo gótico (do cal Betanzos é un referente), edificada sobre un templo previo e igualmente construída por orde dun integrante da liñaxe dos Andrade (Fernán Pérez de Andrade "o Mozo"). Os paralelismos con respecto á igrexa de S. Francisco son evidentes, se ben neste caso se trata dunha igrexa orixinaria do século XV. De novo vemos como os Andrade gozaban dunha gran significación na rexión, deixando impregnada unha pegada que, sen dúbida, segue presente.

A casa do concello achega valor engadido, ao ser un curioso e peculiar edificio de estilo neoclásico do século XVIII, obra de Ventura Rodríguez, un dos principais arquitectos españois do seu tempo. Neste senso, é preciso sinalar a gran riqueza e relevancia monumental que, como cidade histórica, caracteriza Betanzos.

Non podemos deixar a que foi capital do antigo Reino de Galicia e que hoxe presenta uns dos conxuntos histórico-artísticos máis monumentais da Comunidade galega, sen visitar algún dos seus magníficos monumentos como a igrexa de Santa Mª do Azougue ou a:



IGREXA DE SAN FRANCISCO

Está construída baixo o patrocinio de Fernán Pérez de Andrade "o Bo" na segunda metade do século XIV, sobre os restos dun mosteiro previo, procedente do século XIII, cuxos frades proporcionaban aos peregrinos albergue, comida e axuda espiritual. A igrexa de San Francisco é monumento nacional dende o 1919, e foi ademais declarada Ben de Interese Cultural. Trátase sen dúbida dun dos templos góticos franciscanos de maior relevancia na comunidade galega.

Un dos elementos máis singulares deste ben patrimonial é o sarcófago de Fernán Pérez de Andrade, situado debaixo do coro e no que resaltan escenas de caza, á parte de ser sostido por un oso e un xabaril, grandes símbolos da familia. Conta tamén co escudo pertinente e cunha inscrición.

Considérase un caso patente de escultura funeraria medieval, sendo un dos distintos sepulcros de persoeiros da época que se albergan nesta igrexa de S. Francisco de Betanzos.

Pola rúa dos Prateiros chegaremos á praza central dos Irmáns García Naveira**.** A rúa do Rolo condúcenos até a vella ponte das Cascas e avanzamos até o lugar de Xan Rozo. Despois dun bo treito atopámonos no concello de Abegondo.

Deixamos a un lado a igrexa de San Estevo de Cos, e O Carballal, e visitamos os lugares do Souto e Cima de Vila. En Presedo aparece o camiño Real e os lugares de Agra e Leiro, coa súa igrexa de Sta. Olaia.

Máis adiante, a ruta pasa por a aldea de Meangos e outros lugares como Francos, Freán e San Paio onde podemos ver a capela do mesmo nome e este pequeno conxunto rural.



CASAL EN SAN PAIO

Lémbranos Xaquín Lorenzo que a casa é o elemento mais interesante de toda a produción popular. Non enche soamente o papel de refuxio contra os ataques do medio ambiente senón que é tamén o aglutinante que xungue entre si os membros dunha mesma familia. Constitúe o espazo vital primordial de convivencia e acubillo do individuo e da familia. Ao seu carón ou preto dela soen erguerse –como no caso deste casal de Vilacoba, ao lado da capela de S. Paio– outras construcións, micromundos secundarios, que dan testemuño da evolución da personalidade individual, familiar e social. Unhas e outras construcións xorden en íntima relación coa orografía, a paisaxe, a vexetación, o clima, as fontes de riqueza, a economía e o modo de entender o mundo e a vida por parte da xente.

Nesta lámina podemos observar un quinteiro, casal ou vilar con moitos dos seus elementos característicos: a casa principal, a eira, as construcións adxectivas entre as que vemos o hórreo e o valado, que aquí é vexetal.

O paso do tempo e certo abandono van envolvendo os seus muros cunha pátina que o integra inda máis coa natureza.

Dende este lugar inícianse as ramplas cara ao Vieiro, O Monte e A Malata. Despois dun bo treito incorpórase á ruta o Camiño Inglés que parte da Coruña, e unha vez que salvamos o Rego dous Outeiros, chegamos polo tramo único ao concello de Mesía onde descansamos no:



ALBERGUE DE PEREGRINOS EN BRUMA

Xa na Idade Media, Bruma era o principal lugar de confluencia e encontro entre os dous itinerarios do Camiño Inglés, o cal xunto con outras causas xustificaba a presenza do hospital de peregrinos, fundado xa no século XII. Os riscos aos que se sometían os viaxeiros que afrontaban a peregrinación eran relativamente interceptados grazas ao Hospital de Bruma. A Igrexa compostelá e a nobreza local impulsárono, quedando baixo a advocación de San Lourenzo.

Dende o 3 de agosto do 1999 Bruma conta cun albergue público, que é o que se pode contemplar na lámina aquí presente. En pleno século XXI segue cumprindo coa función de asistencia a peregrinos en recordo do antigo estabelecemento.

Ao saír do albergue, facemos unha breve parada na:



CAPELA DE SAN LOURENZO

Mesía é un municipio fronteirizo das terras de Santiago coa Coruña e As Mariñas. Tivo, en consecuencia, unha considerábel relevancia histórica. Nese senso, a capela de San Lourenzo de Bruma, procedente do século XVI, segue estreitamente o fío argumental do Camiño Inglés, ao estar amplamente vinculada ao mesmo.

Unha das razóns é porque se atopaba contigua ao histórico Hospital de Bruma, e ademais porque se considerába a San Lourenzo como protector do mesmo.

Esta realidade dábase até *tal punto, que se adoita asociar a capela de xeito inherente ao propio ámbito do hospital. Na actualidade, foi reformada, aínda que segue o arquetipo frecuente das igrexas próximas. Como curiosidade, destacamos que existen nas proximidades vestixios do antigo hospital de peregrinos.*

Un pouco máis adiante, xa en terras do concello de Ordes, atravesamos O Seixo até o lugar de Cabeza do Lobo onde se atopa a igrexa de S. Pedro. Despois de percorrer os lugares de Ardemil, A Carreira, As Mámoas, A Fraga e O Porto, remontamos até A Carballeira e Os Ramos, a través de montes e bosques e chegamos ao lugar de:



A RÚA

Ao longo do itinerario ordense, como en moitas outras localidades polas que transcorre o Camiño Inglés, o peregrino poderá interiorizar realidades sociais do rural, cunhas experiencias que transcenden a propia aventura turística, converténdose nunha vivencia máis integral. En moitos casos, o campo é un reduto onde atoparse coas sensacións máis primitivas, tomando distancia con respecto ás grandes urbes.

Así, os entrañábeis camiños de pedra e terra, as pontes tradicionais, os hórreos, as fontes, os lavadoiros, os muíños, as carballeiras, os animais e, por suposto, as súas xentes, toman preponderancia dotando á ruta de autenticidade.

Ordes é un exemplo claro desa realidade, onde ademais a gastronomía, cuxas preparacións gozan de gran tradición e aceptación popular, adquire un gran valor.

De inmediato atopámonos coa igrexa de:



SAN PAIO DE BUSCÁS

A igrexa románica de San Paio de Buscás mantén gran parte dunha estrutura inicial difícil de situar no tempo, se ben probabelemente fose tardorrománica. Pese a todo, unha reforma de mediados do século XVIII mediante trazo barroco afecta a gran parte dos seus elementos. Conta cunha nave única, unha ábsida rectangular e un cruceiro.

O nome de San Paio fai referencia ao patrón da parroquia, o galego Paio, que foi martirizado aos 14 anos en tempos do califato de Abderramán III (século X) e canonizado con posterioridade, ao negarse a manter relacións sexuais salvagardando a castidade e con iso a profesión da súa fe.

Pola súa banda, o muíño de auga de Trabe atópase moi preto do monumento. Os muíños son recursos moi habituais nestas terras, e esta é unha obra ben conservada, localizada nun lugar sosegado e de bonita paisaxe.

Descendemos cara a Vilariño, Ponte do Cubo e chegamos ao lugar de Outeiro de Abaixo. Ao acubillo das árbores dirixímonos á igrexa da Virxe da Mercé de San Xiao de Poulo, en Outeiro de Arriba. Máis adiante cruzamos os lugares de Branca e A Senra e a poucos minutos estamos na Calle onde se atopa a Casa Maldonado na que pernoitou Felipe II en 1554. Despois de cruzar os lugares de Carballos, Casanova, Ponte das Pereiras e Os Carrás, e xa no concello de Oroso, paseniño, coa pertinaz constancia do peregrino, chegamos a un deses pobos que necesariamente cativan o camiñante:



A BAXOIA

A Baxoia é unha aldea que se sitúa ao longo do camiño, que nese punto se atopa delimitado por carballos. É un exemplo de arquitectura rural e popular que vén moi de atrás, nunha zona onde as casas tenden a semellarse bastante entre si, ao atender a obxectivos análogos, nun ambiente que tamén resulta parecido.

Así, é habitual atopar casas cubertas con tella do país, compostas de pezas de xisto, reforzadas con barro, coas esquinas e os marcos dos vans reforzados co mellor material dispoñibel e recebados... Do mesmo modo, tamén abundan os pallotes, as cortes, os hórreos, os galiñeiros e os lugares destinados ao almacén.

Para a construción destas arquitecturas, recórrese xeralmente a materiais que subministra o propio territorio e deste xeito estabelécese unha estreita relación entre a edificación e o medio onde se crea.

Despois dun tramo preto do polígono industrial, chegamos á casa do concello de Oroso en Sigüeiro, vila de orixe medieval (s. XII).

ETAPA VI

Co ánimo de afrontar a última etapa, partimos de Sigüeiro pola rúa do Camiño Real para atravesar o río Tambre, que divide Oroso do concello de Santiago, pola:



PONTE DE SIGÜEIRO

Esta ponte estivo presente dende o comezo das peregrinacións a Santiago de Compostela, e, como xa dixemos, permitía cruzar o río Tambre, sendo por tanto un elemento histórico e simbólico do Camiño Inglés.

Esa condición vese incrementada polo feito de que conserva a súa estrutura previa, situada a nivel temporal no século XII. Con todo, loxicamente segundo aumentou a circulación a obra foi medrando, adaptándose ás necesidades dos novos tempos. A día de hoxe conta con seis arcos, cinco deles de medio punto de distinto arco, e un oxival, gótico.

Dada a súa antigüidade e a condición de lugar de paso, a ponte é testemuña silenciosa do transcurso dos séculos: as contendas nobiliarias durante a Idade Media como a que sucedeu entre Álvaro Pérez de Moscoso e Gómez Pérez das Mariñas ou a Batalla de Sigüeiro no 1846 son algúns dos feitos que ocorreron nas inmediacións deste ben patrimonial, que a día de hoxe segue cumprindo co seu valioso cometido.

Chegaremos á igrexa da Barciela para continuar até a Fonte do Inglés. Deixamos atrás o parque do Tambre e camiñamos pola Vía Galileo e a rúa do Tambre até chegar ao barrio de Meixonfrío. Moi preto atópase o Cruceiro da Coruña, e a:



CAPELA DE SAN CAETANO

Igrexa de estilo barroco fundada oficialmente no 1701. A súa imaxe, tal e como se aprecia na lámina, caracterízase polo predominio da cor branca. Localizada en fronte aos edificios da Xunta de Galicia, por diante dela transcorría o Camiño Real. Era un tipo de vía máis ancho do habitual, destinado a conectar cidades importantes.

Outro feito interesante era que, na véspera do día do Apóstolo, deste lugar partía o Cendal, previo á existencia da propia capela. Trátase dunha carreira de cabalos celebrada sobre pistas de pedra, cuxa tradición se mantivo até o século XVII. O nome do Cendal debíase á peza de seda case transparente coa que era agraciado o gañador.

Continuamos polas rúas da Pastoriza, Basquiños e proseguimos por Santa Clara. Neste punto, á dereita, podemos ver o:



CONVENTO DO CARME


Foi o primeiro Convento que tivo a orde das Carmelitas Descalzas en Galicia. Con orixe no século XVIII, este distinguido convento do Carmelo responde ao estilo barroco.

Construído en granito, conta cunha orientación máis centrada no práctico, no sólido e no sinxelo que no esplendor, algo que tamén se reflicte na simpleza do interior.

Caracterizado por unha planta de cruz latina, é preciso sinalar que na fachada destaca a imaxe da Virxe do Carme, sostida na parte superior por un nicho. O retablo maior é de estilo neoclásico, e procede do século XIX. En canto aos laterais, están dedicados a Santa Tareixa e a San Xoán da Cruz.

Deixamos o convento do Carme e continuamos pola Rúa Loureiros até a Porta da Pena, unha das entradas á cidade cando estaba amurallada (séculos XII ao XIX).

Pouco despois entramos na Praza de San Martiño Pinario, onde vemos dende outra perspectiva este mosteiro. Accedemos á rúa da Troia. Nada máis saír tomamos á dereita a rúa da Acibechería, a dos mestres que labraban o acibeche, confluíndo así cos peregrinos que veñen do Monte do Gozo. Pola praza da Inmaculada, entre San Martiño Pinario e a:



FACHADA DA ACIBECHERÍA

A Fachada da Acibechería, coa súa combinación de barroco e neoclásico, preside a parte norte da Catedral de Santiago, conformando unha das representacións ineludibeis sobre unha cidade declarada Patrimonio Cultural da Humanidade.


Encárase a praza, do mesmo nome, por ser un lugar onde se instalaban os obradoiros de acibeche. Camiños como o Francés, o Primitivo, o do Norte e o propio Inglés atopan aquí un dos últimos referentes da ruta.

Curiosamente, pese a que polo xeral os peregrinos optan por acceder á Basílica dende a Fachada do Obradoiro, o célebre Códice Calixtino indica que durante a Idade Media esta era a porta de entrada con maior tirón.

Hai que resaltar en todo caso que, nesta zona, o común tórnase arte, cunhas rúas que concordan de modo impecábel cos principais monumentos.

3. Dende A Coruña

PRIMEIRA ETAPA: **A Coruña- Bruma**



IGREXA DE SANTIAGO

Esta fermosa igrexa de estilo románico conta con varios fitos importantes. Por un lado, marca o inicio do Camiño Inglés na versión que parte dende A Coruña. Por outro, construída na segunda metade do século XII, é o segundo monumento máis antigo da cidade, tras a emblemática Torre de Hércules. Con todo, viviu reformas, o cal non lle impediu ser declarada Monumento histórico-artístico no ano 1972.

Dende este representativo punto, o peregrino aínda deberá afrontar un percorrido que supera os 70 quilómetros antes de chegar a Santiago de Compostela. Esta será unha distancia ao longo da cal o visitante se impregnará dos atractivos recursos patrimoniais e naturais que presiden a zona, adquirindo unha experiencia integral na que a realidade social do rural tamén lle permitirá obter unha vivencia máis integral.

Iniciamos o camiño dende esta igrexa e descendemos pola rúa de Santiago até a:




PORTA REAL
E AVENIDA DA MARIÑA

Este espazo non só é un dos grandes sinais de identidade da Coruña, senón tamén un dos seus puntos máis fermosos. O xigantesco conxunto de galerías enfocado ao mar depara espectaculares imaxes que gañaron un oco no imaxinario colectivo coruñés. O cumio desa realidade é a propia consideración da Coruña como "cidade de cristal".

Compre aclarar que se trata das fachadas posteriores dunhas casas que, realmente, están encaradas á praza de María Pita ou á rúa Rego de Auga. Procedentes do século XIX, permitían evitar a entrada da choiva sen deixar de aproveitar o sol e as vistas. Como tantas outras veces no transcurso da historia, un propósito simple e funcional rematou por conformar unha realidade arquitectónica extraordinaria.

O camiño, despois de percorrer a avenida da Mariña avanza pola rúa Real até Os Cantóns e máis adiante discorre polas rúas Sánchez Bregua e Linares Rivas ata Catro Camiños. Continúa pola de Fernández Latorre e Pérez Ardá cara ao barrio de Monelos onde, á esquerda no sentido da marcha, podemos visitar a:




IGREXA DE SANTA MARÍA DE OZA

Situada no barrio de Monelos, esta igrexa presenta planta de cruz latina, con influencias neorrománicas, que implican unha liberal e renovada interpretación do estilo románico.

Gran parte da estrutura está feita en pedra de granito. Hai que salientar que a fachada conta con elementos renacentistas e cun frontón neoclásico. Chaman a atención as escaleiras e o par de pequenas torres laterais, actuando unha delas como campanario.

No 1936 o templo sufriu un incendio, que afectou gravemente o mesmo en materia de imaxinaría e mobiliario. Outra anécdota: hai pouco cumpriu o século e medio de existencia e, segundo os máis anciáns, ao celebrar no 1963 os cen anos, caera a última gran nevada na cidade.

Subimos polo barrio de Eirís e descendemos pola avenida de Montserrat até saír do municipio coruñés. Encaramos a avenida da Pasaxe e seguimos o paseo marítimo do Burgo. Neste tramo gozaremos coa visita á igrexa románica de Santiago que nos lembra a antigüidade do camiño, e os muíños da Acea de Ama, construídos orixinariamente polos monxes de Sobrado no século XII. Non moi lonxe, ao outro lado da cabeceira do aeroporto queda o:



PAZO DE VILABOA

No século XIX Álvaro Torres Taboada reconstrúe o antigo pazo dos Castro, opulenta familia da zona das Mariñas. A iniciativa dá como resultado esta obra espectacular, onde os xardíns e as grandes árbores representan un dos principais atractivos, realidade moi habitual neste tipo de casa tradicional galega.

Presenta especies autóctonas e outras foráneas, como por exemplo algúns dos primeiros eucaliptos que chegaron a Galicia, procedentes de Australia. É esta unha realidade semellante á vivida no Pazo de Mariñán. Na actualidade, o Pazo de Vilaboa é de propiedade privada e atópase nun excelente estado de conservación.

A vontade de Don Álvaro foi crear a edificación con aspecto de castelo, o que abofé conseguiu, permitindo deparar imaxes espectaculares, reforzadas entre outros elementos polas súas grandiosas torres. De tódolos xeitos, a primeira vista esa circunstancia pode levar a engano aos máis curiosos, ao dotar á edificación dun aspecto máis antigo do real. Outros compoñentes a destacar son a capela, o cruceiro e o hórreo.

A ruta coincide co Camiño Real de Castela e entramos, polo lugar do Portádego, no término municipal de Culleredo. O Camiño Inglés segue por Alvedro e baixa até o río Valiñas, onde podemos ver a:




PONTE DA XIRA

No pasado, en maior medida incluso que agora, para desprazarse e comunicarse era vital contar con construcións que permitisen superar os accidentes xeográficos. Un caso máis é a Ponte da Xira, localizada na parroquia de Sigrás, en Cambre, e cuxa historia está en boa medida documentada.

Aparece no Catastro do Marqués da Ensenada e tamén nunha obra de José Cornide, do 1764. Probabelemente houbo no lugar unha ponte anterior e, de feito, hoxe en día aprécianse os restos da calzada medieval.

Como curiosidade, no concello de Culleredo, destaca un importante recurso arqueolóxico: o castro de Alvedro, situado tamén a carón do Camiño Inglés, e que resulta ser un claro expoñente da cultura castrexa da zona.

Neste punto, o Camiño adéntrase no concello de Cambre. Dúas parroquias sáennos ao paso: Sigrás, onde se aprecia o perfil do castro (poboado prerromano), a cuxos pés se construiría un hospital de peregrinos, e a románica:



IGREXA DE SANTIAGO DE SIGRÁS E CRUCEIRO

A igrexa de Santiago de Sigrás forma parte dun conxunto onde tamén figuran o cruceiro e o antigo Hospital de Peregrinos, que aparte de atención sanitaria tamén ofrecía servizos de hospedaxe, o que resulta unha evidente proba do paso histórico do Camiño Inglés por esta localización.

O templo concilia diferentes épocas e estilos. Datado do século XII, o románico está presente en certos elementos da súa única nave e en parte da ábsida, así coma nos curiosos canzorriños. Con todo, a obra presenta compoñentes posteriores, coexistindo elementos góticos, renacentistas, barrocos e neoclásicos.

Polo tanto, o transcurso do tempo deixou a súa pegada neste monumento, de tal modo que se visualiza o paso dos séculos, aglutinando nun só recurso distintas formas arquitectónicas.

Merece a pena desviarse á capital municipal de Cambre e visitar a súa igrexa, construída cara ao ano 1200. Garda no seu interior unha "hidria das vodas de Caná", vasilla importada de Xerusalén, posibelemente por un templario de Santa María do Amorne. Continuamos até Sobrecarreira, e podemos apreciar a nobreza do:



PAZO DE ANCEIS

O termo pazo describe tradicionalmente unha casa tradicional galega, de tipo señorial e xeralmente situada no rural. Este procede de finais do século XVII ou principios do século XVIII segundo as fontes.

O Pazo de Anceis é de estilo barroco, o cal se asocia a formas realistas, naturalistas e inspiradas no movemento pero, á vez, moi recargadas.

A planta en forma de "U" ofrece unha fantástica benvida ao mesmo. A fachada principal, esculpida en cantería, presenta un espléndido escudo de armas. A fachada posterior, pola súa banda, está encarada ao val de Anceis e repleta de trepadoras, ofrecendo un atractivo toque de autenticidade. Outros interesantes elementos do pazo son a capela, o patín e a fonte de pedra.

Cruzamos o norte do municipio de Carral polas parroquias de San Martiño de Tabeaio e os núcleos do Corpo Santo, e a man esquerda, Belvís, Sergude e Cañás. Aproxímanse os vales de Brexa e Barcés. Subimos ao lugar do Penedo, pasamos pola Atalaia e chegamos ao lugar de Aquelabanda onde, ao pé do camiño, podemos visitar a:



CAPELA DE SAN XOÁN

Esta sinxela capela atópase a carón da estrada que vai de Carral a Montouto, preto do río Barcés. Está ben conservada e presenta unha tipoloxía habitual na zona. Trátase dunha edificación construída con fábrica mixta de cachotería e cantería, que consta dunha soa nave, cunha planta rectangular de apenas 40 metros cadrados. Loce unha cuberta de tella a dúas augas.

É moi posíbel que proceda do século XVII, correspondéndose o seu estilo co primeiro barroco. Na fachada atopamos un escudo que é probabelemente o elemento máis destacado deste monumento. Neste caso de estilo renacentista, simboliza aos Moscoso, os Andrade, os Armada, Rioboo, Vilardefrancos e Ribadeneira.

Falamos dun escudo que conta coa categoría de Ben de Interese Cultural. A fachada presenta tamén unha imposta horizontal que está entre o propio escudo e a porta de entrada. Outro dos elementos singulares é a cruz metálica, que se alza no alto da capela.

Esta capela da pronto paso ao río Barcés e ao lugar de Calle. Comenzamos un largo e duro ascenso por Bordel e O Peito e chegamos ao:



CONXUNTO RURAL DAS TRAVESAS

Este núcleo de casas típicas captou todas as influencias que se poden agardar dun lugar onde cruzan o paso Betanzos, A Coruña, Mesía e Santiago de Compostela.

O valor das Travesas reside na conservación dun modelo de arquitectura rural herdado de hai séculos. Polo xeral, as casas presentan planta rectangular resgardada por tellados a dúas augas. As cortes e os fornos son elementos fundamentais tamén á hora de singularizar un prototipo de vivenda tan frecuente na zona das Mariñas.

Pola súa banda, a proliferación de muíños e hórreos na zona é unha realidade doadamente perceptíbel, tratándose neste último caso de construcións elevadas e estreitas. Na cultura popular, incluso se considera un patrón concreto de hórreo típico, denominado como "hórreo de Carral".

Tal e como xa vimos na Baxoia (Oroso), aquí tamén a arquitectura e as materias primas autóctonas para a súa edificación están fortemente ligadas, conformando unha sólida relación económica.

Un pouco máis adiante unímonos ao Camiño Inglés que vén dende Ferrol. No tramo final salvamos o rego dous Outeiros e viramos á dereita para achegarnos ata o lugar de Hospital de Bruma. A parroquia de Bruma pertence administrativamente ao Concello de Mesía pero está situada como unha illa no de Ordes. O albergue de peregrinos da Xunta, o primeiro que se construíu no Camiño Inglés, está levantado sobre o solar do antigo Hospital de Peregrinos, fundado cara a 1140 e anexionado en maio de 1175 á catedral de Santiago.

E, até aquí, este curto relato dun peregrino que, paso a paso, vai deixando no caderno pegadas das súas impresións do patrimonio e da ruta. Só queda animar a moitos outros viaxeiros que, posibelemente, teñan dúbidas sobre que camiño iniciar a Santiago de Compostela. En calquera deles atoparán xente amábel, un patrimonio e unha paisaxe que non lle deixará indiferente e unha voz amiga que lle desexará *"bo camiño"*.

A ECONOMÍA VINÍCOLA DA COMARCA EUMESA SEGUNDO UNS DATOS DO SÉCULO XIX

Xesús Andrés López Calvo

1. Introdución

A carón das parras, as vides e o viño, técese unha rede de axentes, recursos, prácticas, institucións e paisaxes que non poden seren ignoradas polo historiador.

A comprensión integral do significado do cultivo das viñas e da produción, distribución e consumo de viño, require unha consideración conxunta das súas implicacións económicas, sociais e territoriais. Con este obxectivo de fondo, no presente traballo, tentamos por de relevo unha particular expresión local dos valores e calidades (industriais, comerciais, domésticos, públicos, cívicos, ecolóxicos e creativos) da produción vinícola.

Non somos orixinais neste tipo de estudos. Couceiro Freijomil en 1944, e Meijide Pardo en 1993, redactaron as primeiras investigacións coñecidas[1]. Pola nosa banda, publicaremos datos contidos, verbo do tema, en atados conservados no Arquivo Histórico Municipal de Pontedeume[2] verbo do tema, dentro dun concreto segmento cronolóxico: o século XIX, que segundo a nosa opinión, configura un período paradigmático, pois dunha banda amósase como expoñente da evolución do autoconsumo ao mercado e, doutra, supuxo o esmorecemento deste sector por mor das pragas (no Partido Xudicial de Pontedeume dende 1852), da climatoloxía adversa e da non doada adaptación dalgunhas castes ás condicións dos terreos. O que se amosaba como esperanza dunha mellora económica, axiña se converteu en frustración ou, como o describe unhas palabras ben autorizadas: "o tempo onde as trabes do sistema agrario galego se tornaron en cangas"[3].

Se admitimos como verdade que "o ben feito só se fai unha vez", xa advertimos ao lector que se atopa diante dunha achega incompleta. Somos conscientes que, o resultado final non ten equilibrada a relación entre información e análise. Aínda así, coidamos que

1. A. Couceiro Freijomil, *Historia de Puentedeume y su comarca,* Santiago, Editorial Compostela 1944; A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII*, en: "Anuario Brigantino" 16 (1993) 61-74.

2. A partir de agora citarémolo coas siglas AMP.

3. L. Fernández Prieto, *Labregos: conciencia. estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega (1850-1939)*, Vigo, Xerais 1992, 35.

se trata dun traballo pertinente, pois de seguro motivará á elaboración de futuros estudos máis sisudos que o noso.

2. Unhas xeneralidades sobre os antecedentes

As vides galegas teñen unha clara orixe mediterránea, rexión onde a variedade vinífera europea atopou as mellores condicións medio ambientais para o seu desenvolvemento. Coa romanización das terras peninsulares este cultivo excedeu o seu óptimo climático e así debeu chegar a Galicia[4].

No século XV, a excelencia dalgúns produtos galegos tiña sona recoñecida, entre outros os viños, especialmente os de Ribadavia, o que daba abonda actividade exportadora aos portos galegos[5]. En 1496 chegaron a as provisións para equipar á Armada que de Laredo a Flandes levaría á futura raíña Xoana para o seu casamento co Arquiduque Filipe. Da provisión que se redactou, sábese que partiron de Betanzos e doutros portos veciños: vinte mil cántaras de a oito azumes de viño "yana baladí"[6].

Nos séculos XVI ao XVIII, logo dos cereais, o segundo cultivo en importancia era o viño que se producía dun xeito extenso, mesmo en comarcas –como a eumesa– onde hoxe non queda rastro del. Como acontece nos países mediterráneos, España ten unha larga tradición na produción vinícola. O seu consumo estaba perfectamente integrado na dieta, e coa excepción dalgunhas zonas que dirixiran previamente a súa produción cara ao exterior, nas zonas rurais producíase para o autoconsumo e, nalgúns casos, para comercializar en núcleos urbanos próximos.

Aínda que no século XVI a zona galega de máis viño era Ourense, o cosmógrafo Fernando Colón describe que, da Coruña a Betanzos había tres légoas de viñas e hortas[7]. En xeral, podemos dicir que nos séculos XVI e XVII en Galicia o viño era un monocultivo nas comarcas do Avia e nos vales do Miño e Monterrei. Os viños brancos de Ribadavia exportábanse cara Asturias e o Pais Vasco, onde tiñan moito aprecio e saían tamén para Inglaterra. O viñedo, desta vez a xeito de parra, aparecía tamén na costa das Rías Baixas penetrando cara o interior alternando con agros de centeo e millo, e mesmo con árbores froiteiras. Nas Rías Altas, o viñedo tiña como mellor lugar as contornas de Pontedeume e Betanzos[8].

4. Cf. J. M. Santos Solla, *Geografía de la vid y el vino en Galicia*, Pontevedra, Diputación Provincial 1992, 70. Tamén: J. Villaamil Castro, *La industria vinícola en Galicia*, en: "Galicia Histórica" (1889) 39-43.

5. O clérigo e cronista italiano Lucio Marineo Sículo, traído á Corte por Fernando o Católico, sostiña que os viños galegos eran buscados como os superiores en tódolos mercados.

6. É dicir "do país". Cf. A. López Ferreiro, *Galicia en el último tercio del siglo XV,* Editorial Compostela – Faro de Vigo, Santiago de Compostela - Vigo 1968, 210.

7. Cf. H. Colón, *Descripción y cosmografía de España,* Sevilla, 1988. Tamén: J. J. Rodríguez Toro, *La descripción y cosmografía de España (o itinerario) de Hernando de Colón, sus aportaciones para los historiadores*, en: "Historia, Instituciones, Documentos" 27 (2000) 275-294.

8. Cf. V. Vázquez de Prada (DIR.), *Historia económica y social de España*. Madrid, Confederación Española de Cajas de Ahorros 1978, Vol III: Los siglos XVI y XVII, 392.

O século XVI tamén foi a mellor época do viño Ribeiro, ata que, a partires do 1640, os ingleses comezan a levar viño do Porto, unha decadencia que durará ata o século XVIII. A súa venda quedou reducida ó mercado galego, atopando atrancos por mor dos malos camiños e a suba do transporte, particularmente das recuas que chegaban dende Ribadavia a Compostela. Porén, este encarecemento xogou a favor do viño das Mariñas betanceiras o dos do Rosal[9].

No primeiro terzo do século XVIII, as terras dedicadas en Galicia ao viño eran o 5% do total das cultivadas. Os datos do *Catastro de Ensenada* permiten ver como estaba repartida a superficie cultivada a mediados do século XVIII e o valor anual de cada clase de cultivo:

CLASE DE CULTIVO	EXTENSIÓN EN FERRADOS	% DO CONXUNTO	PRODUTO ANUAL EN REAIS	% DO PRODUTO
Labradío	5.074.140	76,63	68.936.684	73,01
Vño	529.936	8	13.416.578	14,22
Oliveiras	3.619	0,05	128.162	0,14
Prados	644.897	9,72	8.401.792	8,90
Soutos	369.784	5,60	3.516.969	3,73

Fonte: Grupo'75, La economía del Antiguo Régimen. La "renta nacional" de la Corona de Castilla. Citado en: P. SAAVEDRA, Historia da Idade Moderna (1480-1808), Barcelona, Cupsa 1980,33

A finais do século XVIII a boa hospitalidade ofrecida nos tramos do Camiño de Santiago, consecuencia da mellora económica do Século de Ouro, favorecía a sona dos caldos galegos. Aos ollos de Corsini e Malagotti, relatores da viaxe feita polo duque Cosme de Médici, os viños de Galicia eran os mellores de España. E non só o subliñan eles, senón que tamén o fan o resto de peregrinos italianos da época. Unha opinión que consideramos ponderada, pois a boa fe que os italianos coñecen ben os viños a diferenza, por exemplo, dos alemáns que beben cervexa, ou dos ingleses que beben whisky... Tamén destacan os seus baixos prezos, e mesmo quedan favorablemente impresionados da cor clara dos viños brancos que atopan no tramo de León a Compostela. O cronista Nala, apunta ao que el chama: *vinum pectoralis*, un caldo de fortes aromas, dulcificado e con especias, tamén usado coma xarope para problemas pulmonares, que o italiano identifica con ese nome, pois non atopou sinónimo para identificar o que nós coñecemos como *sangría*, termo descoñecido entón en Italia[10].

A nivel local, podemos dicir que, por aqueles tempos, cada veciño era un colleiteiro o que facía inútil a existencia de puntos de venda. Porén, o comercio marítimo favorecía o tráfico de viño. Jerónimo del Hoyo, así o fai constar en 1607:

> *"Por este río (o Eume) suben muchos navíos de Francia y de Flandes y de Viscaya y de Portugal y de otras muchas partes, con todo género de mer-*

9. Cf. A. Huetz de Lens, *Vignoles et vins de Nor-Ouest de l' Espagne,* Burdeos 1967.

10. Cf. G. Tamburlini, *L'Ospitalità nelle relazioni dei pellegrini italiani*, en: "Compostellanum" LXII (2017) 450.

> *cancías y, ansí, en la dicha villa hay hombres que tratan en ellas y que en brebe se suelen hacer ricos. También se embarca en este río todo género de vinos de lo que se coxe en la tierra y se lleva a Asturias y a Viscaya y a otras partes"*[11].

Couceiro Freijomil describe que o coidado das viñas foi obxecto de ordenanzas proteccionistas do goberno local eumés. Concretamente cita as de 14 de setembro de 1622 que viñan regular prácticas e costumes de tempos inmemoriais como, por exemplo, a publicación e organización do calendario de vendimas para as fincas radicadas no territorio da vila. Este proteccionismo para os cultivos locais mantívose teimudamente ao longo dos anos, como o demostran as noticias e documentos de preitos e prohibicións. Por exemplo: as sentenzas de Carlos III de 28 de setembro de 1770, e 18 de febreiro de 1772, a favor das reclamacións do Xustiza e Rexemento da Vila contra o viño expendido por industriais cataláns, ao que se cualificaba como adulterado e causante de enfermidades. Seica aqueles viños cataláns -máis fortes que os do país- producían embriagueces e mesmo mortes, pois:

> *"Dichos catalanes, recogen el vino que se halla perdido en la villa y le echan el de Campeche, uva de saúco exprimida y piedra lumbre, le dejan fermentar y tienen prevenida una vasija que ha cerrado salmuera fuerte, echando dos partes de esta composición con el vino del país y la una del de Cataluña o Valencia, el que clarifican con tierra llamada de vino, de que ha resultado que todos aquellos que estaban viciados en el uso de él padecieron unas fiebres que les quitó la vida al séptimo día, sin haber alcanzado ninguna medicina acortarlas*[12]*".*

El Rei dispuxo: "No permitáis que hasta que se consuman los vinos de las cosechas de esta villa se introduzcan ni vendan en ella otros algunos de fuera, y en ningún caso permitais la introdución y venta de los extranjeros".

Tamén temos constancia de preitos que mantivo o Concello contra os frades do convento agostiño por mor do viño. Por exemplo, un de 1629, pois querían os frades abrir unha taberna nos contornos da ermida das Virtudes o que lles foi denegado, e outro de 1693 litigando pola administración dunhas viñas pertencentes á Obra Pía de Nogueirido, cuxa sentenza, desta volta, lles foi favorable aos frades[13].

11. J. del Hoyo, *Memorias del Arzobispado de Santiago. Transcripción del manuscrito original del año 1607 que se guarda en el Archivo de la Mitra Compostelana,* Edición de Ángel Rodríguez González y Benito Varela Jácome, Santiago, s/f, 302-318.

12. A. Couceiro Freijomil, *Historia de Puentedeume…, O. c.,* 309-310. O Señor da Vila tiña a regalía de arredar a venda de viño no seu estanco durante o mes de xuño, sen podelo facer ningunha outra persoa.

13. Cf. J. A. López Calvo, *El convento agustino de Pontedeume. Estudio histórico y Colección Documental,* Pontedeume, Sociedad Filatélica Eume 2006, 117. Este non é o único preito do temos noticia. En 1552 ponlle un o Concello ao Alcalde do Coto de Caaveiro polo calendario de vendima dos veciños de Cabanas; o de 1628 contra Diego López de Aguiar por abusar da venda de viño foráneo; o de 1678 contra veciños do coto de Breamo polo mesmo motivo; o de 1681 contra Xoán Vázquez de Cermuzo por vender viño de Ribadavia, Ourense e Monforte; o de 1721 contra Miguel da Veiga, veciño de

Na década dos sesenta do século XVIII, increméntase a presenza de negociantes cataláns nas nosas contornas. Simultaneamente ao tráfico da sardiña salgada, introducen viños do seu país. Deste xeito, Ramón Rafols e Xosé Solé, acadan autorización do Concello para abastecer de viño catalán ao mercado local. Tamén os irmáns Xosé e Tomé Vadell, naturais de Vilanova i la Geltrú, Xaime Moret e Cristobo Solé, centran a súa operatividade mercantil na importación de viños de Cataluña. Os viticultores da comarca eumesa opuxéronse a estes permisos, e denuncian no Axuntamento que os cataláns, coa desculpa que os seus viños son máis fortes que os producidos en Galicia, véndenos en cantidade masiva nas tabernas que teñen abertas nas contornas da vila, especialmente no Areal de Cabanas[14]. Xa fixemos notar que, finalmente, o Real Consello de Castela emitiu cadansúas Provisións, polas que se prohibía aos cataláns e demais traficantes, que comerciaran con viños mentres no estiveran consumidos enteiramente os das colleitas dos veciños da vila. Curiosamente, estas Provisións, serán impugnadas rematando o século pola propia Facenda do Estado, pois aquel privilexio seica ía en prexuízo do abastecemento do xénero no mercado, e danaba aos gravames que a Facenda pública percibía por ese comercio. Aínda así, a principios do século XIX, a corporación municipal eumesa seguía usando daquela franquía que lle fora concedida[15].

Para rematar estas xeneralidades sobre os antecedentes, queremos deixar constancia das informacións recollidas na *Descripción Económica de Galicia*, de Lucas Labrada, sinxela e metódica exposición dos fundamentais feitos económicos da Galicia do século XVIII, cando describe a actividade do porto de Pontedeume: "No es tampoco despreciable la extracción que se hace de los vinos del país, especialmente al Ferrol, pues en año común excederá seguramente de ciento cincuenta pipas"[16].

En resumo, a agricultura galega no remate do século XVIII estaba definida por un carácter pre-industrial e tradicional. Pre-industrial na medida en que predominaban as actividades rurais, especialmente a agricultura, e tradicional pola súa escasa orientación comercial. Esta agricultura estaba ademais condicionada polo réxime de propiedade: o sistema foral. Os ingresos obtidos da terra empregábanse para pagar rendas e décimos. Como se amosaban insuficientes, aos campesiños cumpríanlle realizar actividades complementarias: salga de pescado, arrieiría, curtidos e o traslado do viñedo ao monte[17].

Centroña por non pagar imposto sobre o viño recolleitado. Cf.ID., *O Libro Rexistrador de Propiedades do Concello no Fondo de Patrimonio do Arquivo Municipal. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no século XVIII,* en "Cátedra" 4 (1997) 43-119.

14. Cf. *Juan Manuel de Soto (vecino de Cabañas/Arenal) en junio vendía vino bajo una cubierta de canizos y ramos en donde reside, en perjuicio de los otorgantes y más vecinos que tienen la concesión del Conde de Lemos (otorgantes), cuando se reserva a ella*, en: AMP, Atado nº 313/2.

15. Cf. A. *Meijide Pardo*, *A. c*., 68-69.

16. J. Lucas Labrada, *Descricpción Económica del Reino de Galicia,* Vigo, Galaxia 1971, 35. A pipa como unidade de medida de capacidade para viño, equivale a 480 litros. Cf. INSTITUTO GEOGRÁFICO Y ESTADÍSTICO, *Equivalencias entre las pesas y medidas usadas antiguamente en las provincias de España y las legales del Sistema Métrico Decimal*, Madrid 1886.Segovia, Imprenta Viúda de Espinosa 1839, 183.

17. Cf. L. Alfonso Álvarez, *La economía de Galicia, una panorámica, c. 1750-2010,* en: "Historia contemporánea" 42 (2010)15-65.

ECONOMÍA VINÍCOLA NO CONCELLO DE CABANAS EN 1750						
	CABANAS E ERINES	LARAXE	PORTO	REGÜELA	SALTO	SOA-SERRA
EXTENSIÓN DEDICADA Á VIDE EN FERRADOS E XORNAIS	Non consta	24 xornais de viñas, 8 de 1ª primeira 8 de 2ª e 8 de 3ª	853 xornais de viñas de 1ª; 854 de 2ª; 853 de 3ª. 14 de parras de 1ª, 14 de 2ª e outros 14 de 3ª	Non se sementa viño	Non hai nin viñas nin parras	Non se sementa
AZUMES[18] DE PRODUCIÓN ANUAL DE VIÑO POR FERRADO DE VIDE RASA	20 en terra de 1ª; 16 na de 2ª; 12 na de 3ª	9 en terra de 1ª, 6 na de 2ª e 3 na de 3ª	40 en terra de 1º, 20 na de 2ª e 20 na de 3º			
AZUMES DE PRODUCIÓN ANUAL DE VIÑO POR FERRADO DE PARRA	40 en terra de 1ª; 30 na de 2ª; e 20 na de 3ª	40 en terra de 1ª, 36 na de 2ª e 30 na de 3ª	Non consta			
TABERNAS OU MESÓNS	Non hai	1 en "Pión da Pedra"	1 a de María López	Non hai	1	1
VALOR DO AZUME DE VIÑO	1 real de vellón	1 real e cuartillo o de vide rasa	1 real e cuartillo o de vide rasa e tres cuartillos o de parra			

Fonte: A. FERNÁNDEZ RIFÓN, Cabanas, Erines, Laraxe, Porto, Regüela, Salto, Soaserra según las respuestas generales del Catastro de Ensenada, Año 1750, A Coruña, Deputación Provincial 1999

3. O CONTEXTO AGRÍCOLA GALEGO NO SÉCULO XIX

Chegado o século XIX, a agricultura española experimenta unha intensificación por mor do: Crecemento demográfico, que impulsa un incremento da produción de cereais, principalmente trigo[19], e do proceso de integración de España na economía internacional nun contexto de primeira globalización, que implicou unha orientación cara ao exterior nalgúns produtos especialmente nos viños[20].

Tamén, en liñas xerais, a agricultura galega do XIX amosa esa particular intensificación por mor da: Acumulación de esforzos humanos sobre a terra, a ausencia de ma-

18. Cf. L. ALONSO ÁLVAREZ, *La economía de Galicia, una panorámica*, c. 1750-2010, en: "Historia contemporánea" 42 (2010)15-65.

19. Cf. J. HARRISON, *Historia económica de la España contemporánea,* Barcelona, Vicens Vives 1988, 29. Con todo, o impulso industrial que favorecerá a distribución da poboación nas grandes cidades a penas comeza a insinuarse e así, nestas datas, -por exemplo- A Coruña no supera a Betanzos en poboación.

20. Cf. D. GALLEGO - V. PINILLA, *Del librecambio matizado al proteccionismo selectivo: el comercio exterior de productos agrarios y alimentos en España entre 1849-1935,* en: "Revista de Historia Económica" 14 (1986) 371-420 y 619-639.

quinaria e abonos orgánicos e o carácter tradicional da tecnoloxía empregada; a ampliación de superficies cultivadas a costa das terras incultas ou o aproveitamento máis intensivo dos montes, a xeneralización do novos cultivos que permiten reducir ou mesmo eliminar o barbeito aumentando a produtividade e a consolidación dunha agricultura de policultivo.

A revolución liberal e a orientación adoptada pola política económica tamén premeron aos agricultores cara unha maior comercialización. O agricultor víase obrigado a dispor de excedente co que comerciar e co que obter posibles para afrontar as cargas fiscais. O viño, xunto co gando vacún, convertéronse así en produtos venabres[21].

Esta demanda, sobre todo internacional, deu pe ao fenómeno coñecido como *globalización do viño*, que obrigaba a introducir reformas substanciais tanto na produción coma na comercialización destes viños para beneficiarse delas.

En efecto, na segunda metade dese século, as exportacións de viño experimentaron un significativo incremento En España como consecuencia da demanda francesa, diante da praga filoxérica que asolou ao país veciño. A replantación do viñedo filoxerado na principal rexión produtora francesa, O Midi, realizouse sobre todo con híbridos franco-americanos que, aínda que eran moito máis produtivos, daban un viño de escasa graduación e cor, aínda que mesturados con viños españois, melloraban a súa comercialización.

O réxime arancelario favorable ofrecido por Francia facilitaba que, nas rexións próximas a este pais ou as comunicadas por vía marítima, medrara a superficie cultivada e se incrementaran substancialmente as exportacións animadas por uns prezos en alza. Esta febre exportadora xerou ingresos para os viticultores que, sen embargo, non se esforzaron por mellora-la calidade, pois xa fixemos notar que a demanda francesa era de viños de alta graduación e cor, vendidos a granel para mesturar cos seus. Predominou, xa que logo, a orientación cara ese tipo de produto, sen que o cambio técnico xogara un papel significativo, a pesar de que houbese algunhas melloras, tanto no cultivo como nas prensas. En consecuencia, o vino gañou importancia entre as actividades agrarias, acadando neses momentos un máximo na súa importancia relativa no conxunto da produción agrícola, (en 1891 supoñía un 15,6 % do total)[22]. A expansión da superficie de viñedo, dende mediados do século XIX ate 1889, foi aproximadamente dun 20-25 %, o que converte a este cultivo no mais dinámico de toda a agricultura española. Porén, o viñedo, que a mediados do século XIX semellaba ser un recurso en alza, experimenta unha forte crise causada polas abondosas chuvias que arruínan as colleitas, especialmente a partires de 1852, ao que hai que engadir os efectos da epidemia da cólera entre a poboación e a propagación do *oidium*. En Galicia, Ourense foi a primeira provincia en presentar a

21. Cf. A. Artiaga Rego – X. L. Balboa López, "La agricultura del siglo XIX", en: R. Villares – A. Mato (Coords.), *Historia de Galicia,* Vigo, Faro de Vigo 1991, Fascículo 40, 755-756.

22. Cf. Grupo de Estudios de Historia Rural *Notas sobre la producción agraria española 1891-1931,* en: "Revista de Historia Económica" 11 (1983) 185-252. Citado por: E. Fernández - V. Pinilla, "Historia del vino en España (1850-2000)", en: J. S. Castillo Valero - R. Compés López (Coords.), *La economía del vino en España y en el mudo,* Alicante, Cajamar 2013, 67-98.

enfermidade así como a máis afectada, pero a incidencia da crise na paisaxe agraria foi maior no norte das provincias de A Coruña e Lugo, pouco aptas para este produto, o que marcará a desaparición definitiva de moitos cultivos[23].

Certo é que, a agricultura tradicional galega posuía ecotipos resistentes ás pragas locais mais, no XIX, as facilidades para introducir novas especies e variedades traen consigo novas pragas no marco da súa adaptación. A mesma presenza de andazos nas patacas na Galicia dese século, amosan o cultivo de variedades foráneas moi produtivas pero pouco resistentes. Á falla de remedios, ó único xeito de conxurar o perigo era a prohibición, resignándose ao uso de variedades rústicas. As pragas afectan tamén, como en toda Europa, a cultivos e aproveitamentos tradicionais: primeiro o *oidium,* logo a *filoxera* á vide, e a *tinta* ó castiñeiro. A necesidade de combatelas motivou á ciencia agronómica, mais o Estado significouse pola incapacidade de resposta profiláctica, sendo a prohibición a medida máis comunmente adoptada[24].

Tampouco todo foron avantaxes na expansión das exportacións, pois aquela forte demanda fomentou a fraude na produción de viño. A máis común: adición de xeso, uso de alcohol non vínico e produtos químicos..., o que xerou non poucos problemas no mercado tanto exterior como interior[25]. Isto trouxo como consecuencia que, o sector máis boiante da agricultura española, axiña se converta tamén nun dos máis problemáticos. Dous foron os factores principais: a chegada da filoxera a España e a crise da sobre oferta, pois a forte demanda implicou a perda de calidade no viño e o exceso de adulteracións. E os problemas non remataron aí: Francia revoca as vantaxes arancelarias e a política española torna ás leis proteccionistas.

4. Produción e rendibilidade do viño no Partido de Pontedeume no último terzo do século XIX

No fondo xeral do AMP consérvase unha caixa pertencente á sección de *Actividades agropecuarias*, identificada co número 313 (a 102 na anterior catalogación). Nela atopamos documentos dos séculos XVI ao XX, con información sobre: Preitos do Concello contra particulares e institucións sobre o comercio de viño; a defensa da regalía do Conde Lemos para a venda dos excedentes; actas das xuntanzas dos ramos de Viños e Augardentes para o reparto de arbitrios; instrucións sobre oi reparto de xofre; cargos e da-

23. Cf. J. Pan Montojo, "Las industrias vinícolas españolas: desarrollo y diversificación productiva entre el s. XVIII y 1960", en: C. Barciela - A. di Vittorio (*Eds.*), *Las industrias agroalimentarias en Italia y España durante los siglos XIX y XX,* Alicante, Publicaciones de la Universidad 1994, 313-334.

24. Cf. L. Fernández Prieto, *O. c.*, 36.

25. Cf., J. Pan Montojo, *O. c.,* 160-173. Estes comportamentos xa foran obxecto de denuncia dalgúns autores ilustrados galegos: Por exemplo: "Los diputados deberían celar principalmente sobre dos cosas, es a saber: que las medidas fuesen cabales y que los vinos no fuesen nocivos, o por su alteración o por las confecciones de que se les acompaña (…) Que la taberna donde se halle vino corrompido, se ponga una tarjeta con esta inscripción: Aquí se vendía vino podrido". *Colección de los escritos del Dr. Pedro Antonio Sánchez,* Madrid, Imprenta Manuel Minuesa 1858, 139-140.

tas na facenda local do ramo do viño; calendarios de vendimas… O seu interior contén un atado denominado: *Expedientes relativos ao viño* e identificado co número 313/2.

O documento máis interesante, verbo do noso propósito, data de 22 de xuño de 1875: *Datos relativos á produción vinícola*. Foron escolmados polos alcaldes de barrio de cada unha das parroquias que compoñían o Partido Xudicial. Requiridos a través do Concello, pola Xunta Provincial de Agricultura, Industria e Comercio do Ministerio de Fomento, cumpría aquela información, pois o Consello Superior de Agricultura estaba moi preocupado polos efectos da *filoxera* ("seca follas") e por promover esforzos para recuperar a saúde das viñas.

Estamos na época política da Restauración. A partires de 1870 diminúe a produción de trigo e aumenta viñedos e oliveiras. Durante os últimos 25 anos de se´culo, a extensión dedicada á viña aumenta nun 30%, e a produción de viño duplícase. Comezan a a consagrarse as zonas vinícolas de alta calidade (Xerez, Montilla, Rioxa, Valdepeñas e Prioriorato) e coa filoxera en Francia e Italia, os viñateiros españois fanse donos do mercado europeo[26]. Pero desta idade de ouro de transformación vinícola non participaron os viñateiros eumeses.

De seguido, expoñemos uns cadros sistematizando as súas principais achegas para, nun segundo momento, ofrecer unhas análises conclusivas.

DATOS RELATIVOS Á PRODUCIÓN VINÍCOLA NO CONCELLO DE PONTEDEUME EN 1875

Parroquias	Ferrados plantados de viñas[27]	Cepas por ferrado	Produto en arrobas de viño por ferrado (branco/ tinto)	Prezo medio da arroba[28] branco (Ptas.)	Prezo medio da arroba tinto (Ptas.)	Produto de arrobas por ferrado	Gastos de cultivo e vendima por ferrado (Ptas.)	Remata a vendima
BREAMO	8	100	6,50 /9,50	3,75	3,75	2	3	Outubro
VILLAR	10	100	7,50 / 12	3,75	3,75	2	3	"
CENTROÑA	8	100	6,50/9,50	3,75	3,75	2	3	"
BOEBRE	3	90	6,50 / 6	3,75	3,75	2	2	"
ANDRADE	3	90	2 / 4	3,75	3	2	5	"
NOGUEIROSA	4	50	– / 2	–	3	2	5	"
OMBRE	4	50	– / 2	–	3	2	5	"

Fonte: AMP 313

26. Cf. J. L. Comellas, *Historia de España contemporánea*, Madrid, Rialp 1993, 262-263.

27. O ferrado do Partido Xudicial de Pontedeume equivale a 548 metros cadrados.

28. Unha arroba ou cantara era o equivalente a 8 azumes, 32 cuartillos e 128 copas. Traducida a medida de capacidade actual, una arroba viña sendo un pouco máis de 16 litros.

CALENDARIO DA VENDIMA DE 1851		
Parroquia	**Lugares**	**Días**
ERINES	Balbís; Queixas e Bellas	Do 24 ao 27 de setembro
CABANAS	Riocobo, Lamelas e Anido	Do 28 ao 30 de setembro
PORTO	Cardeita de Arriba, Cardeita de Abaixo; Cadaval e Freiría; Quintas de Chamoso, Sobredavila e Barreira	Do 25 de setembro ao 1º de outubro
CENTROÑA	Porto de Riba, Tapia, Porto de Abaixo e Caldagueiro, O Cristo, longarelas, Viñas Novas, Casal, castrelo e Seara.	Do 29 de setembro ao 2 de outubro
NOGUEIROSA	San Cosme e Figueirido; Graña de Arriba e de Aabiaxo; Telleira; redondal e Seixo; Gándara; Pereiro e Fonteíña..	Do 25 ao 30 de setembro
OMBRE	Parras de Fontenla, Portocarrale ata Nogueirosa e Agra; Freixeiro e Atellos; Cristo Bacelas e Xenardos; Igrexa de arriba, de abaixo e Mediña.	Do 26 ao 29 de setembro
VILAR	Trobo e Espiñeira; Augabar	1 e 2 de outubro
BOEBRE	Porpios; Sobreira, Conchouso e Viñas Novas; Peral Freiderías e agregados	Do 29 de setembro ao 1 de outubro
BREAMO	Golpilleira	28 de setembro
ANDRADE	Chousa do Pardo; Arrabales	28 e 29 de setembro
CASTRO	Sto. Tomé de Bemantes; Miño e leiro; Carantoña; Perbes e Vilanova	Do 28 de setembro ao 2 de outubro

Fonte: AMP 313

DATOS RELATIVOS Á PRODUCIÓN VINÍCOLA NO CONCELLO DE VILARMAIOR EN 1875								
Parroquias	**Ferrados plantados de viñas**	**Cepas por ferrado**	**Arrobas por ferrado**	**Produto en arrobas branco / tinto**	**Prezo da arroba branco (Ptas.)**	**Prezo da arroba tinto (Ptas.)**	**Gastos de cultivo e vendima por ferrado (Ptas.)**	**Remata a vendima**
DOROÑA	4	90	2	2/5	3,75	3,75	5	Outubro
GRANDAL	3	80	2	2/6	3,75	5	5	"
GUIMIL	2	80	6	2/4	–	3	6	"
TORRES	1	29	2	1/1	2,90	2	6	"
VILAMATEO	2	90	7	1/6	2,90	2	6	"
VILARMAIOR	2	90	3	1/2	2,90	2	7	"

Fonte: AMP 313

DATOS DA PRODUCIÓN VINÍCOLA EN MIÑO, FENE, MUGARDOS, MONFERO E A CAPELA EN 1875								
Outros concellos do Partido	Ferrados de viñas	Cepas por ferrado	Produto de arrobas por ferrado	Arrobas de tinto ao ano	Arrobas de branco ao ano	Prezo da arroba branco (Ptas.)	Prezo da arroba tinto (Ptas.)	Gastos de cultivo por ferrado (Ptas.)
CASTRO	76	780	–	–	–	6	6	3
FENE	29	200	2	19	40	2,50	2,50	7,50
MUGARDOS	540	600	2	13,50	34	2,50	3,50	7,50
MONFERO	Distrito rural que nada exporta							
A CAPELA	Ningunha clase de cepas ou parras hai plantadas							

Fonte: AMP 313

5. Conclusións

A entrada do século XIX marcou un antes e un despois na economía de Galicia. Dunha banda desaparece o réxime de autoconsumo, e doutra consolídase a pequena explotación campesiña, paralela ao despegue da moderna industria. Comeza, xa que logo, a lenta transición do autoconsumo ao mercado no que o viño do territorio da comarca eumesa, de non ser por factores que, de seguido, enumeraremos, podería ter sido un paradigma de expoñente.

Si ben é verdade que Galicia non participou da bonanza económica vinícola que afectou a outras rexións de España entre 1872 e 1892, si é certo que, logo da actividade pesqueira e do aproveitamento de madeira, a produción e comercio de viños semellaba converterse no recurso de maior importancia da actividade económica local, máis aínda que a industria do curtido ou as explotacións gandeiras[29]. A tradición de cultivo no sector, as leis locais proteccionistas e as demandas comerciais, semellaban garantir unha boa evolución de beneficio, mesmo para poder compensar as avesas da crise dos cereais. Porén, logo do ano 1852 por efecto do *oidium,* esa outra praga tamén de orixe americana que entrou en Europa cara ao 1845, deixouse de coller viño en moitas zonas neste distrito e a trabe tornouse en canga. A pouco que se comparen os cadros ofrecidos, axiña nos decatamos da baixa produción e rendemento. Se, por exemplo, na época do Catastro de Ensenada (1750), a parroquia de San Estevo de Erines producía ela soa tantas arrobas de viño coma a totalidade das parroquias de Pontedeume a mediados do século XIX. O mesmo que se destaca a escasa rendibilidade do viño colleitado por ferrado de terra: en Ponte-

29. Cf. E. González López, *El reinado de Isabel II en Galicia. La regencia de María Cristina. Moderados, progresistas y carlistas*, Sada, Edicións do Castro 1984, 362.

deume 40 ferrados (21.920 metros cadrados) só producían 14 arrobas (a penas 230 litros).

¡Os datos de 1875 demostran o a perniciosa relación causa efecto de tres factores no desenvolvemento da economía vinícola local:

— **As pragas (Oidium e filoxera).** Neste tempo a filoxera empezou a invadir a Península. O primeiro andazo se testemúñase en Málaga en 1876. En Ourense se testemuña en 1881 e, a partir de entón, a enfermidade foi cercando paulatinamente aos viñedos. O número total de viñedos reduciuse de 1.706.501 hectáreas en 1889 a 1.367.845 en 1907, cando cesou a plantación da vide americana, inmune á filoxera. A produción de viño descendeu de 29 millóns de hectolitros en 1892, a unha media de 21,2 millóns para o período 1892-1902, descendendo en máis dun 75% os envíos a Francia[30]. Con todo, a propagación da filoxera non foi en Galicia tan rápida e virulenta como en outras rexións de España. A resistencia que ofrecían tanto o tipo de solo (areas e esquistos) como o clima húmido, permitiu repoñer as viñas enfermas sen que se notase moito a regresión superficial. No momento en que fixo a súa aparición a praga calcúlase que había en Galicia pouco máis de 31.000 hectáreas de viñedo, que descenderon a 21.800 a comezos del século XX, e tornou a ser de 27.800 en 1915 e de 31.000 en 1926, cando se deu por superada a crise. Por tanto, pódese dicir que os efectos destrutivos da filoxera puideron ser reparados case na súa totalidade. En troques, a praga de *oidium* foi moito máis determinante pois conseguiu erradicar o viñedo das rías da Mariña (Ortigueira, Viveiro e Foz) e reduciuno drasticamente nas atlánticas (Ferrol, Muros, Arousa, Pontevedra e Vigo). Curiosamente a mesma humidade que favorece o desenvolvemento da *oidium* foi a que impediu unha máis rápida propagación da filoxera, que non gusta de ambientes tan acuosos[31].

— **Calidade do viño producido.** Os franceses (principais clientes para exportación), xa estaban a recuperar os seus viñedos e repudiaron o tratado comercial con España. Moi probablemente, polas condicións do viño colleitado, maiormente de baixa graduación e cor branca, (Francia pedía cor tinto e moito grado).

— **Illamento.** Por mor das escasas infraestruturas para o transporte (aínda non dera chegado o ferrocarril a Pontedeume) non fixeron evolucionar este sector cara as cotas que, de seguro, podería acadar.

A replantación e enxertado de novos viñedos na nosa comarca, ben das castes autóctonas ou das que viñeron a finais do século XIX para repoñer as danadas, aínda se fai esperar no século XXI. Será moito desexar que o esteiro do Eume torne a ser *Terra Vitis*? Se cadra, cómpre estar atentos ao cambio climático.

30. Cf. J. Harrison, *O. c.,* 47-48.

31. Cf. Juan Piqueras Haba, *La filoxera en España y su difusión espacial: 1878-1926*, en: "Cuadernos de Geografía" (2005) 77, 101-136.

NEUTRALIDADE DE OURO E FAME
I. A LEXISLACIÓN DAS SUBSISTENCIAS

Xavier Brisset Martín

Este inverno pasado celebrouse o centenario das revoltas pola carestía dos alimentos básicos que por toda Artabria tiveron grande intensidade e sufriron unha desproporcionada represión[1].

O contexto bélico e a guerra submarina dificultaba a importación de produtos do estranxeiro mentres as excepcionais exportacións do producido no neutral reino de España desabastecían os mercados locais e provocaban o encarecemento das subsistencias. Os envíos, legais ou clandestinos, a través das fronteiras francesas, portuguesas ou marroquís, ofrecían un inmenso beneficio para algúns e a fame para os máis. Os motíns consecuentes, maiormente protagonizados por mulleres, sinalaban especuladores e contrabandistas como culpábeis, esixíndolles ás autoridades locais que fixeran cumprir as leis que determinaban a incautación das subsistencias en poder dos acaparadores e a súa venda a prezos taxados.


Reclamaban o cumprimento da legalidade vixente e foron contestadas a tiros.

Neste artigo coñeceremos as leis, ordes e decretos máis destacábeis desa lexislación, como foron aplicados e unha sinxela cronoloxía da Revolta.

Complementando este texto publícase na revista *FERROLANALISIS* nº 32, o artigo "**NEUTRALIDADE DE OURO E FAME II .- As políticas das subsistencias"** que presentará os partidos e dirixentes no contexto político da época, alcaldes e concellos, os sindicatos e asociacións e o destacado protagonismo das mulleres organizadas.

O 3 de agosto de 1914, o mesmo día que o Imperio alemán declarou a guerra ao Imperio francés e antes de que soara o primeiro canonazo, o ponteareán Gabino Bugallal, ministro de Facienda, asinou dúas reais ordes que debelaban os intereses contrapostos que os lexisladores do reino español debían intentar harmonizar. Por unha banda, aproveitar a privilexiada condición de neutralidade para vender canto puidesen, pola outra, non desabastecer os mercados internos. Noutras palabras, conseguir o ouro sen provocar a fame.

1. A Comisión Revolta Popular de Marzo 1918, composta polas asociacións culturais Xebra de Narón, Terra de Pontedeume, Artabria e Medulio de Ferrol, e Semente de Trasancos, coa colaboración da AVV de Sedes, doutras persoas e dos concellos de Neda e Narón, homenaxearon as vítimas con numerosos actos divulgativos, placas e un monumento na Feira do 13.



MALUQUER DE MOTES, Jordi, "La inflación en España", *Estudios de Historia Económica* nº 64, 2013

Certamente cumpriron o primeiro dos obxectivos pois o período bélico foi o único no que a balanza de pagos do Estado resultou favorábel, excepción na economía española contemporánea. No segundo aparentaron estar moi implicados pero fracasaron[2].

O comezo das hostilidades entre as potencias europeas obrigounas a militarizar as súas economías, ofrecendo unha oportunidade única á minaría, agricultura, gandaría, pesca, industria, transportes e finanzas hispanas e mesmo tamén ás arruinadas arcas do Estado que, tras das guerras do desastre[3], precisaban imperiosamente ingresos en ouro para darlle cobertura á peseta. Pero este enriquecemento non debía afectar a capacidade do mercado interno de atender as necesidades básicas da poboación. Así, dende o primeiro día, quedou plasmada a contradición de intereses entre os que navegarían os sucesivos gobernos durante os anos que durou o conflito e os próximos seguintes. En total un período de seis anos e medio, de 1914 a 1920, que é considerado como o de consolidación do capitalismo español[4].

Queda claro que a neutralidade era unha opción consciente que achegaría inmensos beneficios a algúns sectores da economía polas exportacións, pero en ningún caso debía ignorarse que o desabastecemento e a inflación previsíbel podían motivar revoltas se non eran acompañadas e compensadas polos correspondentes aumentos salariais. Todo iría ben se a fortuna era redistribuída.

2. TUÑON DE LARA, Manuel. "…la irrupción de la guerra que entonces llamaron europea, colocaría a España en posición privilegiada dentro del rarificado mercado internacional, pero que agravaría así los antagonismos internos de la formación social española y llevaría al endurecimiento de la réplica de clase frente a la desbocada carrera en pos de pingues beneficios de empresarios, financieros y especuladores. Se avecinaban nuevos tiempos en que los moldes decimonónicos quedarían hechos trizas para siempre". *Historia de España, Introducción cuarta parte. La economía española entre 1900 y 1923*. Pax. 414, Editorial Labor 1983.

3. As guerras de independencia de Cuba, Filipinas e Porto Rico, as do desastre, acabaron en 1898.

4. GARCÍA DELGAGO, J.L., *La consolidación del capitalismo en España*, 1914-1920. Madrid 1974.

Ilmo. Sr.: En vista de las circunstancias que en la actualidad dificultan el comercio de Europa, y á fin de impedir que pueda agravarse en nuestro país el problema de las subsistencias,

S. M. el Rey (q. D. g.), de conformidad con lo acordado en Consejo de Ministros, se ha servido disponer que desde esta fecha, y hasta nueva orden, se prohiba la salida al extranjero de los carbones nacionales, oro y plata en monedas, ganados, trigo, maíz, cebada, centeno, arroz, los demás cereales, harinas de todas clases, patatas y alubias blancas y de color.

De Real orden lo digo á V. I. para su conocimiento y demás efectos. Dios guarde á V. I. muchos años. Madrid, 3 de Agosto de 1914.

BUGALLAL.

Señor Director general de Aduanas.

REALES ÓRDENES

Ilmo. Sr.: A fin de facilitar el pago de los derechos de Aduanas por importación y exportación de mercancías, y de dar medios para el reintegro del importe de los cheques que por las circunstancias actuales puedan protestarse y devolverse de las plazas extranjeras,

S. M. el Rey (q. D. g.), de conformidad con lo acordado en Consejo de Ministros, se ha servido disponer con carácter provisional:

1.º Que á partir de esta fecha sólo se admita el pago de los derechos de importación y exportación de mercancías en moneda de oro de cuño español, en moneda de igual clase de los países que forman la Unión monetaria latina, de Inglaterra y de Alemania, y en moneda española de plata ó billetes del Banco de España con el recargo en el presente mes de 3,78 por 100, y en lo sucesivo del que oportunamente se señale.

2.º Que los cheques ó giros ya admitidos y que por cualquier causa no pudiesen hacerse efectivos á la fecha de su vencimiento, se reintegren en España en las mencionadas monedas de oro ó en las españolas corrientes con el recargo en éstas que hubiese correspondido al mes de su admisión; y

3.º Que de esta disposición se dé cuenta en su día á las Cortes.

De Real orden lo digo á V. I. para su conocimiento y efectos correspondientes. Dios guarde á V. I. muchos años. Madrid, 3 de Agosto de 1914.


BUGALLAL.

Señor Director general de Aduanas.

R.O. 3 agosto 18



Mapa inicio I Guerra Mundial



DEBUXO DE CASTELAO
– Pensei que ían repartir a riqueza.
– A min chégame con que repartan a fame

1. ¿Que eran as subsistencias?

Os produtos básicos de comer, beber e arder, que precisaba a poboación para sobrevivir. O intres de maior crise, por estas contornas, quedaba concretado na ausencia de trigo e/ou millo. Pero neste mesmo contexto da Gran Guerra, en Amsterdam os disturbios foron pola ausencia de patacas, en Xapón pola carencia de arroz e en Barcelona pola falla de carbón para uso doméstico. Entre outros múltiples exemplos.

Un político granadino contemporáneo que fixo carreira no Ministerio de Gobernación publicou en 1907 o informe *"El Problema de las subsistencias"*[5]. No limiar dicía:

> *"El llamado problema de las subsistencias, que estriba sencillamente en producir en cantidad adecuada a las necesidades nacionales y en abaratar los artículos de consumo en términos que su adquisición sea fácil a la enorme masa proletaria del país, mal alimentada y peor nutrida por desgracia, viene motivando desde hace tiempo una serie de tanteos, por parte de publicistas y gobernantes, afanados en dilucidar los términos del problema determinando soluciones prácticas que lo esclarezcan y resuelvan".*
> *"Crisis angustiosas y repetidas de la producción que han engendrado carestías sistemáticas y aterradoras; inclemencias de la Naturaleza y torpezas y desidias, hijas de nuestra ignorancia e incultura, que han motivado, sobre una producción insuficiente, un acaparamiento sórdido y avaro, han sembrado por todo el territorio nacional la escasez y la miseria, originando una situación de zozobra y malestar crecientes, que, con sobrada razón, preocupa a los Gobiernos...".*

As crises de subsistencias e períodos de fame podían ser agudas ou crónicas. Agudas, que provocaban motíns e revoltas populares normalmente dirixidas e protagonizadas por mulleres. Crónicas, que actuaban como factor de expulsión determinante na formación das correntes migratorias polas que entre 1830 e 1930 se espallaron millóns de europeos por todo o globo terráqueo.

No caso que nos ocupa, golfo Artabro no inverno 1918, xúntanse as dúas modalidades. Pico de fame aguda e revoltas, dentro de décadas de escaseza crónica e emigración. Por poñer un caso relevante, no lugar da Feira, da parroquia de Sedes, do concello de Narón, onde o 13 de marzo de 1918 houbo un motín contra os comerciantes acaparadores reprimido con inxustificada brutalidade, segundo os censos de 1910 e 1920, un 10% dos habitantes estaban en Latinoamérica.

Antes de proseguir coa reveladora presentación da lexislación que os políticos do bipartidismo monárquico tiveron a ben publicar en *La Gaceta de Madrid* (antigo *BOE*), e as consecuencias reais que tal literatura tivo entre a poboación traballadora, imos repasar

5. Fernandez Jimenez, Miguel, *El problema de las subsistencias*. Granada 1907.

o que aconteceu cun dos produtos básicos que tiña especial importancia en Galicia. Antes, durante e despois do período bélico no que centramos este artigo, as vicisitudes na produción e comercialización do millo ou maínzo, alimento básico para a poboación e para o gando, pode ilustrarnos sobre as ferramentas das que dispuña o goberno para afrontar as crises das subsistencias e superar os períodos de escaseza.

2. A LEXISLACIÓN DO MILLO, TAMÉN CHAMADO MAÍNZO

A introdución do millo no sistema de plantacións da casa labrega estaba en progresión a mediados do século XVII[6] e pode dicirse que a etapa de esplendor do barroco compostelán foi financiado polas mazarocas. A súa excelente aclimatación converteuno no principal cereal panificábel e xunto ás patacas, que entraron despois, permitiron o medre da poboación galega que no 1860 achegaba máis do 11% dos habitantes do Reino.

CUADRO 5.1. *Evolución comparativa de población y producción. Galicia-España*

Galicia/España %	*1860*	*1900*	*1960*	*1990*
Población	11,5	11,0	8,5	6,9
Producción	5,9	7,1	5,9	5,9

FUENTE: Carmona (2001); Fernández Leiceaga y López Iglesias (2000).

Historia contemporánea de Galicia, pax. 142. Ariel 2005

Daquela comezou a derriba da economía de autoconsumo substituída pola de mercado. O troco e a artesanía rural desapareceron en proporción directa ao medre da emigración e da circulación dos cartos. Neste proceso o millo volveu ser fundamental pois o produto estrela nas feiras era o gando, que era utilizado para os traballos durante certo tempo e, despois, estabulado e cebado para a súa venda[7].

Durante toda a segunda metade do XIX, milleiros de cabezas eran exportadas cada ano a Inglaterra, maiormente procedentes das comarcas próximas aos portos da Coruña e Vigo[8]. Este comercio internacional foi a menos xusto cando a apertura das liñas de ferrocarril permitiron a exportación ás Castelas e Cataluña, sendo os destinos principais as cidades de Madrid e Barcelona. Nos anos dez o promedio andaba polas 150.000 cabezas cruzando anualmente o Sil.

Este consumo masivo do millo como alimento principal da poboación rural e do gando, fixo que a produción local fora cronicamente insuficiente. Nos críticos tempos do desartellamento da economía agraria tradicional e dos intentos por integrar o campo galego na economía de mercado, este déficit alimentario colocaba a supervivencia de moitos

6. Ver SAAVEDRA, Pegerto, *Os cambios agrarios na comarca eumesa no decorrer do antigo réxime*. "Revista Cátedra" nº 2, 1995.

7. CARMONA BADÍA, Joan. *Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega*. 1982. ResearchGate.

8. Tamén para Portugal dende as comarcas da Raia.

galegos a expensas da climatoloxía. En caso dun ano adverso, por ser a produción de millo a máis vencellada ao autoconsumo e, polo tanto, sen excedentes que chegasen a mercados e feiras[9], quedaba exclusivamente a expensas das importacións. Tal dependencia do mercado mundial tamén era común nas poderosas industrias gandeiras de Holanda, Bélxica, Dinamarca e Gran Bretaña.

Rodrigo Sanz López[10], nunha conferencia no Ateneo de Madrid o 7 de maio de 1916[11], retrataba a realidade da comarca do Eume cando dicía:

> *"...ni el centeno ni el maíz que el aldeano cosecha basta para su necesidad y consumo, por lo cual una de dos: o ha de comprarlo, o ha de escatimar su pan negando, desde luego, el forraje de grano a sus animales, o quizás privarse él mismo de pan, como sucede en ciertas comarcas donde a veces y por temporadas se come castañas en vez de pan".*

Antes da Primeira Guerra Mundial, os anos 1906, 1908, 1909 e 1912 foron excesivamente húmidos na primavera ou inusualmente secos no verán, polo que a produción local de millo prevíase especialmente escasa e, sendo evidente que os invernos seguintes serían de fame, solicitábase ao Goberno a rebaixa dos aranceis de importación.

> *"Próxima la recogida del maíz, se conceptúa que el rendimiento oscilará alrededor del 40 por 100 de la cosecha normal, siendo preciso importar de 600 a 700.000 quintales métricos de este cereal, procedentes de Argentina, Estados Unidos y Marruecos, sobre todo si el ganado bovino sigue alcanzando precios remuneradores. Si el Gobierno de S.M., no decreta oportunamente la entrada de maíz, el labrador gallego sufrirá las fatales consecuencias del hambre, aumentando en crecida cifra la emigración para América".*
> *Boletín agrícola de la Granja escuela experimental de La Coruña.* Octubre 1906.

> *"Los rendimientos de la cría de ganado, principalmente, constituyen con positiva ventaja en esta región, el ingreso único o poco menos del campesino. Convencido este que nada tiende a favorecer su industria pecuaria, como el maíz, su aspiración constante es adquirirle libre de derechos aran-*

9. López Taboada, Xosé Antonio, *Precios do trigo, centeo e millo na segunda metade do século XIX en Galicia*, Xunta de Galicia 1986.

10. Rodrigo Sanz López, avogado ferrolán. Dirixente dos solidarios e despois dos rexionalistas. Candidato por Pontedeume os anos 1910 e 18.

11. Reproducida en 1918 polo semanario *Ecos del Eume* dividida en varios números. Neses tempos era vicepresidente do Ateneo o marqués de Figueroa, contrincante político de Rodrigo no distrito de Pontedeume.

celarios, aspiración tan justa como fundada, a partir del momento en que la cosecha de este año es tan deficiente que se califica de muy mala".
Consello de Agricultura e Gandería da provincia da Coruña ao ministro de Facenda. 15 de setembro 1908.

Tendo en conta que a poboación rural andaba polo 90 % do total galego, que maiormente consumía como cereal panificábel o millo, que ademais tamén resultaba fundamental na alimentación do principal produto de exportación, é destacábel a insensibilidade dos gobernos e a lentitude de reacción ante esta reclamación de liberar de aranceis a súa importación.



NO HAY MAIZ

(POR TELÉGRAFO)

De Portugal vienen á buscarlo á Galicia

VIGO 1—16'25.

Llegó á esta ciudad un diputado portugués comisionado por el Gobierno de su país para adquirir un mínimo de cien vagones de maíz, con objeto de combatir la terrible crísis de las subsistencias porque Portugal atraviesa al presente.

Por desdicha tampoco en Galicia hay maíz.

La sequia actual tiene casi agotada la cosecha que parecía iba á ser abundosa.

El distinguido representante lusitano marchará mañana á Salamanca en vista de que aquí no puede realizar su objeto.

Allí comprará dos millones de kilogramos de centeno que serán introducidos en el vecino reino libres de todo derecho.—*Bernardez.*

La Voz de Galicia 02-08-1908

"Y en Galicia la fértil, próvida en hombres públicos de influjo decisivo; la que da a la Patria los primeros y más influyentes políticos, no se vislumbra el menor remedio a la tragedia que se avecina...".
La Voz de Galicia 15 de setembro 1912.

Pero había máis. Outro imposto era o de consumos, do que fora liberado o trigo pero non o millo, segundo lembraba Rodrigo Sanz na conferencia citada:

"Todos sabeis la desgravación de consumos del trigo y sus harinas que acordó el Parlamento hace unos nueve años para abaratar el pan a los españoles. Lo que no sabreís acaso, porque no os tocó de cerca, es que el Parlamento no desgravó de consumos maíz ni centeno ni sus harinas, y que por tanto, a los españoles que comían pan de maíz y centeno no se les abarató el pan"[12].

12. *"La injusticia duró, a pesar de todos los clamores. No fuimos escuchados y se necesitó que viniera la ley de abolición de consumos para que los ayuntamientos rurales de mi país pudieran ir quitando el consumo del pan aldeano, que aún no en todos los lugares está suprimido".*

Polo que na I I Asemblea Agraria de Monforte de 1910, díxose: "Coa lexislación vixente, dáse nesta rexión o caso cruel de que o pan do rico non paga consumo e o do pobre si".

Finalmente, reaccionando ante protestas, telegramas reivindicativos e manifestos, orixinados tanto en Galicia como en Asturias e Cantabria, houbo dous períodos nos que o arancel de importación do millo foi reducido: Entre o 25 de novembro de 1908 e o 1 de agosto de 1910, e durante nove meses entre o 23 de novembro de 1912 e o 13 de setembro de 1913.

Tímidas medidas que non permitiron consolidar a economía de mercado no rural galego e, polo tanto, non cortaron a sangría emigratoria. Cando comezou a guerra a situación agravouse ao escasear os navíos de transporte, multiplicándose o prezo dos fretes e dos seguros.

Esbozado este importante precedente e o calculadamente frío e distante comportamento dos gobernos monárquicos ante a severa crise da principal subsistencia do noroeste, podemos seguir coa lexislación publicada na etapa bélica, non sen antes advertir que, entre o comezo da guerra e o final de 1920, cando pode darse por finalizado o período de excepcionalidade, a carteira de Facenda cambiou de mans 14 veces, é dicir, un novo ministro cada cinco meses e medio. No mesmo período houbo 12 presidentes de Goberno. Isto dá idea do nivel de provisionalidade e improvisación das decisións gobernamentais, nun período sumamente delicado tanto da macroeconomía como das economías domésticas das que dependían o benestar, saúde e vida de millóns de cidadáns.

3. Dato, Bugallal e Urzaiz

Como xa vimos arriba, unha vez comezada a guerra, a primeira medida para evitar o desabastecemento do mercado interior foi prohibir a exportación de numerosos produtos básicos; a segunda, cando só pasaran doce días, foi declarar a franquicia de dereitos de arancel de importación de carbóns e de trigos e as súas fariñas que chegasen ós portos españois, mentres os do centeo quedaban reducidos a 1 peseta e o do millo a 50 céntimos.

> *"Considerando que dada la perturbación que el comercio sufre por las dificultades de los transportes exteriores y por la competencia para la adquisición de carbones y cereales, es necesario adoptar las disposiciones que sean oportunas para normalizar el comercio interior y para asegurar dentro de lo posible el regular abastecimiento de los mercados de consumo".*
> Real Orde 15 agosto 1914. Bugallal Ministro de Facienda.

As intencións expresadas en *La Gaceta de Madrid* (antigo *BOE*) polo Goberno conservador presidido polo coruñés Eduardo Dato, prohibindo as exportacións e facilitando as

importacións, parecían defender o abastecemento interno, non obstante algo raro estaba pasando cando tres meses despois o semanario *Ecos del Eume*[13] denunciaba a "carencia de wagones" para embarcar na estación de Pontedeume o gando vendido nas feiras cabanesas do 8 e do 21. Onde estaban os vagóns ? Axiña veremos que circulaban vía Irún.

Pasado medio ano, no inverno, a situación semella fóra de control e Gabino Bugallal asina a primeira **lei de subsistencias**. Publicada o 18 de febreiro de 1915, facultaba ao Goberno a reducir ou anular os aranceis de importación de substancias alimenticias de primeira necesidade e primeiras materias, "cuando circunstancias extraordinarias y transitorias lo hagan necesario para el abastecimiento del consumo o para el funcionamiento de la industria".

Tamén autorizaba ao Goberno a "gestionar con las Compañías ferroviarias las rebajas de las tarifas de transporte que considere necesarias para los fines de esta ley", a adquirir, por conta do Tesouro, "substancias alimenticias de primera necesidad, a fin de venderlas a precios reguladores" e tamén a adoptar "cuantas disposiciones estime convenientes para destinar navíos españoles al comercio y regular los fletes."

Así mesmo, con determinadas condicións e compensacións, o Gobeno podía considerar de utilidade pública a "expropiación de las substancias alimenticias que se hallen en poder de intermediarios y la ocupación temporal de los almacenes o locales en los que aquellas substancias se encuentren".

Con esta batería de ferramentas legais o goberno quedaba en condicións de controlar os aproveitamentos ilícitos de especuladores e contrabandistas. Pero non sería Dato e os seus ministros quen deran a cara ante os acaparadores. Inmediatamente despois, en *La Gaceta de Madrid* de 7 de marzo, por real orde, creábanse as **Xuntas Provinciais de Subsistencias** encargadas de evitar a fame en cada localidade. Con elas Bugallal conseguía derivar ás autoridades locais e provinciais a responsabilidade da xestión final, a regulación do mercado e o control da inflación.

Presididas polo gobernador civil respectivo e acompañado polo delegado de Facenda e do alcalde da capital, esas xuntas provinciais debían avaliar as existencias reais na provincia e calcular as necesidades. Estabelecer un prezo regulador e advertir de eventuais escasezas. Se as existencias non chegasen ao mercado ou se fosen ofertadas a prezo superior do taxado, podían solicitar autorización do Ministerio de Facenda para, tras pago de xustiprezo, ser expropiadas e ofertadas no mercado recargando non máis do 3% sobre o seu custo. As subsistencias así xestionadas serían unicamente o trigo, centeo e millo, e as súas fariñas.

O día 1 de marzo aumentan os produtos de exportación prohibida e sóbese o gravame de exportación doutros.

Finalmente Bugallal, pouco antes de deixar o ministerio a finais do 15, ordena eliminar os 50 céntimos de arancel e imposto de transporte que aínda gravaban a importación de millo.

13. *Ecos del Eume* do 8 de novembro de 1914.

O seguinte ministro de Facenda non durou nin tres meses. Foi Angel Urzaiz Cuesta[14], deputado liberal enfeudado en Vigo durante máis de corenta anos, amigo de conserveiros e da pesca industrial. Nun volantazo lexislativo en xaneiro de 1916, abriu as cancelas da exportación a numerosos produtos. Trigo, cebada, millo, centeo, arroz, garavanzos, lentellas, fabas, patacas, carnes frescas, ovos, aves vivas e mortas, touciño, xamón e todo tipo de gando podían importarse con franquicia de aranceis e podían exportarse con determinados gravames. Ademais de ferro, aceiro, cinc, cánabo... Todo podía importarse con liberdade e todo podía exportarse pagándolle ao Estado. Por cada 100 kg de trigo que marchaba fóra pagábase 8 pesetas, pola mesma cantidade de patacas 15, de fabas 21, de ovos 110, as vacas pagaban 350 por cabeza e os porcos 80, etc...[15].

Valorando os resultados dos dous primeiros anos de guerra, a *Revista Nacional de Economía* no seu nº 2, publicaba un resumo das disposicións ditadas polos cinco ministros implicados ata xuño de 1916.

> *"La impresión que esas medidas producen es la de algo vago, caótico y contradictorio, que revela bien a las claras la falta absoluta de una política seria, fundamentada y constante para resolver cuestión de tanta transcendencia. A fin de hacer más patente la labor contradictoria realizada, agrupamos, por vía de resumen, las disposiciones dictadas acerca de cada uno de los artículos de mayor consumo".*

> *"Este resumen es edificante; las medidas prohibiendo, restringiendo, gravando o desgravando la exportación, y suprimiendo, rebajando y restableciendo derechos de importación se suceden vertiginósamente, sin razones ni fundamentos serios en muchos casos. Y sucede también que algunas disposiciones del Sr. Urzáiz promueven la salida de éste del Ministerio, y, no obstante, sus sucesores toman medidas idénticas a las suyas".*
> *"Realmente, si el mercado interior no estuviese desorganizado por causa de la guerra, hubiera bastado para ello las disposiciones citadas, que hacen insegura y expuesta a grandes e inopinados riesgos la contratación mercantil".*
> *Revista Nacional de Economía* nº 2, pax. 170 (xuño-xullo 1916).

> *"La labor que se impusieron los gobernantes fué copiosa y tenaz, pero el resultado de tantas y tantas disposiciones, muchas veces contradictorias, fué nulo, porque los precios siguieron subiendo sin interrupción, sin que bastase para producir la baja llenar la Gaceta con textos inspirados en buenos deseos, precedidos de preámbulos concienzudos".*
> *Revista Nacional de Economía* nº 11.

14. Angel Urzaiz Cuesta (Puerto de Santa María 1856 – 1926 Madrid).

15. R.O. 01/01/1916, R.O. 02/01/1916 e R.O. 30/01/1916.

RESUMEN DE LAS DISPOSICIONES DICTADAS SOBRE SUBSISTENCIAS
DESDE AGOSTO 1914 A JUNIO 1916.

FECHA DE LA DISPOSICIÓN	OBJETO DE LA MISMA	MINISTRO
	Trigo y sus harinas.	
3 agosto 1914	Prohibiendo exportación	Sr. Bugallal.
15 agosto 1914	Suspendiendo derechos de importación	Idem.
5 octubre 1914	Restableciendo derechos de importación	Idem.
16 diciembre 1914	Manteniendo prohibición de exportar	Idem.
Idem	Regularizando derechos de importación	Idem.
1.º febrero 1915	Reduciendo derechos de importación	Idem.
1.º marzo 1915	Idem íd	Idem.
4 marzo 1915	Suspendiendo derechos de importación	Idem.
11 marzo 1915	Manteniendo prohibición de exportar	Idem.
17 junio 1915	Limitando franquicia de importación	Idem.
12 julio 1915	Restableciendo derechos de importación	Idem.
4 agosto 1915	Elevando derechos de importación	Idem.
6 septiembre 1915	Manteniendo derechos de importación	Idem.
28 octubre 1915	Reduciendo derechos de importación	Idem.
13 noviembre 1915	Suspendiendo derechos de importación al trigo adquirido por anticipos del Estado	Idem.
1.º enero 1916	Concediendo franquicia a la importación	Sr. Urzáiz.
Idem	Gravando exportación	Idem.
	Patatas.	
3 agosto 1914	Prohibiendo exportación	Sr. Bugallal.
9 octubre 1914	Limitando cantidad a exportar de la Península	Idem.
9 noviembre 1914	Limitando cantidad a exportar de Canarias	Idem.
16 diciembre 1914	Gravando exportación	Idem.
11 marzo 1915	Prohibiendo exportación y manteniendo gravamen para las tempranas	Idem.
17 mayo 1915	Suspendiendo el gravamen a las tempranas	Idem.
1.º enero 1916	Concediendo franquicia a la importación	Sr. Urzáiz.
Idem	Gravando la exportación	Idem.
15 marzo 1916	Limitando cantidad a exportar de Canarias	Sr. Villanueva.
20 marzo 1916	Limitanto exportación de las tempranas	Idem.
30 junio 1916	Gravando exportación	Sr. Alba.
	Ganado.	
3 agosto 1914	Prohibiendo exportación	Sr. Bugallal.
19 diciembre 1914	Manteniendo prohibición de exportar	Idem.
11 marzo 1915	Idem íd	Idem.
2 enero 1916	Concediendo franquicia a la importación	Sr. Urzáiz.
Idem	Gravando exportación	Idem.
20 marzo 1916	Elevando el gravamen de exportación al mular	Sr. Villanueva.
	Maíz.	
3 agosto 1914	Prohibiendo exportación	Sr. Bugallal.
15 agosto 1914	Reduciendo derechos de importación	Idem.
11 marzo 1915	Manteniendo prohibición de exportar	Idem.
25 noviembre 1915	Concediendo franquicia a la importación	Idem.
1.º enero 1915	Gravando exportación	Sr. Urzáiz.
Idem	Concediendo franquicia a la importación	Idem.

Revista Nacional de Economía nº2 (xuño-xullo 1916). Na listaxe de 4 páxinas relaciónanse 21 produtos

PRECIOS DE SUBSISTENCIAS

ARTÍCULOS	UNIDAD	Agosto 1914. — Pesetas.	Octubre 1916. — Pesetas.	ALZA — Pesetas.	ALZA — Por 100.
Trigo	100 kilogramos	30,26	40,91	10,65	35
Harina de ídem	Idem	44,22	49,62	5,40	12
Cebada	Idem	23	29,75	6,75	28
Maíz	Idem	23,25	33,27	10,02	43
Arroz	Idem	62	64	2	3
Patatas	Kilogramo	0,15	0,20	0,05	33
Carbón mineral	Tonelada	34	145	111	326
Carbón vegetal	Kilogramo	0,15	0,17	0,02	13
Garbanzos	100 kilogramos	109,80	180	70,20	63
Azúcar	Idem	79	110	31	39

Revista Nacional de Economía nº 11 (xaneiro-febreiro 1918). Prezos agosto 1915-outubro 1916

4. A MÁIS ORGANISMOS, MÁIS FAME

No período central da guerra foi ministro de Facenda o zamorano Santiago Alba, liberal, que botou 14 meses no cargo.

Comezou prohibindo a exportación de millo porque, ao parecer, o que entraba por un porto saía polo outro...

> *"...se ha concedido recientemente bonificación de fletes para facilitar la importación de maíz procedente de la Argentina.*
> *Considerando que este beneficio sería ineficaz si el maíz así conducido, en vez de quedar en nuestro país, pudiera ser reembarcado a otros puertos del extranjero; y en consecuencia, para evitar que se realice esta operación, debe prohibirse en absoluto la exportación de dicho cereal y la de sus harinas..."*[16].

Despois confirmou e ampliou as autorizacións cunha nova lei de subsistencias[17], segundo a cal o Goberno podía incautar material ferroviario, minas, frotas, fábricas de gas, materias primas e substancias alimenticias, calquera quen fosen seus propietarios... incautación que será acordada polo Goberno por instancia dos Concellos, dos municipios interesados e por proposta da Xunta provincial.

Inmediatamente, expresando que "el Gobierno no ha de perdonar medio que conduzca, por cima de todos los egoismos de clase, a la posible satisfacción de las necesidades y de los males que la Nación padece, singularmente en sus clases trabajadoras y

16. R.O. 21 agosto 1916.

17. Lei 11/11/1916.

menesterosas", creou a **Xunta Central de Subsistencias**[18] que debía calcular as taxas máximas de venda polo miúdo dos principais produtos nos mercados internos. Unha vez nomeados seus integrantes mereceron esta valoración na *Revista Nacional de Economía* no seu nº 5:

> *"La organización de la Junta deja mucho que desear. La Junta Central de Subsistencias, con todo el respeto que sus dignos miembros merecen, es, en general, una Junta de dignísimas personas, muchas de ellas interesadas en que los precios de las subsistencias no bajen. Es en su mayoría una Junta de intereses a semejanza de la de Aranceles, no una Junta técnica, y su labor ha de ser forzosamente parcial".*

A realidade axiña deu a razón a esta dura opinión sobre os reais obxectivos dos integrantes do novo organismo, aparentemente encargado de garantir a alimentación básica da poboación. Cinco meses despois de creada, tras inspirar ducias de reais ordes, a Xunta Central de Abastecementos foi disolta, considerando que:

> *"... la gravedad, cada vez más intensa que adquiere el complejo problema del abastecimiento y transporte de substancias alimenticias y de primeras materias, exige que a estos servicios se les de una forma de desarrollo distinto de la actual, que permita al Gobierno, con mayor rapidez que hasta aquí, hacer frente a las dificultades que traen consigo la escasez o carestía de los artículos de consumo considerados como de primera necesidad y resolverlos, o atenuarlos cuando menos, en el plazo brevísimo que las circunstancias demandan"*[19].

PRECIOS DE SUBSISTENCIAS

ARTÍCULOS	UNIDAD	Octubre 1916. — Pesetas.	Octubre 1917. — Pesetas.	ALZA — Pesetas.	ALZA — Por 100.
Trigo	100 kilogramos	40,91	47,40	6,49	15
Harina de ídem	Idem	49,62	57	7,38	15
Cebada	Idem	29,75	39	9,25	31
Maíz	Idem	33,27	40	6,73	20
Arroz	Idem	64	70	6	9
Patatas	Kilogramo	0,20	0,25	0,05	25
Carbón mineral	Tonelada	145	230	85	58
Azúcar	100 kilogramos	110	117	7	6

Prezos outubro 1916–outubro 1917. *Revista Nacional de Economía* nº 11 (xaneiro–febreiro 1918)

18. R.O. 16/11/1916.

19. R.D. 30 abril 1917.

Este mesmo R.D. traspasaba ao Ministerio de Gobernación o control das Xuntas Provinciais de Subsistencias, de novo expostas en primeira liña. Asinaba este decreto o presidente do Goberno Manuel García Prieto.

Nestas alturas xa se celebrara o 18 de decembro de 1916 a primeira folga xeral coordinada entre a CNT e a UGT, na que o abaratamento das subsistencias era unha das reivindicacións. No seguinte verán foi a folga revolucionaria de agosto de 1917, que foi contestada co estado de guerra en todo o Reino entre o 13 de agosto e o 6 de outubro[20]. Entre medias, en Vigo, Baiona e nos vales do Fragoso e do Miñor, houbo un motín provocado polo contrabando de fariña e galletas cara a Portugal que foi reprimido con numerosos feridos[21].

O presidente Dato, nun novo mandato, creou outro organismo, a **Comisaria Xeneral de Abastecementos**[22], "que debería resolver todo cuanto afecte al abastecimiento interior, con inclusión de la compra de trigos en el extranjero para tal fin".

Por este comisariado sucedéronse políticos que aparentemente o mesmo valían para garantirlle á poboación unha alimentación adecuada que para dirixir unha gran cidade como alcalde ou ser ministro de diversas competencias. Como exemplo podo citar a Luis Silvela Casado, liberal de familia ilustre que en doce meses tivo tempo de ser comisario xeral de Abastecementos, ministro de Instrución Pública e Belas Artes, alcalde de Madrid e sobroulle un mes para ser ministro de Gobernación. Todo un fenómeno político moi común neses anos de marcada endogamia no poder e escasa sensibilidade polo común. En total, cada dous meses e doce días houbo un responsable desa comisaría clave para a supervivencia da poboación.

Antes de fin de ano outros decretos parecen acurralar contrabandistas e acaparadores.

Segundo a lexislación publicada, todo transporte e circulación de mercancías alimenticias de primeira necesidade debería ser autorizada polo gobernador da provincia e acompañada da correspondente guía, entendendo que as Juntas Provinciales podrán prohibir a saída desas substancias das súas respectivas demarcacións[23]. "Queda terminantemente prohibida el transporte durante la noche de harinas y demás mercancías prohibidas en caballerías o personas por caminos ordinarios cercanos a la frontera con menos de dos kilómetros[24]. Queda prohibida la tenencia o posesión clandestinas, cualquiera que fuese el propietario de las substancias especies o mercancias (trigo, cebada, centeno, maíz, arroz, las harinas de estas especies, judías, lentejas, habas, garbanzos, patatas, aceite de oliva, el carbón en todas sus clases y piensos) en cantidades superiores a las necesidades de consumo del poseedor y de su familia..." salvo que estiveran declaradas ante a autoridad local[25].

20. Dentro dun período de suspensión das garantías constitucionais entre o 25 de xuño e o 20 de outubro.

21. *Faro de Vigo* 6 e 7 xuño 1917.22. R.D. 3 outubro 1917.

23. R.O. 26 novembro 1917.

24. R.O. 30 novembro 1917.

25. R.D. 21 decembro 1917.

A tenza clandestina desas substancias consideraríase como falta penal de contrabando castigándose con multa e comiso dos produtos ocultos. Con esas mercancías requisadas a Xunta Provincial de Subsistencias, despois de atender ás necesidades da localidade onde foran descubertas, atendería ás necesidades da provincia.

Pola condición neutral do pavillón español, o que marchaba sen contratempos, vento en popa e a toda vela, eran os negocios das navieiras que pasaron duns beneficios 100 en 1910 a 5.618 en 1918. Mesmo a banca viviu unha expansión de excepcionais proporcións, quintuplicando seus beneficios en seis anos[26].

DISPOSICIONES DICTADAS

DESDE 1.º DE DICIEMBRE DE 1916 A 30 DE SEPTIEMBRE DE 1917

FECHAS	CONTENIDO DE LAS DISPOSICIONES
	Trigo y harina.
11 diciembre 1916...	Tasa el trigo en 36 pesetas, la harina en 11 pesetas más y el kilogramo de pan, al precio del kilogramo de harina.
22 diciembre 1916...	Prohibe la exportación de trigo y harina desde Ceuta, Melilla y Canarias, al extranjero.
5 febrero 1917.....	Dispone la constitución de una Comisión especial de abastecimiento de trigos.
16 febrero 1917.....	Ordena a la Comisión de abastecimiento, proponga las bases para adquirir dos millones de quintales de trigo en el extranjero.
21 febrero 1917.....	Dispone que el trigo y las harinas que existan en Madrid, queden afectas al consumo de la población y autoriza a la Junta provincial para incautarse dentro de quince días del trigo existente en todos los pueblos de la provincia hasta 4.500 toneladas, después de asegurar el consumo de aquéllos.
11 marzo 1917.....	Amplía en diez días más el plazo para la incautación ordenada por la Real orden anterior.
13 marzo 1917.....	Aprueba las reglas y modelos de proposición a que deben ajustarse los concursos de importación, adquisición y cesión de 500.000 quintales de trigo extranjero.
5 abril 1917.....	Dispone que las expediciones de trigo y harina que circulen por la zona especial de vigilancia aduanera, deberán ir acompañados de *vendí*.
28 abril 1917.....	Publica la Real orden de 28 de Marzo aprobando el concurso para la importación y adquisición de trigo extranjero, adjudicado por 500.000 quintales métricos a 33 pesetas.
30 abril 1917.....	Delega en el Director de Aduanas las facultades que sobre el abastecimiento de trigo competían a la Comisión especial de abastecimiento.
18 mayo 1917.....	Dispone la celebración de un concurso para la cesión al consumo nacional de la harina que pudiera importarse fijando en 35.000 toneladas del tipo Delicia la cantidad objeto del consumo.
28 mayo 1917.	Adjudica un cargamento de trigo a varios harineros, a 39 pesetas los 100 kilogramos.
30 junio 1917... ...	Declara desierto el concurso celebrado en virtud de Real orden de 18 de mayo.
4 julio 1917.....	Dispone se constituya una Zona de seguridad para la circulación y tenencia de harinas en las provincias de frontera terrestre.
30 julio 1917.....	Adjudica un cargamento de trigo a varios industriales a 39 pesetas los 100 kilogramos.

Revista Nacional de Economía nº 11(xaneiro-febreiro 1918)

26. García Delgado, J.L. .- *La consolidación del capitalismo en España, 1914 – 1920*. Pax. 439. Madrid 1974.

Tamén tiñan sobrecarga de traballo os ferrocarrís con envíos masivos para Francia, coa dificultade engadida da diferenza de anchura nas vías. Co obxecto de previr paralizacións de vagóns nas estacións de Irún e Port Bou, o 24 de abril de 1917 publicáronse en *La Gaceta* as seguintes instrucións:

"Las compañías de los ferrocarriles españoles admitirán libremente las facturaciones con destino a las estaciones de Hendaya y Cerbere de las expediciones de gran velocidad que no excedan de 50 kilogramos... pero solo se admitirá la facturación de cualquier expedición de pequeña velocidad con destino a Francia cuando sea autorizada por la División correspondiente..." no caso dos vagóns-cubas e cisternas só se concedería a autorización de confirmarse a existencia, en destino, de vagóns franceses para efectuar os transbordos. Tamén quedaba prohibida a reexpedición de vagóns cara a Francia, se inicialmente estaban dirixidos a outras estacións da rede hispana.

O tráfico na estación de Irún no mes que vai entre o 20 de xullo e o 19 de agosto de 1917 foi de 1.496 vagóns de minerais, 594 con alimentos básicos[27] tamén chamados de segunda e 433 co resto das mercancías, ademais de 131 cisternas de viño. Polo novo convenio pasarían a ser un máximo mensual de 1.800 de minerais, 1.350 de segunda, manténdose 450 de terceira e liberada a circulación de cubas. Mentres, por Port Bou non se contemplaba o paso de minerais, pero serían 1.500 os de segunda e 600 os de terceira (fundamentalmente laranxas)[28].

A exportación masiva e o obrigado transbordo, ralentizaba a disposición de vagóns baleiros para novos envíos, actuando as aduanas como funís. Así, para desconxestionar o atasco, foi construída unha nova ponte na avenida de Francia de Irún, habilitada con aduana para circulación de mercancías e non so transeúntes[29].

5. O INVERNO DE 1918

Recapitulando a legalidade vixente comezado 1918, os alcaldes coordinados coas xuntas provinciais e a supervisión da Comisaría Xeneral de Abastecementos, debían ser quen de garantir o abastecemento dos mercados e o respecto aos prezos taxados. Contaban, se preciso fose, con facultade de requisar as mercancías non declaradas que viaxasen ou estiveran almacenadas, fose quen fose o seu dono. Unha vez descubertos, os acaparadores e contrabandistas debían ser multados. A mercancía comisada sería posta á venda a prezos de taxa para consumo da poboación da localidade.

Na Galiza, existía ademais unha longa experiencia sobre a actividade dos especuladores, non só polos tres anos e medio que se levaba de guerra, senón pola actividade

27. Trigo, fariñas, gando (bovino, ovino, porcino), cabalos, cereais (avea, centeo, cebada, arroz, millo), pastas, patacas, legumes, sementes, ovos, leite, sal, asucre, leña, madeiras, fertilizantes, produtos químicos, forraxe ...

28. AHN Fondos Exteriores H 3128 Trens Hendaia.

29. R.D. 25/03/1918. Así había tres pontes con aduanas en Irún: a da ponte de Santiago, a da ponte da avda. de Francia e a de Behovia. Renovándose esa tripla habilitación en 1919.

deses traficantes da fame durante décadas, cando acaparando o millo provocaban o seu encarecemento.


No papel parecía o tema resolto pero na práctica as diferentes administracións non parecían actuar coa debida dilixencia. En xaneiro de 1918, por toda a contorna da Coruña capital, dende Carballo até Betanzos, houbo altercados, protestas e motíns. Cando non faltaban as patacas, faltaba o froito do trigo, nunca había millo abondo e ninguén respectaba os prezos taxados.

Esas e outras carencias motivaron revoltas en Málaga, Alacant, Valencia, Barcelona... con máis ou menos vítimas da represión, estados de guerra, censuras, prisións e dimisións de alcaldes e gobernadores civís.

Cando a revolta de marzo en Ferrolterra, con extensións dende Ortigueira até o Eume, destaca a implicación da veciñanza de Neda, Narón, Ferrol, Fene, Valdoviño, Pontedeume e Cabanas. A ausencia de protagonismo da combativa Mugardos, con poderosas asociacións mariñeira e agraria, pode darnos unha das claves dos porqués deses conflitos.

O número 415 do semanario *Ecos del Eume*, publicado o 3 de febreiro de 1918, informa das xestións realizadas polo alcalde de Mugardos no cumprimento das súas competencias legais. Animado por unha manifestación e orientado polo Sindicato de Oficios Varios foi quen de levar á práctica o lexislado facendo respectar os prezos para satisfacción da veciñanza. Posibelmente aforrou algunhas xornadas sanguentas.

No seu seguinte número o semanario eumés dá detallada conta dun motín en Pontedeume abortado rapidamente pola Garda Civil que actuou poñéndose do lado das mulleres e da legalidade, ordenando os comerciantes que aplicaran os prezos de taxa. Nesta eficaz intervención tería algo que ver a inminente celebración de eleccións e a presenza no distrito de deputados da Lliga catalá? Non esquezamos que daquela os rexionalistas de Cambó colaboraban estreitamente cos partidos monárquicos e tiñan ministros e altos cargos no Goberno. Mesmo o senador Rahola que eses mesmos días estaba en Pontedeume facendo campaña a prol de Rodrigo Sanz, candidato da Irmandá rexionalista. De producirse calquera exceso represivo, as repercusións podían ser negativas para o candidato monárquico, Julio



DE MUGARDOS

El día 24 de enero último, y cuando se hallaba reunido el Concejo, se dirigió al Ayuntamiento una manifestación de más de 100 personas, para protestar de los acaparadores de los artículos de primera necesidad y de los panaderos que no dan el peso legal.

Al llegar frente a la Casa Consistorial, subió una comisión presidida por el presidente de la Sociedad "Oficios Varios", para conferenciar con el alcalde, cuya autoridad prometió hacer cumplir las órdenes del gobernador de la provincia.

La Alcaldía, fijó al público un bando con la tasa de la Junta provincial de Subsistencias, y luego llamó a los panaderos para fijarles el precio de 0'20 pesetas a las piezas de pan de 300 gramos y de 0'25 pesetas los 500 gramos del pan de peso, con lo que no se mostraron muy conformes los panaderos a excepción del industrial D. Enrique Lourido, que ofreció vender el pan a dicho precio.

Luego el alcalde ordenó a sus agentes para que prohiban a las panaderas que vienen de fuera que expendan el pan a mayor precio.

Dada la actividad y el celo con que solucionó el conflicto de las subsistencias nuestra autoridad local, no podemos por menos de enviarle nuestro aplauso, deseando que persevere en esa actitud, con el fin de evitar que pueda recrudecerse el conflicto.

Ecos del Eume nº 415 03-02-1918

El problema de las subsistencias

EL PUEBLO PROTESTA DE LA PASIVIDAD DE LAS AUTORIDADES.—LA INTERVENCION DE LA GUARDIA CIVIL CALMA LOS EXCITADOS ANIMOS Y SOLUCIONA EL CONFLICTO.

El pavoroso problema de las subsistencias, creado en este pueblo con la detestable pasividad y el poco celo de nuestras autoridades locales, hubo de originar un dia de luto a los sufridos vecinos de esta villa.

Ni los motines habidos en otros pueblos, ni la protesta que en nuestra plaza de abastos hubo hace dias, ni las atinadas observaciones que desde estas columnas venimos haciendo, ha sido motivo suficiente para que la Alcaldia tomara medida alguna encaminada al abaratamiento de las subsistencias, haciendo caso omiso de las tasas y demás acuerdos de la Junta provincial, y dejando a los acaparadores forasteros y de la localidad en completa libertad para que negociaran con el hambre.

EL PUEBLO IMPONE LA TASA

Convencidos los vecinos de la ineficacia de sus justificadas quejas, y convencidos también de que la Alcaldia no imponia la tasa acordada por la Junta provincial de Subsistencias, el domingo anterior por la mañana, empezaron a concurrir al mercado de cereales un número crecidisimo de mujeres y niños, dispuestas a que no se pagaran los cereales a mayor precio de la tasa, y para protestar contra los acaparadores que se sitúan en los caminos que afluyen a este pueblo.

A eso de las nueve, empezaron los primeros chispazos de motin, debido a que algunos vendedores no daban el fruto por la tasa, presenciando impavidos el tumulto los guardias municipales como si obedecieran a una consigna, diciendo que ellos no tenian orden alguna ni noticia de la tasa.

A las diez, corrió la voz de que una acaparadora estaba comprando en el camino de Esteiro, y para alli fué un grupo de mujeres, a las que acompañaban un guardia municipal, grupo que luego dió vuelta al ver que la acaparadora habia desaparecido.

Visto el incremento que tomaba el motín, el teniente de la Guardia civil Sr. Monasterio, ordenó que saliera a la calle la fuerza de este puesto y la del de Neda, que se hallaba aquí reconcentrada, al mando del sargento Sr. Serrano, cuya fuerza con sus acertadas medidas y sin extremadas violencias, logró calmar los excitados ánimos, que iban tomando caracteres alarmantes, pues ya habian cerrado todos los establecimientos de cereales por temor a un asalto como sucedió en otras localidades.

Seguidamente la fuerza del benemérito Instituto dió orden a los industriales para que abrieran las puertas y vendieran el cereal al precio de tasa, haciéndose el despacho con mucho orden, con lo cual quedó conjurado el conflicto.

VALE MAS TARDE QUE NUNCA

A las doce, y cuando ya el pueblo habia recobrado su habitual tranquilidad, la campana del reloj público anunció al vecindario un bando, en el que aparecia la tasa de los cereales que la Junta provincial de Subsistencias acordó y anunció hace ya bastantes dias en el "Boletin Oficial", cuya tardanza en hacerse cumplir en este pueblo, trajo como resultado grandes perjuicios a los industriales que pagaron momentos antes los cereales a mayor precio del que luego cobraron por la tasa.

Luego por la tarde, y al divulgarse la noticia de que en la estación ferroviaria de este pueblo habia varios sacos de cereales para la exportación, acudieron alli infinidad de mujeres dispuestas a que no se efectuara el embarque, pero al convencerse de que no habia un sólo saco, dieron vuelta para sus casas pacificamente.

MANIFESTACION PACIFICA DE MAS DE 500 HOMBRES

El lunes a las once de la mañana celebraron una reunión en los almacenes del muelle de este pueblo, más de 500 obreros y marineros para protestar del encarecimiento de las subsistencias, en la que acordaron ir en manifestación pacifica a casa del alcalde y entregarle las conclusiones siguientes:

1.ª Que se cumpla estrictamente con la tasa acordada por la Junta provincial de Subsistencias respecto a los cereales, patatas y demás articulos de primera necesidad.

2.ª Que se pongan carteles en las tiendas en que se venden articulos de primera necesidad, y en sitio visible, en el que fijen los precios.

3.ª Que las piezas de pan de libra tengan 500 gramos de peso, que se fije de 0,25 pesetas los 500 gramos y que los industriales marquen el pan que elaboran.

4.ª Que a la leche se le fije el precio de 0.25 pesetas el litro y

5.ª Que se obligue a todos los industriales a que pesen y midan por el sistema métrico decimal.

Como a las once y media, salió la imponente manifestación, pasando por la plaza del Conde, calle de la Cátedra, Plaza de la Constitución, calle Real, plaza de San Roque hasta la calle de las Virtudes, y alli frente a la casa del alcalde, se adelantó una comisión para conferenciar con dicha autoridad y entregarle las conclusiones.

Ecos del Eume nº 416 10-02-1918

PRECIOS DE SUBSISTENCIAS

ARTÍCULOS	UNIDAD	Octubre 1917. — Pesetas.	Marzo 1918. — Pesetas.	ALZA — Pesetas.	ALZA — Por 100.
Trigo	100 kilogramos	47,40	48	0,60	1
Harina de ídem	Idem	57	58,50	1,50	2
Cebada	Idem	39	45	6	15
Maíz	Idem	40	49,50	9,50	24
Arroz	Idem	70	82	12	17
Patatas	Kilogramo	0,25	0,20	— 0,05	— 20
Carbón mineral	Tonelada	230	390	160	69
Azúcar	100 kilogramos	117	129	12	10

Revista Nacional de Economía nº 15 (oct-nov 1918). Prezos outubro 1917 - marzo 1918

Wais Sanmartín, que con toda a Federación de Asociacións agrarias en contra, non estaba sobrado de apoios.

En todo caso, en vista do que virá inmediatamente despois, resulta sorprendente e ilustrativo que en Mugardos un alcalde consecuente, e en Pontedeume un tenente da Garda Civil que mira pola legalidade, foron quen, sen erguer a voz, de frear o malestar e a mobilización reivindicativa.

Os alcaldes dos demais concellos, especialmente Fene, Neda, Narón e Ferrol, tamén foron requiridos a que cumpriran co seu deber e actuaran con decisión, pero desoíron as advertencias sen atreverse a facer valer á súa autoridade e impedir os abusos dos acaparadores. Máis ben correron a chamar á Garda Civil e ó Exército para protexelos. Daquela, xa pasadas as eleccións e sen a incómoda testemuña dos políticos da Lliga, as ordes foron moi diferentes.

6. Trasancos marzo 1918

A revolta comeza o **mércores 6** de marzo ás 8 da mañá no mercado de Xuvia[30]. Numerosas persoas comprobaron como uns traficantes poxaron á chá polas sacas de trigo que transportaban uns carros procedentes de Valdoviño, provocando a inmediata subida de prezos.

> *"Las gentes al darse cuenta de ello y ver, no solo el alza, sino que se quedaban sin trigo para atender a sus necesidades particulares, se amotinaron, arrancando los sacos a quienes pretendían llevárselos. La oportuna intervención de los alcaldes de Narón y Neda impidió que las cosas pasaran adelante".*


30. Esta cronoloxía foi realizada a partir da información dos xornais *El Correo Gallego*, *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia.*

Podemos considerar a primeira etapa do conflito remata o luns 11, sobre as 19 horas cando dá comezo a desproporcionada represión que sufriron os reclamantes. Neses primeiros cinco días e once horas, as comisións de mulleres, seguramente guiadas polas experiencias de Mugardos e Pontedeume, procuraron que os alcaldes cumpriran coa legalidade e actuaran con dilixencia.

> *"...estos movimientos no surgen arbitrariamente, y en el caso que nos ocupa no se ha registrado ni un acontecimiento que le de carácter reprobable, pues los amotinados no han realizado, como se cometen en otras partes, saqueo alguno, limitándose a la protesta tumultuaria. Esto comprueba que el movimiento es tan espontáneo como explicable por las crecientes dificultades de la vida, que vienen a aumentar la desapoderada codicia de unos cuantos".*

Este comentario en *El Correo Gallego* confirma a claridade de obxectivos que tivo o movemento reivindicativo, cando xa fora tiroteada xente en Neda e Xuvia, e sufriran as primeiras feridas. Aínda así, as mulleres amotinadas seguiron na procura da solución máis razoábel. Que os alcaldes asinaran a listaxe cos prezos oficiais e os fixeran cumprir.

Xoves 7, o gobernador civil recorda no Boletín Oficial da provincia que "... los productos: trigo y sus harinas, maíz, centeno, cebada, avena, lentejas, habichuelas, garbanzos, arroz, patatas, azúcar y huevos necesitan para su salida del término municipal en que se hallen y para su circulación, una guía expedida por el alcalde del municipio de salida, sin cuyo requisito las expediciones serán detenidas en los puntos de tránsito por las autoridades municipales y puestas al precio de tasa".



Una denuncia

La vecina de la calle de San Sebastián núm. 28, Cándida Martínez, denunció el domingo al guardia municipal de servicio en el Cantón de Molins Manuel Hermida, que había entrado en el establecimiento de comestibles que tiene en la Plazuela de las Angustias núm. 1, D. Tomás Alonso, y que éste por la mitad de una libra de pan le había cobrado veinte céntimos y que ella al reclamarle aquél le contestó que callase y que podía dar gracias.

Pesado el pan sólo pesaba 510 gramos.

También a una niña, en el expresado establecimiento, se le expendió un pequeño bollo de pan del llamado de Neda, que no pesaba una libra y le cobraron cuarenta céntimos.

El citado municipal y el cabo Lago, fueron a dicho establecimiento.

Cuando la gente se dió cuenta de lo que se trataba pretendió apedrear la tienda, evitándolo los agentes.

Estos dieron cuenta de lo ocurrido a sus superiores.

El Correo Gallego 12-03-1918

Este día, sen dúbida por petición dos alcaldes respectivos, o gobernador civil ordena á Garda Civil que concorra os días de feira a Narón e Neda[31].

Venres 8, *La Gaceta de Madrid* publica a nova taxa oficial de venda do pan que será de 51 céntimos o kilo de pan de primeira e 45 cts/kg. o de segunda.

En Xuvia venden o pan de 35 a 40 céntimos a libra galega (case medio kg).

31. ARG Libro de saída de correspondencia do Goberno civil.

2. Fernando Bermúdez Malaver. «*Fernandus Veremudi*». Caballero (1223-1240). El 18 de enero de 1223 en compañía de su hermano Rodrigo Fernández, y otros personajes: Martiño Pérez, Pedro Franco en representación de la voz de su mujer Elvira Pérez, Juan Eáns en representación de la suya llamada María Eáns; vendieron al caballero don Fernando Fernández de Sanxurxo y a su mujer doña Aldara Fernández sus quiñones de las heredades situadas en Vilachá, Nevares, Frairiz, y Goente (Vilachá, Monfero); las cuales les pertenecían a todos ellos por sus abuelos Elvira Rodríguez de Obaña, y Juan Rodríguez[135]. Entre sus posibles descendientes habría que contar a Martín Pérez de Obaña: «*Martin Perez de Ovana*», hijo de un Pedro Fernández (que por su patronímico pudiera ser hijo de Fernando Bermúdez), y de su mujer Mayor Eáns. Este personaje el 27 de septiembre de 1288, vendió a Pedro Eáns Calvo y a su mujer Mayor Rodríguez, la mitad de sus heredades situadas en San Xurxo da Mariña (Ferrol). La otra mitad de dichos bienes pertenecían a los hijos de su hermano: «*Lopo Perez dito Naraya*»[136]. También pudiera haber sido su hijo, el Juan Fernández Malaver anteriormente mencionado en el año 1286, como testigo de la donación de Roy Gómez de Molina a su mujer Marina López de Lanzós.

3. Rodrigo Bermúdez. (1223-1240). Citado arriba. Entre sus descendientes estaría el caballero *Gonzalo Rodríguez de Obaña*, documentado en un carta de acuerdo con el abad de Monfero don Lorenzo, el 1 de junio de 1261 en compañía de su mujer *doña Ermesenda Rodríguez*; por la que se repartieron las heredades situadas en Mugardos, y Obaña (O Baño, Mugardos); que pertenecían a la Voz de *Munio Muñiz de Carantoña*, y *Urraca Méndez*[137].

4. Julián Bermúdez de Trasdoroña. Que sigue la línea en V.

133. *Ibídem*…Doc. 139. Pág. 223.

134. *Ibídem*…Doc. 166. Pág. 247.

135. Copia digital. R.A.G. Fondo Andrés Martínez Salazar. Colecciones. Pergaminos. Carpeta: 19/9.

136. Vaamonde Lores, Andrés. *Documentos gallegos (I). Venta que hizo Martín Pérez a Pedro Yáñez de varios bienes en San Jorge da Mariña. 27 de Octubre del año 1288*. Boletín nº 25 de la R.A.G. Págs. 17/18. Naraya es una deformación de Naraío.

137. Copia digital. A.R.G. Colecciones. Documentos en pergamino. Caja.116.

Generación V. Julián Bermúdez de Trasdoroña. «*Julian Veremudi de Transdoronia*». Otorgó su testamento a favor de Monfero el 31 de marzo de 1247, por el cual mandó al monasterio todo lo que le pertenecía por su madre: «*Guntine Iohannis*» en la villa de Trasdoroña, en San Salvador de Leiro (Miño). Añadió también, la parte que le pertenecía por su nieto Juan Barro: «*Johannis Barrosi*»; que había fallecido en la granja de Xestoso, y había sido sepultado en el monasterio.

Don Julián se desposó con mujer desconocida, y t.p.h.a:

1. Marina Juliánez. Se desposó con un desconocido *Diego Eáns*, y ambos t.p.h.a:

a. Fernando Díaz. «*Fernandus Didaci*». (1256-1294). Vendió el 6 de diciembre de 1256 al citado don Lorenzo, abad de Monfero, toda la heredad que le pertenecía en Trasdoroña que sumaba la sexta parte del casal de don Juliano, y la doceava del casal de: «*Moentera*» (desconocido); toda lo cual le pertenecía por su madre Marina Juliánez y por su abuelo el citado don Julián, en precio de 45 sueldos leoneses; 25 de ellos, pagaderos en un rocín[138]. Este Fernando Díaz debió de ser un personaje bastante notable, ya que el 30 de marzo del año 1294[139], poseía dos escuderos: uno de ellos su primo Lorenzo Rodríguez; personaje que es el mismo: «*Lourēzo ffreyre ffillo q ffostes de Roy ffreyre*» y: «*L(ourenço)º rrsº dito Freyre morador ena Ponte deuy me*», según se defendía en mi anterior artículo[140].

2. N. Juliánez. Mujer del caballero Pay Fernández, hijo según su propio testimonio del también caballero Fernán Pérez de Sanxurxo (1176-1202), habido en mujer desconocida[141]. Este Pay Fernández, recordemos, había dejado en garantía al monje de Monfero Pedro Calvo el 5 de abril del año 1235[142], un paquete de heredades situadas en Santa María de Vilachá y sus términos: *Goente, Nevares,* y *Fradiz*; heredades que pertenecían a la voz de Francia. Esta donación fue confirmada entre otros personajes por su pariente el prestamero de Pruzos: Pedro Bermúdez de Andrade. Ambos t.p.h.a:

Generación VI. Pedro Páez de Franza. «*Petrus Pelagii, armiger, dictus de Francia».* Progenitor del linaje Freire de Andrade de Pontedeume, a través de su hijo el caballero Juan Páez: «*Johans Pelagii miles, et frater ei nuno pelagii filios de Petro Pelagii*»[143]. Como ya se afirmó anteriormente, este Pedro Páez había vendido sus heredades en Vilachá a Aldara Fernández, viuda de su tío paterno Fernán Fernández de Sanxurxo

138. Fuentes Sanz, María Josefa. *Documentos del archivo del monasterio de Monfero en el Museo de Pontevedra.* "Boletín de NALGURES", tomo XII, año 2016. Homenaje a José Luis López Sangil. Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia. Pág. 573/574. Doc. 11. En adelante: (FUENTES SANZ…).

139. Copia digital. A.R.G. Colecciones. Documentos en pergamino. Caja.152: *O mosteiro de Santa María de Monfero afora a Vasco Pérez de Leiro, fillo de Pedro Pérez e de doña Tereixa, y a su mujer Mayor Vázquez filla de Vasco Fernández de Saz, a granxa de Obaño por renda de oito moios de sal cada ano amais doutros servizos.* Testigos: Gonzalo González, Juan Eáns de Callobre hijo de Juan Fernández, Lourenzo Rodríguez y Xoán Neto escuderos de Fernán Díaz, Gonzalo Martínez y Juan Fermoso, Roy Martínez y Pedro Mancebo.

140. *Relaciones II*…Pág. 140.

141. *Ibídem*…Pág. 136. *«Ego pelagi fernandii miles filii donn fernandi».*

142. *«por die nonas aprile».*

143. *Relaciones II*…Pág. 138.

(I), documento que aparece fechado erróneamente en el año 1223, en el índice del Tumbo de Caaveiro[144]. Hoy podemos ofrecer más datos sobre este personaje clave, en la genealogía de los Freire, como puente de unión entre el linaje Sanxurxo de sus antepasados, y el linaje Freire de sus sucesores; gracias al magnífico trabajo de doña María Josefa Sanz Fuentes, que ha transcrito y publicado el documento de la venta que solo se conocía a través de los aludidos títulos del Tumbo, y que se reproduce ahora a pie de página dado su interés[145]. Gracias a este documento, sabemos que Pedro Páez fue heredero por su madre y no por su padre Pay Fernández, del patrimonio agrupado dentro de la llamada: *vocem de Francia* (Franza, Mugardos), y que sumaba los lugares situados en Santa María de Vilachá: « *scilicet Frariz, Goente, Corueras et Neuoras, totam vocem de Francia, et est de VII[a] parte V[a] parte integra»*.

144. *Relaciones II*…137. *«Según el Tumbo de Monfero la fecha es 1223, sin embargo se cree errónea, y podo ser otorgado muy posteriormente si efectivamente esta Aldara Fernández es la misma casada con su tío Fernán Fernández de Sanxurxo y no otro personaje homónimo».*

145. Fuentes Sanz, María Josefa. *Documentos del archivo del monasterio de Monfero en el Museo de Pontevedra.* "Boletín de NALGURES", tomo XII, año 2016. Homenaje a José Luis López Sangil. Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia. Pág. 573/574. Doc. 11. (1253, julio, 19): Pedro Páez, caballero, apodado de Francia, vende a doña Eldara Fernández toda cuanta heredad posee en Vilachá, con los villares llamados Frariz. Goente, Corveras y Nevoras, que es la quinta parte de la octava, por 70 sueldos leoneses y además 2 sueldos en robra. *«Ego Petrus Pelagii, armiger, dictus de Francia, et omnis uox mea, uobis domne Eldare Fernandi et omnis uox uestra facio textum scripture firmitatis et cartam vendicionis in perpetum valituram, ita scilicet quod vendo uobis totam herditatem quam habeo et habere debeo in Vila Plana, cum suos uilares, scilicet Frariz, Goente, Corueras et Neuoras, totam vocem de Francia, et est de VII[a] parte V[a] parte integra. Ipsas herditates, sicut sunt dictis, uobis uendo intus et foris cum omnibus pertinenciis et suis direyturis, cum quantum adprestitum hominis est per ubicumque eas potueritis inuenire; et acipio a uobis pro eas precium LXX solidos legionenses et in robore II solidos de quos sum iam bene pacatus. Ita ex / hodie die de iuri nostro sint rase et incognite et in uestro iure datas et confirmatas, habeatis eas uos et omnis posteritas uestra in perpetuum. Si aliquis homo de pars mea aut de extranea contra hanc cartam adisrrenpendum uenerit maledicantur in VII[as] generationem; et quantum calumpniauerit vobis duplet; et pro tali ausu pectet domino terre / CCL solidos. Et carta in suo robore permanente. Ego Petrus Pelagii iam dictus in hanc cartam quam iussi manus meas proprias roboraui. Facta carta vendicionis sub era M[a] CC[a] LXI[a] et quotum XIIII[o] kalendas agusti. Tempore regis domni Alfonsi; archiepiscopi Compostellani domni Iohannis Arie; ricomi domni Roderici Gomez; archidiaconi /domni Garcia Roderici. Qui presentes fuerunt: Franquinayro testis; Petrus Lupi, miles de Uilaplana, testis; Nunnus Suarii de Vinnea testis; [..]Suarii testis: Pele d'Aymir confirmat; Suerius Petri confirmat: Petrus Iohannis Capita confirmat Petrus Michaelis confirmat; Iohannes Petri presbiter, confirmat, et alii multi qui uiderunt et audierunt. Dominicus Martini publicus notarius iuratus concilii de Betanzis notuit (S)».*

MAR E OS SEUS CONFLITOS EN *PONTESDEUME*. SÉCULOS XVII-XIX[1]

Chema Leal

"Como en el canto se esmera el Bemol,
Ansy Puentesdueme, sin que otra discante,
Que en todas riberas de vista triunfante
Puede por cierto llevar el Farol
Luego tras desto veréis à Ferrol
Puerto estremado que à todos, hà popa,
pues puede afirmarse, que en toda la Europa
podemos à este pintalle por Sol"[2].

INTRODUCIÓN

Algúns cremos que para falar do mar e os problemas que nel xorden pola súa explotación hai que acudir a unha perspectiva dialéctica; aquela na que se analizan os factores que interveñen no proceso, os seus intereses, a loita entre eles por conseguir os seus obxectivos, o marco político-económico-social e cultural dunha etapa histórica en concreto. Mesmo non deberiamos deixar de lado os factores ecolóxicos dun medio natural sobre o que se actúa cos seus determinantes (formas de relevo, rías, plataforma continental,...) que ofrece recursos limitados en tempos concretos. A biotecnoloxía das comunidades pesqueiras tamén amosa así ser un elemento de vital importancia neste senso xa que dela dependerán cuestións como a sobrexplotación dos recursos, a inexistencia deles, a fame, a emigración, etc. A imbricación do home co marco natural no que insire a súa actividade económica ten que ser estudada deste xeito.

Galicia, con 18 rías dende o Eo até A Guarda, presenta unhas costas ben diferenciadas; rectilíneas no norte cantábrico, chea de entrantes e saíntes dende Ortegal até as lindes con Portugal. Nelas iranse instalando as comunidades humanas, dende que temos restos do Paleolítico Superior até os nosos días, afastadas xeralmente dos centros de decisión política que sempre se sitúan moi lonxe e de costas a elas. Desgrazadamente, no caso galego, os brazos que manteñen os anteriores asentamentos litorais só serán tidos en

1. Co meu agradecemento para Beatriz Bermúdez Blanco, arquiveira accidental do Concello de Pontedeume e Alexandre Caínzos Corbeira, bibliotecario titular do mesmo concello.

2. LICENCIADO MOLINA: *Descripcion del Reyno de Galicia, y de las cosas notables del*. Madrid. 1675. Fol. 30.

conta polos que mandan para ser carne de impostos, levas ou de fachos e "*trozos*". E disto van as liñas que nos suceden; o mar de Pontedeume, vila emprazada no corazón do golfo Ár-tabro, será o escenario desas loitas do home co mar pola obtención de recursos pero tamén dos pescadores entre si pola mesma causa, e destes coas autoridades civís ou eclesiásticas porque estas pretenden apoderarse dun excedente en forma de impostos que asoballa e somete na miseria a aqueles.

Para dar contido a estas liñas abríronsenos as portas dun moi ben nutrido e pouco ollado Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP) no que brillan con luz propia os expedientes de décimas de mar, preitos entre mareantes, arbitrios, alcabalas,... A documentación complementouse coa doutros arquivos (Archivo General de la Marina "Álvaro de Bazán", Archivo General de Simancas, Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo do Colexio de Notarios da Coruña, Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela, Arquivo Histórico Diocesano de Santiago e outros) que nos ofreceron datos de Matrícula de Mar, rendas da sal, Montepío da Pesca, protocolos notariais, etc. E para darlle sentido acudimos á bibliografía que nos achegaban nomes como Meijide Pardo, Carmona Badía, Alonso, Cornide, Sáñet Reguart, Rodríguez Santamaría e outros que irán citados convenientemente.

Queremos dividir o marco cronolóxico en dúas partes; unha primeira referida ós séculos XVII-XVIII que abranguería este traballo presente, previo á chegada dos cataláns, e unha segunda que amosaría as consecuencias da presenza destes nas nosas costas.

Con todo, xa adiantamos que os mariñeiros galegos non vivían nun marco idílico de igualdade previo á chegada catalá tal e como dicían os autores ilustrados, e que esta non provocou a tan denostada desigualdade no marco das relacións de produción pesqueira do século XVIII[3]. Os desaxustes, as desigualdades amentadas, xa viñan de lonxe e tiñan orixe no seo da propia sociedade da beiramar galega, mesmo na do interior compostelán, por exemplo.

En definitiva, as tensións que imos narrar non poden explicarse se non se teñen en conta problemas como os da xeración, distribución e emprego do excedente que achegan o mar e a terra, a correlación de poderes (económico, político e ideolóxico) entre as diversas clases e camadas sociais; e, en resumo, o grao de supervivencia ou disgregación das relacións de produción feudais[4] e tardo feudais.

1. O *Puentesdeume* do antigo Réxime previo ao Catastro de Ensenada e a chegada dos fomentadores cataláns

Así definía o Licenciado Molina no 1675 os portos de Ferrol e Pontedeume da que ademais apunta que é vila que conta cunha marabillosa ponte, na súa bisbarra abondan as

3. Carmona Badía, Xoán: *Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVIII*. En "Grial", nº 102, 1989. páx. 216-226.

4. Rodríguez Galdo, MARÍA: *Nos alicerces do subdesenrolo galego: A pesca a mediado do século XVIII*. En "Grial", tomo XV, n°56 (abril-junio de 1977). páx. 165-172.

árbores froiteiras, ten fermoso asento e ribeiras de modo que en Castela farían festa con elas. Nada se nos refire do mar nin das súas actividades e teremos que acudir a outra fonte para ter novas sobre a cuestión. Trátase da descrición que Pedro Teixeira dá de *Pontesdueme* na súa obra *El Atlas del Rey Planeta* publicada en 1634[5]. Descríbemos o portugués unha vila situada "*en la orilla deste braço de mar de la parte del mediodía. Es lugar noble y de muncha población, cercado todo de buena muralla que con ser muy antigua está oy toda yn pie*"[6]. Ten a vila gran trato de peixe e para a súa pescaría existen moitas lanchas e redes que chaman *armaçones*. A especie por excelencia é a sardiña que se pesca todos os días en alta mar e no interior das rías e logo de preparada á galega, escochada[7], é transportada ao interior peninsular polos arrieiros maragatos ou a Levante, Portugal e Andalucía a bordo de barcos[8] de comerciantes vascos e asturianos, fundamentalmente, aínda que tamén galegos como "*Joseph Barela, mercader de por maior, tratante en sardina y administrador de la capilla de la Purificación. De 43 años, casado; tiene dos hijos, el uno maior de 18 años, el otro menor, un criado maior de 18 y dos criadas; y por su yndustria como mercader* (tiene) *1.500 reales al año; como tratante en sardina 12.096 por 672 cargas que ha beneficiado este año al respecto de 18 reales de utilidad en cada una, según noticia del Ayuntamiento; y como administrador 550 reales, que el total es de 14.146 reales*".



Plano da ría de Betanzos de Pedro Teixeira. 1622-1634. FONTE: Consello da Cultura Galega

5. A elaboración de *El Atlas do Rey Planeta* do cosmógrafo portugués Pedro Teixeira está inserida na política defensiva das costas peninsulares que a dinastía dos Austrias intenta pór en marcha no primeiro terzo do século XVII. Empeñados en inútiles guerras relixiosas en Europa deixarán desprotexido o litoral ante ataques de corsarios, piratas ou doutras armadas inimigas. Nestas, a súa defensa haberá de correr a cargo dos propios veciños que contan para isto cos "fachos" e "trozos". En efecto, en 1622, Felipe IV enviou una comisión de cosmógrafos e historiadores con dirección a Guipúzcoa. As súas instrucións eran precisas: a elaboración dunha relación completa das costas de España, dos seus portos e cidades máis importantes; mesmo das súas antigüidades e historia. Un percorrido completo dende Hondarribia, xirando no sentido contrario ás agullas do reloxo, ata chegar de novo á fronteira con Francia. Así xorde *El Atlas do Rey Planeta* magna obra que describe as costas españolas con gran minuciosidade, publicado no 1634. Ver neste senso, Leal Bóveda, José María: *Os postos de vixilancia litoral na Galicia cantábrica dos séculos XVI-XIX. Fortes, fachos e trozos. Corsarios, piratas, armadas*. "En terras de Ortegal", nº 5. En Prensa.

6. Pereda, Felipe e Marías, Fernando (Eds.): *El Atlas del Rey Planeta. La descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Teixeira (1634)*. Ed. Nerea. Donostia. 2002. P. 327. En diante todas as referencias a Teixeira Terán que ver coa obra citada.

7. O escochado é unha técnica artesanal galega que consiste en eviscerar as sardiñas, sacándolles cabeza e vísceras e dándolles un baño de sal. A continuación dáselle un lixeiro prensado co que o peixe non perde toda a graxa polo que en contacto coas altas temperaturas tende a oxidar. Isto repercutía negativamente na súa comercialización no interior peninsular a lombos das cabalerías dos maragatos que concorrían aos nosos portos a mercala e *Pontesdeume* non era una excepción. Ver Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela (ACS): *"Libro en que se dá noticia de las Causas, y origen del Montepio erigido en la Ciudad de Santiago por Real Resolucion de 6 de Noviembre de 75. para auxilio, y fomento de los Pescadores de la Costa de Galicia, nombramiento de sus Directores, sus Juntas y resoluciones. Año de 1777"*. SIG. I. G. 411. PS. 15-19.

8. Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP): *"Auto ordinario entre los Mareantes. Testimonio de un pleito litigado en el Rl Tral en el año pasado de 1637"*. 1685. Sig. 104.1/4.

A documentación citada deixa constancia da presenza deste grupo de mercaderes situados no cumio da estratificación social, que en moitas ocasións son propietarios das loxes de salga do peixe e comercializadores do produto en barcos igualmente propios[9]. As rendas acadadas coas vendas da sardiña salgada ben lle poderían proporcionar a amentada consideración social aínda que non pertencesen ao estamento privilexiado.

Nesta orde de cousas, cabe deducir a existencia desta pequena industria local, mesmo familiar, da presenza dos mercadores anteditos, da resposta número 14 dada polos representantes dos portos de Sada, Ares e Pontedeume na quinta sesión das do Montepío da Pesca de 1777, que logo explicaremos, e do alfolín, ou almacén oficial de sal, rexido para 1752 por *Don Ygnacio Barandica, administrador de los alfolies de la sal de esta villa, de 52 años, casado; tiene una hija y una criada; y de utilidad por su empleo al año 300 reales, de Bartholomé Díaz, medidor de sal espelida, de 33 años, casado; tiene de utilidad por su oficio al año 550 reales,* ou de "*Joseph Caruncho, mercader y recetor de salinas, de 42 años, casado. Tiene tres hijos de menor edad, un criado maior de los 18 y tres criadas; y de utilidad por su yndustria de mercader 20 reales al año, y como recetor de salinas de la villa del Ferrol otros 20, que el todo hacen 40*"[10]. *Bartholomé Díaz, medidor de sal espelida, de 33 años, casado; tiene de utilidad por su oficio al año 550 reales.* A posesión do sal e a súa administración tamén achegaba cuantiosas rendas e prestixio social. Lémbrese que aquela era vital para a conservación de alimentos como a carne, peixe, manteiga,... Por isto, obter a propiedade da mesma almacenada nos alfolíns será unha estratexia de dominio do clero e señores, engadido o monarca, sobre o resto da poboación que debe acceder ao seu uso a prezos e condicións non sempre adsequíbeis.

O Catastro menciona varios comerciantes máis que trafican con xabón, aceite e outros produtos relacionados coa explotación da pesca. Con todo, a transformación dela mediante o escochado e posterior almacenado en pipas de madeira reflíctese na presenza de carpinteiros-toneleiros que diversifican a súa actividade co comercio de sardiña salgada, como é; "*Francisco Antonio de Herba, de 32 años, casado, tiene un hijo menor, dos hijas y su madre; y por su jornal 720 reales. Además, por su yndustria de comerciante en sardina por 177 cargas que constan por las respuestas de ayuntamiento haber benefeciado, regulada la utilidad a 18 reales cada una 3.186 reales*"[11]. O negocio do comercio da sardiña debeu proporcionar importantes beneficios e nel veremos non so comerciantes propiamente ditos senón tamén labradores e xornaleiros que complementan a súa actividade na terra con este labor[12]. E o mesmo poderiamos dicir da banastraría, na que inserirán

9. Carmona Badía, Xoán: *Ibídem*. páx. 222.

10. Catastro de Ensenada. En http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController. Ver tamén Daviña Sainz, Santiago: *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada*. En "Cátedra. Revista Eumesa de Estudios", nº. 8. 2001. Ps. 113-157.

11. En http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController.

12. Véxase, por exemplo: *"Domingo de Lamas, de 30 años, soltero, 200 reales. Asimismo se le cargan por utilidad de 146 cargas de sardinas que ha beneficiado esta año a 18 reales cada una de utilidad, como parece de las respuestas del Ayuntamiento", "Pedro Vázquez, de 66 años; tiene dos criados de maior edad y una criada y por estos 400 reales. Asimismo se le cargan por la utilidad de 344 cargas de sardina que ha beneficiado este año al respecto de 18 reales de utilidad en cada una como consta de respuestas genera-les 6.192 reales", "Gil Antonio de Lamas, de 40 años, casado,: tiene tres hijos*

xentes que tiñan o terreo como primeira fonte de ingresos[13]. En efecto, no primeiro dos casos, o comercio de sardiña, pode implicar unha septuplicación das ganancias obtidas coa profesión principal, mentres que no segundo os incrementos son menos desorbitados pero tamén considerábeis xa que ascenden a 167 reais. En definitiva, estamos diante da penetración do capital mercantil no mundo pesqueiro levada a cabo por non matriculados[14] para datas anteriores a mediados do XVIII.

Outras especies obtidas coa pesca e logo comercializadas en fresco serán a pescada, congro, abadexo e outros peixes menores. Neste senso, Francisco Lopez e Josef Vermudez, veciños do porto de Sada e representantes dos de Ares e Pontedeume expoñíanlle a Cornide en 1777 que nos ditos portos a especie fundamental era a sardiña pero que: "(se) *podrán establecer la* (pesca) *de Merluza y otros Pescados para venderlos en fresco al publico, ó Pueblos de su contorno con volantes y chinchorros,* (que) *abunda mas la Merluza. Que se sirven de volantes, y no de cordel porque están muy distantes de la costa braba y entra en su Ria poco Abadexo, y Merluza, impidiéndoselo por otra parte el hallarse obligados con las traíñas*". *Que no usan de volantes de Portugal sino de los que hacen en sus casas. Que tienen Barcos suficientes para la pesca que puedan hacer de ambas especies*"[15]. E non fallaban os mariscos como os camaróns tan loados por Cornide "*por su tamaño y por el delicado escaveche en que se los conservan*"[16]. Nesta orde de cousas, fálasenos da existencia de 48 mercadores e tendeiros, 93 carpinteiros e toneleiros, 223 labradores, 5 xornaleiros e 427 mariñeiros que supoñen unha importante maioría por sectores profesionais, é dicir, o mar e as súas actividades inducidas eran en gran parte a fronteira natural e cultural de Pontedeume e sobre el van xirar os grandes conflitos que teña a vila como haberemos de ver.

Volvamos a Teixeira: "*Y de la parte del leuante se entra en esa villa por vna puente que le aze selebre. Es esta puente de las más grandiosas que tiene España. Toda de cantería, fábrica antigua pero tan entera que parece auerse ahora acabado. Tiene esta puente de largo dos carreras de cauallo. No es demasiado de alta y así tiene gran número de arcos. Em medio se ensancha donde tiene vn hospital, y en el oro terçio de la puente vna*

menores, su suegra, un criado maior y una criada. 400 reales. Asimismo se le considera por la utilidad de 173 cargas de sardina que benefició esta año a 18 reales cada una 3.114 rea-les", Francisco de Leyra, de 30 años, casado; tiene tres hijos menores. 200 reales. Asi-mismo se le considera de utilidad por 91 cargas de sardina que benefició este año, a 18 reales de utilidad en cada una 1.638 reales".

13. *"Francisco del Río, casado, de 25 años, tiene una hijastra en su compañía. 200 reales. Asimismo se le considera por la yndustria de banastero de la villa 167 reales", "Nicolás de Quintana, de 54 años, casado; tiene una hija. 200 reales. Asimismo se le cargan por el útil de banastero, según las respuestas generales 169 reales", "Manuel Pérez da Vei-ga, de 60 años, casado; tiene una criada y se le cargan por la yndustria de banastero 167 reales", "Francisco del Río, casado, de 25 años; tiene una hijastra en su compañía. 200 reales. Asimismo se le considera por la yndustria de Banastero de la villa, 167 rea-les".* En http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController.

14. Carmona Badía, Xoán: *Ibídem*. páx. 218.

15. Arquivo da Catedral de Santiago (ACS): *"Libro en que se dá noticia de las Causas, y origen del Montepio erigido en la Ciudad de Santiago por Real Resolucion de 6 de Noviembre de 75. para auxilio, y fomento de los Pescadores de la Costa de Galicia, nombramiento de sus Directores, sus Juntas y resoluciones. Año de 1777".* SIG. I. G. 411. páx. 15-19.

16. Cornide, Joseph: *Ensayo de una historia de los peces y oras producciones marinas de la costa de Galicia*. La Coruña. 1788. páx. 170.

torre con vn arco que se sierra con su puerta, /fábrica de muncha consideración y hermosura"[17]. A existencia da ponte era vital para as comunicacións da vila co seu ante e traspaís; Ferrol e bisbarra polo norte, Ares, Mugardos, Redes, etc., polo sur de modo que o seu mantemento constituía unha das preocupacións inmediatas das autoridades locais[18]. Por isto, para conseguir recursos haberían de recorrer ao imposto sobre as banastras ou cestas vexetais empregadas na carga e descarga do peixe[19]: "*Percive esta villa de las rentas de propios fundadas sobre las casas, murallas, réditos de censos y banastería seis mil quinientos quarenta reales y veinte y ocho maravedís de vellón, como lo acredita el testimonio dado por el escribano de Ayuntamiento*"[20]. Pero entre os gastos fixos habería que descontar os 78 reais e 14 marabedís dos propios que percibía anualmente do Concello por razón de vasalaxe a condesa de Lemos e 4.468 reais con 22 marabedís por gastos de pensións e salarios[21]. Outro dos trabucos que gravaban a actividade mercantil e fornecía as arcas poderosas era o portádego: "*el puente desta villa en el que se cobra el derecho de portazgo que antiguamente pertenecía a los antiguos Señores Condes de Andrade quienes lo cedieron para la fundación del convento de Santa Cathalina de Montefaro, erección y manutención del ospital del Espirítu Santo que está encima de dicho puente y en la mitad de él; el que corre actualmente por quenta de S. M. y lo cobra Miguel Salgado, mesonero en ella y concurre con su producto al depositario del papel sellado de la ciudad de Vetanzos, y consiste en: carga redonda, seis maravedís; albarda sola, un maravedí; carga de sardina, dos; caveza de bueyes, dos; apareados, tres; carga de vino, quatro; mulas en pelo, tres; carga de aceite, quatro; todo lo qual declaró en este mismo acto el referido Salgado*"[22].

En todo caso, non menciona Teixeira ningunha infraestrutura portuaria como peiraos, guindastres ou similares ou defensiva o que nos dá a idea de que as operacións portuarias faríanse a pé de praia, o varado das embarcacións sobre a propia area e non habería outros elementos de protección diante de ataques corsarios ou inimigos que a propia

17. Pereda, Felipe e Marías, Fernando (EDS.): *Ibídem*. pax. 327.

18. As lindes da vila viñan definidas no Catastro de Ensenada, 1752, desta forma: *"ésta villa (…) se reduce al casco y suelo de su población que es de forma quasi redonda o ovalada, y por lo ancho desde la Puerta del Puente hasta la de la villa tiene doscientas baras, y el arabal desde ésta hasta el fin, ciento y cinquenta baras, y por lo largo, desde el convento de San Agustín hasta la Puerta do Porto trescientas baras, y el arabal desde ésta hasta el fin cinquenta baras, y todo el casco y circunferencia dos mil baras, poco más o menos; está situada a la falda del monte de Breamo por donde corresponde al mediodia, y viniendo a mano derecha por la circunferencia del convento de Nuestro Padre San Agustín confronta al Oriente o Levante y de allí circundando a el monte confina con el río de Eume y puente que lo salba, y por el Poniente con el coto de Centroña; cuio puente principia desde la Puerta que toma su nombre y ba a fenecer al Campo del Arenal y caminos del Ferrol, Cavañas, y Caaveiro; es de piedra de cantería, obra famosa, costosa y mui antigua, sobre sesenta y dos ojos o arcos y tiene delante mil baras; y la figura de dicha villa es la del margen".*
En http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController.

19. Meijide Pardo, Antonio: *Aspectos de la vida económica de Puentedueme en el siglo XVIII*. En "Anuario Brigantino", nº 16. 1996. Ps. 61-74. Tamén en Veiga Ferreira, Xosé Mª: *Un acercamento ó imposto de banastrería en Pontedeume*. En "Cátedra. Revista Eumesa de Estudios", Núm. 6. 1999. páx. 147-162.

20. En http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController.

21. *Ibídem*.

22. *Ibídem*.

muralla. Certamente, descríbensenos unhas moi pobres infraestruturas portuarias cando noutras radas do Cantábrico, por exemplo Avilés, contaban xa para o medievo con todas elas[23].

Sobre os medios de produción e a súa propiedade no mundo do mar, que é o que nos atinxe neste traballo, antes da chegada dos fomentadores cataláns, o Catastro de Ensenada ponnos de manifesto que: "*en esta villa no ay embarcaciones grandes que naveguen ni comercien en alta mar, sólo hay barcos, lanchas y dornas y que ban desde esta villa a la ciudad de La Coruña, villa del Ferrol, otros circunvecinos en cuia mar pescan, y ay quatro galeones, seis barcos, siete lanchas y seis dornas, cuios dueños constará por las relaciones y noticias que sus señorías han tomado y tanvién de las utilidades por las que según su conocimiento regulan que darán a sus dueños por cada Galeón doscientos cinquenta rreales, y por cada uno de los barcos ciento sesenta; por cada una de las siete lanchas ciento y treinta, y a las dornas a cada una ochenta rreales, todos ellos libres*". Parece obvio que a propiedade dos galeóns, ou barcos grandes que portaban a rede na pesca do cerco real ou da traíña, non podería estar nas mans de simples mareantes matriculados polo seu alto custo, mais si na daqueles estratos superiores do gremio de mareantes que, sen necesidade de saír ao mar, percibían un certo número de quiñóns sobre o produto da pesca. Así, no porto de Ares, para 1752, había tres traíñas das que os respectivos galeóns pertencían a un pequeno fato de 5 persoas, comerciantes de aceite, xabón, sardiña, ningunha delas matriculada[24]. Pola contra, a participación dos pescadores do común ás empresas cerqueiras consistían na subministración de pezas de pano que se engadían á rede maior polas que recibían unha parte da pesca ou quiñón.

Véxase nas distintas formas de propiedade dos medios de produción e de reparto do excedente unha clara evidencia da desigualdade social no universo das pescarías galegas do Antigo Réxime, feito que contrasta coa tranquilidade, a paz e a abundancia na que Cornide aseguraba que vivía a beiramar galega previa á chegada dos cataláns[25].

O lector darase conta da existencia dun mundo comercial marítimo subdesenvolvido, levado a cabo por embarcacións de pouco porte (dornas, pataches, pinazas) que practican navegación de cabotaxe coas rías inmediatas, polo sur chegan a Portugal e Andalucía, e polo norte a Asturias, Páis Vasco e Francia. Comercio e actividade pes-queira convertíanse nas dúas actividades sobre as que xiraba o sostemento e afianzamento das vilas mariñeiras e este era o caso de Pontedeume. Polo que respecta á pesca estamos diante do mesmo panorama xa que as rendas xeradas son moi xustas pero nada se nos indica das relacións de produción, é dicir, cantas persoas levan a bordo, como se reparten as ganancias,... Deberemos agardar ás actas do Montepío da pesca de 1777 para analizar

23. Leal Bóveda, José María: *Estudio geográfico-histórico del puerto de Avilés*. En "Guía didáctica del puerto de Avilés". Tórculo Ediciones-Universidad de Oviedo. Santiago de Compostela. 2007.

24. En http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController. Citado por Carmona Badía, XOÁN: *Ibídem*. páx. 218.

25. Leal Bóveda, José María: *Fuentes para el estudio de la familia Llauguer y su relación con la hidalguía vilanovesa: los Peña y Valle-Inclán*. En "Cuadrante: revista cultural da Asociación Amigos de Valle-Inclán", ISSN 1698-3971, Nº. 33, 2016, páx. 144-233.

estas cuestión. Pero si cabe dicir que falamos dun tipo de pesca moi tradicional, nada evolucionado, baseado no emprego de redes de xeito, traíña, cerco real ou cedazo, chinchorro, trasmallo e outros descritos polos pensadores ilustrados que vían na solidariedade que esixía o seu uso o remedio aos males da pesca galega. Aínda con todo iso, as capturas, logo de salgadas mediante o escochado, secado, afumado,... aseguraban un florecente comercio con Portugal duns 200.000 milleiros de sardiña[26].

2. Os conflitos do mar

A pertenza xeográfica a un alfoz, golfo Ártabro, que conta coa presenza de varias vilas mareiras próximas (Ferrol, Betanzos, Sada, Ares, Mugardos, Redes,...) nas que as condicións de vida dos seus habitantes non eran moi diferentes das existentes en Pontedeume, o réxime de señorío das casas de Lemos e Andrade, máis a proximidade da capitalidade provincial en Betanzos farían que os conflitos derivados da explotación pesqueira (artes, vedas, embarcacións…) ou pola cobranza das rendas do mar (décimos de pesca, de mar, esmolas, cambos, dereitos de banastraría...) fosen algo común. En definitiva, a fiscalidade sobre a pesca consistiu nunha diversidade de cargas ou dereitos señoriais que dun modo ou doutro gravaban ou controlaban o aproveitamento e comercio dos produtos animais do mar. A principal contribución específica que debían satisfacer os mareantes era o denominado "*diezmo de la mar*", ou "*medias diezmas*" ou dereitos percibidos polos señores laicos ou eclesiásticos nos portos de mar. Con esta figura gravábase todo aquelo que se cargara ou descargara nos cais de orixe ou destino no estranxeiro. Xeralmente, a metade ía parar ás mans da dignidade eclesiástica, arcebispo de Santiago, e a outra ás do monarca ou señor competente. Os cambos consistían nunha imposición eclesiástica orixinaria de época medieval que consistía na entrega dunha cantidade determinada da pesca. Así, cabe subliñar o gran peso específico do décimo de mar entre as contribucións satisfeitas polos pescadores da bisbarra das mariñas coruñesas que reportaba abondosos beneficios, sobre todo aos párrocos, os seus principais perceptores[27].

A estes impostos haberíanse de engadir outros que fan referencia ao que percibían as xustizas municipais impostas polo poder señorial nas vilas mariñeiras ou aqueles privilexios que detentan as comunidades relixiosas de Galicia, no senso de se poder abastecer de peixe curado na cantidade que precisen para a súan mantenza antes da súa venda no mercado. Amén de polo sistema impositivo antedito, a comercialización da produción marítima víase dificultada polas taxas de prezos prefixadas polos xustizas municipais, as deficiencias no aprovisionamento do sal, de vital importancia para a conser-

26. Cornide, J. A.: *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*. Publicado por D. Joachin Ibarra. Madrid. 1774. páx. 62.

27. Vázquez Lijó, José Manuel: *Aproximación a la fiscalidad sobre la pesca en el Barbanza del Antiguo Régimen. El diezmo de mar y otras cargas*. En "Cuadernos de Estudios Gallegos", Tomo XLVI, Fascículo 111, Santiago 1999. páx. 86.

vación do peixe, o mal estado das vías de comunicación e a falla de articulación dos mercados galegos[28].

Neste senso, para o Partido de Pontedeume e portos de Ares e Sada pagaba "*cada Yndividuo de mar al año al Cavildo de Santiago por razón de Diezmo 200 Sardinas, y las viudas que no tienen red 100, y por vasallage 14 y quartos cada uno, y las referidas viudas una Gallina de que no se exivieron Privilegios ni otro Ynstrumento*"[29].

Nestas, en 1643 a vila de Puentedeume litiga coa cidade de Betanzos polo cobro da denominada *décima de la mar* que ambas consideraban lles pertencía. A cuestión era que, con obxecto de obter un control das actividades de carga e descarga que se efectuaban nos portos galegos para impor uns impostos cos que encher as arcas os señores laicos ou eclesiásticos, existía una prohibición real, estipulada por lei, de realizar as manipulacións portuarias nos portos galegos que non foran Baiona, Pontevedra, Padrón, Muros, Noia, A Coruña. Betanzos e Ribadeo[30]. Evitábase así que os navieiros e comerciantes fixeran as operacións noutros puntos deixando sen pagar a citada *décima de la mar*[31] ou outros impostos. As liortas xorden cando as autoridades da vila de *Puentes de Eume* estimaban que as operacións antes indicadas se facían dentro das súas lindes mentres que as da cidade de Betanzos consideraban que, en virtude da lei sancionada polo monarca: "*no esta ex-presada en esta lei la dicha villa de Puentes deEume (...) y no tiene ni nunca a podido tener legítimamente carga ni descarga*"[32]. A resposta da vila era alegar que o seu porto non era de reguengo senón de señorío da Casa de Lemos polo que as disposicións reais non lle afectaban. O incumprimento destas ordes carrexaba a imposición de penas severas e o comiso das mercadorías aínda que se deixaba aberta a posibilidade de que as manipulacións portuarias puidesen facerse nos "*puertos de los dichos los dichos lugares de señorios de los dichos obispados o alguno dellos sean abiertos y que algunas personas con grande osadia no temiendo las dichas mis cartas* (refírese o monarca ó disposto In L4. tt^{o} 31 Lib 9 recop. q^{no} fol 240 pag 2^{a}) *ni las penas en ellas contempladas an pasado y pasan con sus mercaderías y otras cosas dezmeras por los puertos*..."[33].

28. Rodríguez Galdo, María: *Ibídem*: páx. 170-171.

29. Archivo General de Simancas (AGS). Secretaría de Marína. "Noticia de los derechos que la gente de mar de varios Puertos de este reyno, paga por razón del Pescado que coge, o en expecie de él, a Señores eclesiásticos, Seculares, o regulares, o a seculares o de lo con que arrivan a los mismos Puertos aunque los ayan cogido fuera de los de su districto, con expresión de los motivos en que se funda, a saber". Leg. 281; doc. sen data. Citado por Vázquez Lijó, José Manuel: *Ibídem*. páx. 88-91.

30. AMP: *"Que no se haga carga ni descarga de mercaderías en ningunos de los puertos ni rias del Reino de Galicia sino tan solamente en los (ilexible) se exceptua entre los quales esta expresada la ciudad de Betanzos.. ". "Diezma de la mar"*. 1643. Sig, 183, 183/2. Achegado pola arquiveira en funcións Beatriz Bermúdez Blanco. Dende aquí, transcrición reelaborada para mellor comprensión.

31. AMP: *"si bien por las rias del dicho reino de Galicia y quatro sacadas y Asturias los de Rivadeo y Navia y su condado se hacen muchas cargas encubiertamente y se dexan de pagar los diezmos mandados". "Diezma de la mar".* 1643.1670. Sig. 183, 183/2.

32. AMP: *"Diezma de la mar".* 1643.1670. Sig. 183, 183/2.

33. AMP: *Ibídem*.

Do expediente conservado no AMP[34] fican poucas páxinas, parece ser que o escribán que realiza o protocolo perde sospeitosamante o expe-diente, pero as suficientes para comprobar que se chega a unha concordia que recolle os seguintes puntos: "*1ª. Que la escritura de concordia haga relación de este pleito poniendo las razones de ambas partes, cuya escritura de concordia se ha de confirmar por S. M. a costa de la ciudad y la villa por mitad. 2º. Que si por algún accidente su Magestad en algún tiempo alterare o rebocare esta concordia sea visto que a cada vna de las partes le quede su derecho para seguir el pleito, tomándole en el estado que tiene quando se hace en la concordia. 3º. Que la villa nombre cada año un regidor diputado que juntamente con el Alcalde ordinario y fiel concierten y ajusten los precios que han da pagar de carga y descarga los navios que llegaren deste puerto, y conformándose las dos destas tres personas se efectúe el concierto yá de licencia para cargar y descargar. 4º. Que la ciudad nombre un vecino desta villa por fiel desta renta, el qual tenga su voto en los conciertos como el alcalde y diputado. 5º. Que la ciudad lleve la parte que montare esta renta y que la villa sea obligada a poner el dinero en la ciudad á su costa. 6º. Que la ciudad aya de pasar por la quenta que desta venta hiciere el escribano del ayuntamiento que es el de la carga y descarga, el qual a de tener libro diputado para ella solamente, y las partidas se an de firmar de los dichos alcalde diputado y fiel. 7º. Que si la villa no acudiere al fin de cada año con el dinero del valor que huviere tenido esa renta, pueda la ciudad embiar ministro a costa de la villa. 8º. Que lo que dio son quiera huuiere en el rej carestía de pan este la villa obligada a partir con la ciudad del que viniere a su puerto en nauios franceses y la misma correspondencia a de tener la ciudad con la villa. 9º. Que quede por puerto y sacada desta villa el distrito de ban…? Como lo ha sido siempre con condición que de lo que allí se cargare o descargare se pague a la ciudad la cantidad que cont^e al capítulo quinto. 10º. Que aunque la villa de redes acudió siempre a pedir libre .... a esta villa para la carga y descarga quede desde luego sacada de la ciudad*"[35]. Con todo, diante dos graves inconvenientes e prexuízos que se lle causaban á facenda real co impago dos dereitos de carga e descarga nos portos de señorío como Pontedeume, o monarca sentencia que: "*ibi porque vos mando que de aquí en adelante hagades cerrar todos los dichos puertos de los lugares de los señorios (...) et inferivus ibi pongades por lei y condición que se usen los dichos puertos por los lugares realengos que se acostumbraron usar en los tiempos pasados y no por los lugares de los dichos señorios onde se agora usan. In L4. tt^o 31 Lib 9 recop. q^no fol 240 pag 2ª*"[36].

En definitiva, malía que o expediente do litixio require un estudo máis profundo en orde á interesante documentación contida nel, estamos diante das vellas liortas pola preservación dos dereitos dos monarcas sobre os señoríos de reguengo e os de aqueles que eran de propiedade nobiliaria ou eclesiástica.

34. AMP: *Ibídem*.

35. AMP. *"Escritura de las condiciones con que se a de hacer la escritura de concordia entre la ciudad de Betanzos y esta villa (Pontedeume), sobre el pleito que tratan de la decima de mar"*. 1643. Sig. 183/2.

36. AMP: *Ibídem*.

No contexto dos modos e relacións de produción no mundo da pesca galega es os seus transformados; salgado, conserva, afumado, secado,... antes da fin do Antigo Réxime debemos dicir que no que atinxe ó golfo Ártabro había dúas artes fundamentais; a traíña e o xeito. A primeira practicábase nas poboacións de Pontedeume, Ares, Betanzos, Redes e Sada; mentres que a segunda era utilizada polos pescadores de Ferrol, A Graña, Perlío, Maniños e Mugardos fundamentalmente[37].

Sáñet Reguart[38] define traíña ou rapeta como unha rede para pescar sardiñas, coñecida con este nome nas costas de Galicia, nas que segundo a diversidade de portos soe nomearse sacada pequena, semellante na súa figura ás redes, que nos mesmos países nomean sacada grande e sacada alta ou "*sisga*". Os pescadores proceden á pesca coa traíña xuntándose nunha compañía na que cada un achega unha peza de pano que engadida ás outras forman un corpo de rede de tiro coa que fan os pertinentes calamentos. Estas compañas normalmente constan dun número de seis a sete asociados co que as rapetas só teñen outras tantas pezas de rede. Por esta razón a traíña conta cunha extensión de sesenta a oitenta brazas, pouco máis ou menos, aínda que algunhas exceden bastante. O seu ancho é de 150 mallas, cun diámetro que ten como máximo unha polgada e media, e para que pola parte inferior teña máis resistencia engádeselle certa especie de faixa doutra rede cun ancho de nove a dez mallas de meirande tamaño chamada calza ou raíña. O calamento desta arte verifícase por medio de cordas de cánabo até unha extensión de 150 a 200 brazas da beiramar, deixando un cabo en terra como en todas as redes de tiro. Unha vez que se bota toda á auga, para o que o barco procede a formar un semicírculo completado noutro punto da mesma beiramar, saltan os pescadores en terra e dedicanse todos a tirar por ambos cabos, até sacar a rede cos peixes que chegou a abarcar no recinto da figura referida. Segundo a zona considerada existirán variacións nas formas, lonxitude, etc., da rede polo que non se pode falar dunha uniformidade en toda Galicia[39]. Por exemplo, Cornide descríbea como segue: "*la traíña es una red de quatrocientas brazas de largo y de diez hasta veinte de alto: sus mallas de dos pulgadas y media, sin plomada, ni peso algunoL Lárgase siem-pre que se reconoce Sardinas en las Rías, a trescientas brazas de la costa, desde la qual se tira por dos largos cabos, formando una especie de simcírculo, ó elipsoide, y cuidando siempre que se reconoce cria de abatir al corchada, para que cuele; y en hallándose a cinco brazas de fondo, se va estrechando, y reduciendo al corto espacio de veinticuatro baras de box, y levantándola a los barcos que la acompañan sostenida*


37. AMP: *"Auto ordinario entre los mareantes. Testimonio de un pleito litigado en el Rl Tral en el año pasado de 1637. Entre los Vecinos y Mareantes de la villa del Ferrol, Graña, Mugardos con los de la Villa de Ares, en que se dio Rl auto ordinario a fabor de dhos Vecinos del Ferrol Contra los de Ares; para que éstos no perturben àlos otros en todos tiempos las pesca en al Ría de Foz de Junqueiras, Costa de Ver, Centroña, y otras, con los instrumentos, y redes de jeyto con que dha pesca las hagan de parte de noche conforme a la costumbre".* 1685. Sig. 104.1/4. Tamén ver Arquivo do Reino de Galicia (ARG): Escribanías. 1714. Leg. 25.205/41, citado por Meijide Pardo, Antonio: *Aspectos de la vida económica de Puentedeume en el siglo XVIII*. En "Anuario brigantino", Nº. 16, 1993, páx. 61-74.

38. Sáñet Reguart, Antonio: *Diccionario historico de los artes de la pesca nacional por el comisario real de guerra de marina ... Antonio Sañez Reguart*. Imprenta de la Viuda de Don Joaquín Ibarra. Madrid. 1791-1795. V Tomos, Tomo V. Ps. 20-28. Tamén en http://catalogo.bne.es/uhtbin/cgisirsi/0/x/0/05?searchdata1=bima0000126749.

39. Sáñet Reguart, Antonio: *Ibídem*. páx. 20-28.

siempre la pesca en las aguas, se saca con canastos a las aguas, adonde se mantiene viva, hasta que su mismo peso, y la diferencia de elemento la oprimen"[40].

Paz Graells[41] describe a forma de pescar coa traíña desta forma: para practicala necesítase unha flotilla composta por un galeón, catro lanchas e a chamada "*minueta*". Estas embarcacións están tripuladas, a primeira polo mestre, que é o xefe de todas, e 18 ou 20 remeiros. As segunda e terceira por un patrón e sete remeiros cada unha. A "*minueta*" é o buque lixeiro, que ademais de cruzar en busca da pesca, como as lanchas, vai e vén de terra coas provisións que necesitan as demais, facendo todos os mandados que o mestre ordena.



Arte da traíña calada. FONTE: Rodríguez Santamaría. 1911

Chegada a tempada da costeira e preparado todo o armamento para emprender a pesca, embárcase a gran traíña (galeón ou traiñón segundo a zona considerada) e coloca na pana do galeón e, achándose o mar en boas condicións, dá a orde o mestre á xente que

40. Cornide y Saavedra, José Andrés: *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid, por D. Joachin Ibarra, 1774. páx. 16-17. Tamén en http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.cmd?id=3098

41. Graellis, Mariano de la Paz: *Exploración científica de las costas del departamento marítimo de Ferrol*. Madrid [s.n.] Tip. T. Fortanet. 1870. 540 páx.

se reúna na praia. Estando todas as tripulacións dispostas, a "*minueta*" toma dous homes de cada unha e lévaos ás súas respectivas lanchas para que as traian á beira e se embárquen os patróns coa dotación do seu respectivo mando. A do galeón é levada a el pola "*minueta*", por non permitir o calado daquel aproximarse tanto á praia.

Verificado o embarque, dá o sinal o mestre dende o galeón e sae a flotilla ao mar, diseminándose as lanchas en distintas direccións para buscar a sardiña. Descuberta esta por algunha, fai sinal ao galeón coas mans ou unha bandeirola, e aínda de palabra se está preto, dicindo avante ou chamando cun caracol en días de néboa, ou con faíscas ou luces cando está escuro, e entón aquel voga con toda rapidez cara á lancha do sinal para xuntarse a ela, movemento que todas as demais embarcacións verifican ao observar o do que monta o mestre. Reunida xa toda a frota, miran a dirección que leva o "*majal*", "*pombada*", "*banco*", "*cardume*", "*mada*" ou arribazón de sardiña, que de todos estes modos se cháma a numerosa tropa destes peixes, que viaxan formando compactas columnas ou divisións. Coñecido o seu rumbo, o galeón larga o aparello polo cabo que chaman fondas, cun bourel, colléndolle a "*minueta*", a cal se estaciona mentres o galeón vai soltando a arte para cercar a pesca. Mentres dura a operación, as lanchas estabelécense no lado oposto que percorre aquel barco para impedir que a sardiña se escape polo sitio onde aínda non hai rede tendida. Isto conségueno sacudindo a auga con pedras atadas ao extremo dunhas cordas, ao cal chaman choupar na auga. A medida que o galeón vai terminando a manobra de largar a arte volve reunirse á "*minueta*", que foi o punto da súa partida, con todas as lanchas. Xuntos os dous extremos da traíña, dá fondo o galeón, soltando unha das súas áncoras, e atravesándose recolle as dúas puntas da traíña, unha pola proa e outra pola popa.

Isto feito, queda inmóbil o mesmo que a "*minueta*" e as lanchas van desenvolver a copeada que ao largar a rede quedou feita un rolo. Para fixarse, solta cada unha o seu resón e trabállase activamente en estender e abrir aquela parte da arte, suxeitándoa ben, mentres o galeón vén recollendo as dúas pernas da traíña. Para esta operación, a "*minueta*" vai tomar xente das lanchas que trae o galeón para activar máis e máis a manobra. Desocupada xa a "*minueta*", entra dentro do cerco formado pola traíña e sitúase ao pé do galeón, sacudindo os tripulantes da primeira unhas banderillas brancas de lenzo, que introducen na auga co obxecto de que a sardiña encerrada non se escape por baixo do galeón.

Executadas estas operacións e satisfeitos os patróns de que teñen sardiña encerrada, principian a bracear e demostrar con este movemento á xente que convén dase présa a fin de facer que se precipite no saco da copeada toda a pesca. Pechada esta, a "*minueta*" recolle un cabo de cada lancha, entregándoos á xente do galeón, que as amarran con toda seguridade para suxeitar a copeada que a tripulación deste vai embarcando, até apertar a sardiña e deixala case en seco. Entón, colócase unha lancha cravada de roda a roda da cortiza póndose dous homes cun pé na borda do galeón e outro na da lancha para extraer a sardiña do saco da copeada, o que executan cun paxe ou cesto de vimbias para transportar o peixe a terra sen perder tempo. Paz Graells fai referencia a que viu realizar estas

operacións ás flotillas das fábricas de Silledo en compañía de Fermín Zelada, fomentador de Ferrol e Cariño, e Víctor Seoane. Cargadas de sardiña as lanchas navegan para terra, dirixíndose ás fábricas a que pertencen e ao chegar a elas sitúanse o máis próximo posible á beira, botando un resón á praia e outro ao mar. A fábrica envía ao instante a cada lancha catro envasadoras, das cales dous se embarcan, quedando as outras dúas fora. As mulleres embarcadas entregan os paxes ou cestos cargados ás desembarcadas, que ispen as pernas para non mollar a roupa, pásanos ás traballadoras que os reciben na beira para entralos na fábrica. Mentres así descargan as lanchas, a tripulación do galeón ocúpase activamente en volver colocar sobre a pana a súa arte, deixándoo en disposición de calalo de novo se outra arribazón ou "*mada*" de sardiña se presentase.

Outra variante, descrita por Rodríguez Santamaría[42] é o cerco de xareta que define como unha arte de pesca de forma rectangular, moi corrente en toda España pero dándoselle diferentes nomes. É unha arte de cerco porque rodea a pesca e logo pecha a xareta da relinga inferior formando un bolso con ela. Recibe diferentes nomes: cerco de xareta, arte de luz, arte de "*encesa*", cinta, luz, luz artificial, biombo, "*fanalot*", faro submarino, traíña, cerco, tarrafa, traiñeira e "caballera". Úsase en todas as rías galegas con profusión nas do sur e Cantábrico onde se lle chama traíña.

Para o caso do golfo Ártabro, a principios do século XVIII, en Pontedeume anótanse dúas traíñas e outras catro entre Ares-Redes. Na vila do Eume formábanse para 1777 dúas compañías de pesca con máis de 50 homes segundo fose o número de matriculados e dada a falla de brazos polas levas inseridas na *Matricula de Mar*[43] había que recorrer aos denominados *terrestres*, ou persoas que tendo como ocupación fundamental a explotación da terra tamén se dedicaban ás tarefas do mar en caso de necesidade. As compañías dos pescadores para a pesqueira de que se trate, fórmanse por Pascua de resurrección e subsisten até igual día do ano seguinte. Ningún dos socios pode separarse do convenio de asociación até cumprirse o ano. Entre todos os mariñeiros nomeaban un patrón ou mestre que era o dono do barco, fundamento da compañía, quen non ten facultade para botar a ningún dos compañeiros en todo o termo temporal referido pero a quen todos están subordinados durante a campaña. Este contrata co armador, armadores ou particulares que lle teña conta a armazón da traíña obrigándose os pescadores pola súa parte a fornecer 91 ou 92 quiñóns ou parte de rede de 50 mallas de ancho e dez brazas de alto concorrendo

42. Rodríguez Santamaría, Benigno: *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Sucesores de Rivadeneyra. Madrid. 1923. Ps. 229-239.

43. Para fornecer de homes os barcos da Real Armada, os Borbóns instauraron a denominada Matrícula de Mar a principios do século XVIII que consistía na obriga que tódolos matriculados nas tarefas do mar tiñan, mariñeiros, pescadores, calafates, carpinteiros, que enrolarse dende os 16 ata os 64 anos na frota real en caso de guerra. Dado que tanto o século XVII coma o XVIII foron períodos de significada belicosidade coas outras potencias europeas, fundamentalmente Inglaterra, as levas leváronse a cabo con demasiada frecuencia deixando as vilas mariñeiras orfas de brazos que traballaran no mar. A fame, o éxodo e a desprotección das nosas costas foron as consecuencias inmediatas desta matrícula porque a cambio do servizo como embarcados, os mariñeiros tiñan a ex-clusividade da explotación do mar que ficaba, así, pechada para os denominados terrestres, non matriculados. Ver neste senso: Vázquez Lijó, José Manuel: *La Matrícula de Mar y sus repercusiones en la Galicia del siglo XVIII*. En "Obradoiro de Historia Moderna". N.º 15. Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. 2006. páx. 289-322. Tamén Leal Bóveda, José María: *A matrícula de mar e o reclutamento de homes para a Armada Borbónica no Ortegal*. En "Terras de Ortegal". Nº 4. 2017. páx. 7-38.

cada "*uno con 1 1/2 ó 2, según sus fuerzas, y además de esto con el quiñon que corresponde á su Cuerpo, de modo que unidas las dos partidas vienen a entrar en la Compañía los Pescadores por su parte con 143 o 144 quiñones, y el Armador por la suya con la Ká ó cuerda en que se prende la Red, y se tira á los Barcos, y con el trincado llamado Galeon, en que se conduce, y tira la red, con sus remos correspondientes, reputada una y otra partida en 30 quiñones que con los 143 hacen 173, á que se añaden otros 5 que se abonan á los Patrones de los 5 Barcos llamados de la campaña por ser los en que se recoge, y conduce para su despacho la Pesca*"[44].

A arte emprégase de tres maneiras distintas: Ao caldeo, a pouso ou a cebo que é cebando a pesca e cercándoa cando se ache reunida comendo. Ao mansío, "*manjua*" ou "*almeiro*" que é na primavera cando os golfiños e outros cetáceos reúnen a pesca, facilitando ao pescador o medio de poder pechala. Á ardora ou "*oscurada*", chamada tamén ardentía, durante certas épocas do ano, que consiste en cercar a pesca tan só pola fosforescencia que producen os peixes ao moverse dun lado para outro.

Do produto desta repártese algunha pequena porción a todos os interesados "*luego que se recoge para ocurrir á las necesidades del dia*" e o resto vendíase no seu porto ou naqueles en que houbese mellor despacho. Todos os pescadores que "*hicieren compañía pa-ra exercer semejante pesquera, concurriendo con un mismo número de redes, repartirán la pesca que cogieren por partes iguales: pero habiendo variedad en esta parte, se observará el orden proporcional*"[45]. Aos fillos enrolados nos barcos da pesca da rapeta ou rapetón, aínda de curta idade, daqueles mariñeiros que foran recrutados para servir nos "*Reales Baxeles de Su Magestad*", ha de dárselles, en representación de seu pai, o quiñón pertencente ao número de pezas de rede con que contribuíse este último e o mesmo ocorría coas viúvas. O resto do que produce a pesca "*lo lleba cada uno de los patrones luego que acaba de venderlo para su Casa, y al fin de la temporada lo entrega al Mestre de la Traí-ña y se reparta a cada uno lo que corresponda*"[46].

Armar unha traíña non era tarefa doada nin barata xa que, como apuntan para 1777 Francisco Lopez y Jose Vermudez, veciños do porto de Sada pero representantes dos de Ares e Pontedeume, necesitábanse entre 40 e 43.000 reais de vellón "*y que de estos valdrán el galeón y mas Aparexos que pone el Armador como unos 20.000 reales*"[47]. Tamén anotan para o mesmo ano dúas traíñas en Sada e nove entre Ares e Pontedeume. As contratas ou compañías co armador facíanse cada catro anos e para isto tanto este como o

44. ACS: *"Libro en que se dá noticia de las Causas, y origen del Montepío erigido en la ciudad de Santiago por Real Resolucion de 6 de Noviembre de 75. Para auxilio de los Pescadores de la Costa de Galicia, nombramiento de sus Directores, sus Juntas y resoluciones. Año de 1777"*. Sig. I. G. 411. Ps. 15-19.

45. Sáñet Reguart, Antonio: *Diccionario historico de los artes de la pesca nacional por el comisario real de guerra de marina*... "Ibídem." páx. 24.

46. ACS: *"Libro en que se dá noticia de las Causas, y origen del Montepío erigido en la ciudad de Santiago por Real Resolucion de 6 de Noviembre de 75. Para auxilio de los Pescadores de la Costa de Galicia, nombramiento de sus Directores, sus Juntas y resoluciones. Año de 1777"*. Sig. I. G. 411. páx. 15-19.

47. ACS: *Ibídem*. Ps. 15-19.

gremio mancomunadamente obrigábanse mediante unha escritura pública ante escribán que logo era remitida ao "*Señor Yntendente de Marina*" para a súa aprobación. Concedíase así ao amentado armador "*por el dinero que suple 30 quiñones ó partes de las 178 en que se distribuye el todo del armamento, que equivale con corta diferencia a la 6ª parte de to-do su producto*"[48]. Ademais disto, concedíanlle de cada barco ou lancha de pesca medio millar das sardiñas en especie ou en cartos.

Pola súa banda, era obriga do armador manter en perfecto estado de uso o galeón (cables, cordas,...), ou embarcación principal que portaba a rede para cercar a sardiña no mar, durante o tempo que durara a contrata e "*hacer uno y otro nuevo en caso de alguna desgracia, asi al tiempo de concluir la Contrata recoge todo en el estado en que se halla para emplearlo en otra nueva temporada a su arbitrio*"[49]. Os pescadores tiñan a obriga de dedicarse exclusivamente á sardiña durante o tempo que duraba a tempada, que ía do primeiro de setembro até o 1 de xaneiro do ano seguinte, aínda que non houbese presenza dela na ría.

Existía un férreo control da tripulación sobre os procederes dos patróns xa que "*hallando defectuoso su méthodo de Govierno y arriesgado el Producto de su Pesca en manos de los Patrones de los Barcos, son de dictamen que luego que executen las ventas y se restituyan al Puerto, entren todo el dinero en el Arca de tres llaves que ya tienen fabricada depositándola en poder del Maestre que nombraron, y que las llabes las tengan los dos Maestres y el Cabo celador, y si concurriese este empleo en alguno de los Maestres, uno de los interesados de las Traiñas o pluralidad de Votos*"[50]. Os patróns dos barcos tampouco tiñan a facultade de prestar a sardiña sen o consentimento das dúas terceiras partes da tripulación de modo que se así o facían perdían a parte correspondente ao seu quiñón "*interin no lo entren en la Arca, y que quando se abra el primer Dinero que se saque de ella sea para satisfacer al Montepio, y la Sal*".

O xeito non é máis que un sardiñal de grandes dimensións; 50 brazas de lonxitude con 150, 300, 400 ou 500 mallas de ancho do diámetro dunha polgada e media. Cada lancha leva nos seus cestos particulares cinco ou máis destas pezas que cala unha a continuación da outra, ocupando así unha liña considerábel que pecha nalgúns casos a entrada da ría en cuestión. A relinga do fondo non o toca co que poden pasar sen dificultade outros peixes que van criar ao interior da ría. Cálase de sol poñente a nacente mallando a sardiña nela que se macera e desmerece para consumo directo. Cómprana os salazoneiros, fundamentalmente das Rías Baixas e outras do norte, golfo Ártabro, que usan frecuentemente esta arte de pesca. As redes elabóranse na fábrica viguesa dos irmáns Rivas.


O modo de facer a pesca é uniforme en todas as redes sardiñeiras se ben é certo que segundo os países e a disposición das costas hai certas variedades. "*El Xeyto en mar*

48. ACS: *Ibídem*. páx. 15-19.

49. ACS: *Ibídem*. páx. 15-19.

50. ACS: *Ibídem*. páx. 15-19.

alto de puntas afuera se emplea en pescar todo el año, si los pescadores hallan en ello su provecho; pero como en ciertos meses la Sardina se retira ó desaparece, ya sea abrigándose á las grandes profundidades, ó transfiriéndose á otros climas, no hay quien quiera perder el tiempo infructuosamente, pues en viendo que no concurren ya señales de rizar las aguas , multitud de aves marinas revoloteando en una ú otra parte de ellas, y á este tenor otras señales que se observan desde largas distancias, ó desde tierra, escusan de salir á pescar al Xeyto y se aplican á otros artes"[51]. Esta liberdade de movementos non a pode ter dentro das rías agás en determinadas estacións, por iso o seu uso foi regulamentado en ordenanzas antigas e modernas segundo os portos e países. Así, a pesca con esta arte redúcese a situacións concretas dentro das rías, a excepción dos meses de marzo, abril e maio, época de desove de algúns peixes, ovas que non se ven prexudicadas porque as redes do xeito non tocan os fondos. Prohibíase o uso do xeito nestes tres meses non só polo desove senón tamén porque a propia sardiña "non estaba en carne", é dicir non tiña graxa. Malía iso permitíase a súa pesca en pequenas cantidades para servir como ce-bo na pesca do congro a anzol fóra das puntas das rías.



Arte e utensilios do xeito. FONTE: Rodríguez Santamaría. 1911


51. Sáñet Reguart, Antonio: *Diccionario historico de los artes de la pesca nacional por el comisario real de guerra de marina…,* "*Ibídem.*" páx. 404-416.

Tamén se ten e tiña ordenado que "*los barcos del Xeyto en todas sus operaciones han de proceder exerciendo su pesca con la posible quietud, sin dar golpes, ni apalear las aguas en manera alguna, porque la Sardina es de naturaleza muy asombradiza, y qualquiera rumor la ahuyenta. Esta pesquera la executa cada barco de por sí con absoluta separación de otro*".

O xeito lárgase cando se pon o sol e recóllese cando volve a saír, entreacto no que se poden recoller as redes e regresar a terra para vender a sardiña cobrada durante a noite: "*bien que, según los prácticos, para la salazón y espicha no es muy apetecible por causa del molimiento ó quebranto que padecen estos peces luego que, introducida su cabeza en la malla de la red, se ven aprisionados por los violentos esfuerzos que hacen para desasirse, en que pierden no poca parte de sus escamas, las quales, cogidos de otra manera, los mantienen aun después de muertos enteros, y sin maceracion, que es el estado mas propio para que con el beneficio de la sal puedan conservarse mejor largo tiempo*"[52].

A arte vaise soltando dende as embarcacións nas augas nas que se advirta a presenza de sardiñas; polo revoar das gaivotas, pola "ardora",... e vai calado entre elas ou en superficie, segundo convenía á situación, pola acción dos pesos que porta na relinga inferior. O barco non se fondea e déixase ir á deriva aguantándose pola acción dos remos. Cando a sardiña malla na arte e queda aprisionada pola cabeza a relinga superior de cánabo, flotante por mor das cortizas, comeza a fundirse e marca o intre de erguer o aparello e desenmallar o peixe que, por moito coidado que se teña na operación, sempre sofre algún estrago. Cada embarcación leva entre 6 e 8 tripulantes que forman unha pequena compañía de duración anual, dende Pascua de resurrección até o mesmo día do ano seguinte. Marca a tradición que ningún compañeiro pode separarse dela mentres non se cumpra o ano estipulado e nin sequera o propio patrón pode botalo nin do barco nin da compañía. Malía a restrición no número de asociados pode haber casos, por pobreza, en que se podan admitir novos membros. O modo de repartir a sardiña obtida co xeito "*es por cada dos piezas de red un quiñón ó parte, y por cada pieza media parte, Y al aventurero que no lleva red, y solo concurre con su trabajo personal, se le da una parte*". En xeral, de igual forma que ocorría coa traíña, cando algún dos compañeiros é recrutado para servir na Armada "*sus mugeres llevan las redes á los barcos en que aquel está acompañado, y según el número se le asiste con su parte*". O mesmo sucede se enferman: "*advirtiendo de que á estos, ademas de lo que les corresponde por las redes con que concurren, se les subministra la parte respectiva á la persona*". Amén das xeneralidades expostas parece evidente que en función do porto considerado poidamos encontrar algunha diferenza pero en concreto pódese dicir que para a ría de Betanzos e ártabras usan por antiga práctica o *Xeyto* dende o 25 de novembro até todo febreiro por non prexudicar a pesca da traíña.

52. SÁÑET REGUART, Antonio: *Diccionario historico de los artes de la pesca nacional por el comisario real de guerra de marina*... "*Ibídem*." páx 404-416.



Arte do xeito calada. FONTE: Rodríguez Santamaría. 1911

E nestas, diante do rudimentario das artes pesqueiras e do carácter limitado dos recursos, moi circunscritos ao ámbito das rías, xorden os problemas entre os pescadores polo uso de terminados sistemas extractivos. En efecto, amén do preito xa explicado relativo ás actividades comerciais entre Betanzos e Pontedeume, en 1685 estamos diante doutro conflito entre os mareantes, que xa se remontaba a 1637 polo uso dos xeitos e traíñas. Litigaban veciños dos portos da vila de Ferrol, A Graña e Mugardos que usaban os primeiros contra os de Pontedeume, Ares, Fontán e Betanzos que facían o propio coas segundas na ría de "*Junqueras de Foz*". Así, *Antonio Gómez de Catoyra como procurador de Diego López, Antonio Amado. Juan rodríguez, Domingo Suena, Pedro Garzia, Lucas Varela, Juan de Lago y Pedro Nuñez, todos maestros de trayñas notifican a Juan Garzia procurador "General de la villa del Ferrol"* o preito que os anteriores entaboan contra os veciños das vilas de Ferrol, A Graña e Mugardos. Argumentaban os primeiros que os calamentos do xeito facían ruídos coas pedras que portaban como peso para fundir a arte, amén de que co bater deliberado dos remos para que a sardiña mallara na rede, esta se asustaba e fuxía a alta mar minguando as capturas. Amén diso, queixábanse de que tendo obriga de calar o xeito de noite isto facíase en horas do día cando faenaban as traíñas. Vexamos: "*todos maestros de Trayñas* (refírese aos anteditos) *que trayen y gobiernan en la*

Ria y playa de Junqueras y como vecinos dela Villa de Puente deeume, Ares, Vetanzos y Fontan que hacen porlo qualesquiera y en nombre de los mas maestros y armadores de dichas Trayñas en dichos puertos de Puente deeume, Fonta, Ares y Betanzos ymas contenidos en el Poder que presento y juro ante V. Exc^{a}, por la mejor forma y remedio que más en derecho aya lugar. Digo que haciendo mis partes y mas Porquien hacen sus trayñas de pesca en dicha Ria y plaza de Junqueras que se compone como el desta Ciudad desde la pena de la Marola cara Puente deeume y a tierra de aquellos puertos y no deviendo en el ínterin que dura la cosecha de sardina y que se echan las trayñas para la pesca della por mis partes y sus consortes, otra ninguan persona biniere a dicha rria ala pesca della con otros barcos pequeños ynstrmentos que llaman el jeito asta que se acave la sacon y cosecha de las traiñas que es a fin de Noviembre y principios de Diziembre desde cuyo tiempo asta henero pueden hacer los Jeitos y no antes y siendo esto común estilo usado y guardado en dichos puertos y otros deste Reyno encontrabencion de lo Referido diferentes personas por hacer Maly dagno ala Republica y bien común de los naturales e en perjuicio de las Rentas Reales de Su Magestad y aun desu Real Hacienda inquietan y perturban a msi partes en dicha cosecha concurriendo a dicha Ria y Plaza con vnas dornas y Varcos pequeños con las dichas Redes llamadas el Jeyto en las quales llevan piedras y plomos de manera que al tiempo quelas echan enlamar en la Parte donde ay la Sardina e echar piedras y plomos lastiman y amedrentan dicha sardina de Manera que lesvye y ausenta dela rria Referida por cuia Causa no coxen la octava parte de la que devian coxer ano aver en esto las Tales personas ala Pesca del Jeyto de quese sigue que mis partes quedan dystruidas ensus armaciones pues estilaban cojer cantidad considerable para abundancia del Reyno y fuera del remitiéndola a diferentes partes en envarcaciones en que se aumentaba a los Reales Alfolies nuevas ganancias por el consumo dela sal ypor lo referido ademas de seguirse (facendo) *dagno*. (Ademais) *tanvien alos Naturales de que no pueden por esta falta Pagar la Alcâvala Nuevo Derecho y mas tributos Reales que tienen a su cargo y ser contra el estilo y observancia de la pesca y cosecha de la mar y para que se remedie semejante dagno ô curren Alagran Deza de V. Ex^{a} Aquien Vmildemente pido y suplico sesirva Darles despacho para que se guarde la costumbre devajo una grande pena ninguna persona baya con varcos pequeños âla pesca del Jeito â dicha rria enel ínterin Durare el tiempo dela cosecha y pesca quemis partes hacen conlas Trayñas ...*"[53]. Asinaba a denuncia Antonio Catoyra, procurador dos de Pontedeume, na Coruña o 13 de novembro de 1784.

A mesma era corroborada por Francisco Ramírez, "Administrador General de las Rentas de Salinas deste Reyno", quen tamén argumentaba que estaba prohibido o uso das redes do xeito no interior da ría das *"Junqueras de Foz"* baixo a pena da imposición de graves sancións: "*deuajo de graves penas que en ninguno de los Puertos y rrias deste Reyno se ânde Ala pescaría dela Sardina conlas Redes que llaman del jeito ni con otras,*

53. AMP: *"Auto ordinario entre los Mareantes. Testimonio de un pleito litigado en el Rl Tral en el año pasado de 1637"*. 1685. Sig. 104.1/4.

ni instrumentos desta Calidad porel gran perjuicio que se Causan con ellas, respecto deque enlugar de las plomadas lesponen Piedras Crezidas conque al tiempo de recojer estas redes arrastran todo el pasto y lama que es la que viene buscando las sardinas"[54]. A falla de sardiña polo uso do xeito, en opinión dos de Pontedeume, tamén repercutía sobre aquelas embarcacións estranxeiras que viñan á vila a recoller o peixe e o mesmo ocorría cos maragatos que tiñan que volver a Castela sen el. Doutro modo, pedíanse multas de 20.000 reais de vellón e penas de cárcere para os que saltaban o período de veda do xeito que comprendía dende agosto até decembro. Todo apunta a que as xustizas ordinarias que debían velar polo cumprimento destas disposicións non o facían polo que tamén se pedía ao monarca que foran castigadas. Facíase referencia para iso nunha lei de 1576 na que se dispoñía que "*en dichos puertos* (da ría de) *Junqueras y mas puertos dela Provincia de Vetanzos donde son los referidos enconformidad de las de este puerto (por Su Magestad por sus leies Reales enque se Manda quelos pueblos hagan ordenanza cerca de la pesca ay vna echa en el año de mil quinientos setetna y seis enquese dispone que con la red del jeito se pesque solo después depuesto el sol asta que nazca*"[55]. Todo apunta a que a cuestión dirimida remataría nunha concordia entre os pescadores da ría de "Junqueiras" de 1694[56].

Como queda dito, estes preitos e conflitos entre mareantes dunha mesma bis-barra, incluso doutras limítrofes ou afastadas, adoitaban ser comúns diante do limitado dos recursos; pesca de sardiña de baixura dentro das rías. Teremos moitos máis unha vez que cheguen os cataláns cos seus métodos extractivos e produtivos.

Pero as liortas pola posesión da pesca no só se daban entre os seus protagonistas senón que estes mesmos tiñan por costume non descargar toda a sardiña pescada nas vilas. Era común que moita dela se vendese no mar, aforrando así o pagamento duns impostos que tanto gravaban as súas economías. Un deles era o da banastraría que, como queda dito ante-riormente, tíñao arrendado o Concello de Pontedeume o que lle supuña un remanente importante para o mantemento e arranxo da ponte. Por iso en 1670 tense que ditar un auto contra os pescadores para que "*según las órdenanzas de esta villa Tragesen aélla la 3ª parte dela Sardina que matasen lo quesele hizo saber y respondieron estaban prontos*"[57]. Aducíase que se non se traía todo o peixe a terra as rendas municipais sufrían quebranto ao decaer o imposto da banastraría. A realidade tiña que ver con que os pescadores preferían vender directamente no mar a pesca a comerciantes para librarse dos gravosos impostos do clero, nobres e xustizas municipais.

Xa que logo, co descrito, estamos diante das características que definen a organización económica e social do mundo da pesca e derivados nos tempos medievais e

54. AMP: *Ibídem*.

55. AMP: *Ibídem*.

56. ACS: *"Libro en que se dá noticia de las Causas, y origen del Montepío erigido en la ciudad de Santiago por Real Resolucion de 6 de Noviembre de 75. Para auxilio de los Pescadores de la Costa de Galicia, nombramiento de sus Directores, sus Juntas y resoluciones. Año de 1777"*. Sig. I. G. 411. Ps. 15-19.

57. AMP: *"Sobre que los pescadores tienen obligación Traer la tercía parte de Sardina que maten ala Villa"*. 1670. Sig. 183/3.

tardomedievais para toda Galicia, que adquiren carta de natureza particular para o caso de Pontes de Eume como diría Pedro Teixeira no 1622. Así, primeiramente, os gremios de mareantes controlan con man de ferro as artes, vedas, ordenanzas,...; e dentro deles os estamentos superiores; vigairos, patróns, atalieiros, manifféstanse como unha caste que acapara gran parte dos excedentes nos repartimentos das sacadas e da posterior comercialización do fresco e transformados. Este control ten dous obxectivos: por unha parte impedir as innovacións técnicas e pola outra defender os privilexios tanto das clases dominantes como dos ricos agremiados amentados. O segundo trazo que define este período será a apropiación por parte das clases dominantes do excedente por razón do seu señorío sobre a poboación, décimo de mar narrado, e máis polo décimo da pesca esixido pola igrexa. O terceiro será que os gremios e concellos aseguraban os privilexios comerciais que supoñían unha chea de trabas ao libre comercio. O cuarto ten que ver con que os dirixentes dos gremios encargábanse das levas de homes para a Armada e outras funcións delegadas do Goberno central. E por último, as sociedades gremiais mantiñan certos seguros sociais destinados ás levas, viúvas, orfos, impedidos,...[58].


En definitiva, os preitos con outras cidades ou vilas, coas autoridades señoriais polos dereitos do comercio, aqueles entre os mareantes pola xurisdición das augas ou polas artes empregadas, os referidos ás distintas remuneracións ou formas de repartir o excedente e, finalmente, coas autoridades locais polo gravame do cambo, parecen indicar que as relacións no mundo do mar podían ser calquera cousa menos igualitarias e, dende logo, vivíase nun ámbito que estaba moi lonxe de nadar no seo da paz ou da abundancia como o narrado polos ilustrados. *Pontes de Eume* é un bo exemplo disto. E nestas chegan os cataláns, pero iso xa é fariña doutro caso se os responsables de *Cátedra* o teñen a ben.

58. SANTOS CASTROVIEJO, Santiago: *Transformacións e conflictos na sociedade galega da beiramar no século XVIII.* En "Grial", nº 67, 1980. páx. 22-36

CENTRO GALEGO DA HABANA (CUBA)

Ernesto López Naveiras

A INSTITUCIÓN ONDE OS EMIGRANTES DA RÍA DE ARES ATOPARON A CALOR DA SOLIDARIEDADE DOS SEUS PAISANOS NOS MOMENTOS DIFÍCILES DA SÚA VIDA ALÉN MAR



Talla de madeira que decoraba o Centro Galego da Habana

Hoxe o Centro Galego da Habana languidece á marxe do esplendor que nos últimos anos do século XIX e primeira metade do XX lle deron os fundadores e continuadores da obra máis importante da emigración galega en América. No pazo, situado no corazón da Habana Vella entre as rúas San José, San Rafael, Consulado e o Paseo de Martí, no mesmo quinteiro en que se localizara o antigo e célebre Teatro Tacón, tivo cabida un proxecto que se fixo realidade cando co transcorrer dos anos foise consolidando o seu labor social e cultural, alcanzando as metas propostas no momento fundacional e ao longo da súa existencia.

Neste traballo vaise tratar de dar a coñecer aqueles aspectos que fixeron posíbel a súa existencia e tamén o labor desenvolvido, que deixou pegada na memoria dos emigrantes retornados a Galicia e importantes estruturas sanitarias, artísticas e culturais para os non retornados e o pobo cubano; dando sentido á capacidade do pobo galego para asociarse e entregarse á conquista daqueles bens sociais, benéficos e culturais imposíbeis de acadar individualmente.

Entón os nosos parentes e veciños emigrados, unha vez que atopaban traballo e solucionaban os seus problemas de adaptación á sociedade e país que os acollía, asociábanse

ao Centro Galego, aconsellados polos amigos do seu ámbito próximo, para dispoñer dos servizos sanitarios, culturais e lúdicos que nesta Sociedade se ofrecían.

Cando no presente o viaxeiro que chega á Habana pregunta polo edificio do Centro Galego, adoita acontecer que se observe na resposta certa dificultade para situalo, xa que a Revolución Cubana dispuxo que o edificio se denominase Grande Teatro da Habana Alicia Alonso, por ser a sede do Ballet Nacional de Cuba.

1. Xénese

Transcorren os anos que se corresponden coa metade do século XIX, en que a emigración a Cuba toma corpo de grande éxodo para os galegos. Nun momento posterior á chegada dos primeiros galegos prodúcese a consolidación económica daqueles que emprenderon o camiño da industria e o comercio como actividade profesional e como consecuencia diso alcanzan un recoñecemento social que os proxecta como líderes dentro dos grupos da sociedade dos galegos emigrantes e mesmo dentro da propia sociedade cubana, onde se lles respecta e se lles segue.

Estes homes son os que asumirán liderar os movementos encamiñados a dotar as comunidades galegas das sociedades que lles proporcionasen a capacidade para atender as necesidades de carácter benéfico que non podían ser atendidas de xeito individual e si de xeito colectivo. Sendo como eran os colectivos galegos ricos en manifestacións de tipo folclórico aprendidas e practicadas nos seus pobos galegos de orixe, tomouse tamén esta característica do galego emigrado para fomentar a unión entre eles nos países da diáspora.

Na emigración que os galegos levaron a cabo na península no século XVIII, que tivo a súa orixe nos excedentes poboacionais das cidades galegas e o seu destino ás capitais españolas, xa se levou a cabo a fundación de sociedades orientadas a cubrir necesidades de tipo benéfico. Como é o caso da Sociedade Naturais e Oriundos do Reino de Galicia fundada en Madrid no ano 1740 e que posteriormente, a medida que a emigración en América se consolidaba, esta experiencia se trasladou aos novos destinos da emigración galega. É dicir, as sociedades fundadas en América apóianse na experiencia resultante das fundacións realizadas en solo español.

Retomando a liña das fundacións en América centrámonos naquelas que teñen lugar na Habana (Cuba). Dúas sociedades son fundadas: unha para cubrir as necesidades de tipo benéfico e outra para atender as necesidades de carácter artístico relacionadas coa música, denominándose a primeira Sociedade de Beneficencia Naturais de Galicia e a segunda Sociedade Coral Ecos de Galicia; ambas as dúas sociedades desenvolven os seus estatutos e demais documentación interna centrada de forma estrita na finalidade fundacional de cada unha delas.

Cando a colectividade galega emigrada na Habana decide ampliar a súa acción social á instrución e recreo dos paisanos emigrados, atópase coa dificultade de que as socie-



Edificio que foi sede social do Centro Galego da Habana, situado na rúa do Prado até a construción do pazo

dades xa fundadas non permiten, polos seus estatutos, incluír as novas necesidades que se pretende cubrir. Formúlase entón fundar unha nova sociedade á que denominan Centro Galego da Habana. Tanto na Habana como en Bos Aires e Montevideo a data fundacional dos respectivos centros galegos é a mesma, o que leva a pensar que o movemento de dotar a emigración galega das institucións que velasen polo seu benestar e amparo atopábase coordinado nos diferentes países e non foi froito dunha casualidade e si dun traballo meditado e de xestación ampla no complexo mundo da emigración americana.

Froito dun tenaz labor de propaganda e de múltiples reunións encamiñadas a acadar o máximo apoio entre a colectividade galega radicada en Cuba, fúndase oficialmente o Centro Galego da Habana o 23 de novembro de 1879, nunha asemblea celebrada no Grande Teatro Tacón, como Sociedade de Instrución e Recreo, presidindo a mesa que se formou para tal circunstancia D. Secundino González Valdés

2. Os primeiros anos

Polo carácter da súa organización e polos seus fins fundacionais as sociedades, xa fundadas, dedicadas a fins benéficos unha e a outra a actividades de natureza artística, malia agrupar en torno a elas un numeroso grupo de paisanos, non tiñan a capacidade de poder unir toda a colectividade galega nas novas actividades que se pretenden abordar coa fundación do Centro Galego. Polas razóns indicadas pódese considerar as sociedades Beneficencia Naturais de Galicia e Coral Ecos de Galicia como embrionarias da nova sociedade e por iso no edificio do Centro Galego se situasen ambas as dúas sociedades.

Estrutúrase a nova Sociedade constituíndo unha Xunta Directiva, órgano supremo na súa xestión e tamén as seccións de Instrución e Declamación, que comezan a funcionar a partir da súa creación. O número de socios no primeiro ano alcanza a cifra de 711, o de alumnos que asisten ás clases da Sección de Instrución é de 109. O 29 de xaneiro de 1880, arréndase o edificio que se mostra na fotografía e se atopaba situado na rúa Prado 573-575 esquina Dragones. O edificio prepárase construíndo salóns, aulas e un teatro, para albergar as actividades sociais, instrutivas e artísticas para as cales fora creada a Sociedade. No proceso de implantación da Sociedade, nos primeiros anos, débese de resaltar o espírito de entrega, colaboración e sacrificio que imperou en cada momento. As relacións de amizade, parentesco e sociais que existían entre o membros da comunidade galega foron o nexo de unión que achegou a moitos galegos a colaborar coa obra emprendida.

Doazóns, apoios e colaboracións marcaron continuamente o camiño que xestionaba a directiva da Sociedade con fe e altruísmo sen límites no desempeño da súa misión. En toda a colectividade galega desatouse un importante interese pola obra emprendida, entendíase e apoiábase que era necesario facilitar aos paisanos que carecían de formación a posibilidade de formarse cultural e profesionalmente, comprendíase que non era bo para o emigrante vivir afastado da cultura propia, que no pasado recibiran no seu pobo de orixe, rica en manifestacións artísticas, sociais e culturais; de aí que grande parte do esforzo da Sociedade se orientase a facilitar no seu seo a realización de romaxes e outras actividades lúdicas que permitían que se estabelecesen e potenciasen vínculos de amizade e desfrute entre os galegos, á vez que coa realización destas actividades se mandaba unha mensaxe ao resto dos membros das nacións da emigración que atopaban en Cuba e aos propios cubanos, no sentido de que os galegos non eran un pobo marxinal chegado dunha terra inculta e bárbara, conseguindo con iso o recoñecemento e respecto ao que se fixeron acredores.

En todo momento, nos anos a que nos estamos a referir, década dos 80 do século XIX, e en anos posteriores, as accións da Sociedade foron encamiñadas non só a atender necesidades e problemas do galego emigrado, tamén se tiña presente a Galicia metropolitana enviando recursos para axudar na atención da enfermidade que mantiña prostrada na cama a Rosalía de Castro, en axuda tamén dos labradores de Lugo e Ourense afectados por unha tormenta de pedrazo que destruíu as colleitas xa preparadas para a súa recollida e colaborando cos intelectuais galegos no estabelecemento e consolidación das institucións galegas.

3. A SECCIÓN DE INSTRUCIÓN

As materias impartidas no Concepción Arenal dende o momento da fundación da Sociedade foron as seguintes: escritura, lectura, gramática castelá, aritmética, contabilidade de libros, francés e inglés.

Tal era a entrega de moitos galegos á obra emprendida que no ano 1883 aínda había dous tipos de profesores: asalariados e os que non cobraban por impartir clases nas aulas. No ano 1887 inaugúrase a biblioteca da Sociedade e trabállase para que o ensino que se impartía no Centro tivese validez académica, até o punto de poder incorporar os seus estudos ao Instituto de Segundo Ensino e, no caso de non ser posíbel, organizar o Centro de Instrución ao igual que nos institutos, para acadar acollerse á lei entón vixente relativa ao ensino privado.


O ano de 1894 conséguese a incorporación ao Instituto Provincial dos estudos de perito mercantil que se fixesen na Sociedade, para cuxo obxecto foi conveniente reorganizar o cadro de profesores. O sentido practico da decisión atópase na circunstancia de ser A Habana unha praza eminentemente comercial.





SECCIÓN DE INSTRUCIÓN – Tres imaxes que ilustran o labor da Sección de Instrución:
1. Profesorado da Equipa escolar Concepción Arenal
2. Diploma outorgado ao alumno Maximiliano Álvarez, nado en Magurados.
3.– Diploma outorgado a Ángel Porta Bello, nado en Porto de Redes

Unha importante decisión ten lugar cando á muller se lle ofrece a posibilidade de formarse profesionalmente. Até este momento para a muller atopábanse estabelecidas, ademais das materias básicas, as clases de solfexo, piano e canto. A xunta directiva dispón para a mulleres clases diúrnas de corte e preparación de labores para o cal habilitan unha profesora, sendo realmente o éxito conseguido moi relevante.




SECCIÓN DE RECREO – Fotografía esquerda: Interior do Grande Teatro Nacional. Fotografía dereita: Composición en LEMBRANZA de estrea do Himno Galego no Centro Galego.

No ano 1908 o número de alumnos que pasaron pola Sección de Instrución é de 28.920.

4. Sección de recreo e adorno

O Regulamento especifica a relación de xogos e servizos, billares, cantina,... que deben poñerse a disposición do socio e por iso facilítanse todos aqueles previstos, que se ampliaron con reunións literarias, conferencias, bailes, teatro e actuacións musicais a medida que a dispoñibilidade de fondos o permitía.

5. A SECCIÓN DE SANIDADE



SECCIÓN DE SANIDADE – Recibo de ano 1951. Cada socio aboaba unha cota de 15$ cada seis meses. Tiña dereito a participar nas actividades e das instalacións do Centro; en caso de enfermidade dereito a hospitalización e a un numeroso cadro médico

Inspirados nun constante desexo de progresar e engrandecer a Sociedade preséntase por parte dalgúns directivos e socios unha proposta para que se estude a posibilidade de facilitar asistencia médica nunha Casa de Saúde para os asociados enfermos. Un importante paso no engrandecemento da Sociedade, como máis adiante se verá, e que cristaliza, nunha primeira solución, coa proposta de contratar coa Casa de Saúde Quinta do Rei este importante servizo. Ten neste momento (1886) a Sociedade 4.531 socios, cifra que ampara un crecemento exponencial da masa social.

A creación das casas de saúde era unha particularidade da Sanidade privada cubana xa que nelas se atendía un importante número de cubanos pola imposibilidade de ser atendidos nos hospitais públicos, insuficientes para atender os crioulos e a inxente cantidade de emigrantes que chegaban continuamente á Habana. A demanda deste tipo de sanidade fixo que proliferasen as quintas ou casas de saúde fundadas por particulares con ánimo de lucro e tamén polas sociedades de socorros mutuos, co mesmo fin. As sociedades rexionais pronto se decataron de que a mellor forma para atender os seus fins benéficos e asistenciais era ofrecer este servizo aos seus asociados. Por iso o Centro Galego, avalado polo poder económico de que dispón, aborda o proxecto de construír unha cidade sanitaria para os seus asociados.

6. A COMPARA DE "A BENÉFICA"



Fachada da Quinta A Benéfica

Corre o ano 1893 e ante o crecemento que experimenta a masa social do Centro Galego realízanse diferentes propostas encamiñadas a orientar o crecemento da Sociedade nas áreas en que se observaba unha maior demanda por parte dos socios. Os informes e formulacións que se realizan pola Sección de Sanidade conducen a que se nomee unha comisión para estudar os diferentes proxectos que se presentan.

Óptase pola adquisición dunha das casas de saúde existentes na Habana, que por acordo cos propietarios da Casa de Saúde A Benéfica se adquire a citada propiedade, co seu mobiliario, roupas, instrumentos, útiles e efectos de todas clases, predio en que se atopa instalada e área de terreo en que se acha encravada aquela.

Toma posesión da Benéfica a principios de febreiro de 1894 e a continuación procédese á compra de varios quinteiros de edificacións limítrofes completando deste xeito os terreos que formasen parte da gran cidade sanitaria que construirá o Centro Galego, que co paso do tempo será a máis importante da Habana.

No ano 1905 compran tres extensos soares que completan os seis quinteiros de que dispón a Cidade Sanitaria.

Unha estatística realizada entre os anos 1905 e 1908 achega a seguinte información: enfermos ingresados 38. 109, dados de alta 36.814, falecidos 316.

7. Adquisición do edificio social

A posibilidade de dispoñer dun edificio social en propiedade foi de sempre unha arela que no ano 1889 cristalizou ao se converter nunha realidade posíbel. Para iso, recórrese á adxudicación de 1.775 cédulas hipotecarias, por valor de 10 pesos ouro cada unha e reintegrábeis no prazo de 6 a 10 anos. O compromiso de adquisición foi corroborado polos presentes no acto en que se presentou o proxecto. Noméase unha comisión e comézase a estudar as posibilidades que ofrecen varios edificios da cidade incluído o que dende a fundación tiña alugado a Sociedade. O resultado do traballo realizado orienta a que de todos os edificios estudados o máis axeitado era o que ocupaba o Centro. Sométese á consideración dos socios, logo de estudo e proposta das fontes de financiamento e cantidades necesarias para cubrir o importe da compra. Sanciónase a operación cunha aceptación da compra e o 25 de febreiro de 1888, perante notario, asínase a escritura de compra-venda.

O edificio, unha vez adquirido, sométese a unha ampla remodelación para adecualo ás novas necesidades que polo incremento de socios e o auxe experimentado pola Sociedade había que considerar e satisfacer. Volve abrirse unha nova subscrición que encabeza a xunta directiva e á que se suman numerosos socios, cubríndose na súa totalidade.

Dispóñense no edificio adquirido locais para a situación da Sociedade de Beneficencia de Naturais de Galicia e o Orfeón Ecos de Galicia, ambas as dúas sociedades continúan irmandadas co Centro Galego e gozando da acollida que se lles brindaba.

8. A expansión do centro

No ano 1904 vese a necesidade de ampliar a masa social polo que se procede a constituír delegacións do Centro na vilas de Guanabacoa e San Antonio de los Baños.

Como método para atraer as persoas contrátanse os médicos máis afamados e subministrábanse medicinas das farmacias escollidas polos socios. Tamén estas delegacións estabelécense polos barrios da Habana e outras cidades cubanas. O resultado deste proceder amplía considerabelmente a masa social do Centro a medida que se vai estendendo polo resto das cidades da illa

O TEATRO TACÓN


Teatro Tacón

Na dinámica de crecemento en que se atopa o Centro Galego no ano 1906 prodúcese unha compra, que pola enorme repercusión que tivo na Sociedade Cubana chegou aos altos estamentos do Goberno Cubano. Era a adquisición do Teatro Tacón, tamén chamado Gran Teatro Nacional, un símbolo dunha época, o emblema dunha sociedade e na súa grandiosidade arqui-tectónica un referente de identidade que disputaba a súa grandeza cos mellores teatros do mundo. Por todas estas razóns as dificultades que tiveron que vencer para proceder á súa compra obrigaron a realizar un enorme esforzo económico e un non menos importante para garantir a súa conservación e dispoñibilidade pola Sociedade Cubana deste ben tan prezado. Déronse todo tipo de garantías, prometeuse que o teatro se conservaría e que se realizarían obras para a súa mellora. Despois de múltiples reunións procédese á compra do Teatro e edificios anexos que compoñen o quinteiro en que está encravado. O importe da compra ascendeu a 525.000 pesos ouro americano.

Un pouco de historia[1]

"En 1834, o gobernador xeral Miguel Tacón e Rosique encargou a construción dun teatro que tería unha maior capacidade que o existente, o Teatro Principal, a carón da Alameda de Paula. Encargado da construción do novo teatro chamado Teatro Tacón foi o empresario negreiro catalán Francisco Marty Torrens. Este espazo público estaba situado no quinteiro formado polas interceptacións das actuais rúas San Rafael, San José, Consulado e o Paseo do Prado, na Habana. Nos seus inicios, foi nomeado Teatro Tacón en honra ao capitán xeral Miguel de Tacónye Rosique, gobernador de Cuba entre os anos 1834 e 1838.


Inaugurouse o 28 de febreiro de 1838. Para a ocasión deuse un baile de carnaval no aínda inconcluso recinto; pero foi o 15 de abril dese mesmo ano cando quedou oficialmente inaugurado coa posta en escena da obra Don Juan de Austria, protagonizada polo famoso actor cubano Francisco

1. Cf.: https://es.wikipedia.org/wiki/Gran_Teatro_de_La_Habana .

Covarrubias, creador do teatro vernáculo nacional e iniciador do costumismo na literatura cubana. O Teatro de Tacón foi obra do arquitecto Antonio Mayo, quen o concibiu cun estilo ecléctico predominante. Con 90 palcos, máis de 20 filas e capacidade para recibir uns dous mil espectadores, converteuse no escenario por excelencia da aristocracia crioula.
Na súa época, o Tacón foi o teatro máis grande e luxoso do continente americano; e polas súas calidades técnicas o terceiro do orbe, despois da Scala de Milán e o da Ópera de Viena. Entre os artistas máis significativos que actuaron no teatro estiveron as cantantes Jenny Lind, María Barrientos, Adelina Patti e Luisa Tetrazini; as actrices Sarah Bernhardt e Eleonora Duse; os músicos Louis Moreau Gottschalk, Teresa Carreño, José White e Ignacio Cervantes; a "ballerina" Fanny Elssler e os intelectuais cubanos José Martí e Gertrudis Gómez de Avellaneda, coroada con loureiros, na súa grande sala, en 1860, pola poetisa cubana Luisa Pérez de Zambrana.
O lugar foi adquirido, xunto cos terreos lindantes, polo Centro Galego para edificar o seu Pazo Social en 1906".


9. Proxecto dun novo edificio social (1907)

Nunha das cláusulas da escritura de compra do Teatro Nacional especifícase que no soar anexo ao edificio do teatro se edificase un edificio destinado a sede social do Centro. Acórdase para dar cumprimento a esta cláusula abrir un concurso para que no prazo de catro meses presente os seus traballos de acordo coas bases propostas. Será o edificio de dous pisos altos, polo menos, e o seu custo será, agás decorados, de trescentos trinta a tres centos cincuenta mil pesos ouro español.



Primeiro proxecto do novo pazo social. Tomado en consideración

Dispostos a acometer as obras do novo pazo social convócase un concurso privado entre os profesionais do sector da enxeñaría, arquitectura e construción, co fin de que presentasen conforme ás bases estabelecidas os proxectos que segundo o criterio de cada proxectista debía axustarse o edificio. Noméase en xunta xeral unha comisión encargada de estudar os proxectos presentados. No informe presentado pola


Segundo proxecto do novo pazo nacional. Tomado en consideración

comisión resulta agraciado o proxecto realizado polos enxeñeiros e arquitectos Sres. Aurelio Sandoval, Andrés Castellá, e Eugenio Raynery. Así se pecha a opción que se considera para a construción do Pazo e comézase cos traballos previos de preparación do terreo e cimentación a cargo do enxeñeiro Sr. Raynery.

No ano 1908 un novo proxecto do edificio do Centro preséntase á xunta directiva presentado por un arquitecto europeo, Paul Belau, que logra o beneplácito da xunta directiva, aínda que se presentou fóra de prazo, pola súa superioridade artística, beleza de liñas e aspecto monumental.

10. Constrúese o pazo do Centro Galego (1908)

O 8 de decembro de 1908 realízase a colocación da primeira pedra nunha xornada grandiosa pola solemnidade do acto, ao que asistiron relevantes persoeiros de todos os eidos sociais e culturais, membros do Goberno e Corpo Diplomático e Consular.



Primeira pedra traída de Galicia depositada nos alicerces do edificio do Centro Galego

O bloque de granito do que se tallou a primeira pedra tróuxose das canteiras de Parga (Lugo). Os obxectos que se depositaron nunha caixa de chumbo, que se introduciu no seu interior, foron unha colección de 72 moedas antigas e outra das Memorias anuais, dende a fundación do Centro; o recibo do socio José Mª Allegue, que figura co número un; o da escritora Dª. Emilia Pardo Bazán, que se inscribe ás doce da noite do día 7, co número 25.033, pechando entón a inscrición até despois de colocada a primeira pedra. En todo o proceso de transporte do bloque de pedra e a súa preparación, colaboraron múltiples paisanos, que levados do fervor patriótico que naquel momento reinaba na colonia galega, viron na colocación da primeira pedra o primeiro paso que os levaría á culminación da obra que os poría á cabeza das nacións da emigración.


Pazo Social do Centro Galego, tal como se atopa na actualidade, construído entre os anos 1907–1915

O pazo foi construído pola firma estadounidense Purdy and Hendersen, cun custo de 1,8 millóns de pesos. Tiña un teatro, dous salóns de baile, un casino, salóns de xogos, oficinas, caixa de aforros, tesouraría, restaurantes e cafés. Ocupando unha superficie de 4.788 m^2, dos cales 3.123 m^2 se dedican á Casa Social, e 1.665 m^2 ocúpaos o Gran Teatro. Inaugurouse en 1914 e consta de catro pisos e a súa fachada adórnase con varios grupos escultóricos en mármore, que repre-

sentan alegorías da Beneficencia, a Educación, a Música e o Teatro, obras de Giuseppe Moretti. Os elementos colocáronse de forma equilibrada, e os balcóns, ventás, cornixas, coa proporción das súas torres e a unidade das molduras logran un ritmo elegante. O estilo é descrito como renacemento español ou francés, tamén con elementos do barroco. No proxecto contémplanse as estancias necesarias para dar cabida a todas as seccións do Centro, asociacións afíns, e entre outras moitas dispone unha sala para as sociedades de instrución nacidas á calor do Centro e que sosteñen escolas en Galicia, co-mo a Alianza Aresana de Instrucción, fundada o 20 de marzo de 1904.

11. Resumo final

Como resumo do tratado inclúese unha breve recensión sobre catro homes nados en Redes, que foron pezas fundamentais nun momento da vida do Centro e os números que avalan o realizado, tomando para iso o gasto efectuado nas tres seccións no período de tempo que vai dende a fundación en 1879 a 1909, mostrado na táboa seguinte:

A ELOCUENCIA DOS NÚMEROS (1879 – 1909)	
SECCIÓN	GASTO REALIZADO
INSTRUCIÓN	103.154,14 $
SANIDADE	1.742.644,97 $
RECREO	63.946,34 $
TOTAL	1.909.745,45 $ (OURO ESPAÑOL)

Nun traballo desta natureza, no que se trata de mostrar a grande obra das xeracións de galegos que foron un claro expoñente das virtudes de todo un pobo, que non se conformou co destino ao que a desidia e abandono imperante na Terra en que naceran os tiña predestinado, imponse a vontade de facer o necesario para poñer rostro, nome e apelidos, se iso é posíbel, a aqueles homes que participaron e que son fillos do pobo ao que vai dirixido este traballo: Ferrolterra. Hoxe facémolo con catro significados galegos, dos moitos que participaron na grande xesta do Centro Galego da Habana:



Grupo de vocais do Centro Galego da Habana, entre os que se atopan Segundo Casteleiro Pedrera e Francisco Vilar Casteleiro

– **Segundo Casteleiro Pedrera**, importante industrial e ferraxeiro da Habana, do que coñecemos a súa biografía por publicarse no número 3 de *A Tenencia*[2], foi un home que alcanzou un importante recoñecemento social e económico en Cuba, que lle facultou para asumir tarefas de xestión como vogal na xunta directiva do Centro Galego da Habana, participando nas decisións encamiñadas á construción do Pazo Social, entre outras. A casa paterna atopábase na rúa Nova do Porto de Redes.

– **Francisco Vilar Casteleiro**, propietario do terreo O Lugar en Curma-Caamouco, pertence a unha das xeración de redeños que ao conseguir estabelecer compañías dedicadas á pesca e ao transporte mariño de cabotaxe, a finais do século XIX, posibilitou a creación de nichos laborais que se nutriron de traballadores a través das cadeas de emigración que se estabeleceron entre Caamouco e A Habana. Posibelmente apadriñou a Segundo Casteleiro no seu acceso á xunta directiva do Centro Galego. A relación de Pancho, nome familiar, coas elites da comunidade galega da Habana, sitúanos diante dun home importante a vida do cal debemos estudar.

– **Casimiro Camaniel Blanco** e **Francisco Bello Casteleiro**, nacidos en Redes (Ares) foron tamén dous membros destacados no funcionamento do Centro Galego, nos anos 1910, como delegados deste na Casa Branca, barrio de pescadores da Habana, onde o primeiro propietario do café de nome: "La Palma", situado na rúa San Francisco,1; e o segundo era propietario de barcos viveiro dedicados á pesca no Golfo de México.



Casimiro Camaniel Blanco



Francisco Bello Casteleiro

Estes catro homes, mencionados nos parágrafos anteriores, son un referente de todos aqueles que fundaron e xestionaron esta Institución ao longo dos anos. Cando no ano 1959 triunfa en Cuba a revolución de Castro, o Centro Galego é expropiado e todo o inxente labor que dende o seu seo se realizaba finaliza. Tiña entón máis de cincuenta mil socios, e entra nunha decadencia que o aboca á súa desaparición como entidade protectora da emigración galega.

2. Revista de Historia Local *A Tenencia*, publicada pola Agrupación Instrutiva de Caamouco.

"SALVACIÓN, UNIÓN E FRATERNIDADE": A MILICIA NACIONAL DE PONTEDEUME (1834-1844)

Manuel Dominguez Ferro

A pesar da importancia incuestionábel que a Milicia Nacional tivo no triunfo e consolidación do réxime liberal español[1], non foi ata hai relativamente pouco cando esta institución cívico-militar comeza a ser obxecto de interés historiográfico[2]. Sen embargo, aínda non contamos cun panorama completo da Milicia na súa diversa realidade xeográfica e faltan estudos que aborden aspectos tan destacados como o impacto que exerceu na vida política municipal –particularmente nos procesos de cambio, "os pronunciamentos"–, a composición social dos seus membros ou a súa capacidade de mobilización sobre amplos sectores da poboación.

A Milicia foi un sostén da orde constitucional e un elemento fundamental na loita contra as estruturas do Antigo Réxime, como demostra a súa decisiva actuación contra o carlismo. As súas funcións abranguían desde a garda das vilas, a custodia de presos, a persecución do bandoleirismo, ata a asistencia aos sorteos e traslados de mozos para o exército e a vixiancia das feiras[3].


Caricatura sobre a Milicia Nacional

Pero a Milicia nacional foi, ante todo, o instrumento do que se valeu a emerxente burguesía para garantir as conquistas da revolución liberal nunha fase incipiente e, ao tempo, un eficaz recurso para controlar ás bases populares que en ocasións quixeron levar máis adiante aquelas conquistas e acadar o "horizonte utópico" que o

1. Calles Hernández, C., *La milicia nacional en Salamanca durante el Trienio Liberal (1820-1823)*, Salamanca, 2015: "La milicia nacional local fue sin duda uno de los mayores apoyos con que contó el liberalismo para el mantenimiento del constitucionalismo. Su estudio supone una de las mejores radiografías para determinar el soporte social que lo sustentó y también de los apoyos con que contó".

2. A excepción serían os traballos de MANUEL ESPADAS BURGOS, *La Milicia Nacional*, e Pérez Garzón, Juan Sisinio, *Milicia Nacional y revolución burguesa. El prototipo madrileño. 1808-1874.* Madrid, 1978.

3. Veiga, X. R., : *La Milicia Nacional como espacio de politizacion liberal en Galicia (1822-1844)* https://lisbon2016rh.files.wordpress.com/2015/12/0026-onw1.pdf.

liberalismo prometía en última instancia. A tentativa de plasmar o ideal igualitario de cidadán-soldado e materializar o principio revolucionario da *Patria en armas* –expresión acuñada polo deputado exaltado Juan Romero Alpuente– convertironna co tempo nunha forza sospeitosa para os moderados que en 1844 acabarían sustituíndoa por un novo corpo armado, a Garda Civil.

O interese da análise local do fenómeno da Milicia xustifícase pola vinculación que ésta organización mantiña cos Concellos, de quen dependía orgánicamente[4]. Entre as competencias das novas corporacións constitucionais estaba o reclutamento e organización das forzas da milicia local, en colaboración cos Xefes Políticos e militares das provincias. Además, a Milicia nacional xogou un papel fundamental nas vilas e zonas rurais, espazos onde se revelou como un factor indispensábel, ante a ausencia doutros actores, políticos ou institucionais, na defensa do réxime constitucional[5].

En Galicia, a organización miliciana estará presente non só nas cidades máis importantes, senón tamén nas vilas e cabeceiras de comarca. En palabras de Xosé Ramón Veiga: "ningún rincón do territorio se viu privado da súa influenza"[6]. Testemuñas indirectas refírense a unidades da Milicia en concellos claramente rurais como Vilarmaior ou A Capela[7].

O periodo obxecto de investigación (1833-1844) corresponde á etapa de Rexencias, momento crucial para o recén nado Estado burgués, que ten que facer fronte á ameaza carlista, á reforma da administración territorial e ao inicio do proceso desamortizador. Nesta etapa confírmase tamén a división interna, que non fractura, no seo do liberalismo. Precisamente, unha das diferenzas que separarán ao partido moderado –portavoz do sector máis conservador da burguesía– do progresista –que agrupaba ás clases medias urbanas– xirará en torno ao cometido da Milicia no proceso revolucionario.

Este estudo non pretende ir máis alá dunha breve aproximación a un tema que esixiría un tratamento mais exhaustivo, tanto desde o punto de vista espacial –contrastando o acontecido noutras vilas da comarca–, como desde a perspectiva temporal, ampliando o período de análise ata o último terzo do século XIX, cos inicios da Restauración (1874-1923), momento en que a Milicia é definitivamente disolta. Deste xeito poderiamos establecer modelos comparativos a partir de aspectos tales como as formas de alistamento, a composición social ou a implicación das diversas milicias locais nos levantamentos que salpicaron o periodo.

As fontes empregadas nesta investigación son as series históricas de poboación, actas de goberno e expedientes da Milicia Nacional que se conservan no Arquivo munici-

4. Casals Bergés, Q., *Milicia Nacional, liberalismo y progresismo. El prototipo leridano en los primeros dos tercios del s. XIX.*

5. Calles Hernández, C., *Ídem*.

6. Veiga, X. R., *Ídem*: Entre as vilas que contaban con continxentes da Milicia nacional : Ribadeo, Monterrei, Noia, Chantada, Betanzos, Ribadumia, Carballo, Arzúa, Viveiro, Mondoñedo, Ribadavia, Ortigueira, A Fonsagrada, Celanova, Monforte, O Barco de Valdeorras, Padrón, A Estrada, Pontedeume, Vilalba, Ordes.

7. Arquivo Municipal de Pontedeume, Expedientes da Milicia Nacional.

pal. Outra base fundamental de información constitúenna as fontes hemerográficas: además do xornal galego *El Centinela de Galicia*, portavoz do liberalismo moderado, a prensa contemporánea, como *El Eco* del Comercio, de signo progresista; *El Constitucional de Barcelona* ou *El Heraldo* e *La Postdata*, de Madrid, recollen nas súas páxinas a forte polémica que, en torno á Milicia nacional, opoñía a moderados e progresistas.

I. O Pobo en armas

Anque a Milicia nacional ten a súa orixe na Constitución de 1812, haberá que esperar ata o Trienio Liberal (1820-1823) para que ésta institución tome forma e se convirta nunha realidade en gran parte do pais[8].

Segundo proclamaba a Constitución, a Milicia nacional concebíase como unha forza civil armada ao servizo do novo réxime liberal e todos os españoles entre os 16 e os 60 anos tiñan a obriga de cumplir o servizo durante 8 anos, a excepción dos ordeados *in sacris,* os funcionarios públicos, os pertencentes a Facultades científicas ou literarias, os deputados a Cortes e os deputados provinciais. Tamén eran eximidos aqueles que non cumprían os requisitos de idade, tiñan algún impedimento físico ou psíquico, non posuían unha fortuna mínima ou eran pouco afectos ao réxime. En tal caso, a prestación do servizo era sustituída polo pago mensual dun imposto que ía dos 5 aos 50 reais, en proporción á riqueza.

A existencia da Milicia nacional correu paralela ás vicisitudes do periodo. Suprimida en 1814, restableceuse durante o Trienio liberal (1820-1823). Disolveuse de novo en 1823, coa volta do absolutismo, que fundou un corpo alternativo, os Voluntarios Realistas. Despóis da morte de Fernando VII repúxose co nome de Milicia Urbana. Rebautizose brevemente en 1836 como Garda Nacional durante o goberno de Mendizábal. Foi suspendida novamente en 1844, nos inicios do reinado de Isabel II, coa chegada ao poder do goberno moderado de González Bravo. No verán de 1854, o triunfo do pronunciamento dos xenerais O`Donell e Dulce na chamada "Vicalvarada" permitiu a súa breve restauración, e en 1856 foi outra vez suprimida polos moderados. A revolución Gloriosa restituiuna en 1868 baixo o nome de *Voluntarios da Liberdade,* e coa proclamación da I República pasou a chamarse *Voluntarios da Republica.* Finalmente, en 1875 o réxime da Restauración borbónica procedeu a súa definitiva disolución.

As dificultades para definir un modelo de Milicia que poidera satisfacer o recelo dos moderados ante a posibilidade dun armamento masivo do pobo e a pretensión dos exaltados de comprometer na defensa do réxime liberal a amplos sectores da poboación ante o desafío absolutista, explican os constantes cambios nos regulamentos: en 1814, 1820, 1822, 1834, 1835 e 1836.

8. Casals Bergés, Q., *Milicia Nacional, liberalismo y progresismo. El prototipo leridano en los primeros dos tercios del s. XIX.* Calles Hernández, C., *Ídem.*

Nos comezos do Trienio o alistamento era voluntario e os seus membros, maioritariamente exaltados, pero non tardou en crearse unha milicia de alistamiento forzoso e, polo tanto, máis neutra ideolóxicamente; ambas coexistiron ata a unificación das dúas milicias en 1822. Pero mantívose, sobre todo por parte dos moderados, unha prevención cara o armamento xeral.

No regulamento publicado o 24 de abril de 1820[9] –que foi unha das primeiras disposicións do gabinete liberal de Martínez de la Rosa co que se inagura o Trienio–, a Milicia nacional quedaba restrinxida ás capitais provinciais e de partido, o servizo obrigatorio era sustituído polo voluntario e rebáixabase a idade mínima; pero o feito de que o uniforme tivera que ser adquirido polo miliciano –pero non as armas, que serían proporcionadas polo Concello– incluía *de facto* un criterio censatario, que excluía do corpo miliciano ás capas populares da poboación[10].

No verán de 1820 discútese nas Cortes un novo regulamento, cuxa aprobación suscitou a oposición dos exaltados pola imposición da obligatoriedade do servizo, co argumento que deste xeito non se garantizaba a fidelidade dos milicianos á causa liberal[11]. Quedaban exentos os ordeados *in sacris*, funcionarios, médicos, mestres, mariñeiros, xornaleiros e asalariados; éstes tiñan que pagaren 5 reais mensuais. Pobres, estudantes e xornaleiros non podían entrar nas filas da Milicia.

A partir da morte de Fernando VII en 1833, o inicio do proceso de transición ao liberalismo sinala a reposición da institución miliciana baixo a nova denominación de Milicia Urbana (pola intención dos moderados de afastarse da sona revolucionaria que connotaba a denominación de Milicia Nacional). Co obxectivo de limitar o armamento á capa de propietarios a lei de febreiro de 1834, a instancias do goberno moderado de Martínez de la Rosa –chamado de novo a formar goberno–, establecía uns criterios económicos de ingreso moi restrinxidos, además de limitar a presenza da Milicia Urbana ás vilas de máis de 700 veciños e sen que ésta poidera superar o 1% da poboación. Progresistas e sectores populares urbanos apostaban por un reclutamento máis amplo. Serían as necesidades da guerra carlista quen acabarían ditando as sucesivas reformas polas que foron rebaixándose os requisitos de ingreso.

O regulamento da Milicia Urbana promulgouse en marzo de 1835, despois de encendidas discusións entre progresistas e moderados. Os aspectos máis polémicos xiraron en torno á obrigatoriedade do servizo e a cota de contribución. Mentres que os progresistas apostaban pola voluntariedade para evitar o acceso á Milicia de xentes pouco

9. Calles Hernández, C., *Ídem*. "El Reglamento provisional de 24 de abril de 1820 recuperaba el espíritu del de 1814, aunque ahora se destacaba su voluntariedad y el doble carácter civil y militar, retomando su condición de fuerza independiente". García León, J.M., *La Milicia Nacional en Cádiz,* Cádiz. 1983. "Las principales variaciones con respecto al Reglamento de 1814 fueron el carácter voluntario del de abril de 1820 y su establecimiento en todos los pueblos superiores a 1.000 habitantes; se rebajó el límite de edad hasta los 18 años (en lugar de los 30), y se mantuvo el superior de 50".

10. Sánchez I Carcelén, A ., *Ídem*. O autor menciona que en Mondoñedo o Concello "expresaba as suas dúbidas de que as localidades [pequenas] poidesen ter urbanos voluntarios por ser proletarias e pequenas".

11. No art. 1º léese: "todo español desde la edad de los 18 hasta la de 50 se encuentra obligado a prestar servicio en la Milicia Nacional).

afectas ao réxime, os moderados querían elevar a cota de contribución para impedir a admisión das clases potencialmente revolucionarias[12].

Polo que se refire ao nomeamento dos cargos, que tamén foi outro punto de fricción, o regulamento establecía que a designación dos xefes de batallón correspondía ao rei, que elexía entre unha terna presentada polo consello de disciplina local; mentres que os oficiais eran elexidos polo gobernador civil entre ternas propostas polo consello de disciplina. Para ser oficial requeríase, además, aportar unha cota dobre de contribución, o cal limitaba o espectro básicamente a propietarios, comerciantes e avogados.

O rexeitamento por parte dos moderados da capacidade de acción política da Milicia explica o artículo 24, que autorizaba ao gobernador civil a disolver a forza miliciana cando ésta intentara influir nos asuntos políticos.

As protestas que se suceden ao longo de 1834, 1835 e que culminan no verán de 1836, co pronunciamento dos sarxentos de *La Granja* e o restablecemento da Constitución de 1812, canalizáronse a través das milicias e das xuntas, órganos éstes de expresión por excelencia dos intereses da clase burguesa pero tamén do proletariado urbano. As reivindicacións do movemento xuntista xiraban en torno a tres eixos: o rexeitamento á lei municipal dos moderados, que reducía autonomía local, a posta en marcha da desamortización e a ampliación da Milicia.

A chegada ao poder de Juan Álvarez Mendizábal determinou a introducción dunha reforma da Milicia en clave progresista. O Decreto do 28 de novembro de 1836 democratizaba a elección dos oficiales da agora chamada Garda Nacional; os milicianos escollían aos seus oficiais, que a súa vez elexían aos comandantes das compañías e aos membros do Consello local da milicia[13].

En canto aos criterios de selección, o R.D. de marzo de 1836 recomenda a inscripción na Garda Nacional de aqueles que *máis garantías ofrezcan a la Nación por su arraigo, ilustración, (...) moralidad y adhesión al Trono legitimo*[14].

Outra novedade, que implicou unha merma das competencias municipais, era a organización xerárquica da Milicia, á fronte da cal figurará un Inspector Xeral, con sede en Madrid. Un subinspector en cada provincia encargábase das tarefas de inspección e do cumprimento da normativa. Esta figura, creada en 1836, viña a suplir ao Gobernador militar. O primeiro Inspector Xeral da Milicia foi o xeneral Evaristo San Miguel, que se destacara na "gloriosa xornada" do sete de xullo de 1822 –tamén coñecida como a "batalla das Praterías" e que Pérez Galdós novela no seu Episodio Nacional *El siete de julio*–, cando o líder exaltado se puxo ao fronte dunha unidade de


Xornada do 7 de xullo de 1822 na Praza Maior

12. Pérez Garzón, J. S., *Ídem*.

13. *Ídem.*

14. Casal Bergés, Q., :...individuos de "inequívoca adhesión a nuestro legítimo gobierno, su amor al orden, su probidad y arraigo ya sea en bienes de fortuna ya en industria, tráfico u otra manera conocida de vivir decentemente" aparece tamen nos Expedientes da MN de Pontedeume.

voluntarios chamada o Batallón Sagrado. Desta milicia formou parte o deputado Andrés Rojo del Cañizal, unha das figuras políticas máis singulares na escea local na primeira metade do século[15].

II. A Milicia Nacional de Pontedeume

1. Orixes e evolución

Ata o de agora non existían referencias directas da existencia na vila da organización miliciana durante o Trienio Liberal, pero na actualidade contamos con evidencias claras dela alomenos desde 1822 na documentación do Arquivo municipal. Concretamente consérvase un fragmento dun atado que formaria parte probablemente do Libro de actas da Milicia local dese período e cuxa desaparición estaría relacionada co baleiro documental que sufriu o Arquivo co restablecemento do absolutismo en 1823. Trátaríase dunha clasificacion xeral do vecindario para elaborar o alistamiento de milicianos[16].

A aparición da Milicia en Pontedeume debe vincularse á actividade dun grupo que constituirá a primeira xeración liberal da vila. Anque a influencia do sector absolutista –que tivo dous deputados eclesiásticos nas Cortes de Cádiz– seguiu deixándose notar, como proba o pouco eco que en Pontedeume tivo o pronunciamento do xeneral Porlier. Este núcleo liberal estaría integrado por avogados, comerciantes e propietarios. Entre os primeiros figuran Lorenzo Gavino Irijoa, capitán de alarmas durante a Guerra da independencia, procurador xeral do novo Concello constitucional, compromisario na eleccion de deputados a Cortes en 1810, e do cal se afirma nunha certificacion do Concello de Betanzos: *Que son conocidas sus ideas liberales y adhesión al sistema constitucional, por cuya causa ha servido varios encargos municipales. Que después del decreto de 4 de mayo de 1814*[17]*, sufrió insultos personales y persecuciones. Que no mudó de pensar, y contribuyó en febrero de 1820 a la Constitución*[18].

Nesta nómina tamén figura o xuíz Juan José Portal, que se distinguiría na persecución das gavelas carlistas na zona de Mesía, do que consta, igoal que o anterior, a súa lealdade ao réxime constitucional**;** e o tamén xuíz José Antonio Garcia de Velasco, que foi procurador síndico no primeiro Concello constitucional.

15. Hoja de servicio de Andrés Rojo Cañizal, Intendente. https://www.archivesportaleurope.net/es/ead-display/-/ead/pl/aicode/ES-28079-AHN9/type/fa/id/ES-28079-AHN-UD-172392/unitid/ES-28079-AHN-UD-172392+-+ES-28079-AHN-UD-1773346/search/0/rojo+del+cañizal. Domínguez Ferro, Manuel, *O deputado Andrés Rojo del Cañizal. Traxectoria vital e compromiso político (1783-1858),* "Cátedra: revista eumesa de estudios" Nº 16, Pontedeume, 2009.

16. Neira Reboredo, L., *O Concello de Pontedeume na transición do Antigo Réxime ó sistema constitucional.* "Cadernos do Ateneo Eumés". Nº 12. Pontedeume, 2014:. a razón estaría, segundo o autor, na destruccion ordeaba polo novo alcalde, Bartolome –Alvarez y Pardo....

17. Promulgado por Fernando VII ao seu regreso de Francia polo que se decretaba a abolición da Constitución de 1812.

18. Meijide Pardo, A., *Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del siglo XIX.* "Anuario Brigantino" Nº 23, 2000.

Pero foi sen dúbida o deputado exaltado e intendente Andrés Rojo del Cañizal a personalidade máis notoria desta primeira xeración; e a pesar da falta de certezas é difícil sustraerse á hipótese do seu ascendente na xénese da Milicia eumesa. Entre as responsabilidades do cargo de intendente –cuxo nomeamento polas Cortes do Trienio, en 1822, debeuse ao recoñecemento polos servizos prestados durante o levantamento de Porlier en 1815 e do xeneral Espoz e Mina en 1820[19]–, figuraba a supervisión e sostenemento das forzas provinciais da Milicia nacional. E desde esta posición a súa influenza poido ser determinante na constitución dunha forza da Milicia en Pontedeume, vila coa que mantiña unha estreita vinculación, debido tanto aos lazos familiares como aos comerciais[20].

Neste círculo deberíamos buscar aos integrantes da primeira milicia eumesa; como ocorre noutras localidades, o grupo inicial de voluntarios que se alistaron durante o Trienio foi a base dos políticos que lideraron a transición ao rexime liberal dez anos despois[21]. Calles Hernández identifica un proceso similar en Salamanca[22]. As conexións familiares non fan senón evidencialo: Lorenzo Gavino Irijoa é pai de Narciso Irijoa Bermúdez, alcalde e comandante da milicia local durante boa parte do período isabelino (1844-1868). Existe tamén un presumible parentesco entre o xuíz Juan José Portal e o avogado e tenente da milicia Vicente Portal, así como co tamén tenente, o boticario Juan Tomás Portal. E Andrés Rojo era sogro do deputado, alcalde tamén e 1º Axudante da milicia, José Vázquez Bugueiro.

Non temos datos acerca dos medios humanos e materiais da Milicia durante o Trienio, anque coñecendo a realidade noutras vilas e concellos, podemos intuir as súas dificultades. A restauración absolutista poñería punto e final a este curto período e con él á institución da Milicia. Entre 1823 e 1833, a chamada "Decada Ominosa", creouse como alternativa á Milicia Nacional o corpo dos Voluntarios Realistas, unha das cuxas función era a persecución dos liberais.

Desde 1833, as reformas na administración territorial, cuxo proxecto máis coñecido foi a nova división provincial, promovida polo ministro Javier de Burgos, incluiron o restablecemento dos concellos constitucionais e a creación dos partidos xudiciais, que sustituirían ás antigas xurisdicións señoriais. No periodo comprendido entre 1834 e 1835 completouse a nova estrutura administrativa. O concello de Pontedeume, ata entón pertencente á provincia de Betanzos, pasou a formar parte da de A Coruña como cabeceira de partido xudicial, no cal estaban integrados os concellos de Cabanas, Fene, Ares e Mugardos.

19. Meijide Pardo, *Ídem*.

20. Hoja de servicio de Andrés Rojo Cañizal, Intendente: Mereció por todos esos servicios extraordinarios que las Cortes de 1820 le recomendasen eficazmente al Gobierno y S. M. le declaró Intendente de Provincia en su Real decreto de febrero de 1821. Fue nombrado Diputado a Cortes por el antiguo Reino de Galicia para la legislatura de 1822 y 1823, cuyo encargo desempeñó hasta la conclusión del sistema constitucional, hallándose a la vez alistado en las filas del Batallón sagrado creado en Madrid, tomando parte en la acción ocurrida el memorable 7 de Julio por lo que fue condecorado con la cruz concedida por aquellas.

21. Domínguez Ferro, M., *Ídem*…

22. Casals Bergés, Q., *Ídem.*

Unha das atribucións dos novos Concellos residía na formación dos corpos da Milicia nacional. Nos Reales Decretos de febreiro de 1834 Mª Cristina, a Raiña Gobernadora, urxía aos Concellos á formación da Milicia Urbana. (A Milicia Urbana debía constituirse en todas as localidades que superasen os 700 habitantes. O número de milicianos fixaríase en proporción de 1 por cada 100 veciños).

Os primeiros voluntarios alistados en Pontedeume foron Narciso Iirijoa, José Vázquez Bugueiro, Juan Illá e Manuel Punín, os catro, representantes da burguesia local e vinculados ao progresismo, o cal confirma o papel que desenvolveu a Milicia como plataforma política para a nova xeración liberal[23]. Dous deles, Naciso Irijoa e José Vázquéz, manterán durante todo o período postos de relevancia no seo da Milicia local, e xunto co tamén deputado Patricio Rodríguez, exercerán unha influenza política que trascenderá o ámbito municipal.

No alistamento que a continuación levou a cabo o Concello inscribíronse únicamente 10 individuos[24]: entre eles, os catro antes citados (*...sin que no obstante ello hubieran concurrido al alistamiento mas que unos nueve vecinos, por lo que se publicó que todos los que se conociesen como monárquicos y adictos al Gobierno que felizmente está en vigor, se alisten*)[25]. Esta situación repítese noutras vilas, onde, ante a tímida reacción dos veciños ao chamamento, as autoridades multiplican os bandos patrióticos e as presións sobre os individuos dos que presume maior afección ao réxime[26].

Ante o fracaso deste primero alistamento, o Capitán Xeral ordea un segundo. A lista de urbanos, a fins de maio de 1834, ascendía a 114. A proposta do Capitán Xeral era *que por ahora se forme en esta villa solo una sección de veinte y cinco hombres*[27]. En novembro ordéase un novo alistamento. Dos 225 reclutados: *muchos son enfermos, otros absolutamente pobres y otros no de toda confianza de los Ayuntamientos, conociendo que las armas en estas tres clases de hombres ya son inútiles o, ya lo que es peor, sospechosas; a fin de formar en esta villa un trozo de milicia para su seguridad y la del Estado, de sujetos todos robustos, buena opinión y adhesión a la justa causa*[28].

Tras a selección, a Milicia queda finalmente composta de 125 individuos, que conformarán a 1ª compañía de infanteria. A elección dos oficiais, como deixaba claro o articulo 24 do R.D. de febreiro de 1834 e segundo as instrucción remitidas polo Gobernador ao Concello, correspondialle aos membros da Corporacion e a un número igual entre os

23. Casals Bergés, Q., *Ídem*.


24. Os catro anteriores e Joaquin Sainz, Jose Antonio Illá (irman do anterior?), Domingo Robles, Jose Antonio Garcia de Velasco, Gregorio Pita e Vicente Portal.

25. AHM, Expedientes Milicia Nacional. Caiza 228.

26. Casals Bergés, Q., *Ídem*.

27. AHM, Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228. Urbano José Varela, Narciso Irijoa, Joaquín Sainz, José Taboada, Juan A. Illá, Manuel Punín, José Villa, Juan Sánchez, Tomás Lafuente, Ramón Portal, Luis Alonso, Miguel López, Blas Illá, Ramón Camino, Miguel Roberes, Antonio Nicolás Pereira, Nicolás Roberes menor, José Vázquez Bugueiro, Agustín Alonso, Jacobo Rodríguez, Antonio Mendizábal, José Celada, Gregorio Rodríguez, Matías Vizoso.

28. AHM, Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228: *Que a golpe de campana se fijó en el frontis de las Casas Consistoriales*.



Armas e uniformes da Milicia

maiores contribuíntes. O carácter electivo da oficialidade non excluia un criterio censatario, pois os unicos electos resultaban ser propietarios, profesións liberais e comerciantes, o grupo dos maiores contribuintes que estaban a conformar a nova oligarquía local.

Como capitán é elexido Narciso Irijoa: *habiendo sido el primero que voluntariamente por su patriotismo se alistó en esta milicia*; tenente, Vicente Portal, avogado e asesor de Mariña: *de una decidida adhesion..., habiendo tambien sido uno de los primeros que voluntariamente se alistaron en esta Milicia;* subtenentes, Manuel Punin, boticario (*sujeto de adhesion decidida*), e José Vázquez (*bachiller en leyes cursante el ultimo año..., de edad de 26 años, hacendado y adicto en grado sumo al legitimo Gobierno de nuestra joven reina*)[29].

Entre eles hai elementos coincidentes: os oficiáis da Milicia Nacional proceden da oligarquia local, ocupan cargos municipais e manifestan actitudes politicas de carácter progresista.

A lei esixía ademais que por cada batallón fora creado un Consello de Disciplina.

29. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 229.

Formaban parte como membros natos os oficiáis e catro electos que representaban as clases dos suboficiais[30]. Como fiscal foi designado de forma interina o xuíz José Antonio Garcia de Velasco, pero pouco tempo despois é sustituido por José Vázquez Bugueiro.

Para completar a organizacion miliciana e debido ás dificultades de emprear a outros, son contratados o corneta e os dous tambores que serviran na banda dos Voluntarios Realistas. A subdelegación de Fomento non pon impedimento *siempre que estos jovenes inspiren confianza por su conducta y adhesion a SM la Reina*[31]. A cantidade total anual do salario do tambor –1 real diario– e o corneta –2 reais– ascende a 1.100 realis. O reparto da cuantia faise entre a vila e as parroquias[32].

A mediados de 1836 realízase un alistamiento conxunto do partido xudicial[33]. As razóns quizáis tiveran que ver coas ne-cesidades da guerra carlista. As localidades con maiores efectivos, despóis de Pontedeume, son Cervás, Caamouco, Ares e Andrade. A primeira, a segunda e a terceira con importantes aportacións de milicianos de orixe labrega; na terceira predominan os mariñeiros.

En 1836 a Milicia eumesa conta con 1 batallón de 3 compañias que se verá incrementado a 4 en 1837. En total, 400 homes. En 1840 a cifra ascende a 490 milicianos divididos en 4 compañías. Cada compañia estaba dirixida por un capitán, 2 tenentes, 2 subtenentes, un sarxento primeiro, 4 sarxentos segundos, seis cabos primeros e seis cabos segundos. Ese ano renóvanse os oficiais; entre os novos figuran o avogado Fernando Varela e o facendado Urbano Josér Varela, os irmáns Illá, Juan e Blas, procurador e



O Inspector Xeral da Milicia Nacional, o xeneral Evaristo San Miguel

30. O sarxento Agustin Alonso, o cabo Jose Vazquez Celada e o soldado e secretario municipal Juan Jose Lores.

31. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 229.

32. Porto, Limodre, Franza, Piñeiro, Meha, Maniños, Barallobre, Fene, Perlio, Sillobre, Magalofes, Laraxe, Centroña, Boebre, Nogueirosa, Doroña, Grandal, Bemantes, Torres e agregados, Miño e Andrade.

33. AHM, Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

Lista de los Milicianos Nacionales movilizados de Infanteria

Por localidades

San Xoán de Piñeiro	1
San Pedro de Vilar	10
Vila de As Pontes	2
Pontedeume	20
Vila de Ares	16
San Vicente de Caamouco	16
San Pedro de Cervás	20
Cabanas	8
San Esteban de Iríns	5
Santa Cruz do Salto	2
San Martiño de Andrade	19
San Miguel de Breamo	1
San Cosme de Nogueirosa	6
Santa Maria de Ombre	10
San Vicente de Mehá	4

Por ocupación profesional

xornaleiros	2
labregos	64
estudantes	7
dependentes de comercio	1
ferreiros	1
facendados/propietarios	4
curiais	3
mariñeiros e calafates[34]	46
carpinteiros	2
mestres de obra	5
canteiros	2
xastres	2

Cadro I. Fonte: Expts Milicia Nacional. Caixa 228

34. A maioria da vila de Ares.

escribán respectivamente; Gregorio Rodriguez y Allegue e Antonio Mendizábal, este último barbeiro.

A partir de 1836, coincidindo co ministerio do exaltado Juan Álvarez Mendizábal, anque non de xeito definitivo, xeneralizase a denominacion de Garda nacional.

Estado de forza da MN de Pontedeume. 1837

Forza	1834	1837	1840
Batallóns		1	1
Compañias		4	
Comandantes		1	
Capitáns	1	4	
Axudantes		3	
Tenentes		8	
Subtenentes		8	
Sarxentos 1º		4	
Sarxentos 2º		16	
Tambores		2	
Cornetas		1	
Cabos 1º		24	
Cabos 2º		24	
Milicianos	114	330	
TODA LA TROPA		401	490
Armamento			
Fusís		124	290
Baionetas		124	
Pedras de chispa		123	
Cartuchos con balas		3010	

Cadro II. Fonte: Expts. Milicia Nacional. Caixa 228

Estado de forza da MN de Pontedeume. 1840

Batallón	Compañías	n.º de forzas	fusís		Cartucheiras e cananas		Vainas de baionetas		Vainas de baionetas		Tahalíes		Caixas de guerra	
1	4	490	ten	faltan	ten	faltan	ten	faltan	ten	faltan	ten	faltan	ten	faltan
			290	200	124	366	122	168	169	169	22	268	3	1

Cadro III: Fonte: Expts MN (caixa 229)

En canto ás funcións que lle son asignadas, a Milicia resultou imprescindíbel para a represión do bandoleirismo primeiro e do carlismo despois[35]. O bandoleirismo recrudéceuse desde o final da Guerra da Independencia, debido a factores socioeconómicos que se viron agravados pola coxuntura postbélica. Os asaltos, por parte das gavelas de bandoleiros, ás casas grandes, reitorais e incluso vivendas de labregos acomodados convertíronse en práctica habitual. A presencia da Milicia nacional, pero tamén a dos Voluntarios Realistas, permitiu erradicar a actividade bandoleira nos anos 30, anque non poidamos dala por extinta ata a mediados dos anos 40, coa creacion da Garda Civil.

Máis gravidade revestía a amenaza das partidas carlistas. Éstas comezan a operar en Galicia a partir de 1834. Apoiadas fundamentalmente polo clero e a fidalguía rural, as partidas carlistas, incapaces de aunar as súas forzas, practicaron unha guerra de guerrillas a miúdo extremadamente violenta e cuxas accións lembraban ás gavelas de bandoleiros. Cara ao 1835, con centro na comarca de Betanzos e Mesía, actuaba a partida de frei Saturnino Enriquez, monxe exclaustrado que formara parte da partida de Antonio López –que tivo o seu principal punto de apoio no mosteiro de Sobrado– nos inicios da guerra. Despois da morte deste en 1836, fundou él mesmo unha partida, coñecida como *La Constancia*, que acadou sona pola crueldade das suas accións[36]. Unha testemuña da súa actividade ofrécenola Gaspar Mª Lores, procurador de causas do xulgado de Pontedeume e anteriormente secretario municipal do Concello de Santiago da Capela *en cuyo batallón de MN se hallaba alistado en la clase de Ayudante 1º*. Aveciñado en Pontedeume tras o seu nomeamento como procurador, solicita a súa incorporación ás filas da milicia local: *animándole los más ardientes deseos de ser útil a la Patria, máxime en la actualidad, que amenazado ese (...) vecindario por la faccion del ladrón Saturnino*[37].

En setembro de 1835 o Gobernador Civil ordea a mobilizacion dun grupo de milicianos de Pontedeume para integrarse nas unidades que estaban a loitar contra as faccións carlistas. Trinta xoves presetáronse voluntarios: *dijeron y solicitaron con el mayor entusiasmo* (…) *se les permitiese salir a todos en persecución de los facciosos y defensa de las libertades patrias....* Asígnase ao subtenente Manuel Punín o mando da forza; e ás súas ordes, o sarxento 1º Fernando Varela, o sarxento 2º Agustin Alonso, o cabo 1º Nicolás Roberes e o cabo 2º Gregorio Rodriguez[38].

No ano 1838, despois de coñecerse a violenta accion da gavela de frei Saturnino na Ponte do Porco, o alcalde Agustin Alonso dá orde ao comandante da Milicia eumesa, Naciso Irijoa, para que tomase as medidas de proteccion necesarias en prevision dun ataque á vila de Pontedeume. Propónse que en tal caso os membros da Milicia tomen as rúas e se instalen nas vivendas próximas para desde elas repeler ao enemigo. E ante a negati-

35. Domínguez Ferro, M. e Otero Roberes, Mª C., *Bandoleiros na comarca do Eume*. "Cátedra. Revista eumesa de estudos". Nº 7. 2000.

36. Barreiro Fernández, X. R, *Historia de Galicia*...

37. AHM. Expedientes Milica Nacional. Caixa 228.

38. AHM. Expedientes Milica Nacional. Caixa 228.

va do capitan Xeral a enviar tropas para a defensa da vila, acórdase a construcción de 5 portas de madeira para pechar os accesos á mesma[39].

Pero pouco despois o Concello manifestaba: *que a pesar de haber desaparecido las facciones* (…) *de nuestro suelo y vislumbrandose ya la paz apetecida conveniente es que la Milicia Nacional siga patrullando* (…) *a fin de impedir los robos que con harta frecuencia suceden y detener el paso nocturno* (…) *de personas sospechosas.* E a continuacion*: y que* (...) *siga arrestando a los individuos* (…) *en el local designado del suprimido convento*[40].

2. Composición socio-profesional da Milicia eumesa

Dado o carácter obrigatorio que adquire a Milicia a partir de 1834, unha análise sociolóxica da composición da milicia non reviste o interés que si podería ofrecer para o Trienio Liberal, momento durante o cal impúxose a voluntariedade e, polo tanto, o ingreso na Milicia implicaba unha elección ideolóxica determinada. Mais revelador resulta o exame dos oficiais e mandos inferiores da Milicia obrigatoria, que maioritariamente amosan unha clara sintonía cos presupostos ideolóxicos do progresismo.

Unha primeira distincion é a que separa aos oficiais dos milicianos. Os primeiros corresponden sectores da burguesía: comerciantes, propietarios, profesións liberais, funcionarios. Os segundos, a grupos populares urbanos e rurais: artesáns, tendeiros, pequenos propietarios rurais, arrendatarios.

A burguesía, que monopoliza prácticamente os postos de oficial e suboficial da Milicia –e que copa tamén os cargos municipais–, ten unha composición heteroxénea; apréciase, sen embargo, un predominio das profesions liberais fronte ás actividades comerciais ou industriais. Ademais, dentro deste grupo, no que abundan avogados, procuradores, médicos e boticarios, un número significativo deles son, ao mesmo tempo, facendados, é decir, posiblemente corresponden a novos propietarios de bens desamortizados.

Outro rasgo particular dos mandos milicianos é a escasa presenza de artesáns, pequenos comerciantes e labregos; só coñecemos o caso do subtenente Antonio Mendizábal, inscrito como barbeiro, e o dun pequeno propietario de Nogueirosa, que acada o grao de subtenente.

Labregos, artesáns, pequenos comerciantes quedan relegados aos graos inferiores da oficialidade e, por suposto, á milicia. Ás restriccións de carácter económico engádeselle outra de carácter cultural: un requisito indispensable para acceder ao grao de oficial era saber ler e escribir.

Unha sondaxe dos oficiáis e suboficiais da Milicia local dos anos comprendidos entre 1834 e 1839 ofrece datos significativos:

39. Veiga Ferreira, X.Mª, *Aspectos da defensa de Pontedeume na Primeira Guerra Carlista*. "Anuario Brigantino". Nº 12. 1989.

40. Couceiro Freijomil, A., *Historia de Puentedeume.* Pontedeume, 1981.

Estrutura socio-profesional

Facendados	4	11,4%
Medicos, boticarios	2	5,7%
Xuices, avogados, procuradores	11	31,4%
Comerciantes, industriais	7	20%
Empregados, persoal da Administracion, mestres...	7	20%
Militar retirado	1	2,8%
Alguaciles	2	5,7%
Barbeiro	1	2,8%
Labrego	1	2,8%

Cadro IV. FONTE: EXPTS MN e PADRÓN DE 1837

A hexemonía burguesa da cúpula da Milicia explica a localización dos seus domicilios no centro da vila. As vivendas concéntranse nas rúas Real, Santiago, Pescadería, Praza de San Roque e Angustias. Na rúa Real, de 24 empadroados en 1837, 10 pertencían á Milicia, entre eles: José Vázquez Bugueiro, Nicolás Roberes *menor,* José Antonio Illá *maior* ou José García Arqueros. Ademáis, só dous oficiais residen fóra da vila, Ramón Álvarez, de Ombre, e o subtenente Miguel Calvo, de Nogueirosa.

En canto á súa procedencia, unha porcentaxe significativa dos oficiais da Milicia pertence á segunda xeración dunha burguesía de orixe foránea que se instala na vila na segunda metade do seculo XVIII, aproveitando auxe do comercio atlántico. É un fenómeno extensivo a outras localidades do litotal galego. Predominan os fomentadores cataláns, como os irmáns Josef e Tomás Vadell, de Vilanova i la Geltrú; os Illá -os nomes dos irmáns Juan e Blas, fillos do patriarca Antonio Illá, aparecen a miudo nas listas de oficiáis da Milicia-, da mesma localidade xirondense, que se adicaron nun principio á importación de viños e augardentes. De Palencia –concretamente de Cantoral– son os Rojo, e apelidos maragatos como os Noboa tamén están vinculados á Milicia[41].

Algunhas sagas familiares adquiren certa relevancia: o procurador Lorenzo Irijoa e o seu fillo Narciso Irijoa, alcalde e comandante de nacionais da vila; Andrés Rojo e o seu xenro, José Vázquez Bugueiro, que se prolongan nunha terceira xeración, con Constantino Vázquez Rojo, deputado progresista polo distrito de Cambados, membro da Xunta Revolucionaria da Coruña durante a revolucion de 1868 e gobernador civil da provincia en 1872, quen prestou tamen servizo nas filas da milicia eumesa; a familia Rodríguez, que se inicia con Gaspar Rodríguez, primeiro alcalde constitucional de Redes, o seu fillo, o deputado Patricio Rodríguez, e os fillos deste, Gaspar e Daniel, que intervironnos sucesos de Ferrol de 1868 durante a Revolución Gloriosa[42].

41. O comerciante Ignacio Noboa, ademáis de membro da milicia local, foi alcalde da vila nos anos 60.

42. López Naveiras, E., *Las huellas y el final de una saga familiar en el puerto de Redes: "La familia Rodríoguez-Rodríguez".* "A Tenencia. Revista cultural de estudos locais" Nº 4. 2011. Domínguez Ferro M., *A Gloriosa en Pontedeume*. "Cátedra: Revista eumesa de estudios" Nº 21. 2014.

A defensa dos mesmos intereses económicos fortaleceuse mediante unha rede de alianzas matrimoniais que xogou un papel tan importante en ocasións como as afinidades políticas. O matrimonio entre iguais fortalecia o sentimento de clase, pero unha vez que esta burguesia se tranformou na nova oligarquía, desprazando os antigos grupos dominantes (fidalguía e clero), técense novos compromisos que inclúen a familias da vella fidalguía, que aspiraba a manter parte da súa anterior posición hexemónica. É o caso do matrimonio do fillo de José Vázquez Bugueiro, Constantino Vázquez Rojo, con Rosario Leis Gil-Taboada, filla de Ramona Gil Taboada e Manuel de Leis, familia da fidalguía vinculada ao pazo de Moruxo (Bergondo).

3. A economia da Milicia eumesa

A falta de recursos foi unha das principais debilidades da milicia local, senón a que máis. Os Concellos non dispuñan dos medios suficientes para a dotación de armas e pertrechos dos milicianos. A xestión dos fondos, por outra parte, é unha das críticas recurrentes á Milicia, especialmente por parte dos moderados.

Esta precariedade de medios é a causa da necesidade, en 1834, de empregar como tambores aos que xa servían como tales na banda dos Voluntarios Realistas. E a situación continuou na mesma tónica, pois en 1838 o corneta Francisco Bedoya é despedido por falta de cartos[43].

Tres foron as fontes fundamentais de financiación da Milicia local: os donativos, as cotas aos exentos do servizo persoal –que ían desde os 5 ao 50 reais– e as multas impostas aos milicianos por incumprimentos no servizos ou faltas de disciplina.

No que se refire ás cotas por exención as autoridades locais insisten con frecuencia nas dificultades do seu cobro: *...al tiempo del cobro se conocieron mil dificultades por pretender unos se les exonere y otros se les rebaje*[44]. Entre os maiores contribuintes ao servizo pecuniario, á altura de 1838, figuran o facendado Nicolás Roberes *maior*, con 40 reais; o fidalgo Manuel de Leis, con 24; os cregos Juan Sánchez e Gabriel Paadín, con 10. Trinta e tres persoas en total das parroquias de Pontedeume. En 1838 recaudouse do servizo 2 196 reales. Ao ano seguinte a cifra descende a 1 476. O máximo contribuinte segue sendo Nicolás Roberes (20 mensuais), síguelle Matías Vizoso, facendado (15); Tomás Punín (8) e Juan Sánchez e Andrés Ferreño (7). En 1843 a MN recaudaba entre 27 persoas 130 reais. ao mes por este concepto[45].

As dificultades económicas obrigan ao Concello a revisar e ampliar a lista de contribuíntes. A principios de 1841 o Concello acorda que: *hallándose exaustos* (sic) *los fondos de la Milicia Nacional de este pueblo y existiendo en él varios sujetos no comprendidos en ella que según la ley deben satisfacer las cuotas de 5 a 50* (reais) *que la misma*

43. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

44. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

45. *El Centinela,* decembro de 1843.

marca (…) *se proceda ampliar la lista de los que deben contribuir a los fondos de la referida Milicia: Pedro Pastor, Patricio Díaz, boticario; Pablo de Mera, catedrático; Nicolás Estrella, el sr. cura ecónomo de Santa Mª de Hombre, Francisco de Anido*[46].

O cobro das cotas por exención xenera o maior volumen de queixas ao Concello, además das peticións de reducción ou exención por motivos de saúde. Nalgunhas ocasións, as reclamacións ao Concello polos cobros excesivos son motivo de conflicto. Nestes casos son as institucións provinciais (Deputación, Xefe Político) as que resolvían.

As resistencias no pago proveñen da fidalguía, de sectores do clero e a burguesía. O industrial e facendado Nicolás Roberes *maior* dirixe en 1838 unha protesta á Deputación pola *escandalosa exacción de cuarenta reales*[47]. O crego de Centroña, José Sánchez, que paga unha cota de sete reais, pide a rebaixa do servizo. Ramona Gil Taboada, esposa e apoderada dos bens de Manuel Mª de Leis, argumenta que: *de buen grado continuaría pagando si la casa no estuviese empeñada hace años a causa del mal régimen de su marido*. Unha das peticións de exoneración máis insistentes é a do presbítero exclaustrado Tomás Punín. Ao declarárselle eximido do pago da contribución pola Deputación, o Concello, entón presidido por José Vázquez Bugueiro, contesta: …*que el norte del Ayuntamiento siempre ha sido aplicar la ley con equidad e igualdad* (…) *declarando exento al Punín, tiene por idéntica igualdad de circunstancias hacer lo mismo con los más y concluirse los fondos de la Milicia Nacional* (…) *Que* (si ao) *Punín ínterin no se le declaró exento debió contribuir con la cuota impuesta, sin dar margen a apremios con taimada resistencia*[48]. E outro dos grandes contribuíntes exentos do servizo e, polo tanto, suxeitos á tasa era o escribán Bartolomé de Castro e Quirós, que solicita a reducción da cota.

Pero tamén, anque en menor número, elévanse queixas entre os grupos populares, como é o caso dos veciños de Nogueirosa que nesas datas presentaban unha exposición porque *se les ha comprendido entre los pudientes a pagar la cuota de los cinco reales para fondo de la Milicia Nacional*[49].

Unha crítica recurrente que os moderados vertian sobre a Milicia nacional relaciónase coa suposta administración irregular dos fondos[50]. A milicia eumesa tamén foi obxecto desta acusación, como amosan as páxinas do xornal *El Centinela de Galicia* de novembro de 1843:

> *Hemos recibido dos largas comunicaciones (...) Se habla en ellas de quejas contra los jefes de la milicia, de mala distribución de sus fondos, asi*

46. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 229.

47. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

48. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

49. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

50. Un exemplo desta visión témola nas páxinas do xornal La Posdata de Madrid (25-7-843): … *institución saludable cuando está bien organizada, pero odiosa cuando seis u ocho caciques comandantes toman el nombre de la Milicia para satisfacer sus resentimientos, y para mejorar de posición, asegurándose pingües rentas y lucrativos destinos sin otro trabajo que el de negociar firmas para exposiciones.*

como de la inversión de las multas que se han exigido en gran número. Según los que escriben, el único medio de garantizar los verdaderos liberales de aquel pueblo es reorganizar la milicia ciudadana, desarmando a muchos que no deben tenerlas, porque no inspiran confianza, ni pueden merecerla[51].

Semanas despóis o xornal recolle a contundente resposta da plana maior da Milicia de Pontedeume:

Sépase que los que el comunicante llama comedores, nada han comido de la hacienda pública ni manejado caudales del tesoro, cuyos alcances estén aún por satisfacer. Sépase que en los fondos de la Milicia nacional ingresan al mes 130 rs. de veinte y seis sujetos exentos del servicio personal a 5 rs. (cada) uno. Sépase que los cuatro tambores del batallón absorben mensualmente 180 rs. a real y medio diario por plaza, y sépase que en 20 de octubre último habían entrado en arcas por razón de multas, únicas que se han impuesto este año, 10 rs. y 32 mrs. El público juzgará ahora qué manejos podrá haber con la mala inversión de estos fondos[52].

A escasez de fondos (v. cadro II) está detrás da iniciativa do Concello, que tamén se repite noutros, de peticion de donativos aos maiores contribuíntes, entre eles o antigo alcalde Juan Gil Taboada, o facendado Francico de Paz ou o comerciante Santiago Abella, que fan entrega de cantidades de en torno a 100 reais. Recúrrese tamén á suscripción para adquirir uniformes; e novamente atopámonos cos maiores contribuíntes do distrito entre os benefactores: o administrador de rendas José Andrés Varela, con 130 reais; o médico Modesto Punín, con 100; o xuíz Fernando Escudero, con 160; Juan Ramón Cortina con 160, e o ministro de Monfero

E co obxectivo de acadar fondos para a MN, varios xoves aficionados organizaron, en setembro de 1839, unha sesion dramática coa representacion da obra *La viuda de Padilla.* A recaudacion ascendeu a 180 reales.

No que se refire aos medios físicos e materiais, apréciase tamén a falta permanente de recursos que padeceu a milicia local. Ata 1836 utilizou as instalacións do Concello para a celebración das súas sesions e tamén como cárcere. Desde 1839 para estes fins é destinado o suprimido convento de agostiños, que por R.O. de 1842 foi cedido ao Concello. O adestramento dos milicianos, que soía facerse os domingos, a elección de mandos, as reunións do Consello de disciplina tiveron como escenario, a partir de entón, o claustro e as dependencias do convento. Foi un feito xeneralizado nas vilas que os edifi-

51. *El Centinela de Galicia,* 8 de novembro de 1843.

52. *Ídem.*

Contas/Presuposto de 1839

Cargos/Ingresos	Reais	Maravedíes
Créditos a favor dos fondos da conta anterior	103	–
Servizos pecuniarios dos exceptuados	2.196	–
Multas	196	–
Representación teatral	180	–
TOTAL CARGO	**2.675**	–
Data/Gastos		
Alcance da conta anterior	21	15
Soldo dos tambores (2)	1.460	–
Composicións de armas	214	–
Composicións das caixas de guerra e doutros instrumentos bélicos	4	32
Medio vestiario dun tambor	–	186
Gastos ordinarios e de iluminación	144	32
Papel	14	24
Gastos de tramitación	20	–
Repartimento dos gastos de escritorio da Subinspección da Milicia Nacional	246	14
Créditos a favor dos fondos	239	–
Parte correspondente ao Depositario	35,2	–
TOTAL GASTOS	**2.584**	**23**
Alcance a favor dos fondos	**90**	**11**

Contas da MN, do exercicio 1839, presentadas polo Depositario de fondos da mesma ao Concello para que éste á súa vez as presentase ante a Deputación

cios conventuais recentemente desamortizados foran convertidos en acuartelamentos da Milicia Nacional.

Un elemento característico do miliciano era o uniforme, que consistía nunha levita de cor azul claro, pantalóns de lenzo brancos, morrión de cartón e gravata de sola. O armamento estaba composto por: fusil con baioneta, cinturón, cartucheira con vaina de baioneta e correa**.** Pero era frecuente que en algunas compañías a maioría dos milicianos non contaran con armamento. Dos 490 milicianos en 1840, 200 carecían deles.

A presenza da institución miliciana no espazo público cobraba especial significación coa celebración de desfiles e actos públicos: en 1836, con motivo do restablecemento da constitución de 1812, organizáronse desfiles, procesións e cerimonias relixiosas coa participacion da Milicia: *...se convocó in voce a la milicia nacional, juez de primera instancia, comandante de armas y cura párroco, y saliendo el ayuntamiento a la cabeza de la milicia, en medio del repique general de campanas, descarga de fusilería, multitud de voladores que se arrojaron al aire y la general alegría que se reconocía en los semblantes de una inmensidad de concurrentes, a las tres de esta misma tarde se publicó la Constitución de la monarquía española sancionada en Cádiz a 18 de marzo de 1812*[53].

53. Couceiro Freijomil, A., *Ídem*.

4. A Milicia nacional, instrumento de mobilizacion politica[54]

O baleiro documental sobre a Milicia durante a etapa do Trienio supón a principal dificultade para coñecer o grao de participación daquela no afianzamento do réxime constitucional na vila. A data temprana da súa aparición acredita o compromiso das novas autoridades municipais, de quen dependía a organización da milicia local, co sistema liberal e, polo tanto, coas súas institucións, entre elas a Milicia.

O carácter abertamente político que tivo a Milicia nacional para os seus contemporáneos é destacado polo profesor X. R. Barreiro cando afirma que *"*nos procesos de purificación contra os liberais, unha das probas de militancia liberal era a pertenza á Milicia nacional"[55]. Esta afirmación xa fora defendida por Alcalá Galiano, para quen a Milicia Nacional era: *... un cuerpo siempre situado bajo sospecha porque sus integrantes estaban "prontos a disimular cualquiera desorden si nacía de ardor liberal, a apadrinarlo después, y, andando el tiempo, a excitarlo y promoverlo", con el añadido de "llevar armas y estar formados en cuerpos con orden militar sin freno de severa disciplina y con derecho de gobernarse hasta cierto punto a sí propios"*[56].

A Milicia nacional convertiuse –alomenos desde a aprobación da Constitución de 1837, que abriu os cargos municipais á elección popular, anque restrinxida– nunha plataforma politica no ámbito local. Durante todo o período, a coincidencia entre rexedores e oficiais da Milicia Nacional en Pontedeume é máxima. O cumprimento do servizo na Milicia e o ascenso ao grao de oficial acompaña o acceso aos cargos municipais, ás deputacións provinciais e aos escaños das Cortes. Os dous deputados locais que representaron á provincia en 1843 polas filas progresistas, Patricio Rodríguez e José Vázquez, foron membros da cúpula da Milicia eumesa.

Outro distintivo da Milicia Nacional foi a de ser un dos escasos espazos de participación política na esfera local, onde os procesos de elección dos cargos incluían mecanismos de carácter democrático. A inexistencia de asociacións de carácter político converteu a Milicia no *máis "*importante instrumento de socializacion da politica liberal" e o centro da opinión pública local[57].


A Milicia Nacional trouxo consigo, ademáis, novas formas de participación política. A nova cultura política, que restrinxía os dereitos políticos a unha minoría, atopou na

54. Veiga, X. R., *Ídem*: Los números del periódico moderado El Centinela de Galicia de finales de 1843 y comienzos de 1844, inciden con preferencia en la necesidad imperiosa de desarmar y reorganizar la milicia nacional, a la que se observa y se valora como un "instrumento revolucionario" sólo interesado en promover "trastornos", "asonadas y motines". De "sansculottes y jamancios", de "hombres perdidos y de la hez de la sociedad" o de "patulea" se tilda a sus miembros.... El "orden y la estabilidad" exigen su reforma, que pasa inevitablemente por una purga que la libere de sus elementos más populares y la restituya a una condición burguesa y respetable, de forma que quede integrada únicamente por gente"sensata..." *El Centinela* foi fundado por Vicente Manuel Cortiña y Tiburcio Faraldo. Era de tendencia moderada e, ademáis de artigos políticos, nas súas páxinas tamén tiña cabida a poesía. Desapareceu en abril de 1844.

55. Barreiro Fernández, X. R., *Xosé Arias Uría, un ministro progresista de Betanzos,* "Anuario Brigantino" Nº 7. 1984. : dándose a conocer con uniforme, escarapela o bigote.

56. Veiga, X. R. *Ídem*.

57. Calles Fernández, C., *Ídem*.


105

Ayuntam.to Constitucional
de Puentedeume.

Milicia Nacional, su
ampliacion, movilizacion, y
nombramiento de Gefes conforme
al decreto de Cortes del año de 22
y mas aclaraciones posteriores
Entendiendo tambien al ultimo el
alistam.to delos que deben contribuir anelsers.o pecuniario

Año de 1836.

Secretario: Lores

Expedientes da Milicia eumesa Nacional

Milicia un espazo privilexiado para a acción política por parte dos sectores populares tradicionalmente relegados das esferas do poder político.

En máis dunha ocasión elevánse protestas ante o Capitán Xeral ou o Xefe Político con motivo de accións supostamente fraudulentas nas eleccións dos mandos, e as respostas de aquel abundan na esixencia de transparencia e cumprimento da legalidade. Como exemplo, a reacción do Xefe Político ante a elección irregular dun subtenente da 2ª Compañía, en febreiro de 1839, onde exhorta ao Concello: *...para evitar ninguna clase de reclamación procurará esa corporación en lo sucesivo que estas elecciones se celebren en la sala capitular y sin formación de ninguna especie, sino haciendo que cada individuo dé su voto indistintamente y conforme vayan llegando a la mesa según la posición en que se hallan en la Junta en la que siendo posible se procuraría que estén sentados*[58].

E con motivo da elección dun tenente da 3ª Compañía, nas mesmas datas, para substituir ao recentemente falecido Manuel Punín: *...reunidos al efecto los individuos que la componen* [a Compañía], *se les instruyó por el sr. Presidente* [o alcalde Agustín Alonso] *del fin de la convocatoria; y enterados de ello se fueron acercando a la mesa y dando en secreto sus votos, resultó electo por treinta y seis el teniente D. José Taboada* (…) *con lo que se dio por concluso este acto, en que se procedió con todos los requisitos y formalidades que la ley marca, estando desarmados los votantes y con la mayor comodidad*[59].

A natureza política da MN ten sido estudado por Xosé R. Veiga que afirma: "As páxinas do xornal moderado *El Centinela de* Galicia están cheas de críticas á Milicia Nacional e á súa influenza nos gobernos locais, como no de Monforte ou Pontedeume, onde era una fuerza política de "primer orden" en un pueblo pequeño e "intrigante"[60].

É precisamente esa natureza política da Milicia o que explica os continuados ataques que lle dirixe a prensa moderada como *El Centinela de Galicia*[61], en cuxas páxinas do mes de xaneiro de 1844 podemos ler as seguintes críticas á Milicia eumesa:

> *Allá vá un comisionado por esta patulea con facultades amplias para hacer y deshacer todo lo que determinen los impertérritos ayacuchos, cuya reunión general está según se dice, aplazada para el dia 12 en esa ciudad, donde deberán concurrir todos los ultraprogresistas que más se interesan en el bien de sus pontífices. La ley de ayuntamientos ha hecho alborotar a esta chusma pronunciadora, pero por esta vez no ha podido llegar a las*

58. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

59. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

60. *Ídem*: *El Centinela de Galicia,* 20.11.1843, 10.01.1844, respectivamente.

61. Veiga, X. R. *Ídem*: "Los números del periódico moderado El Centinela de Galicia de finales de 1843 y comienzos de 1844, inciden con preferencia en la necesidad imperiosa de desarmar y reorganizar la milicia nacional, a la que se observa y se valora como un "instrumento revolucionario" sólo interesado en promover "trastornos", "asonadas y motines". De "sansculottes y jamancios", de "hombres perdidos y de la hez de la sociedad" o de "patulea" se tilda a sus miembros" (…). El "orden y la estabilidad" exigen su reforma, que pasa inevitablemente por una purga que la libere de sus elementos más populares y la restituya a una condición burguesa y respetable, de forma que quede integrada únicamente por gente"sensata...".

vías de hecho. ¿Cuándo se desarma esta gente? Hasta que esto se verifique, no habrá completo sosiego en esta villa. (De nuestro corresponsal).

Creemos que el señor capitán general añadirá luego á los grandes servicios que tiene prestado a Galicia el de ocuparse de la reorganización de la Milicia nacional de Betanzos, Puentedeume, Santa Marta y otros puntos. Las cartas que todos los correos recibimos pintan con los colores más vivos el estado de opresión en que se hallan los hombres honrados de aquellos pueblos, por conservar aún las armas los que siempre han vivido de los motines, circunstancia que ha llamado su atención[62].

A crítica que subxace no texto é o temor da burguesía propietaria ao armamento dun sector da cidadania. Como ben explica Pérez Garzón, a utilidade que no seu momento lle presta a Milicia á burguesia convive paradóxicamente co temor desta mesma burguesia a un desbordamento revolucionario por parte dos sectores populares da Milicia Nacional[63]. De ahi o interés permanente da burguesia por restrinxir o acceso a aquela, reducir as súas atribucións e incluso reclamar a súa disolución, como ocurriu en 1844 co ascenso ao trono de Isabel II e o goberno dos moderados[64].

Un dos conflictos máis frecuentes que desatará a implantación da Milicia Nacional nos concellos será o enfrontamento entre o comandante militar e as autoridades municipais, tradicionalmente portavoces dos intereses da oligarquía local. En Pontedeume, as relacións entre ambos foron durante o período de total sintonía. Os membros mais conspicuos da Milicia local practicamente monopolizan os cargos municipais desde 1834 ata a disolución da mesma en 1844. Empezando polo seu comandante Narciso Irijoa, que ocupou a alcaldia en diversas ocasions (ao longo dos anos 30, pero tamén durante o "Bienio progresista" de 1854 a 1856), pero tamén Manuel Punín, Agustin Alonso ou José Vázquez. E desempeñan cargos de rexedores en diversos momentos os oficiais Juan Illá, Santiago Abella, Urbano José Varela, Tomás de Prada, Francisco Roberes, Nicolás Antonio Pereira, Miguel Gras, entre outros.

A pesar desta imaxe aparentemente monolitica, detéctanse tensións internas que revelan diferenzas políticas no seo do progresismo local e que en ocasións poideron mesturarse con disputas persoais. Un exemplo atopámolo nas criticas á Milicia de Pontedeume aparecidas nas páxinas de *El Centinela de Galicia*, en novembro de 1843, e cuxa autoría atribúeselle ao avogado e oficial da milicia local Fernando Varela, que denunciaba, entre outras, os gastos excesivos da milicia de Pontedeume. A reacción por parte da

62. *El Centinela de Galicia.* 8 e 15 de xaneiro respectivamente.

63. Pérez Garzón, J. S., *Ídem.*

64. Véxanse as acusacións vertidas contra a Milicia Nacional de Madrid, o 25 de xullo de 1843, con motivo do seu desarme, polo periódico moderado La Postdata: La Milicia Nacional de Madrid se había convertido en un poder absoluto irresponsable; y los comandantes tenían más autoridad y gozaban de más prerrogativa que la persona del Monarca.

plana maior dos nacionais foi a de acusalo de "ayacucho": "*El Lic. D. Fernando Varela de esta vecindad, abogado hoy del ilustre colegio de esa audiencia, el dia 25 de junio último* (de 1843) *, cuando esta villa estaba para pronunciarse y proclamar la unión de todos los españoles, se presentó en la plaza con sable en mano frente á la casa consistorial unido á una poca tropa que aqui habia, que asestaban sus fusiles preparados al ayuntamiento que se hallaba reunido, gritando (a pesar de haber publicado poco habia en un injurioso impreso que él no era ayacucho)* (partidario de Espartero) *«viva el Regente, mueran los traidores*:». E continúa: *Que los que hoy se hallan a la cabeza de la Milicia nacional y al frente del pueblo de Puentedeume no se encumbraron hace tres años, no: son los mismos que desde el de 1834 ayudados de toda esta liberal población, sin escepción* [sic] *más que de cuatro ó cinco egoístas, de los que acaso será uno el autor del artículo, sostuvieron la causa de la libertad y de nuestra Reina*[65].

Outros motivos de conflicto interno foron a imposicion de multas e as eleccións dos mandos da Milicia, como nas de 1835, cando algún oficiais denuncian irregularidades[66].

A diferenza do que soe ocorrer nas ciudades, onde a Milicia nacional foise radicalizando pola presenza nas súas filas dun numeroso artesanado en retroceso ante o avance do modelo capitalista, en vilas e pequenas localidades a Milicia convertiuse na salvagarda dos intereses da burguesía propietaria e das clases medias urbanas.

En alomenos dous momentos deste decenio, sen embargo, a a acción da Milicia resultou determinante para forzar o cambio político: durante o pronunciamento de 1840 contra a rexenta Mª Cristina e nas mobilizacións de 1843 contra o xeneral Espartero.

A oposición crecente á rexenta desde mediados dos anos 30 culminou nun movemento xuntista que encabezaron os progresistas. En Galicia o pronunciamento iniciouse o 10 de setembro de 1840 en Vigo e Ferrol e ao pouco extendeuse a Santiago e A Coruña. A Xunta Provisional Gubernativa que se crea nesta cidade, con Vicente Alsina e Nicolás de Luna entre outros, nomean capitán xeral ao xeneral esparterista Iriarte. Na comarca de Pontedeume o movemento tivo un amplo seguimento. Na vila constituise unha xunta na que descubrimos ao veterano liberal Andrés Rojo del Cañizal, a José Vázquez Bugueiro, así como a outros coñecidos liberáis da vila como Narciso Irijoa, o secretario municipal Juan José Lores, José Sedes e Domingo de Murcia; os tres primeiros pertencentes ao grupo dirixente da Milicia local[67], o cal confirmaría a presenza da Milicia no levantamento, presenza que se revela en todas as coxunturas revolucionarias imprecindíbel para garantir o éxito do pronunciamento.

65. Compárese coas palabras do comandante da MN de Lleida: "causara sorpresa el verse confundidos desde ahora bajo un mismo uniforme sin hacer distinción de los que por siete años han combatido contra los enemigos de la patria, con los que pasada la borrasca, sin reunir siquiera no diré las circunstancias de adhesión; porque no las tienen, sin que aun aquella conformidad y ciega sumisión á las actuales instituciones". (CASAL BERGES, Q.).

66. AHM. Expedientes Milicia Nacional. Caixa 228.

67. MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X., *La Oliva (1856-1857) Un xornal galeguista e progresista na soleira do Rexurdimento.* Universidade de Vigo. Barreiro tamén sitúa a José Vázquez como "presidente das xuntas progresistas daquela vida". BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Ídem*.

Pero non tardou moito en defraudar Espartero as esperanzas nel depositadas polos progresistas. O novo rexente maldou disolver as xuntas locais, aínda que se mantiveron nas capitais. Tratábase de afogar a aquelas forzas ás cales lles debía o seu ascenso. O progresismo escindiuse entre os partidarios de Espartero ou "ayacuchos", que eran maioría no Exército, e os antiesparteristas ou progresistas puros. En Galicia os primeiros impuxéronse en ciudades como Vigo ou Ferrol, e os segundos contaron con máis apoios en Ourense, Santiago e A Coruña. Nas eleccións de 1843 o candidato progresista Joaquín Mª López, contou co respaldo dos moderados; chamado a formar gobernó polo rexente, presentou a súa dimisión polas discrepencias con aquel (o chamado "goberno dos dez días"). Foi o sinal dun novo levantamento[68], alimentado polas revoltas (as *Bullangas*) de Barcelona, que culminan no bombardeo da cidade a finais do ano anterior.

A Coruña pronúnciase o 18 de xuño. Nas datas seguintes estableceránse xuntas por todo o país. Además das cidades, tamén nas vilas constituiránse xuntas locais, como en Betanzos, Carballo –presidida ésta por José Vázquez Bugueiro, que por estas datas exercía de xuíz na localidade– ou Pontedeume. Aquí o pronunciamento tivo lugar o 25 de xuño aos gritos de *Salvación, Unión e Fraternidade*, prorrompidos polo capitán da 4ª compañía da Milicia Nacional, Gregorio Rodríguez y Allegue. Unha vez triunfante o movemento organizouse unha Xunta Provisional de Goberno que se mantivo ata principios de xullo.

A proclama que fai a Xunta da Coruña o 28 de xuño transmite meridianamente o cometido político que os líderes do pronunciamento esperaban da Milicia Nacional:

> *Ilustres militares y beneméritos Voluntarios nacionales: habéis llenado digna y muy cumplidamente esta misión: merecéis bien del Pueblo a que pertenecéis y de la Patria entera que admira y bendice vuestra decisión, desinterés y noble patriotismo. Lo merecéis también de la Junta interina de Gobierno que os saluda afectuosamente (...) Viva la Constitución de 1837. Viva Isabel II. Viva la independencia nacional. Viva el programa salvador del Ministerio López*[69].

O 15 de xullo noméase unha *Junta Central de Galicia*, que se instala en Lugo e estará composta polos representantes provinciais, pesos fortes do partido progresista, como José Mª Suances, José Arias de la Torre, Manuel Fernández Poyán, Hipólito Otero e José Vázquez Bugueiro, que asumirá a vicepresidencia. A Xunta dispón o envío dunha columna –composta por unidades do Exército, a Milicia nacional e carabiñeiros– ao mando de Nicolás Luna, co obxectivo de tomar Ferrol, praza forte dos esparteristas.

68. Barreiro Fernández, X.R., *Historia política da Galicia contemporánea.* Vol. II. De Isabel II á Restauración (1833-1874), A Coruña, 2007.

69. *El Constitucional. Periódico político, literario y comercial.* 16-VI-1843.

Junta de gobierno de la provincia de La Coruña.- La serenísima junta central del reino con fecha de hoy, entre otras cosas dice a esta provisional lo que sigue:
1. Que todas las fuerzas militares que se encuentren en las cuatro provincias de Galicia, marchen inmediatamente sobre Pontedeume a reforzar la columna del coronel don Nicolás Luna.
2. Que las capitales, ciudades y villas, donde haya batallones de la Milicia que tengan compañías de solteros, se dirijan con la rapidez posible sobre el mismo punto con el indicado objeto y en los batallones donde no haya estas compañías se organicen inmediatamente, nombrando, con el carácter de provisionales, sus oficiales para marchar a dicho punto.

La pérdida del enemigo debe haber sido de mayor consideración que la nuestra, que sin embargo es bastante sensible pues hasta la fecha se cuentan 16 carabineros heridos, entre ellos lo es de gravedad el teniente don Domingo Abella, el que según noticias quedó en el pueblo y fue hecho prisionero; cuatro tiradores de Pontevedra y tres soldados de los provinciales, teniendo además que lamentar la pérdida de algunos muertos, entre cuyo número la mayor parte son carabineros. Mañana daré a usted. el parte detallado de la acción. Según noticias confidenciales, la pérdida de los rebeldes cuenta entre su número cinco oficiales[70].

O relato dos feitos é recollido por Antonio Couceiro Freijomil[71]:

Por otra parte, la Junta de Gobierno de la provincia, comunicándose directamente con la Alcaldía, daba cuenta de haber declarado en estado de bloqueo la plaza de Ferrol y ordenaba la incorporación de cien nacionales a la columna móvil que debía llegar a esta villa el día cinco, advirtiendo al propio tiempo ser un deber de la Corporación el socorrerlos por el tiempo de quince días con el haber que correspondía a las clases, según la orden de movilización, echando mano al efecto de todos los fondos que hallase disponibles.

Inmediatamente se dieron las órdenes oportunas para que, en el día fijado, estuviesen formados en la plaza de San Roque cien nacionales con su jefe y subalternos, dispuestos todos a emprender la marcha que debía seguir la columna móvil que desde la capital se dirigía a esta villa.

70. *Boletín extraordinario do 17 de xullo* firmado polo vicepresidente da xunta José Vázquez Bugueiro. El Eco del Comercio, 26-VI-1843.

71. Couceiro Freijomil, A., *Libro de festas.* Pontedeume, 1943.

A mediados de julio quedaba restablecida en parte la tranquilidad suprimiéndose la guardia en el puente, en el que únicamente prestaba servicio nocturno parte del retén del convento de san Agustín en cuyas dependencias se hallaba acuartelada la milicia.

No consta que el pronunciamiento produjese víctimas. La labor de las autoridades redújose, por lo tanto, a tomar las disposiciones que dejamos anotadas y a dictar algunas medidas contra la carestía de los artículos de primera necesidad cuyos precios se habían elevado, sin causa justificada desde la llegada de la columna de operaciones a la villa[72].

III. Conclusións

A milicia de Pontedeume exerceu un papel esencial no establecemento das institucións liberais na vila. Además de contribuir a deter o desafío carlista, convertiuse nunha organización fundamental para garantir a orde pública e salvaguardar os principios constitucionais.

En vilas coma ésta o predominio de profesións liberáis e de burguesía comercial nas filas da Milicia e a escasez dun sector artesanal desenvolto que poidese determinar unha orientación demócrata ou republicana na acción da Milicia, condicionou a acción política desta nun sentido máis conservador que o observado nas grandes ciudades ou nas vilas que contaban cun amplo artesanado ou naquelas onde comezaba a xurdir o proletariado.

As filas da milicia eumesa, particularmente a súa oficialidade, surtíronse de integrantes dunha nova burguesía –letrados, facendados, comerciantes–, afín ao sector progresista, que logrará manter a súa hexemonía ata a década moderada (1844-1854) e logo brevemente durante o bienio progresista, desaparecendo de novo ata o Sexenio Revolucionario.

IV. Bibliografía

ESPADAS BURGOS, Manuel, *La Milicia Nacional.* Madrid, 1972

CALLES HERNANDEZ, C., *La milicia nacional en Salamanca durante el Trienio Liberal (1820-1823), Salamanca, 2015*

CASALS BERGÉS, Quintí, *Milicia Nacional, liberalismo y progresismo. El prototipo leridano en los dos primeros tercios del siglo XIX.* http://hdl.handle.net/10459.1/41434

72. Couceiro Feijomil, A., *Libro de festas. Pontedeume.* 1943.

PÉREZ GARZÓN, Juan Sisinio, *Milicia Nacional y revolución burguesa. El prototipo madrileño. 1808-1874*. Madrid, 1978

RUÍZ DE MORALES, Joaquín, *Historia de la Milicia Nacional. Desde su creación hasta nuestros días.* Madrid, Prats y Ruiz, 1855

SÁNCHEZ I CARCELÉN, A., *La formación de la Milicia Nacional en Lleida (1820-1821).* Cuadernos de Historia Contemporánea, 2008, vol. 30, 251-271

VEIGA ALONSO, Xosé Ramón, *La Milicia Nacional como espacio de politizacion liberal en Galicia (1822-1844),*

https://books.google.es/books/about/Apuntes_hist%C3%B3rico_cr%C3%ADticos_para_escrib.html?hl=ca&id=MEMOAAAAQAAJ&redir_esc=y

CORUÑA 1843.

NÚM. 19. MIÉRCOLES. 13 DE DICIEMBRE.

PRECIOS DE SUSCRICION.

En la CORUÑA *á 4 rs. al mes y 10 por trimestre llevado á casa de los señores suscritores. Fuera 14 rs. por trimestre franco de porte.*

Se darán SUPLEMENTOS *á los señores suscritores, siempre que sea necesario.*

EL CENTINELA DE GALICIA

PERIÓDICO POLÍTICO, LITERARIO É INDUSTRIAL.

SALE LOS LUNES, MIÉRCOLES Y SÁBADOS POR LA TARDE.

PUNTOS DE SUSCRICION.

En la *Coruña* imprenta de Arza: *Orense*, Pazos: *Lugo*, Pujol: *Santiago*, viuda de Compañel: *Ferrol*, Tajonera: *Pontevedra*, Administracion de Loterias: *Mondoñedo*, en id.: y en los demas puntos en las de Correos.

EL CENTINELA DE GALICIA.

CORUÑA 13 DE DICIEMBRE.

Bien quisiéramos ocuparnos del proyecto de ley sobre ayuntamientos, cuya discusion ha principiado en el senado, bien de otras cuestiones de suyo importantes; pero entre todas hay una capital, de inmensa trascendencia. Es cuestion del dia, y lo será por mucho tiempo, es cuestion de órden y de libertad; va en ella el poderio del trono constitucional ó el poderio de la revolucion. Toda esa importancia tuvo para nosotros el atentado de Olózaga en el momento de haber llegado á nuestra noticia; toda esa importancia tiene, despues de haber leido los discursos que pronunciaron en el congreso los diputados que estuvieron en el uso de la palabra. Y no podemos por tanto abandonarla por otras, y la preferiremos mientras el principio monárquico ecsista en España, mientras el público nos dé oidos.

No han comprendido menos algunos periódicos, y por eso con sutilezas las mas de las veces, y con diatribas todas, y con insultos siempre se atreben á defender el atentado de Olózaga; y por eso varios de los antiguos progresistas se apartan de la coalicción, y se aunan, y no vacilan en medir la negacion de Olózaga con la afirmacion de S. M. Los que tal hicieron, difusos por demas han estado por ganar tiempo valiéndose de sutilezas y argumentos de foro, procuran á todo trance disvirtuar el atentado, para que el aburrimiento haga muy difícil su castigo.

Y esa confusion de ideas en los periódicos de la oposicion, y ese abigarramiento de doctrinas anuncia lo que nosotros sabiamos, lo que todo el mundo sabe, porque todo el mundo sabe que en España hay hombres que de buena voluntad dan el trono por la revolucion. Y no son mas que sutilezas y argumentos de foro lo que el señor Cortina nos vendió por razones. Asi juzgaron su discurso acreditados periódicos de la Córte, aunque sin rebatirlo; así lo juzgamos nosotros, entrando de lleno en la cuestion.

El señor Cortina ocupó una gran parte de su larga perorata en hacer ver la incompetencia del señor ministro de estado, para leer al congreso el *acta solemne*, cuya capacidad le negó por no estar autorizado por S. M. No admitimos doctrina tan antijurídica, no podemos hacerlo: nuestras leyes permiten que todo español denuncie al tribunal competente un delito de que tenga noticia. El atentado de que nos ocupamos, público era desde que S. M. lo declaró solemnemente, y no solo conocedores por tanto, sino hasta testigos morales todos los españoles del suceso inaudito de la noche del 28. No un ministro pues, no un diputado, cualquiera español celoso de la dignidad del trono y del decoro de la magestad, estaria en su derecho si lo denunciase al congreso. Por tanto el señor Gonzalez Bravo pudo hacer legalmente lo que hizo, á no ser que el señor Cortina no tenga por ciudadano español al señor ministro de estado; á no ser que el señor Cortina haga por de peor condicion la dignidad y el decoro del gefe del estado, que el de una persona cualquiera, lo que estamos muy lejos de creer, pues repetidas veces el señor Cortina dijo que era monárquico por principios.

El señor Cortina comenta la ley 33, libro 16 de la partida 3.ª de un modo violento. Al señor Cortina no puede ocultársele que el parlamento no ha de funcionar en la acusacion contra Olózaga como un juez cualquiera, al estimar un delito comun perpetrado por

una persona privada. Entienda que el congreso no es un tribunal, que haya de regirse esactamente por la violenta aplicacion, que quiere hacer de un testo claro como el de la ley de partida. El congreso en esta ocasion hace veces de un gran jurado, cuya mision es determinar si ha ó no lugar á la acusacion del señor Olózaga. Este es su verdadero punto de vista; y desde él los diputados, puesta la mano sobre su corazon, dirán si pueden rehusar la palabra de S. M., aun prescindiendo de ese *abonda para probar todo pleito, si Emperador ó Rey diese testimonio.*

Y decimos mas, porque no rehuimos todos los argumentos que empleó en su discurso; decimos que si ha de apreciarse la abstraccion de personalidad que el señor Cortina quiso hacer, no puede considerarse que la ley de partida dijese relacion al Rey como institucion. El Rey como institucion dictaba leyes, y su palabra, llevando consigo el alto carácter que le revistia, no solo merecia fé; ecsijia ademas obediencia y respeto: y á esto no puede hacer referencia la ley de partida volvemos á decir, porque en este caso no podia darle mas fuerza que la que en sí misma tenia. El legislador dijo que si alguna vez la palabra del Rey se mezclase en algun pleito, haciendo abstraccion de su alto carácter, produjese sin embargo el efecto de una prueba plena, á fin de que nunca apareciese en contradicion con el súbdito, el que está decorado con todo el prestigio del trono; y esta es su genuina significaccion; y esta es su alta razon filosófica.

Demasiado nos vamos alargando: otro dia es posible que aun séamos mas largos sobre la misma cuestion. Sobre esta cuestion ya tenemos nuestro juicio hecho. Cual sea deben persumirlo nuestros lectores; y no abandonaremos á nuestros lectores en el campo de tan recio debate. Siquiera sucumbamos en el terreno de los hechos, siquiera se cumplan los conatos de la revolucion.

Apesar de las consideraciones que hemos guardado siempre al Vigilante, que son las consideraciones que se deben á la institucion de la imprenta; el Vigilante en su número 40, rehuyendo lo que nos cumplió decirle en buena defensa en el Centinela del 9 del corriente, se permitió insultarnos, sin duda por haber colocado la cuestion en su verdadero terreno. Los habitantes de la Coruña, porque están al corriente de todas las circunstancias, porque saben muy bien que el Centinela no necesita *asesores*, porque saben muy bien que sus redactores se bastan solos; no podrán atinar porque el Vigilante se permitió esa frase que nosotros rechazamos. Nosotros vamos á decírselo, porque á ello se nos provoca: *el Vigilante sigue á la letra la ley de las analogias, el Vigilante mide agenas capacidades por las suyas.*

Con motivo de un oficio que el señor Capitan general pasó al ilustre ayuntamiento sobre la disolucion de la compañia de artillería de la Milicia nacional y la reorganizacion por compañías del batallon, se reunió aquella corporacion popular en sesion pública á que asistieron multitud de personas interesadas en el resultado de la determinacion. El ilustre ayuntamiento dispuso pasase á la comision de su seno que conoce de la Milicia nacional para resolver con su dictámen.

Para que se vea como el provincial de la Coruña juzga del atentado de Olózaga, insertamos con gusto la siguiente manifestacion.

Batallon provincial de la Coruña núm. 33 de la reserva.=Excmo. Sr.=Las indebidas ecsigencias que hizo el presidente del consejo de ministros á S. M. la Reina doña Isabel II en su real cámara la noche del 28 del mes prócsimo pasado, han llenado de indignacion á todos los beneméritos oficiales y demas clases del regimiento que tengo la honra de mandar, en tan alto grado que los primeros se me han presentado hoy de su libre y espontánea voluntad, á manifestarme aquel desagrado y á ofrecer nuevamente sus vidas en defensa de su Reina y de la Constitucion jurada, dispuestos á castigar y reprimir á todo el que osare atacar directa ó inderectamente á tan caros objetos; rogándome eleve á V. E. esta manifestacion sincera y pura, hija de los Españoles sentimientos en que abundan, ansiando solo el momento de probar como otras veces lo hicieron cuanto ofrecen. Yo Excmo. Sr. nada tengo que añadir á lo que va manifestado, solo que mi alma se ha llenado de un gozo inesplicable al oir con que entusiasmo se ha hecho tan esplícita declaracion.—Dignese V. E. acogerla con el agrado que le es característico, y descanse en la lealtad del batallon provincial de la Coruña.—Dios guarde á V. E. muchos años. Santiago 9 de diciembre de 1843.—Excmo. Sr.— Andres María Saavedra.—Excmo. Sr. Capitan general de este 5.° distrito.—Es copia.

CRÓNICA DE GALICIA.

Santa Marta 9 de diciembre.

Ayer se ha dado principio en este partido á la eleccion de diputado provincial, para la cual se ha trabajado con increible actividad por los dos partidos que contendieron en las de diputados á córtes. Los candidatos del parlamentario son don Leandro Pita, jóven propietario y abogado, hijo del pais, que por su corta edad y posicion independiente, por su ilustracion y honradez, y por no haber solicitado directa ni indirectamente esta distincion, (como que se duda todavia de que acete) hace concebir las mas alagüeñas esperanzas de que corresponderá dignamente á la honrosa confianza del pais; y el otro don José Fermin del Muro cuyo mérito y recomendables antecedentes son harto conocidos en esa capital. Los del partido contrario parece se proponian eligir á don Uvaldo Chicharro aunque hicieron circular artificiosamente la voz de que acetaban á dicho señor Pita para propietario ó principal, y solo para suplente al señor Chicharro,

para hacerse de este modo dueños del campo, y obrar despues á su antojo, ya que no les pareció posible contrarrestar abiertamente el torrente de la opinion general pronunciada en favor de aquél. De los tres distritos electorales en que quedó dividido este partido desde las últimas elecciones, solamente ganaron la mesa en el de Mañon, En esta villa abandonaron el campo completamente, para la formacion de la mesa alomenos, ya por la seguridad que tenian de perderla y tambien para poder atender á Cedeira y Mañon, donde aparecieron repentinamente los corifeos: sin embargo, en el primero de estos dos puntos quedaron burlados: y puede asegurarse con gran probabilidad que saldrán nombrados por una respetable mayoria los señores Pita y Muro.

Tenemos aquí desde anteanoche al señor secretario de esa gefatura política, cuyo viaje se creé motivado por queja dada contra este alcalde por su ilegal proceder en la eleccion parroquial del dia 3 del corriente para la renovacion de concejales, en la cual se ha permitido tales arbitrariedades, que obligaron al pueblo á retirarse sin votar, por evitar males peores, habiendo quedado tan solo una escasa veintena de electores, única fuerza que habian podido reunir dicho alcalde y los de su partido á costa de esquisitas diligencias.

(De nuestro Corresponsal.)

Vigo 10 *de diciembre.*

La mayor parte de la poblacion de esta ciudad ha llevado muy á mal el atentado de Olózaga: no tememos por tanto que se altere el órden público. Nada mas ocurre por aquí de novedad; solo deseamos vernos aliviados de los alojamientos que diariamente pesan sobre los habitantes de esta poblacion.

(Correspondencia de el Centinela.)

Santiago 10 *de diciembre.*

Sírvanse vds. llamar la atencion del gobierno hácia el abandono en que se encuentra la enseñanza pública que por desgracia se va convirtiendo en un ramo de especulacion vergonzosa: ni idoneidad ni virtud alguna se necesita actualmente para poder desempeñar cualquier destino público.

Doctor hay en la Universidad literaria, que ademas de ser catedrático, reune en sí los cargos de rector, contador y fabriquero de la misma, amen de esto es racionero de la catedral, capellan de la prima y maestro de obras. Este gran torronero no sirve ya para desempeñar la cátedra, que debe á uno de los muchos desaciertos cometidos por el ministro Caballero, tanto por su decrépita inteligencia, cuanto porque sus discípulos están fastidiadísimos de oirle cantar diariamente el *Letificat*.

(Un Suscritor.)

NOTICIAS DEL CORREO DE CASTILLA.

PARTE OFICIAL DE LA GACETA DEL 9.

S. M. la Reina y su augusta hermana la serenísima Infanta doña María Luisa Fernanda continúan sin novedad en su importante salud.

DECRETOS.

Se admite la renuncia de la subsecretaría de la gobernacion á don Juan B. Alonso, nombrando para su reemplazo á don Patricio de la Escosura.

Se declaran cesantes á don Gerónimo Muñoz gefe político de Alicante, ocupando su lugar don Ramon Ceruto, á don Joaquin Mácsimiliano Gibert gefe político de Barcelona, nombrando al mariscal don Ricardo Shely; se admite la renuncia de don Dionisio Echagarey gefe político de Sevilla, reemplazándole don José Hezeta, se declara cesante á don Pedro Lopez Chapil idem de Tarragona, nombrando á don Antonio Batlle, y admitiendo á don Miguel Montiel la renuncia de igual destino en Huelva, para donde se nombra á don Miguel Tenorio, y para Madrid á don Antonio Benavides.

CÓRTES.

Sesion del dia 7. CONGRESO.

El señor Posada pronuncia un largo y hermoso discurso, en apoyo de la proposicion de acusacion del señor Olózaga, que por fin tomada en consideracion por 81 votos contra 66, pasa á las secciones. El señor Bravo Murillo, sostiene una proposicion suya incidental, para que el congreso celebre sesiones estraordinarias durante la discusion del mensage, y concluye la hora de reglamento quedando en el uso de la palabra.

Sesion del 8. Despues de varios incidentes sobre el órden de la discusion anudó su discurso el señor Bravo Murillo, de cuyo analisis procuraremos ocuparnos, porque creemos contestado el él oportunamente cuanto se ha dicho en defensa del señor Olózaga. Despues de una rectificacion á instancias de los señores Cortina y Moreno, y la produccion de dos proposiciones incidentales, se suspende esta discusion.

Sesion del 9. Se discuten las proposiciones incidentales de los señores Castro y Orozco y Lopez, sostenidas respectivamente por sus autores, llamando muy particularmente el brillantísimo discurso del señor Castro y Orozco.

Dícese que los generales Van-Halen, (don Antonio) y Canrondolet se hallan ocultos en Málaga.

(Mem. de los Perin.)

El general Sanz llegó á Figueras el 1: el 2 fijó su cuartel general en el mismo punto, y el 4 conferenció con Ametller, quedando éste de dar respuesta difinitiva el 6. Es posible que capitule.

(Faro de los Pirineos.)

El 7 llegó á Madrid el conde Bresson.

